



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 55

**Sesión plenaria**  
9 de novembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-PUEVKD3Pa-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Comparecencia

#### 24243 (11/CPP-000066)

Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre o balance da tempada turística e previsións para o ano 2022  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 24215 (11/MOC-000064)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 22563, publicada no BOPG núm. 206, do 29 de setembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 26 de outubro)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

#### 2.2 24216 (11/MOC-000065)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 23463, publicada no BOPG núm. 213, do 15 de outubro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 26 de outubro)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

#### 2.3 24226 (11/MOC-000066)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 22101, publicada no BOPG núm. 216, do 21 de outubro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 26 de outubro)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

### Punto 3. Propositions non de lei

#### 3.1 10807 (11/PNP-001065)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021



**3.2 13746 (11/PNP-001351)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre a consecución polo Goberno galego dun pacto pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

**3.3 20065 (11/PNP-001832)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, activar unhas políticas transversais para acadar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, promover o investimento en I+D+I e implicarse no Pacto verde europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

**3.4 21035 (11/PNP-001914)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis**

Sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021

**3.5 21814 (11/PNP-001981)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación dos terreos ocupados actualmente pola empresa Ence en Lourizán, Pontevedra, en cumprimento da disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

**3.6 22733 (11/PNP-002056)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e quince deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para a activación de medidas en favor da industria electrointensiva

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 206, do 29.09.2021

**Punto 4. Interpelacións****4.1 16641 (11/INT-000961)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021



**4.2 20889 (11/INT-001132)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

**4.3 23517 (11/INT-001241)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 24237 (11/POPX-000045)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**Sobre a orientación dos fondos *Next Generation* para mellorar os servizos públicos, modernizar a economía e xerar emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

**5.2 24238 (11/POPX-000046)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a escalada de prezos e o seu impacto nas familias e nos sectores produtivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 21384 (11/POP-003290)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopa o proceso de venda da fábrica de aluminio de San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021

**6.2 24236 (11/PUP-000213)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre a nulidade do expediente de regulación de emprego na factoría de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

**6.3 18932 (11/POP-002594)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021



**6.4 24233 (11/PUP-000212)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da existencia de 15.000 postos de traballo sen cubrir a pesar do número de desempregados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

**6.5 22215 (11/POP-003269)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

**6.6 22315 (11/POP-003287)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

**6.7 23926 (11/POP-003433)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre o impacto na mellora da asistencia sanitaria pública tras o convenio asinado pola Xunta en 2015 coa Fundación Amancio Ortega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

**6.8 23886 (11/POP-003424)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

**6.9 23902 (11/POP-003427)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre os dereitos educativos da mocidade interna no centro de menores Santo Anxo de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesións ás dez e dous minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Alexandra Fernández Gómez (BNG). (Páx. 11.)*

**Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre o balance da tempada turística e previsións para o ano 2022.** (Punto primeiro da orde do día.)

*Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 11.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Gallego Sanromán (S) (Páx. 23.), Sr. Pérez López (BNG) (Páx. 25.) e Sr. Vereza Fraiz (P). (Páx. 29.)*

*Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 32.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 37.) Nesta rolda interveñen a señora Gallego Sanromán (S) (Páx. 37.), o señor Pérez López (BNG) (Páx. 39.), o señor Vereza Fraiz (P) (Páx. 42.) e o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela). (Páx. 43.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 46.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 47.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 50.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 54.)*

*A señora Queixas Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)*



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 62.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 66.)

*Nova intervención da señora Ortega Otero (S)*. (Páx. 69.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 74.) e *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 77.)

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG)*. (Páx. 80.)

### **Votación das mocións**

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 82.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 82.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 83.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei*. (Páx. 83.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 85.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 88.) e *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 92.)

*O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 95.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán, sobre a consecución polo Goberno galego dun pacto pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)* (Páx. 101.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 104.)

*Nova intervención do señor Seco García (S)*. (Páx. 107.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, activar unhas políticas transversais para acadar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, promover o investimento en I+D+I e implicarse no Pacto verde europeo.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 110.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 116.)

*O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 120.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 122.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 125.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 129.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 132.)





**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación dos terreos ocupados actualmente pola empresa Ence en Louzán, Pontevedra, en cumprimento da disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 135.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 138.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Santos Costa (P).* (Páx. 141.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 145.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e quince deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para a activación de medidas en favor da industria electrointensiva.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 149.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 153.)  
e *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 156.)

*A señora Candia López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 159.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima da Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 160.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán, sobre a consecución polo Goberno galego dun pacto pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 161.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, activar unhas políticas transversais para acadar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, promover o investimento en I+D+i e implicarse no Pacto verde europeo: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 161.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 161.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación dos terreos ocupados actualmente pola empresa Ence en Lourizán, Pontevedra, en cumprimento da disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 162.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e quince deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para a activación de medidas en favor da industria electrointensiva: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 162.)

*Suspéndese a sesión ás oito e catorce minutos da noite.*



*Ábrese a sesións ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Escusa a súa asistencia a este pleno dona Alexandra Fernández Gómez.

Sen máis, entramos na orde do día, co primeiro punto, de comparecencias, neste caso do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre o balance da tempada turística e previsións para o ano 2022

**Comparecencia do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre o balance da tempada turística e previsións para o ano 2022**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo, como acaba de dicir o presidente do Parlamento, por petición propia, para informar do balance da tempada turística —aínda non rematou, pero si que é certo que rematou na súa estación principal— e para falar tamén das previsións cara ao vindeiro ano 2022.

Recordarán, señorías, que antes do verán comparecín tamén nesta cámara e dixen o que xa se empezaba a albiscar, afortunadamente; había cifras para a esperanza dun sector que o pasara, como outros moitos pero este especialmente, durante a pandemia, francamente mal. Hoxe, despois destes meses que pasaron e despois das cifras das que dispoñemos, podemos afirmar, sen lugar a dúbidas, que esas boas previsións durante o verán, especialmente, e logo despois tamén, se fixeron realidade, e mesmo se superaron as expectativas, que xa eran boas naquel momento.

Os números din, en definitiva, señorías, que Galicia está de moda, e ten que seguir de moda durante os meses vindeiros, dende o punto de vista turístico. Isto é mérito das administracións, por suposto, pero especialmente dos profesionais do sector, un sector moi profesional que existe en Galicia, e tamén —hai que dicilo— do comportamento xeneralizado dos galegos e das galegas, que nos meses máis difíciles tiraron deste sector dun xeito creo que moi notable e tamén moi solidario. Creo que ao final, entre todos, conseguimos o reto que estaba marcado, que era consolidar Galicia como un destino seguro e superar —xa digo— as expectativas que tiñamos ao principio do verán.



Os datos dos primeiros nove meses deste ano sitúan Galicia na cabeza das comunidades autónomas, no grupo cabeceiro das comunidades autónomas, en canto á recuperación da demanda turística. Galicia, con 3,2 millóns de viaxeiros e 7,1 millóns de pernoitas rexistradas, é a terceira comunidade —só superada por Asturias e Cantabria— na recuperación de viaxeiros; estamos vinte puntos mellor que a media estatal. Tamén somos a segunda comunidade se imos á recuperación da demanda hoteleira, vinte e cinco puntos mellor que a media estatal.

Polo momento, o turismo nacional segue a ser, sen ningunha dúbida, o gran fornecedor destas cifras: o 90 % dos viaxeiros, por suposto, en primeiro lugar os propios galegos —como dicía ao principio da comparecencia—, que aumentaron moito a súa demanda de consumo turístico interior na nosa propia comunidade autónoma, e despois un 21 % viaxeiros procedentes de Madrid, Andalucía case un 10 % e Cataluña un 7 %. Polo tanto, o 90 % de demanda nacional, o cal nos fai albergar moitas esperanzas de que cando se recuperen os tráficos e, polo tanto, a demanda turística internacional, estas cifras, sen ningunha dúbida, van aumentar.

Como dicía, neste proceso, señorías, de recuperación, foi especialmente notable o pulo dos meses de verán, cuarto mellor dato de turistas e noites no verán galego de toda a serie histórica. Recuperamos neste verán o 98 % da demanda turística anterior. O máis potente foron agosto e setembro, curiosamente mellor setembro incluso que xullo, e agosto, sen ningunha dúbida, foi o mes de maior demanda turística no que levamos de ano, superándose por vez primeira as cifras prepandemia; máis demanda turística agora que no ano 2019. E setembro tamén foi un mes excepcional dende o punto turístico en Galicia; fomos a segunda comunidade autónoma con máis noites hoteleiras e a terceira con máis viaxeiros.

Como dicía, boa resposta turística, que se mantivo despois do verán e se segue mantendo; segundo a última mostra, nesta recentemente pasada ponte de Todos os Santos, cumpríronse as moi boas previsións de ocupación que había, a pesar de que se anunciaba e houbo, na maioría de Galicia, unha climatoloxía que non acompañou. Chegamos a unha ocupación media do 85-90 % nesta ponte de Santos, e moi similar á da ponte de outubro, cunha climatoloxía e unha cercanía ao verán, en principio moito máis favorable. Superamos na ponte de Santos o 100 % da demanda turística, en moitas zonas; nas Rías Baixas, Ribeira Sacra, Costa da Morte, A Mariña lucense ou O Barbanza rozaron o 100 %.

Permítanme que remate este resumo —ten que ser necesariamente acelerado— de datos celebrando tamén a magnífica evolución que están tendo as cifras do Camiño de Santiago. A día de hoxe, onte mesmo, superáronse as 170.000 Compostelas; sempre aproveito para recordar que deberíamos engadir un 30 % o número de Compostelas de peregrinos e peregrinas que, polas razóns que sexan, non piden a Compostela; polo tanto, 170.000 máis un 30 % máis xa daría máis de 200.000 peregrinos este ano, que ademais se produciron —xa o temos explicado outras veces— practicamente a partir do mes de xuño e especialmente de xullo; os primeiros meses non había mobilidade, e, polo tanto, as cifras de peregrinos eran testemuñais; recordo: 16 en febreiro, apenas 40 en marzo.

Polo tanto, as 170.000 Compostelas, os 200.000 peregrinos, o que volven é acreditar que temos magníficos embaixadores, que cando volven aos seus puntos de orixe falan de Galicia como un destino seguro e como un destino —volvo insistir— de moda no mellor dos sentidos.



Recordarán que marcamos hai uns meses o cálculo, que naquel momento parecía optimista, de 140.000 Compostelas, cando se empezaba a recuperar a mobilidade, e todo fai prever, se as cousas seguen como ata o de agora, e se se empeza a recuperar o fluxo internacional de peregrinos, que poidamos estar, cando remate este ano, cerca das 200.000 Compostelas.

A reactivación da chegada de peregrinos comezou —como dicía— a partir do mes de xuño, especialmente; tivemos moi bos meses, chegamos a máis de 2.000 Compostelas nalgúns días de xullo e de agosto, e o Camiño de inverno, o inglés, o primitivo e o francés son os que rexistran maior afluencia, pero, en xeral, todos os camiños se están recuperando dun xeito moi aceptable.

Salientar tamén, no que respecta ao Xacobeo, o mes de outubro, con maior número de Compostelas, maior número de peregrinos no mes de outubro que no mes de xullo, case 32.000 Compostelas retiradas, e, polo tanto, moitos signos para a esperanza, sobre todo vendo que xa no mes de outubro, que se está confirmando nestes primeiros días de novembro, empézase a recuperar os peregrinos internacionais, empezan a chegar maioritariamente máis de Portugal, máis do que o viñan facendo estes meses, pero empezan a chegar peregrinos de Estados Unidos e de Italia e mesmo dalgúns países asiáticos, que eran tradicionais emisores nestes meses xa máis de inverno e que ata o de agora non estaban aparecendo e xa empezan a aparecer, e as previsións, polo que nos contan as axencias de viaxes, son moi boas de cara ao ano 2022.

Polo tanto, señorías, creo que todas e todos sabemos do increíble potencial e atractivo turístico que ten Galicia —xa o tiña— e do que ten que ter, pero houbo moitas dificultades, e pasaron meses, moitos meses, moi malos e, polo tanto, creo que facer ese recoñecemento expreso á paciencia, ao sacrificio, ao entender que era necesario preservar bens maiores do sector turístico, á boa disposición, ao traballo de adaptación que houbo que facer, creo que é digno de recoñecer e explica en gran parte —como dicía— as claves destes boísimos resultados.

A Xunta sempre intentou axudar o sector turístico, estar ao seu carón en momentos moi complicados, en momentos de sentarse cara a cara e loxicamente escoitar situacións e dar noticias que non eran nin agradables de dar nin sabiamos que ían producir un bo impacto, nin moito menos, pero creo que había que facer o que fixemos, dar a cara, sentarnos, explicar o que había, non ocultar a situación cando era mala e intentar ser flexibles para recuperarse en canto a situación mellorase.

Mantivemos moitas reunións —como saben—, assistimos a moitas fases durante a pandemia que afectaban ao sector turístico, e mesmo, ás veces, tamén puidemos constatar como había administracións de todos os signos políticos que eran sensibles, como a Xunta de Galicia, á situación do sector e outras que metían o discurso das competencias, parecía que fora seu o impacto e a situación que estaba producindo a pandemia no sector turístico e, polo tanto, sempre derivaban responsabilidades cara a outras administracións, especialmente cara á Xunta de Galicia, que, por suposto, as exerceu, e creo que a estas alturas están as hemerotecas para saber quen axudou e quen non e, sobre todo, está o propio sector turístico para saber de onde lles viñeron as axudas e de que administracións as seguen esperando, supoño que xa sen ningunha esperanza, a día de hoxe.



Afortunadamente, encontrámonos nunha situación moi diferente á destes meses pasados, saímos o 23 de outubro da situación de emerxencia sanitaria, entrando nunha situación de normalidade que supón unha evidente mellora; estamos vendo aumento de aforos, relaxación das medidas; iso non quere dicir, nin moitísimo menos, que a pandemia teña rematado, e, polo tanto, temos que estar moi atentos ás súas consecuencias e que a situación en ningún momento vaia a peor.

Polo tanto, sabendo isto e traballando con esta premisa, gustaríame expoñerlles un balance moi resumido do que fixemos durante estes meses e do que queremos facer estes meses tan difíciles e do que queremos facer para que esta recuperación continúe e se confirmen estas magníficas cifras que xa tivemos este verán.

Tres ámbitos de actuación principais, polo tanto.

O primeiro, as axudas, que foron e teñen que seguir sendo un alicerce fundamental para a recuperación do sector; fórono cando non había outra fonte de ingresos e teñen que selo agora para a recuperación.

O segundo eixo ao que me quería referir é a aposta polo turismo sostible, que é o turismo que vén, o turismo que xa está aquí, e, polo tanto, quen non o entenda e quen non faga actuacións nese sentido estarase equivocando; nós, dende logo, non queremos, non imos cometer ese erro. E tamén facer unha referencia especial ao Xacobeo, sobre todo pensando en todo o que temos por diante no ano 2022.

Polo tanto, comezando polo tema das axudas, recordar o que xa é sabido: puxemos no peor momento, cando máis se necesitaban, dende a Xunta de Galicia en marcha dous plans de axuda, 120 millóns de euros inxectados directamente ao sector turístico, totalmente desembolsados nas contas correntes de todos os que o necesitaban naquel momento, en varios instrumentos. Primeiro, eses dous plans de rescate para autónomos e pequenas empresas, 90 millóns de euros; máis da metade dos fondos dese plan de rescate, que tiña outros destinatarios, foron para o sector turístico e para o sector hostaleiro. E, ademais, hai que salientar que fixemos tamén de vehículo para que moitos concellos, 64, de todos os signos políticos —hai que dicilo—, estimaran que a Xunta de Galicia era o vehículo máis áxil para asegurar que as axudas que tamén lle querían destinar ao seu sector hostaleiro chegaran canto antes. 2,5 millóns de euros para os concellos repartidos a través da Xunta, e xa totalmente en poder dos 1.400 locais de hostalaría que estaban nestes 64 concellos; dígoo por contraste con outros concellos (*Aplausos.*) que optaron —eles saberán por que— por non acollerse a este sistema, e, ben, nalgún caso, aínda están redactando as bases, non están nin convocadas e hai exemplos de sobra para afirmar e demostrar esta afirmación que estou facendo.

Puxemos, ademais destes dous plans de rescate, outro plan de choque de axudas directas, 37,5 millóns de euros, que ademais eran compatibles coas axudas dos dous plans de rescate e que tiñan moitas medidas nestes 37,5 millóns de euros. Primeiro, axudas para equipamentos poscovid, 6 millóns de euros; axudas para promover a dixitalización e o márketing dixital, que a partir de agora vai coller moito pulo, moito máis do que tiña antes da pandemia, outros 6 millóns de euros; subvencións para mellora de establecementos turísticos, 3,5



millóns, máis do dobre que no ano 2020; axudas para a obtención da Q de calidade turística, case 300.000 euros; axudas para infraestruturas turísticas de concellos de menos de dez mil habitantes, 3,5 millóns de euros; axudas para un sector que o pasou especialmente mal e que aínda está iniciando a súa recuperación —estou falando das axencias de viaxes—, 5,7 millóns de euros —e acabamos de ampliar as subvencións para alugueiros e hipotecas, que se engaden a estes 5,7 millóns de euros—; axudas para hoteis e restaurantes e, en xeral, establecementos turísticos de máis de vinte e cinco empregados, que quedaran fóra en principio dos dous plans de rescate, que tiña a limitación en vinte e cinco empregados, e houbo unha liña específica para eles de 2,5 millóns de euros; axudas para balnearios, especialmente necesarios, primeiro, porque é un sector moi importante no tecido turístico galego e, segundo, porque a día de hoxe seguimos con esa parálise das convocatorias do Imsero, que está metido nun lío continuo que nunca acaban de aclararse, e que trae como consecuencia que a día de hoxe, cando xa tiñan que estar funcionando os programas do Imsero, por segundo ano consecutivo aínda o ano pasado non o houbo e este ano aínda non empezaron a funcionar; polo tanto, inxectamos 175.000 euros para axudas no outono termal —primeiro, no verán termal e, segundo, no outono termal— para axuda de urxencia a un sector que o demandaba especialmente.

Tamén, operadores de turismo MICE, turismo de congresos, importantísimo —e moito máis nun ano xacobeo—, 800.000 euros; incrementamos un 20 % a colaboración de cara ao 2022 que viñamos tendo habitualmente, e ademais démoslle axudas específicas para impulsar os eventos realizados de xeito dixital, que eran os únicos que se podían celebrar durante os meses de pandemia; tamén os guías turísticos, que sufriron especialmente ante a ausencia de grupos durante moitos meses, 250.000 euros de axudas directas.

E, por último, ocio nocturno, 8,8, case 9 millóns de euros, dos que 4 se habilitaron neste mesmo ano pola prolongación da acción de peche, e ademais todo aquilo que puideron obter dos plans de choque como hostaleiros, en xeral, fóra destes 8,8 millóns de euros de axuda específica. (*Aplausos.*)

E, por último, dentro deste plan de axudas, programas de estímulo á demanda, o máis coñecido e o de máis éxito, sen ningunha dúbida —non éxito aquí en Galicia, absolutamente indiscutible, senón imitado logo por outras comunidades autónomas—: o bono turístico, que puxemos en marcha o mes de xuño, aberto esta vez a toda a cidadanía galega e cunha novidade que se introduciu e que tivo tamén moita aceptación: o copago do 40 % das cantidades, e que mesmo —teño que agradecerlo especialmente— tivo axuda doutras administracións, concretamente a Deputación de Ourense e a Deputación da Coruña, que se adheriron aportando cantidades ao sistema do bono turístico; adheríronse tamén a esta edición do bono turístico o dobre de empresas das que estiveran na primeira edición, restrinxido a persoal sanitario; e o resultado xa o saben: esgotouse en poucas horas, moitísima demanda, unha alta lista de espera; e por darlles cifras de como vai a día de hoxe, ata o 15 de decembro se pode consumir, é dicir, que o consumo se foi incrementando mes a mes, e no último mes de outubro —datos pechados— máis de 1 millón de euros consumidos no bono turístico, case 16.000 operacións, a día de hoxe 3,2 millóns de euros consumidos, e queda aínda todo este tempo para acabar de consumir os aproximadamente 5 millóns de euros que compoñen o total do bono turístico.



Creo que son especialmente benvidas e especialmente acaídas este tipo de medidas pensando que agora si que entramos nunha tempada máis baixa, e, polo tanto, recordando que para o consumo exclusivamente en Galicia e por galegos e galegas vai supoñer, sen dúbida, un pulo importante para tirar da demanda interna nestes meses de temporada máis baixa.

E reeditáronse tamén programas de moito éxito: Elixir Galicia, que foi premiado como o mellor produto turístico na feira de Fitur; foron 3 millóns de euros de inxección directa, especialmente tamén outra vez para os balnearios. E recordar tamén —para rematar neste balance das axudas concedidas— o seguro coronavirus, que afortunadamente houbo que activar en moitas menos ocasións das que se podían prever inicialmente, pero que, sen ningunha dúbida, valeu de estímulo e de seguridade e dunha oportunidade máis de trasladar esa imaxe de Galicia de destino seguro; tamén copiado despois noutras comunidades autónomas e que, sen ningunha dúbida —sobre todo no momento en que se puxo en vigor alá polo mes de xuño—, valeu para darlles moita seguridade a moitas persoas para que se decidiran a viaxar por primeira vez e elixiran Galicia como o destino que lles ofrecía seguridade.

E —xa digo— estes son os datos do plan de choque e das axudas aos plans de rescate que se deron cando máis falta facía, que era cando non había traballo no sector turístico ou cando empezaba unha tímida recuperación. Agora que estamos collendo velocidade de cruceiro sen ningunha dúbida hai que seguir coas axudas, non tería ningún sentido non seguir con este plan de estímulos, iso si, reorientándoas e dándose conta de que afortunadamente a situación mellorou e máis que ten que mellorar.

Polo tanto, aprobamos para este ano 2022 o que chamamos Plan Camiña, que é outro paquete de axudas de 46,6 millóns de euros, un 30,6 % máis das axudas que se deron este ano, e que se dividen a grandes rasgos en axudas a empresas turísticas, 21,6 millóns de euros; axudas a entidades locais, 21,7 millóns de euros; e iniciativas destinadas a turismo en familia, universidades, entidades sen ánimo de lucro, 3,3 millóns de euros, que fan ese total de case 47 do Plan Camiña, que estará en vigor durante o ano 2022. *(Aplausos.)*

O segundo dos eixos ao que me refería —o primeiro era todo o referido ás axudas, tanto as xa concedidas como as que se van conceder neste 2022— é o que ten que ver co turismo sostible, que —xa digo— os profesionais do sector turístico coinciden en que é o turismo de futuro; xa o era antes da pandemia e vaino ser, sen ningunha dúbida, despois de todo isto que temos pasado.

Polo tanto, xa moitas desas axudas que mencionei estaban enfocadas e van seguir enfocando as do Plan Camiño ao turismo sostible. Pero imos aprobar especialmente a oportunidade que se dá coas axudas que se lanzan dende o Estado, ou máis ben en diñeiro que provén dos plans de resiliencia —non todo pero si unha parte moi importante— e que dentro dese espírito de gobernanza —que esperemos que sexa algo máis que un slogan— se nos ofrece para xestionar dende un punto de vista turístico estas axudas orientadas á sostibilidade.

Hai exemplos que incluso non teñen que ver con estes fondos do Plan de resiliencia, os fondos Next Generation; estou falando dos plans ordinarios de sustentabilidade. No ano 2022 van rematar as actuacións que empezaron no 2020 na Ribeira Sacra e en Santiago de Com-





postela, 5 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia aporta case 2. E no ano 2021 aprobáronse outros dous plans de sostibilidade ordinaria: Ourense Termal e A Mariña lucense, 5,4 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia aporta case 2,5. Pero, sen ningunha dúbida, a grande oportunidade vai estar —dígoo polas cantidades económicas e sobre todo pola súa prolongabilidade no tempo— nos plans de sostibilidade extraordinaria que se nutren dos fondos Next Generation.

82 millóns de euros foron os que se asignaron a Galicia ata o ano 2026 para desenvolver en sucesivos plans. Tres plans, concretamente, que son os que propuxo Galicia: Plan litoral, que agora mesmo se vai empezar a executar, case 30 millóns de euros —29,2—; Plan enogastronómico, 31,7 millóns de euros, que empezará a partir do ano 2022; o do litoral empeza este ano; e, por último, o Plan de vilas termais e cascos históricos, 21,1 millóns de euros, que botará a andar, de acordo coa programación pactada coa Secretaría Estatal de Turismo, no ano 2023.

Permítanme que me deteña brevemente no Plan do litoral, porque é o que está máis avanzado e é o que ten que empezar a programarse cando menos, e xa están asignadas as cantidades, neste ano 2022. Creo que a elección ofrece poucas discusións. Creo que se dentro dos moitísimos recursos naturais e dos potenciais que ten Galicia sen ningunha dúbida un dos maiores é todo o que ten que ver co noso litoral: praias, rías, faros, vilas mariñeiras, en fin, todos eses tesouros que temos e que hai que seguir poñendo en valor dende un punto de vista sustentable no eido turístico.

É certo que nestes últimos anos houbo unha gran transformación en todo o que ten que ver co noso litoral, dende o punto de vista do sector turístico. Estou falando dun grande esforzo promocional de todas as administracións, mellora das comunicacións, potenciación do turismo da natureza —que cada vez ten máis pulo—, paisaxe, turismo deportivo, en fin, todo isto que se pode conectar facilmente cos valores do litoral de Galicia. E, polo tanto, consideramos neste marco acaída esa intervención, e a primeira proposta para a utilización destes fondos de recuperación e resiliencia vai no eixo do Plan do litoral.

Foron dezanove os plans que as entidades locais presentaron para formar parte desta iniciativa. Fíxose unha avaliación conxunta na cal constan tanto as valoracións do Estado como as da propia Xunta de Galicia, por técnicos da Xunta e do Estado, e deu como resultado a aprobación, que se fixo pública estes días, de nove plans, que van contar cun orzamento de case 15 millóns de euros, concretamente 14,6. Os proxectos declarados aptos tanto polos técnicos da Xunta como polos técnicos do ministerio son dous da Deputación da Coruña: fragas do Eume e desenvolvemento do seu parque e cabo Ortegal e os da Asociación de Desenvolvemento Rural das Mariñas-Betanzos e da ría de Muros-Noia; e os dos concellos de Pontevedra, Ribeira, Sanxenxo, Marín e Baiona.

Insisto —hai que destacalo—: plans valorados dende o punto de vista técnico, de común acordo nas puntuacións dos declarados aptos e que entraban no eixo litoral. E, polo tanto, por iso teño que manifestar —teño que dicilo aquí porque é unha noticia recente— a nosa perplexidade pola reacción a través dunha nota de prensa onte da secretaria de Estado de Turismo, que di textualmente: «*La Secretaría de Estado de Turismo*



*podrá solicitar cambios con respecto a su contenido*» e non se sente vinculada polas valoracións feitas pola propia Secretaría de Estado de Turismo. Ben, isto é realmente curioso, non sei se responde a algún tipo de toque, a algún tipo de bronca a posteriori. Pero, en fin, supoño que cando alguén valora dende un punto de vista técnico un proxecto é porque cre que tecnicamente é a valoración que merece. Polo tanto, á parte de manifestar a nosa sorpresa —por non dicir outra cousa—, estamos seguros de que tanto os técnicos e mesmo os responsables políticos —dende logo, os da Xunta de Galicia si e os da Secretaría de Estado de Turismo agardo que tamén, ata o de agora non demostraron outra cousa— sexan consecuentes con valoracións que o que buscan é obxectividade e a mellor orientación e o mellor emprego destes fondos.

Á parte destes plans, promocionados polas entidades locais e que tiveron esta valoración de aptos, hai que engadir outros que vai presentar a propia Xunta de Galicia dentro destes plans de resiliencia no eixo de turismo litoral. Son 8 millóns de euros presentados pola Xunta de Galicia para a rehabilitación de fachadas e recursos emblemáticos do litoral de Galicia. Falamos de novos usos turísticos, conservación do patrimonio litoral, faros, fábricas de conservas, apoiar establecementos que xa están traballando —e moi ben— no eido turístico do litoral para que sigan mellorando. Isto serían 7,9 millóns de euros.

Despois, algo máis de 3 millóns de euros para seguir promocionando Galicia como destino náutico, para cruceiros, costeiros, actividades de turismo náutico —que están collendo moitísimo pulo e onde temos que seguir sendo unha referencia—. E, por último, 3,6 millóns de euros para a posta en valor da Axenda litoral de Galicia; estou falando de mellorar a flexibilidade de moitos trazados, mellorar a sinalización, mellorar a seguridade, incidir na mellora das fachadas marítimas que se ven dende o mar en moitos establecementos turísticos; en definitiva, moitas cousas que se poden facer.

Isto tería que ver respecto do turismo sostible e plans que queremos facer este ano. Insisto: durante o ano 2022 será o turno do turismo enogastronómico nos plans de resiliencia e no ano 2023 empezará o que ten que ver con cascos históricos.

E o terceiro ámbito de actuación —dos tres aos que me quería referir— ten que ver loxicamente, como adiantaba, con toda a oportunidade que vai supoñer un ano xacobeo que agardamos que sexa completo. Despois das magníficas noticias que nos viñeron dende o punto de vista da recuperación do Camiño no segundo semestre deste ano, agardamos que isto poida ser un Xacobeo pleno de doce meses a partir do 1 de xaneiro, sen desbotar e sen esquecer —e non o facemos— que quedan dous meses aínda para aproveitar este ano 2021; a enorme sorte de ter un dobre ano xacobeo por primeira vez na historia.

¿Que fixemos este ano 2021? Pois todo o que se puido facer dadas as circunstancias. Loxicamente, todo o que ten que ver coa esencia do Xacobeo. Grandes actuacións musicais, actuacións culturais e grandes concentracións de grupos estivo loxicamente —como todo o mundo sabe e se pode entender— moi limitado polas circunstancias da covid. Pero, aínda así, iso non quería dicir que sobre todo a partir do mes de xuño non se puideran facer moitas cousas, reprogramándoas ás veces sobre a marcha en función das condicións sanitarias.



Así, reformulouse o Son do Camiño, o Festival Perseidas, fixéronse os Concertos na Fin do Mundo, concertos nos faros de Galicia, liñas de subvención para impulsar concertos en cidades e vilas —que se están celebrando tamén a día de hoxe— e outra iniciativa como o País das Bandas —77 agrupacións musicais que están dando concertos durante estes meses e o farán ata o 31 de decembro—.

Fixemos tamén moitas accións de formación e reflexión ao redor do fenómeno xacobeo, que é algo que está collendo cada vez máis pulo. Celebramos ata oito encontros do programa Xacobeo Peregrinas. O programa Vexo, veo Xacobeo dende o punto de vista escolar para a implicación de moitísimos raparigos en toda Galicia, que está tendo moitísimo éxito e é moitas veces a primeira toma de contacto co xacobeo destes rapaces e rapazas. Incidiu moito tamén na promoción de actividades deportivas vinculadas ao Xacobeo: Volta Ciclista —ben, final e etapas en Galicia—, Pantín Classic, Campionato do mundo de carreiras de aventura; en fin, moitos eventos que, conforme se ían podendo celebrar en función das condicións sanitarias, tiñan o apoio do Xacobeo cando criamos e cando considerabamos que iso ía ter unha repercusión positiva dende ese punto de vista.

Buscamos moito a implicación das poboacións de acollida e, en xeral, de todos os concellos que hai en Galicia. Cremos que, teñan ou non un camiño que atravesese ese termo municipal, ao final os 313 concellos de Galicia dun xeito ou doutro teñen que estar implicados no Xacobeo. O programa O teu Xacobeo, que no mes de Nadal do ano 2020 supuxo unha aceptación importante e chamou a atención dende o punto de vista promocional do Xacobeo, dun Xacobeo que estaba a punto de empezar e era o que se buscaba. O Xacobeo deu vida aos cascos históricos polos que pasa o Camiño, esa decoración que se está facendo en todos os cascos históricos que atravesan un camiño. O programa O teu Xacobeo, de enorme éxito, tanto que se vai repetir neste ano, tivo un investimento xa de 8 millóns de euros, que supuxo case 600 proxectos promovidos por asociacións culturais, entidades sen ánimo de lucro ou mesmo concellos, en fin, todo tipo de organizacións que puideran presentar e executar —e están executando, con financiamento da Xunta de Galicia— actividades relacionadas co Xacobeo, e, por suposto tamén, todas as campañas de publicidade, creo que moi acertadas, tanto as que se fixeron nos medios de comunicación como as que se levaron a través de redes sociais, persoas con moita pegada en redes sociais que falaban do Xacobeo, supuxeron que viñeran outras tamén aquí, e, en definitiva, moitísimos impactos en redes sociais relacionados co Xacobeo, impactos todos en positivo que supuxeron todas estas campañas.

Isto no que se refire á programación e promoción.

Seguimos no Xacobeo e queremos seguir no ano 2022 con todo o que ten que ver cos investimentos que hai que facer para mantelo en perfecto estado de revista e que todo o mundo siga dicindo que dá gusto cando se entra en Galicia, vendo como están de coidados os camiños e como se nota que somos a comunidade autónoma final de todos os camiños, e témolo moi presente á hora de coidalos; 6,1 millóns de euros en intervencións de conservación do Camiño no ano 2021 e 4,4 millóns de euros en infraestruturas do Camiño.

Imos seguir incidindo moito na seguridade viaria, fundamental; cremos que o Camiño ten que ser seguro en todos os sentidos, dende o punto de vista sanitario, dende o punto de vista



da seguridade pública, por suposto, e tamén dende o punto de vista da seguridade viaria, por razóns que todo o mundo pode entender. Queda moito traballo por facer. Hai pouco es-tivo aquí o director xeral de Tráfico, comprometéndose a actuar nas estradas da súa titula-ridade; agardemos que sexa así. A Xunta de Galicia ten que facelo nas estradas autonómicas atravesadas polos camiños. E as administracións locais, especialmente as deputacións, teñen que facelo nas estradas provinciais. A Xunta de Galicia, 70 actuacións, 1,5 millóns de euros neste ano 2021.

¿E para seguir actuando nos seguintes anos? Temos tres xacobeos por diante, falamos da década xacobeá e, polo tanto, non tería ningún sentido planificar, por suposto que hai planificación para este ano 2022, pero hai que planificar a máis longo prazo para que sexa eficaz. Por iso estamos ultimando o Plan director dos camiños de Santiago 2022-2027. Hai que facer moitas cousas: delimitar camiños para evitar calquera tipo de confusión nos trazados e, ao mesmo tempo, ser rigoroso no trazado; creo que é unha das esencias, gardar as esencias do Camiño tamén consiste niso. Hai que acabar de de-limitar oficialmente todos os camiños que aínda non están de xeito definitivo: Portugués da Costa, Camiño Mozárabe da Vía da Prata, Camiño do Inverno, de Fisterra e Muxía... Todos eses terán a súa delimitación xa definitiva.

Tamén no plan director se incluírán medidas de conservación, coidado e sinalización de se-guridade viaria, como dicía, e modernización da oferta aloxativa; en definitiva, todo aquilo que vai redundar en que nesta longa década xacobeá de que imos desfrutar estea todo per-fectamente preparado.

Rede pública de albergues, fundamental, 13 millóns de euros investidos no ano 2021. Entra-ron en funcionamento neste ano o albergue de Vigo, case 2 millóns; A Gudiña, case 400.000 euros; Sobrado dos Monxes, case 800.000 euros. E fixemos tamén un plan de obras de me-llora nos albergues de máis utilización: Palas de Rei e O Pino son dous bos exemplos, 2,4 millóns de euros, Ribadiso...; en fin, todos aqueles que teñen unha maior utilización, apro-veitando un pouco o parón que houbo nos primeiros meses do ano.

No 2022 imos seguir facendo esta rede pública de albergues: Oseira, O Saviñao, Vilasantar, Piñor, Ferrol, Riós..., se somos capaces tamén na cidade da Coruña. En definitiva, completar a rede tamén tendo en conta unha cousa: que a rede de albergues privados funciona excep-cionalmente, temos uns magníficos albergues de iniciativa privada e o que temos que facer, á parte de manter a rede pública loxicamente, é apoialos para que sigan sendo fonte de ri-queza, especialmente en concellos que ata ese momento tiñan moi poucos establecementos turísticos. (Aplausos.)

E, por último —e vou rematando xa, señor presidente—, faremos tamén un esforzo nese plan director dos camiños e en todo o que ten que ver con dixitalización, con renovación de mobiliario que fai falta ir facendo nalgúns albergues polo seu uso.

En definitiva, señorías, no segundo ano do Xacobeo o investimento vai ser de 85,8 millóns de euros. Se sumamos o 2021 e o 2022, máis de 170 millóns de euros investidos dende a Xunta de Galicia no Xacobeo.



Para que fagan unha diferenza na comparación de magnitudes, o Plan nacional xacobeo do Goberno vai asignar en dous anos 120 millóns de euros; a Xunta de Galicia, 171. Loxicamente, isto dá idea da importancia que se lle dá aquí e da importancia, maior ou menor, que agradecemos —xa o dixemos dende o principio—, que o Estado faga na asignación no Plan nacional xacobeo; outra cousa é olvidando onde se presentou, olvidando unha serie de cousas; o que queremos é que se concrete, porque é certo que isto non deixa de ser un anuncio, 120 millóns de euros, pero se un vai ao proxecto de orzamentos xerais do Estado non aparece absolutamente nada que teña que ver co Xacobeo. Dísenos que son partidas xeneralistas; en fin, dísenos moitas cousas. Nós o que necesitamos son certezas e saber onde están eses cartos do Plan nacional xacobeo e, sobre todo, eses cartos que se di que se van asignar a Galicia.

Temos unha única certeza, é certo que manifestada de palabra, pero non hai por que dubidar desa palabra, aínda que os antecedentes aos que me refería antes ás veces con algunha actuación da Secretaría de Estado de Turismo causan perplexidade, pero espero que nisto tamén se manteñan nos 22,7 millóns de euros comprometidos para a rehabilitación de bens de interese cultural con fins turísticos nos camiños xacobeos. A Galicia díxoselle que vai ter 22,7 millóns de euros, díxosenos que os seleccionamos falando con moitos concellos; moitos concellos fixeron convenios de cesión con bens, loxicamente son BIC no Camiño de Santiago, moitos pertencentes a institucións privadas e metendo tamén no saco de institucións privadas a Igrexa católica. Díxosenos hai dúas semanas que non se poden facer convenios coa Igrexa católica. Obrigáronnos a unha reprogramación, que aínda a día de hoxe non entendemos moi ben cal é a razón, porque se perden moitas oportunidades de restauración de monumentos que, con independencia das crenzas relixiosas, merece a pena conservar sen ningunha dúbida. Díxosenos que non, nun cambio que non temos máis remedio que acatar, aínda que discutimos e nos parece moi discutible, pola celeridade en poder utilizar eses fondos.

Polo tanto, fíxose esa reformulación e hai dez días enviouse á Secretaría de Estado de Turismo unha relación de once BIC nos que se propón intervención, que serían: castelo de Monterrei, cárcere vello de Tui, Parque Nacional das Illas Atlánticas, torre de Hércules, torres do Oeste en Catoira, illa de Sálvora, Ribeira Sacra, castro de Santa Trega, ribeira do río Lérez en Pontevedra, musealización do Castro en Vigo e parque do Pasatempo en Betanzos.

Non hai moito máis que este anuncio, que, por suposto, eu quero facer aquí nesta cámara, porque non temos máis concrecións. Se se concretan os fondos e o xeito de empregalos, por suposto iremos explicando en que consiste. Pero a día de hoxe volvo dicir que non temos máis que este compromiso, case verbal, e nin un só reflexo nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Polo tanto, agardemos que o proxecto de orzamentos non ignore o Xacobeo no que importa —¿verdade?—, que son as concrecións de partidas; veremos se é así, porque sería moi grave despois de todos os anuncios e a boa vontade manifestada pola Xunta de Galicia respecto deses anuncios. Os antecedentes non son moi bos.

Pedimos que se completara a plantilla na Unidade de Policía Adscrita pensando precisamente no Xacobeo. Nada sabemos a estas alturas, a punto de rematar este ano. Pedimos máis información respecto dese compromiso da Dirección Xeral de Tráfico de eliminar puntos negros nas estradas estatais que atravesan o Camiño; nada sabemos máis que un compromiso



verbal do director xeral de Tráfico, que estivo aquí hai dous meses e eu o acompañei e dixo que iso ía adiante, pero non sabemos nada máis.

Nada sabemos dos compromisos do Real Padroado manifestados nunhas cantidades moi importantes polo propio presidente do Goberno, Pedro Sánchez, que estivo aquí e llo agradecemos, con ocasión do 25 de xullo, e fixo grandes anuncios respecto de compromisos que se ían facer a través do Padroado e que non teñen a día de hoxe ningún reflexo nos orzamentos xerais do Estado. Agora dinos o alcalde de Santiago que están, son fondos europeos e non teñen unha concreción que se poida identificar. Ben, a mesma escusa que para o Plan nacional xacobeo. Gustaríanos saber e gustaríanos que se nos dixera cales fondos son, para poder empregalos, non para outra cousa, e non facer outras liortas que aquelas que viñeran do incumprimento flagrante dos compromisos, se é que ao final estas cantidades non están.

Dígoo porque outra vez, por exemplo, 20 millóns a Barcelona para a capitalidade cultural científica da cidade; eses si que aparecen perfectamente explicitados no presuposto, e do Xacobeo hai que buscalos e mesmo facer un acto de fe, que esperemos que ao final teña un bo final.

Tampouco é bo sinal que a día de hoxe e despois de pedirse reiteradamente, mesmo por este parlamento, que se prorrogaran as desgravacións fiscais que estaban previstas para un ano xacobeo dun só ano, o 2021, cando pasan ao 2022, o lóxico é que as desgravacións fiscais que permiten que moitos patrocinadores se acollan a elas para poder financiar actividades do Xacobeo sigan estando como se non houbera unha prolongación do Ano Xacobeo no ano 2022. É bastante incomprendible e, dende logo, temos que seguir reclamando que este tratamento, que sen ningunha dúbida se daría a outro acontecemento desta magnitude que se fixera nalgunha outra comunidade autónoma na que todos podemos estar pensando, sexa o mesmo para Galicia, pensando ademais que o Xacobeo é o plan, o acontecemento turístico nacional deste ano. *(Aplausos.)* Todo isto está moi ben, pero hai que demostralo con feitos. Señorías, esperemos que así sexa.

Polo tanto, remato, polo menos esta primeira intervención, señor presidente. Intentei facer un pequeno balance, apresurado, primeiro das cifras, das magníficas cifras que tivemos nesta segunda parte do ano 2021, que fan, primeiro, confirmar todas as esperanzas nun sector turístico que aguantou dada a súa profesionalidade meses moi difíciles, con axudas dalgunhas administracións, dende logo da Xunta de Galicia, as boas perspectivas que temos para o ano 2022, as oportunidades que supoñen os fondos europeos e a certeza de que coa materia prima que temos, que é a nosa comunidade autónoma, os seus recursos turísticos, os seus grandes profesionais e as administracións, se traballamos ben, pode ser un magnífico ano turístico para Galicia o ano 2022.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda dos grupos parlamentarios.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Leticia Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, vicepresidente primeiro.

Estamos no país das marabillas dende logo, señor vicepresidente; segundo vostede, todo está perfecto neste país onde estamos.

Ben, todas e todos podemos confirmar que estamos na recuperación despois da peor crise do sector turístico da súa historia. Mes a mes os datos confirman que a reactivación a nivel nacional da actividade turística e a mobilidade internacional avanza de xeito paulatino. É certo que aínda nos queda camiño por percorrer, pero tamén é certo que podemos percorrer o tramo que nos queda cun maior grao de certeza e seguridade que cando comezamos esta loita contra os efectos do coronavirus. E isto é así, por suposto, grazas á profesionalidade dun sector que soubo adaptarse nun tempo récord ás máis estritas exixencias sanitarias para o control da pandemia. Darlle as grazas a todo o sector do turismo de Galicia polo grande esforzo que fixo para que a tempada de verán saíra ben. *(Aplausos.)* Porque sen eles e elas non sería posible ese éxito do turismo do que vostede acaba de falar, señor presidente. Grazas, moitas grazas a todo o sector turístico.

Tamén hai que recoñecer que a recuperación turística foi posible en gran parte grazas ás políticas impulsadas por todas as administracións públicas. A mellora das cifras do turismo en Galicia neste verán tamén foi posible grazas aos concellos, ás deputacións e ao gran traballo do Goberno de España. Non é un mérito só da Xunta de Galicia, señor vicepresidente; é un mérito de todos e de todas as administracións, de todos e de todas.

Ao remate da tempada estival comprobamos que a reactivación do turismo se produciu tal e como o Goberno de España tiña previsto inicialmente e como tamén prognosticaron as principais organizacións sectoriais internacionais, como por exemplo a Organización Mundial do Turismo.

O primeiro en recuperarse totalmente foi o turismo interno, que é o maioritario na nosa comunidade autónoma, seguido a un ritmo máis lento pero progresivo polo turismo dos nosos veciños europeos.

Nos meses centrais do verán, xullo e agosto, as estancias hostaleiras dos residentes en España superaron os valores previos á pandemia. Polo tanto, o que aconteceu en Galicia é o mesmo que aconteceu en toda España. O cal é bo, é moi bo, e estamos todos na mesma liña de que é bo. Iso non o dubida ningún, pero non é exclusivo de Galicia.

O verán que tivemos despois de meses tan difíciles non é máis que froito dun traballo colectivo e é un logro de todos e de todas. Os primeiros protagonistas, como xa o dixeran, son os empresarios, as empresarias, os traballadores, as traballadoras do sector do turismo, que



fixeron valer a súa profesionalidade e compromiso. Pero, a maiores, este verán é froito dunha estratexia de vacinación que situou España á cabeza dos países con maior índice de poboación vacinada a calendario completo: o 78 % da poboación total e o 88 % da poboación diana.

Hoxe o mundo míranos como un exemplo a seguir pola confianza que a cidadanía española amosou no seu sistema sanitario público. Estamos a falar de máis de 71 millóns de vacinas administradas en menos de once meses, 71 millóns de vacinas que nos xeraron un profundo orgullo pola acción pública do Estado, do Estado en toda a súa representación, dende o Ministerio de Sanidade ata o último concello máis pequeno, e destacando a cooperación, por suposto, de todas as comunidades autónomas. E, por suposto, orgullo, orgullo de todos os profesionais sanitarios, que, sen sabelo, se converteron en axentes turísticos, porque con cada vacina inoculada, con cada certificado emitido, contribuíron de forma comprometida á política turística do noso país. (*Aplausos.*) Queremos agradecer a todos os sanitarios, que vacinaron toda a poboación galega, que fixeron un grandísimo esforzo para que estivésemos todos e todas vacinadas no verán. Este éxito foi deles. Grazas a todos e a todas.

Iso si, agora a Xunta de Galicia prescinde deles e incluso baixa o orzamento en 2 millóns en atención primaria; é así como llelo agradecen, señor Rueda, é así como llelo agradecen. (*Aplausos.*)

Toda España conseguiu mostrarse este verán como un destino seguro; repito: toda España conseguiu mostrarse este verán como un destino seguro. E a iso contribuíu o éxito do proceso de vacinación e as normas de mobilidade aplicadas de forma coherente.

A Xunta de Galicia ten que decatarse dunha vez de que o sector turístico galego ten que ser máis que o Xacobeo, máis que o Camiño de Santiago, que, por suposto, é importante e non lle restamos importancia, claro que non. Pero temos que facer máis, temos que facer moito máis polo noso turismo, xa que Galicia ten moita riqueza turística.

Hoxe, señor vicepresidente, síntome xenerosa, e voulle facer unhas suxestións co único obxectivo de mellorar o noso turismo. Mire, solucionen o tema da flexibilidade dos albergues, que xa llo dixen en varias ocasións. Esperemos que con eses cartos que agora teñen nos orzamentos de 2022 o fagan, revisen a conservación dos camiños, que acaba de dicir que son maravillosos todos os camiños polos que pasa —valla a redundancia— o Camiño de Santiago, pero existen tramos que están en malas condicións, como por exemplo dígolle dous: en Vilaboa ou en Mos; por favor, revíseno e con eses orzamentos desa partida, ademais de 7 millóns que van no 2022, fagan esa revisión e arranxen os camiños de Santiago.

Tamén arranxen, por favor, o problemas dos xeodestinos, por exemplo, por poñerlles algúns problemas que hai nos xeodestinos Os Ancares-O Courel ou A Pobra de Trives.

O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia ao redor do concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011, algo que resulta especialmente grave neste momento de crise económica, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobrepoñerse ao efecto da covid. A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso





de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual dos xeodestinos.

Tamén Galicia é unha das comunidades con maior oferta balnearia de toda España. Por iso é preciso desenvolver proxectos e iniciativas que fagan visible este liderado autonómico e contribuír ao desenvolvemento das vilas termais da comunidade cos balnearios en funcionamento. Tamén debemos colaborar na renovación da oferta termal e no desenvolvemento e posta en funcionamento de novos proxectos termais, e, a maiores, é unha magnífica ferramenta para a desestacionalización do turismo.

Outra suxestión que lles fago, señor vicepresidente primeiro: teñen que abordar o turismo plural dun xeito integral na súa incidencia sobre o territorio, dada a súa relevancia e repercusión á hora de xerar riqueza, dinamizar as comunidades e asentando a poboación na Galicia baleirada. Dende esta perspectiva, é imprescindible unha concepción integral máis alá da simple e única consideración dos aloxamentos de turismo rural. Temos que empregar o turismo como un vector de riqueza, que permita poñer en valor o rural e loitar fronte ao despoboamento, aproveitando o efecto chamada e a nova sensibilidade cara ao rural xerada pola pandemia para que a poboación volva traballar nas zonas rurais e ao tempo permitir que a xente vaia como turista e coñeza a nosa riqueza no rural.

Elaboren un verdadeiro plan de rescate específico para o sector das verbenas, da hostalaría e do ocio nocturno; máis axudas, señor vicepresidente.

E remato con esta última suxestión: é imprescindible impulsar a transformación dos nosos destinos turísticos cara á sustentabilidade e á dixitalización.

Estas suxestións serían unhas boas previsións para levar a cabo no ano 2022, por se nalgún momento queren incorporalas. Nós facémolo para cooperar e sumar, para mellorar así o noso sector turístico. Queda moito que arranxar, quedan moitas cousas por facer no noso sector turístico, póñanse a traballar. Estamos no camiño da recuperación e parece que volveremos á normalidade, pero a normalidade nunca será a de antes, e aínda temos que superar a pandemia e acompañar o sector do turismo na súa recuperación. Todo o esforzo da Xunta de Galicia debería ir dirixido a comprender o momento que está a vivir o turismo e o seu sector, para acompañar todos os seus axentes, grandes e pequenos, na necesaria transformación, xunto coas entidades locais e o Goberno de España, e converterse nun elemento de innovación e de xestión rápida e eficaz.

Nada máis pola miña banda, e moitas grazas a todos e a todas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Señor presidente.



Bos días a todas e a todos.

Bos días, señor Rueda.

Desde logo o balance da temporada turística, dos resultados obtidos polo sector durante a tempada estival, é positivo e constitúe, desde logo, unha moi boa nova da que, desde logo, todos nos alegramos.

A irrupción da quinta onda, nada máis comezar a época estival, fixo temer quizais por esa tempada, pero o bo ritmo de vacinación, as necesarias medidas restritivas de movemento, as limitacións de aforo, así como o comportamento, sobre todo o comportamento responsable da gran parte da poboación, permitiu que en agosto, coincidindo co descenso dos con-taxios e hospitalizacións, fose palpable esa reactivación da actividade turística; todos o puidemos ver, e eu creo que iso é algo para alegrarse, para parabenizarnos todos.

Os números son bos e amosan dúas cousas: por un lado, a enorme capacidade de resistencia e de recuperación dos negocios turísticos galegos e o tremendo potencial que pode chegar a ter Galicia se se consolida como un destino preferente.

Pero unha análise xusta, unha análise honesta destes bos datos exixiría un pouco de auto-crítica, que botei en falta na súa primeira intervención, señor Rueda. En primeiro lugar, non estaría de máis que vostede se acordase ou referise cando menos aos milleiros de negocios relacionados ou dependentes do turismo, sobre todo de hostalaría e do resto de restauración, que tiveron que pechar as súas portas de maneira definitiva o ano pasado e que, polo tanto, non chegaron xa á recuperación que se deu neste verán. Miles de pequenos e medianos ne-gocios, moitos deles familiares, baixaron os enreixados afogados pola tremenda bóla de neve que estaba xerada polo feito de ter que seguir aboando gastos correntes xerados polos seus negocios mentres a súa facturación se reducía ou pasaba a ser cero, polas medidas que se adoptaban para frear a propagación do virus.

Xusto no máis duro da pandemia, de marzo a novembro, a Xunta e o Goberno estatal abando-naron un dos sectores máis afectados pola pandemia. Durante nove meses nin o Estado nin a Xunta articularon unha soa liña de axudas directas aos establecementos turísticos que lles permi-tisen, cando menos, aboar o alugueiro, os recibos da luz ou da auga ou os imprescindibles gas-tos de mantemento ou limpeza. Mentres o sector se desangraba, a Xunta indicáballes aos representantes do sector que era o Estado o que debería articular as axudas, e o Estado que era competencia da Xunta. E mentres a Xunta e o Estado se tiraban a pelota unha ao outro, desde o Grupo Parlamentario do BNG solicitamos unha e outra vez que se articularan esas axudas di-rectas, obtendo un non por resposta da Xunta de Galicia e do PP. Desde o Goberno galego es-cudáronse, durante semanas, nun pretendido plan de reactivación do sector cultural e turístico alá polo mes de abril que solucionaría todos os males do sector nese momento, o Plan de re-activación do sector turístico e cultural, que foi máis un exercicio propagandístico que un pro-grama realmente de axuda realista e eficaz. Deixou fóra moitísimos beneficiarios e as principais medidas que contiña, en forma de créditos brandos, non tiveron unha grande aceptación, pre-cisamente porque supoñía endebedarse nunha situación de grande incerteza. Este plan, ade-mais, non contiña axudas directas, que era unha das principais demandas do sector.



Outras medidas ás que fixo tamén vostede referencia, como as liñas de axuda abertas para a dixitalización, exixían un desembolso económico previo no momento en que a falta de liquidez provocada polas restricións de actividade era un problema gravísimo, tendo que esperar ata dez meses despois da publicación no DOG das convocatorias das axudas para que a Xunta aboase o 50 % restante das subvencións. Nun momento no que a falta de liquidez era asfixiante, o Goberno galego non estivo á altura.

E, polo tanto, si que existe unha responsabilidade política da Xunta de Galiza, do señor Feijóo, no peche deses milleiros de negocios durante o ano pasado, da que non está exenta, por suposto, o Goberno do Estado.

E o Estado español, governe o PP ou o PSOE —nese caso dá igual—, que non lle dea a Galiza un trato xusto non é algo novo, pero que a Xunta de Galiza, con competencia para iso, non articulase esa liña de axudas é, desde logo, imperdoable. E cando partir de novembro, nove meses despois do comezo da pandemia, se anunciou o primeiro e o segundo plan de rescate, desde o BNG denunciámos que esas pretendidos plans de rescate non resolvían os graves problemas de sectores como o turístico, pola insuficiencia do seu orzamento, e solicitamos da Xunta que articulase un auténtico plan de rescate, xa en decembro, rexeitado polo Grupo Parlamentario do PP, que tamén rexeitou unha emenda do BNG aos orzamentos nese sentido. Posteriormente meses despois tiveron que chegar máis axudas; se chegasen en setembro, a situación seguramente tería cambiado.

A axuda do Estado, canalizada pola Xunta a través do chamado terceiro plan de rescate, tam pouco solucionou nada, polos requisitos exixidos, e desde o BNG non tivemos problema en apoiar unha iniciativa do Partido Popular pedindo unha flexibilización desas exixencias, para que puideran chegar a máis beneficiarios.

A pesar de todo isto, unha boa parte do sector turístico chegou con vida ao verán, amosando a súa capacidade de resiliencia. Atendendo ao informe de valoración turística e empresarial elaborado por Exceltur, debemos ser extremadamente cautos en canto ás expectativas para o final deste ano e para o próximo. Aí non coincido coa súa interpretación, entendo que positiva, das expectativas. Hai unha clara tendencia cara á reactivación da actividade turística —niso desde logo coincidimos—, pero debemos ter sempre en conta as caídas acumuladas dos ingresos a xullo do ano 2021, que relativizan esas boas previsións.

Así, no caso do Xacobeo, o impacto económico dos peregrinos foi no ano 2020 sete veces inferior ao previsto, segundo un estudo da Federación de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. E iso hai que levantalo. No ano 2021 foi ben avanzado o verán cando a afluencia de peregrinos empezou a aumentar.

Polo tanto, calquera dato positivo deberían analizarse con suma cautela e sen ningún tipo de triunfalismos, máxime cando o turismo internacional, cun importante peso tamén no Xacobeo, segundo a Organización Mundial do Turismo, no mellor dos casos comezará a coller ritmo de reactivación a finais deste ano e a recuperación do volume de visitantes e de turistas e o gasto previo á pandemia aínda tardará anos.



Segundo o Informe Exceltur, Galiza é un dos destinos estatais que amosa unha dinámica positiva —iso é certo—, cun incremento da demanda turística —tamén é certo—. Pero, nos primeiros oito meses deste ano, Galiza ocupa o sétimo posto no ránking estatal de demanda turística, por detrás dos principais destinos turísticos do Estado; pero si que é certo aí o que dicía vostede, cun nivel de recuperación, en termos relativos —jollo!—, só inferior a Asturias e Navarra, o cal demostra que nos recuperamos rápido, pero que aínda estamos moi lonxe do que deberíamos.

No inmediato, a prioridade debe ser recuperar visitantes, e para iso xoga ao noso favor a pouca masificación, a proximidade e desde logo tamén o prezo. Pero, se queremos ser un destino consolidado, debemos reflexionar sobre o posicionamento de Galiza no mercado turístico e analizar as fortalezas e debilidades do noso modelo de xestión como destino. Pase o que pase no que queda deste ano e no ano 2022, devén imprescindible abordar deficiencias estruturais do noso turismo, como son o posicionamento nos mercados internacionais, a conectividade, a distribución territorial dos fluxos turísticos que sexa máis equilibrada e, por suposto, a desestacionalización.

Para isto, en primeiro lugar, precisamos situar o turismo —non só o Xacobeo, o turismo— como prioridade do país. Desde o BNG levamos anos solicitando da Xunta unha reorientación do modelo, dado que o Xacobeo absorbe investimentos que deberían ir destinados a outras cuestións vitais para Galiza desde o punto de vista turístico. Xa o dixemos moitas veces: o turismo termal —ao que vostede facía referencia antes—, pero tamén o urbano, o cultural, o náutico, que complementen o Xacobeo e ao mesmo tempo permitan a diversificación da oferta turística e acadar un modelo máis distributivo e xusto co conxunto do territorio. Con isto acadaríamos a curto prazo —a curto-medio prazo— neutralizar dúas desas eivas ás que me acabo de referir antes, estruturais, cunha distribución territorial dos fluxos turísticos máis equilibrada e, sobre todo, a desestacionalización.

Para superar as eivas que temos en canto á conectividade e posicionamento nos mercados internacionais, precisamos algo do que xa tratamos na súa última comparecencia: que o Goberno galego teña máis peso político. Para que o sector e para que Galiza se converta nun destino turístico consolidado, precísase ter capacidade para acceder a aqueles foros que toman decisións vitais, neste caso para o turismo e, sobre todo, ter respecto político e institucional.

Pero isto só se pode conseguir aprofundando no autogoberno, asumindo todas e cada unha das competencias que lle corresponden ao noso país. Porque se non se asumen esas competencias que lles permiten ter ferramentas para afrontar cambios tan transcendentais como son os que son necesarios acometer en turismo, a actuación da Xunta dependerá do diálogo constante co Estado español. Polo que vostede dixo antes en relación cos plans de sustentabilidade, ese diálogo parece que está un pouco viciado.

Pero ¿cal é a razón quizais disto? Que durante a pandemia o Goberno galego, en lugar de buscar eses espazos de entendemento e diálogo co Estado español que permitisen consensuar medidas que favorecesen o noso turismo, estivo enfrascado nunha loita partidista. E ao final quen saíu prexudicado de todo isto son os galegos e as galegas, dese posicionamento puramente partidista que en nada beneficiou, desde logo, o sector turístico. Se non asumi-



mos máis competencias, a Xunta debería intentar manter canles fluídas co Estado para actuar en determinadas cuestións básicas a día de hoxe que son competencia estatal.

Porque se é un destino turístico consolidado, exige conexións aéreas directas regulares, conexións ferroviarias de alta velocidade —o AVE aínda non sabemos cando chegará—, pero tamén o tren de proximidade. A importancia do turismo de interior demostrou tamén a necesidade de potenciar o tren de proximidade.

Tamén é necesario consolidarse nos circuítos internacionais de grandes cruceiros dun xeito planificado e sostíbel ou potenciar o eixo atlántico, coa importancia que tería iso de situar Galiza no centro de moitas políticas europeas e, desde logo, tamén no ámbito do turismo.

A tempada de verán pode considerarse positiva para o turismo galego. Iso é algo do que creo que todos debemos alegrarnos, pero un balance do xusto do verán non pode obviar as caídas acumuladas durante meses e necesariamente relativizar eses dous números, e, ao mesmo tempo, unha análise honesta das expectativas non pode obviar as deficiencias estruturais que ten o turismo galego.

É imprescindible neste sentido a autocrítica por parte da Xunta, porque sen ela calquera análise de futuro será curtopracista, pensar en pequeno. Devén imprescindible reorientar as políticas turísticas, non só de forma inmediata para celebrar a recuperación, senón tamén cunha visión máis a longo prazo, que incida na evolución do modelo turístico. Porque debemos tender á sostibilidade medioambiental, económica e social da actividade turística, mellorando a competitividade das nosas empresas e dos propios territorios que conforman ese destino.

Galiza ten un potencial turístico brutal, ten un sector turístico que amosou a capacidade de readaptación e de resistencia, polo que partindo da autocrítica —insisto— que permite facer unha radiografía realista do sector, debemos pensar en grande. Desde o BNG xa o facemos, pensamos Galiza en grande, mellor nos iría a todos e a todas se o PP deixase de pensar o noso país en pequeno.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grupo Parlamentario Popular, señor Vereia Fraiz.

**O señor VERA FRAIZ:** Grazas, presidente.

Estamos nunha comparecencia de balance de tempada turística e, polo tanto, o realmente importante son os datos, son as cifras e son as comparacións. Isto é que nos vai permitir obxectivizar dun xeito moi concreto a cuestión. Da comparecencia do señor vicepresidente hai unha conclusión que é evidente: que os datos son moi bos, son moi satisfactorios, e, polo tanto, esta é unha boa nova non só para os profesionais, para todo o sector turístico, senón tamén para a sociedade galega e para a economía galega. Polo tanto, é difícil atopar físgoas,



pero, ben, entendemos que das dúas quendas anteriores moitas encádranse na obriga da oposición de intentar atopar algunha debilidade.

As cifras son incontestables, as cifras son inapelables, non é cuestión de repetir aquí a listaxe de datos do señor vicepresidente, pero hai algúns que son clamorosos. Se falamos do verán, fomos o único destino de España que conseguiu recuperar o nivel de demanda anterior á pandemia, melloramos en taxa de ocupación. E se falamos do segmento do sector de hostalaría en concreto, pois estamos ante o mellor dato histórico da serie histórica, o segundo mellor dato quitando o ano 2017; podemos comparar o ano 2020 co ano 2021 e aí xa as progresións son evidentes, por riba do 80 %.

Polo tanto, a industria turística soubo prepararse, soubo reaccionar e soubo enfrontarse a un reto que é, cando menos, ou era, cando menos, inimaxinable. Polo tanto, esta boa nova tamén corre o risco de que quede oculta nunha listaxe de datos que poidan confundir.

Polo tanto, gústame facer o exercicio de volver atrás, de retrotraernos uns meses, cando directamente non había turismo, non había mobilidade, non había transporte, non había, non se permitían as relacións entre as persoas e, polo tanto, non había turismo; simplemente as proxeccións eran moi preocupantes á espera da evolución da vacinación. Se facemos ese esforzo de retrotraernos eses meses, a ese momento exacto, ben, o reto, o reto titánico ao que se enfrontou o sector queda evidenciado dun xeito moito máis gráfico.

Polo tanto, as cousas fixéronse ben. Todos, todos, as cousas fixéronse ben e é importante tamén dicilo, tanto os profesionais do sector turístico como a Xunta de Galicia. Houbo un traballo con complicidade, un traballo e un esforzo conxunto, que é o que eu entendo que é unha das claves fundamentais do éxito dos datos que estamos hoxe analizando nesta sesión plenaria. Nese traballo conxunto, dende o primeiro momento cando se declarou a pandemia, había esa incerteza xeneralizada cando houbo que tomar as complicadísimas decisións de restricións. Pois aí tamén houbo diálogo, houbo traballo conxunto, houbo análise das diferentes posibilidades, e tamén para deseñar os paquetes de axudas. Nin unha decisión da Xunta de Galicia se levou a cabo ou se tomou sen falar, sen dialogar e, na maioría dos casos, chegando a acordo cos representantes do sector turístico.

Polo tanto, diálogo, unidade de acción e responsabilidade conxunta; as tres claves, para, como dicía, poder hoxe estar analizando estes datos que temos aquí.

A Xunta de Galicia, pola súa banda, foi a administración autonómica que porcentualmente mobilizou máis recursos públicos; ademais, fíxoo dun xeito máis rápido. Podemos falar do primeiro plan de choque, podemos falar dos tres plans de rescate, imos facer un capítulo á parte co terceiro plan de rescate, incluso tamén os programas sectoriais que enumerou o señor vicepresidente. Pero hai un dato obxectivo: fomos a comunidade autónoma que mobilizou máis recursos públicos autonómicos, porcentualmente, e que, ademais, o fixo dun xeito máis rápido a través dese procedemento administrativo que nunca antes ensaiara, nin sequera a propia Administración autonómica, e que foi parabenizado por todo o sector e incluso, neste terceiro plan, botado moito de menos.



Todos estes plans e todas estas axudas enumeradas polo vicepresidente tiñan dous grandes principios ou dúas ideas clave: por unha banda, reaccionar ante unha situación crítica a un dos sectores máis castigados, e, por outra banda, aproveitar toda esta mobilización de recursos públicos para tamén mellorar ou dar un salto de calidade no que son as ofertas, os servizos e as diferentes estruturas turísticas.

Non seríamos responsables se dende esta tribuna pois non denunciáramos tamén que todo isto, todos os paquetes de axudas e as axudas directas a Xunta de Galicia tívoas que facer ela soa. O Goberno central, o Goberno de Pedro Sánchez, activou os ERTE, activou os ICO, certo, dous instrumentos importantes, pero a partir de aí olvidouse. Todos os paquetes de axudas, todas as liñas indemnizatorias ou, como queiramos chamalos, plans de rescate, quedaron en mans das comunidades autónomas sen ningún tipo de directriz, cunha auténtica descoordinación e, polo tanto, cunha auténtica ineficacia. Unha pena, porque os plans de rescate que dicíamos antes, que mobilizaron gran cantidade de recursos autonómicos, terían sido moito máis eficientes se tivéssemos a potencia que ten o orzamento do Goberno central, e non contamos con ese orzamento, pois terían chegado máis axudas aos profesionais, terían chegado en maior cantidade e hoxe en día terían menos endebedamento e unha maior fortaleza para afrontar a fase final —esperemos— da crise sanitaria e da crise económica.

Como digo, uns datos que non deixan de ser e que temos que insistir en que son unha boa nova, unha boa nova para a sociedade galega pero tamén para a economía galega. Pero a prudencia e a responsabilidade o que nos fan xa é pensar en deixar as celebracións e as felicitacións polos datos, empezar xa a traballar no que é o ano 2022. Agora mesmo estamos na tempada de outono e na tempada de inverno, pero hai que empezar a pensar xa no ano 2022, e todos esperamos, todos queremos que sexa un ano histórico. Xa é histórico, porque de xeito formal é o bienio xacobeo, pero queremos que os datos de afluencia turística tamén o convertan nun ano histórico.

Hai aspectos que nos fan ser optimistas. En primeiro lugar, os profesionais, o sector está moito máis preparado que o ano pasado. Está máis preparado porque o ano pasado saía dunha práctica parálise, tivo que absorber unha gran cantidade de demanda turística; ademais, fíxoo —como digo— con grande éxito, absorbeu toda esa demanda con ese salto de calidade e, ademais, proxectando, que é máis importante, esa imaxe de Galicia como un destino seguro, esa imaxe de Galicia como un destino de confianza.

Este grupo parlamentario, señor vicepresidente, o que quere é parabenizalo a vostede como cabeza visible dun equipo de profesionais que leva moitos meses traballando co sector para sacalo adiante dunha situación crítica e parabenizar tamén, por suposto, todo o sector turístico galego.

Os datos están aí, estase consolidando o cambio, estamos evolucionando xa, aproveitando a oportunidade que involuntariamente deixou a pandemia cara a ese turismo do futuro, cara a ese turismo pospandemia, que ten que ser máis sostible, de maior valor engadido, moito máis experiencial. Este camiño que está sinalando o sector turístico tamén ten que ser aproveitado dalgún xeito polo resto de sectores económicos e de cadeas de valor asociadas para saír —como dicía antes— desta crise sanitaria e desta crise económica moito máis fortes.



Nada máis nesta primeira quenda; quedan aquí algúns aspectos para a quenda de aclaracións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vereá.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Réplica, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, agradecer o bo ton e mesmo as suxestións feitas polos portavoces da oposición, pero eu creo que non toca outra cousa. Efectivamente, os dous viñeron recoñecer —e despois tamén o voceiro do Grupo Parlamentario Popular— que os datos son bos e que admiten pouca discusión. Afortunadamente, os datos son bos e, polo tanto, o que toca é celebralo. Despois, eu entendo perfectamente que haxa diferentes valoracións, pero o que non deberíamos é perder a obxectividade.

Empezando, vou intentar responder ao dito polos dous portavoces, a portavoz do PSOE e o portavoz do BNG.

Insistía moito a señora Gallego en que o mérito das cifras —que, xa digo, recoñeceu que eran boas, teñen pouca discusión— foi grazas ao sector. É que xa o dixen, empecei por aí, é que non hai ningunha dúbida. O sector pasouno moi mal durante moitos meses e cando veu a recuperación, se non fora un sector forte, profesional e que soubo estar ás duras e ás maduras, pois esa recuperación non sei se sería imposible pero, dende logo, sería moito máis difícil e, dende logo, non daría nin moito menos as cifras e os bos datos que todos estamos de acordo en que existiron.

Despois dicía a señora Gallego que non é só un mérito da Xunta de Galicia, que é un mérito de todas as administracións. Por suposto, dalgunhas máis que doutras, porque é que despois os números cantan. Se en axudas directas algunhas administracións decidiron dar axudas e outras dixeron que era cousa doutros, pois en axudas directas non teremos todos o mesmo mérito. Pero por suposto que todo o mundo o intentou, non coñezo ningunha administración que desexe especialmente a propósito e que traballe para que un sector tan importante como o turístico vaia mal, senón todo o contrario. Pero cada un fixo o esforzo segundo entendeu que merecía a pena, e nós entendemos que merecía a pena e moito.

Por iso, señora Gallego, eu veño falar aquí do que me toca, son membro do Goberno da Xunta de Galicia e, polo tanto, eu teño que vir falar nunha comparecencia sobre o balance turístico do que fixo a Xunta de Galicia. E cada un ao seu. Eu falo da Xunta de Galicia e vostede fala de Pedro Sánchez; sempre falan de Pedro Sánchez en todo momento; aínda que non se ataque, vostedes deféndeno por sistema, aínda que non llo agradezan moito. Pero, ben, jalá cada un!





¿Que se tivo que ver o Goberno central algo na recuperación do turismo en Galicia? Si, por suposto, na parte que lle toca, pero é unha parte que a min me gustaría que fora moito máis grande e moito máis concreta, sinceramente. Repetiu ata catro veces —conteinhas, e ao mellor algunha máis— que non só foi en Galicia, foi en todas partes. Pero ¡que empeño en non falar dende o noso! Se cando falamos de que en Galicia foi especialmente ben, estamos falando de todos os concellos: os que gobernan vostedes, os que gobernamos nós, a Xunta de Galicia. Todo o mundo se beneficia.

¡Que manía de empatar! Pois, señora Gallego, non é certo, non empatamos, estamos un 25 % mellor que a media nacional, e, polo tanto, isto debería servirnos para aínda ter máis diferencial, porque o turismo é un mundo moi competitivo e, polo tanto, deberíamos traballar para iso. ¡Que manía de empatar! É que parece que a molesta que os datos de Galicia sexan mellores que os doutras comunidades autónomas.

Polo tanto, nisto equivócase; isto o que hai que facer é consolidalo. E se estamos un 25 % por enriba da media nacional é porque hai moitos turistas nacionais que antes ían a outros sitios e agora veñen a Galicia. Pois traballemos para que isto se manteña. ¿Coñecerónnos? Pois agora que repitan e que lle digan a máis xente que poden vir aquí. É que aquí hai moitísimas cousas que ao mellor non coñecían ou non valoraban dabondo e que agora poden empezar a facelo porque o coñeceron no mellor momento, cando empezaba a rexurdir todo isto.

Polo tanto, non nos empeñemos en non recoñecerlle un mérito á Xunta de Galicia; ao final é recoñecerlle un mérito a Galicia. E, polo tanto, estamos mellor e temos que seguir estando mellor, e isto non se debe á inercia nin se debe ao señor Pedro Sánchez, débese ao traballo de moita xente. É que se pensamos que é por iso pois cruzarémonos de brazos e non conseguiremos este éxito. Isto foi polo traballo, empezando, dos profesionais, en primeiro lugar, sen ningunha dúbida, pero tamén das administracións que se implicaron especialmente, e ímolo seguir facendo.

Por exemplo, falaba vostede do turismo termal. ¡Home!, eu xa sei que é importante, e por iso fixemos ese verán termal e outono termal. E dígollo en serio: se ten unha capacidade de traslado, nós xa o intentamos pero non nos escoitan moito, tampouco escoitan os profesionais dos balnearios en Galicia e, en xeral, da hostalería en tempada baixa en Galicia, que clama porque o Imserso a data de hoxe, despois dun ano en branco, ano 2020, segue sen poñerse en marcha. E agora fálase de que ata o mes decembro e xaneiro non van empezar os programas do Imserso, que xa tiñan que levar meses. Polo tanto, ¡home!, un pouco menos de falar dos valores do termalismo e un pouco máis de traballar para que veñan clientes ao termalismo nestes meses de toda España, cando tiñan que vir e teñen o programa do Imserso absolutamente parado.

Fálame tamén de que elaborem un plan de rescate de verdade. Ben, sería o terceiro da Xunta de Galicia. De verdade xa levamos dous, 120 millóns de euros totalmente desembolsados aos catro meses, como moi tarde, de convocarse; fíxense: catro meses e todo desembolsado. Polo tanto, xa levamos dous. Elaboren vostedes ou déixennos elaborar un de verdade con eses cartos do terceiro plan de rescate.



¿Non lle chama a atención que 120 millóns de euros da Xunta de Galicia en catro meses, moitas máis solicitudes das que se puideron atender, e todo desembolsado en catro meses, e do plan deseñado por vostedes, distribuído a través da Xunta de Galicia pero coas súas condicións, o 70 % sen solicitar nin tan sequera? ¿Non lle parece que algo ten que fallar aí, que algo estaban facendo mal nese deseño?

¿Se seguen facendo falta eses cartos? Seguen facendo falta, sábeo vostede igual ca min. Algo deben estar facendo mal dende o Estado cando nos obrigan a poñer unhas condicións que supoñen que non é que non se poida conceder, é que xa non os piden, porque din que é imposible coas condicións que poñen vostedes.

Polo tanto, ¡home!, un pouco de coherencia e sobre todo un pouco de efectividade para que poidan cambiar eses criterios. Agora xa cambiaron algo, a ver se somos capaces nesta segunda intentona de pasar un pouco dos seus requisitos —que se ve que non fala moito cos hostaleiros, porque se non xa vería eses resultados— e somos capaces de aplicar os criterios da Xunta de Galicia no terceiro plan de rescate que vén cos criterios do Estado e que fracasou.

Fálame tamén —non quero deixar nada—, si, do Camiño de Santiago. Ben, eu xa o sei, xa o sabemos todos. Galicia tivo no ano 2019 —e aspiramos a repetir unha cifra moi similar no ano 2022— máis de 5 millóns de turistas, e xa sabemos que nos peregrinos nunha cifra espectacular non chegaron a 400.000 Compostelas. Pero estará de acordo comigo, porque se non estaría discrepando co seu propio Ministerio de Turismo do Goberno central, que o declarou —non o concretou en cartos— o acontecemento turístico nacional do ano 2021, en que o Camiño de Santiago é unha marca potentísima para atraer un montón de xente. E onte presentábase no Fairway un estudo onde se dicía que teñen un gasto superior os peregrinos de case o dobre dun turista normal, e sobre todo que o 80 % dos que veñen como peregrinos repiten despois e veñen con máis xente.

Polo tanto, non o discutan, non fagan como os do Bloque, que sabemos que non lles gusta o Xacobeo, por moito que o repitan. Agora despois daquela campaña pois parece que teñen que dicir moitas veces que si, que si que lles gusta, pero non é tan importante. (*Murmurios.*) A vostedes estáselles pegando, contaxiando un pouco esa perigosa tendencia, e por aí non van ben, dígollelo sinceramente. Non van ben, o que teñen que facer é traballar, como traballa a Xunta de Galicia, como traballan tantos concellos de todas as cores políticas, en darlle pulo a un Xacobeo ordenado, que conserva as súas esencias, que non caia en circunstancias que fixeran perder os valores que ten de verdade. Para todo iso hai que traballar e hai que coidalo moito, por suposto.

E dime vostede que hai un tramo en Vilaboa que ten... Non o coñezo exactamente. Pasei por aí e, dende logo, non vin ningún desperfecto hai tres meses por ese tramo en Vilaboa, que é moi pequeno, no Camiño Portugués. Se hai algunha pequena eiva, para iso fixemos unha brigada de intervención rápida, para actuar en todos os camiños onde haxa algún pequeno defecto. E preguntarei, por suposto. Pero, ¡home!, falamos de moitos centos de quilómetros e vostede dime dous tramos concretos dun concello. Ben, pois ten que ir sempre ao concreto. Pois intentemos que non sexa así.



Un dos valores dos que estamos máis orgullosos é que os camiños de Santiago en Galicia están en moi bo estado e vale moito mantelos cos cartos de todos os galegos e galegas. Por tanto, presumamos diso. Non vaia vostede a... En fin, se se quere converter na avisadora de tramiños concretos que teñen algún defecto, tamén llo agradezo. Pero, en xeral, como representante pública, creo que hai que falar en xeral do ben conservados que están os camiños e non de todo o contrario. (*Aplausos.*)

O do xeodestino xa mo dixo na comparecencia de orzamentos. Ben, eu —insisto—, se é capaz de poñer de acordo concellos onde vostedes gobernan sobre a ubicación na que queren estar, avanzaríamos moito, porque isto é un pleno onde facer resolucións. Se quere que a Xunta faga un ordeno e mando e que non faga ningún consenso para cambiar algunhas delimitacións xeográficas, aínda que non é o que nos piden os seus alcaldes e alcaldesas, que piden que dialoguemos e que sigamos, se quere facemos un ordeno e mando; isto é ao mellor o que farían vostedes; eu, dende logo, non o vou facer.

Señor Pérez López, agradézolle especialmente tamén o seu ton. Recoñézolle unha postura intelixente, creo que non cabe outra, que os datos turísticos foron moi bos. Di —é certo— que non falei especificamente dos negocios turísticos —e cónstame perfectamente que tiveron que pechar e que xa non chegaron á recuperación—; pois *mea culpa*. Dígoo porque os tivemos moi presentes e intentamos que foran os menos posibles. Vostede fala de que ata este ano non houbo axudas. Non é certo. No mes de outubro convocouse o primeiro plan de rescate, señor Pérez López, sexamos un pouco serios. Claro, se vostede di que non, é que ata o ano 2021 non empezaron a plantexarse axudas directas. No mes de outubro estaba convocado o primeiro plan, cando se repartiu todo no mes de xaneiro tivemos reunións con deputacións e concellos para intentar facer un plan conxunto. ¡Oia!, non puido ser, alá cada un, nós non perdemos tempo, convocamos inmediatamente o noso. Algúns concellos —tamén algúns gobernados polo BNG— adheríronse a esa repartición que dicía, que chegou a 2.500 no caso da hostalaría, e fomos bastante rápidos. Nós sabiamos dende o principio —porque nos sentabamos con toda esa xente— que o que querían era axudas directas, cartos —para entendernos— en vea, porque lles facían falta, non tiñan ingresos. ¡Oia!, hai moitos concellos —onde vivo eu, o concello de Pontevedra, gobernado polo BNG— onde non se deu un só carto de axuda directa, todo tiñan que ser axudas ao investimento, todo tiñan que ser axudas previa xustificación, que as necesitaban, pero non as necesitaban tanto como unha axuda directa. E non as quixeron dar e podían dalas perfectamente.

Polo tanto, a min tivérame gustado que cundise o exemplo da Xunta de Galicia arbitrando cartos directos en moitos concellos nos que vostedes gobernaban e que dixeron que non. E mesmo nalgún cando foron pedir as asociacións de hostaleiros dicíanlles: falade coa Xunta, que isto é cousa nosa —a Deputación de Pontevedra, que vostedes cogobernan—. Dixeron dende o principio que a crise da hostalaría era unha crise de competencia autonómica e que, polo tanto, a eles que lles viñan pedir. Vostedes gobernan nesa deputación. ¡Home!, polo tanto, creo que un pouco de coherencia e un pouco de coñecer o que vostedes lles dicían a hostaleiros que non tiñan un só euro e viñan pedir e petar ás portas de todas as administracións. Nós intentamos facerlles caso, 120 millóns de euros repartidos os catro meses das convocatorias nas dúas ocasións.

Polo tanto, creo que ao final as cousas están para ver, e onte dicía que non podemos dicir que no momento máis duro todas as administracións responderon ao mesmo nivel. Pero hai



que preguntarlles aos hostaleiros. Sei que, por suposto, non todos puideron acceder a todas as axudas, nunca podes chegar a todo o mundo cando fas estas convocatorias, pero chegamos a moitísima xente, e moitísima xente o recoñece, as cousas como son. E eu aseguro que á maioría dos hostaleiros a cor política de quen lles dá os cartos lles dá igual, o que querían era os cartos. Pero saben ao final a administración que lles dixo que si e a administración que lles dixo que foran falar doutras por rolos competenciais, por lexislacións básicas de réxime local, á xente que non podía traballar e que non tiña perspectivas. Iso foi o que pasou, e, polo tanto, iso convén non esquecelo.

E dime tamén —e vou rematando, señor presidente— que non coincide coas miñas boas expectativas. Ben, pois eu intento que sexan realistas. Tamén un pouco de optimismo non está mal, porque o optimismo se contaxia e, polo tanto, o sector turístico o que quere ver é as administracións convencidas de que isto ten que ir a mellor, e, polo tanto, facendo todo o posible para que así sexa.

Por iso falaba dese Plan Camiña, que vai ter aínda máis cartos que as numerosas axudas que demos este ano. E eu ¿que quere que lle diga? Pois si que son optimista. Xa sei que hai que facer moitos cambios estruturais e xa sei que hai que facelos moitísimo máis a raíz da pandemia, e que moitas cousas que nos plantexabamos para o turismo do futuro van ter que medrar e van ter que replantexarse, porque a xente que nos veña visitar vai buscar cousas que antes non buscaba tanto: todo o que ten que ver coa natureza, con espazos abertos, non masificación, turismo sostible. Todo iso hai que reformulalo rapidamente. Por iso quixen falar dos esforzos que estamos facendo en canto a fondos europeos e para seguir mellorando.

Retorce vostede un pouco as cifras, señor Pérez López. Dime que este ano non houbo peregrinos ata xuño. Iso xa o sei eu, é que non se podía nin saír do propio concello, estabamos perimetrados, recórdeo vostede. ¡Home!, que me diga que o Xacobeo non foi para tanto porque os seis primeiros meses as cifras foron moi malas, pero é que é lóxico. O preocupante sería que cando un se pode desprazar seguiran sendo malas, pero é que son magníficas, son extraordinarias, moi por encima das previsións máis optimistas. Quere dicir que algo se estaría facendo ben.

E dime tamén, xa digo, é que retorce un pouco os datos —dígollo con toda cordialidade—, para que lle dea o resultado que a vostede lle convén, e fala dos datos turísticos dos sete primeiros meses deste ano. Ben, claro, se vostede mete seis meses sen turismo nunha conta de sete-oito, claro, a media sáelle a que a vostede lle convén para subir aquí.

Pero eu pídlle que, pois estamos rematando, estamos na metade do mes de novembro, falemos dos datos do verán —que pode ser o máis sinxelo, aínda que non o era tanto cando non sabiamos o que ía pasar—, pero falemos dos datos dun setembro extraordinario, dun outubro como ninguén pensaba, dun mes de novembro que non está sendo nada malo, acabamos de pasar a ponte de Todos os Santos. Creo que todo isto hai que metelo, porque ao final é que se as cifras son boas vains ben a todo o mundo, con independencia de quen estea gobernando.

Vostedes tamén gobernan en moitos sitios e poden facer moitas cousas polo turismo. Eu estou de acordo en que as boas cifras turísticas son de todos. Cando falamos de administra-



cións, facémolo de todas as administracións que estaban facendo un esforzo en materia de turismo. Pero é que, claro, as estatísticas, collendo datos malos para criticar, eu creo que iso é un pouco tramposo, perdoe que llo diga con toda a cordialidade.

Remato xa. Falando do Camiño de Santiago, ben, eu xa lle dixen. Eu xa sei o que pensan vostedes, ao mellor individualmente algún que non, seguro, porque eu coñezo a xente do BNG que sabe e mesmo que ten negocios relacionados co Xacobeo que pensa que o Xacobeo é unha fonte de riqueza, con independencia de quen o xestione; vostedes, en xeral, farano probablemente por esa idea de que é unha marca moi identificada co Goberno que a xestiona.

Polo tanto, dicir que vai ben o Xacobeo e dicir que se están facendo as cousas ben non lles gusta. Eu agardo que pouco a pouco vaian cambiando esa concepción e que, mentres, fagan todo o que poidan. A vostedes, que presumen tanto desa influencia orzamentaria co seu deputado en Madrid, non lles escoitei dicir nada sobre a ausencia absoluta de consignacións concretas para o Xacobeo nos orzamentos do Estado. É que non hai nin un euro, señor Pérez, non hai un euro.

Polo tanto, agardo que, se teñen esa forza, estea de acordo en que debería habelos. Nós, dende logo, ímolo facer e daremos traslado ao noso grupo parlamentario en Madrid para que pregunte por todo aquilo e para que insista. Espero que vostedes nos acompañen niso. O que pasa é que, como non lle escoitei dicir nada, non sei se foi un olvido, se pensa que non merece a pena, se pensa que dá igual que para Barcelona aparezan consignadas con nome e apelidos as cantidades e nós non teñamos nada despois das promesas. Para o AVE de Santiago, 600 millóns, dos que non sabemos nada, Plan Xacobeo, beneficios fiscais..., nada de nada. Polo tanto, aínda están en fase de emendas, teñen vostedes unha oportunidade.

E, por último, xa lle entendín que, claro, é lóxico que o Goberno central non lle dea a Galicia o que a Galicia lle corresponde. Pero, claro, se están vostedes discutindo con eles e non lles din «si, bwana» a todo o que lles plantexan, pois, claro, despois ¿que esperan? Iso foi o que lle entendín. Supoño que non foi o que quixo dicir, porque mire, nós imos seguir defendendo Galicia, jeh! Se o Goberno central non ten razón e nos dá menos do que nos corresponde, nós dende logo non imos calar. Se vostede quere que calemos, sería unha mala práctica, non só para o turismo, senón para Galicia en xeral. Nós dende logo iso non o imos facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.



Señor vicepresidente, a verdade é que debo de explicarme fatal, pero volvo repetirlo porque parece que me expliquei mal. Repito: as cifras en Galicia do turismo no verán é un traballo de todas as administracións: dos concellos, das deputacións, da Xunta, do Goberno de España e, sobre todo, do sector turístico e dos profesionais da sanidade. Traballo colectivo, señor Rueda, traballo colectivo. *(Aplausos.)* Pero xa o dixen, pero vostede dálle a volta á tortilla. Pois non, xa o dixen, xa o dixen.

Tamén di que eu non quero que se consolide o turismo. Oxalá se consolide o turismo en Galicia, oxalá, oxalá sexa así.

E despois que nós non defendemos o Camiño de Santiago. ¿Pero en que momento? De verdade, claro que é un bo produto, díxeno. É un produto que temos que pór en valor e simplemente dixen cousas que hai que mellorar, pero parece que a vostede non lle gusta que as cousas haxa que melloralas. Pois si hai que mellorar, hai que mellorar, non está todo perfecto, aínda que a vostede parece que o molesta que llo diga.

E mire, Goberno de España. Do Goberno de España fala vostede, non fai máis que falar do Goberno de España nas súas intervencións, nas dúas quendas falou do Goberno de España.

É máis, falou dos plans de sostibilidade turística en destino. Por certo, efectivamente tiveron o venres unha reunión a Xunta, a Fegamp, o ministerio (a Secretaría de Estado de Turismo), e resulta que esa reunión realmente era para analizar o tema, tratar os temas dos proxectos do Plan de sostibilidade turística, pero non se tomaba unha decisión. E o ministerio emite unha proposta de resolución non definitiva. ¿Que pasa? Que a Xunta quere decidir en todas partes e ten que ser o ministerio ao final quen diga o que se vai facer. Ou sexa, o ministerio consegue 14,6 millóns, ¿non?, ben, e o ministerio pide colaboración á Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia ¿que fai? Pois prefire confrontar, porque o que vostedes fan é estar na confrontación constante co Goberno de España, na confrontación constante.

E si, o Goberno de España, efectivamente, xa puxo para o plan de sostibilidade de turismo da Mariña 1 millón de euros; Ourense, en termal, 1.350.000; o de Santiago de Compostela, 1 millón de euros; Ribeira Sacra, 850.000 euros; estes dous foron do ano pasado. Si, aí está o Goberno de España.

É máis, vostede tamén falou do Plan nacional turístico Xacobeo 2021-2022, que si que se presentou aquí —di que non— pero si se presentou, veu a ministra, e vostede non foi. Xa sei que tivo Consello da Xunta, pero penso que, ben, ás veces hai consellos da Xunta e van a algúns actos. Pero ben, aquí veu a ministra e non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, pero ben... E 121 millóns de euros que vai pór para o Camiño de Santiago o Plan turístico Xacobeo 2021-2022. E en Galicia este plan estatal deixará un investimento de 25 millóns. E, a maiores, o Ministerio de Turismo achegará 42 millóns de euros nos orzamentos de 2022 para Galicia. Deixen de dicir que se discrimina a Galicia, deixen de dicilo. *(Aplausos.)* Non por repetilo máis veces vai ser verdade.

E mire, como queren cifras, en 2020 Galicia recibiu 735 millóns do Fondo covid. Que aí se podía rescatar a hostalería, o ocio nocturno, podían sacar axudas para iso, pero non sei que



fixeron con eses cartos. 17 millóns do Fondo Social Extraordinario, 17 millóns para plans de medidas económicas extraordinarias. En 2021 Galicia recibiu 828 millóns do Fondo Adicional e 234 millóns para o Fondo de Apoio ás Empresas. Máis de 1.000 millóns e seguen dicindo que Galicia non recibe do Goberno de España. Pero ¡xa está ben!, que o repitan vale, pero non por repetilo —vólvolle dicir— vai ser verdade.

Mire, o outro día cando foi o debate do estado da Autonomía o presidente, o señor Feijóo, dixo: ¡ah!, é que, por favor, díganme unha cousa que faga ben a Xunta de Galicia dende a oposición. E eu agora pregúntolle, señor vicepresidente: ¿fai algo ben o Goberno de España?, ¿fai algo ben o Goberno de España no turismo?, ¿fai algo ben? Porque está todo mal, as axudas mal, o turismo mal. ¿O Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez, realmente fai algo ben? Dígame, a ver se é capaz de dicirme polo menos unha cousa que faga ben o Goberno de España coa Xunta de Galicia, porque non fan máis que dicir que é todo un desastre e que incluso discrimina todo o rato a Galicia, cando aí están as cifras de todos os cartos que se están mandando para Galicia dende o Goberno de España. Pois ben, o que fala realmente do Goberno de España é vostede e o seu grupo parlamentario, que están en todas as comisións falando única e exclusivamente do Goberno de España, que ás veces parece que estamos no Congreso dos Deputados realmente.

Ben, nada máis pola miña parte. Espero que colaboren e deixen de estar unha e outra vez na confrontación co Goberno de España, porque desta crise temos que saír todos e todas xuntos, señor vicepresidente primeiro.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Gallego.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Señor Rueda, eu son moi optimista.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*(Pausa.)*

**O señor PRESIDENTE:** Parece que caeu o son e están esperando que se levante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, caeu o son. Isto é o que me dixeron, que caeu o son. *(Murmurios.)* Non, eu téño, e agora vaise levantar. Haberá que esperar, son cousas da vida. O meu non debeu caer. *(Risos.)*

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Despois deste impás... Mire se son optimista que ata o dixeran tres veces: son optimista. Si que son optimista, pero tamén temos que ser realistas. É dicir, que está claro que eses números de verán



foron bos, é algo no que insisto e temos que alegrarnos todos, porque é algo moi positivo para Galicia. Pero iso non quita que nós non teñamos tamén que facer unha análise realista en canto ao que se fixo desde a Xunta de Galiza ata chegar a estes resultados e tamén en canto ás perspectivas. Por iso analizamos as eivas que houbo na actuación da Xunta de Galiza, que durante nove meses non articulou axudas directas —e insisto, volvereino dicir outra vez—, que eran os momentos máis duros da pandemia para este sector, e a Xunta de Galiza aí non respostou.

E despois tamén analizamos en canto ás perspectivas, é dicir, que é necesaria unha reorientación do modelo turístico. Vostede xa adiantou varios dos puntos nos que nós tamén coincidimos, pero tamén é necesaria unha reorientación do Xacobeo, e aí si que diferimos.

Non estamos en contra do Xacobeo nin moito menos, parécenos un moi bo produto turístico, e creo que é a sexta vez que o digo, e, desde logo, con vostede enfronte, creo que é a terceira ou a cuarta, porque sempre intenta encasillarnos ao BNG nunha postura que non é real. E, se non, terá que preguntarlle ao portavoz de aquí do PP, o portavoz neste caso de turismo, que cando hai unha iniciativa relativa ao Xacobeo que supón reclamar cartos, sexa do Estado, ou que é positiva para Galiza, o BNG vota sempre, sempre, sempre a favor. ¿Por que? Porque nós o único interese que temos son os intereses de Galiza, única e exclusivamente.

Iso si, o que teremos é que analizar as eivas que existen neste caso no sector turístico, e que creo que o facemos dunha maneira bastante sosegada e ademais bastante clara e ata creo que en moitos puntos coincidente coa de vostede. A diferenza é que nós levamos pedindo ese cambio de modelo desde hai anos e tivo que vir unha pandemia para que a Xunta se dea conta de que é necesario ese cambio de modelo.

Falaba tamén neste caso na miña intervención de datos e de intentar confundir —enténdín—. Non é desde logo a miña intención confundir. Cando falamos dos datos, o que somos é, como xa dixen, inconformistas e críticos. A corresponsabilidade e esa responsabilidade fai que teñamos que facer unha análise crítica tamén deses datos loxicamente. Porque para darnos palmadas no lombo vale calquera, pero para facer unha análise realista non vale calquera. E aí por iso me refería na miña primeira intervención ao tema da autocrítica que tanto botei en falta e que sigo botando en falta.

Tamén falaba vostede, señor Rueda, de datos tramposos. Non hai ningún dato que eu tivera dado na miña primeira exposición que sexa tramposo.

Vostede falaba de demanda turística e dicía que Galiza era a segunda ou a terceira comunidade autónoma, ocupaba o ránking en termos relativos, porque en termos absolutos non. Si que recupera antes, pero en termos absolutos non. E iso é así e vostede leu o informe igual que o lin eu, diso estou seguro. ¿E que significa que en termos absolutos non? Que Galiza non está dentro das comunidades autónomas que son destino principal; é máis, está a bastante distancia. Está xusto despois das que mellor funcionan, pero está a bastante distancia. E iso creo eu son eivas que están asociadas ao modelo turístico que tan necesario é reformular.

E por iso tamén desde o BNG criticamos, pero tamén somos proactivos, e plantexamos, levamos pedindo esa reorientación do modelo desde hai meses, indicando por onde debe





ir, e incluso nestes orzamentos presentamos un plan especial turístico Expande Galiza 2022-2030, que está centrado en reformular, iso si, o Xacobeo, pero tamén reformular o modelo turístico, ou polo menos empezar a facelo, que é algo moi necesario e que vai marcar o futuro do sector turístico en Galiza.

Despois tamén me gustaría que nos explicase mellor que pasou cos plans de sostibilidade turística, porque, claro, eu entendo que o día 5 a Xunta pola tarde —creo que foi— sacou unha nota de prensa na que dicía que xa estaban consensuados eses novos proxectos, e o luns o ministerio di que nesa reunión non se aprobou a lista definitiva de plans turísticos; daquela, aquí alguén ou mente ou se entenderon mal ou pasa o que creo que pode pasar, que aquí estamos, seguen vostedes enfrascados, tanto o PSOE como o PP, nesa loita absolutamente estéril e partidista. Eu creo que ao final todo foi que sacaron vostedes unha nota de prensa para vender mediaticamente eses proxectos e ao ministerio pareceulle mal, tan infantil coma iso, eu creo que é iso. E o que está claro —e aí si que vai ter o apoio do BNG, desde logo— é que eses cartos comprometidos para eses plans, para eses plans de sostibilidade turística teñen que vir para Galiza; iso está clarísimo.

Outra cousa que tamén me gustaría que me indicase é os criterios de repartición, porque iso si que creo que depende da Xunta de Galiza, e a min, vendo as distribucións desa repartición, pois hai cousas que non me cadran; polo tanto, agradeceríalle que mo indicase.

E volvemos outra vez ao mesmo, é dicir, eu creo que toda esta situación vén pola falta de peso político que ten a Xunta de Galiza e por esa posición de confrontar continuamente co Estado, sobre todo. Eu non digo que non se deba confrontar co Estado, porque desde logo se alguén non é servil co Estado nin coa Xunta de Galiza é o BNG, iso desde logo. Pero o que si sería importante en épocas de crise é crear espazos de entendemento. O que non se pode estar é metendo o dedo no ollo do contrario nun momento de crise como o que vivimos durante este ano desde o comezo da pandemia, en que tan necesaria era unha actuación coordinada —e aí coincido tamén con vostedes— de todas as administracións.

Pero, jollo!, o BNG, cando se falou dese plan de actuación a tres bandas, coa Xunta, coas deputacións e cos concellos, amosou inmediatamente o seu apoio a ese plan, e moitos concellos estarían seguramente dispostos a apuntarse a el, e tamén é verdade que moitos concellos do BNG entraron nesa canle aproveitando o canal de repartición de axudas da Xunta de Galiza, e vostede tamén é consciente.

Polo tanto, entendo que debe intentar vostede non encasillarnos, intentar non estarnos encasillando seguido onde realmente non estamos. O que ten é que, de verdade, entender que as nosas críticas van ser sempre construtivas e o que buscan é mellorar, neste caso, o sector turístico galego.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Esa é a nosa vontade e esperemos que o teña en conta.

Nada máis. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

E desculpe os problemas do son.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Vereia.

**O señor VEEA FRAIZ:** Grazas, presidente.

De verdade, señoría, que por moitas mensaxes que enviemos dende o Grupo Parlamentario Popular de colaboración e de cooperación, e que queremos seguir mandando, pois o Goberno central pono moi complicado.

Pedíalle vostede na anterior intervención á Xunta de Galicia que dixese algunha cousa boa específica que fixera Pedro Sánchez para o turismo galego, cando vostede mesma, en dúas quendas de quince minutos, non foi capaz de trasladar unha soa medida que axudase ao turismo galego durante os últimos dous anos. *(Aplausos.)*

Axudas directas. Tamén pedía en varias ocasións máis axudas, máis axudas cando o seu partido onde vostede goberna, na Deputación de Pontevedra, no Concello de Vigo, no Goberno central, pois non ten activadas axudas directas; xa llo expliquei antes; activaron os ICO, activaron os ERTE e abandonaron completamente o bloque de axudas directas, e cando chegaron, chegaron tarde e chegaron mal, que foi no terceiro plan.

Un terceiro plan do que aí están os datos. Se sumamos as solicitudes dos plans de rescate galego, 80.000 solicitudes; se vemos as solicitudes que pediron os sectores económicos ao plan do Goberno central, 5.000 solicitudes. A metade do orzamento aínda sen mobilizar pola imposibilidade de requisitos administrativos que non son capaces de corrixir a pesar de que insistimos, de que mandamos documentación, de que mandamos informes e de que se pediron esas correccións. É un dato que para min é revelador do compromiso do Goberno central co turismo galego.

Os plans de rescate da Xunta de Galicia mobilizaron 90 millóns de euros para os profesionais do turismo en Galicia, 90 millóns de euros. O terceiro plan, do Goberno central, está dotado con 230 millóns. ¿Sabe canta cantidade destes 230 millóns está chegando aos profesionais do turismo en Galicia? Pois non chega a 1 millón de euros. 90 millóns de euros por parte dos plans de rescate da Xunta de Galicia e 1 millón de euros que está chegando, como vemos, pois en contagotas ao sector turístico en Galicia.

Por non falar do Xacobeo. Galicia está destinando 170 millóns de euros específicos para o Xacobeo en Galicia e vostede falaba dos 120 millóns do plan nacional, pero deses 120 millóns ¿cantos son para Galicia?, porque non o sabemos. Non está especificado, non hai partida específica e non sabemos a día de hoxe cal é a cantidade exacta que destina o Goberno central ao Xacobeo, non temos respostas.

Tampouco as temos nos orzamentos xerais, porque non hai partida específica no orzamento 2021 e non hai partida específica no orzamento do ano 2022.



Non hai tampouco noticia da ampliación das desgravacións fiscais e tampouco se completan as plantillas para as necesidades dos corpos de seguridade dun ano, dun bienio xacobeo.

E o mellor, outro bo exemplo do que vivimos en canto ás promesas e ás choivas de millóns do Goberno central, pois foi hai dous ou tres meses en Santiago. O presidente Pedro Sánchez e o alcalde de Santiago convocan, despois de máis de quince anos, o Real Padroado, coa importancia simbólica que ten o Real Padroado para Santiago de Compostela, desembarcan cinco ministros e anuncian 280 millóns de euros para os vindeiros dez anos, unha media aproximada de 30 millóns de euros ao ano. E ao mes e medio, aos dous meses, o que nos atopamos é que cero euros deste programa anunciado durante semanas, que estivemos todos os veciños de Santiago vendo, escoitando e analizando eses proxectos que ían asociados ao Real Padroado. Polo tanto, é un auténtico engano á cidade de Santiago e —o que é máis irresponsable— é poñer en perigo a credibilidade dunha institución tan querida para todos os veciños de Santiago como é o Real Padroado.

Quedemos coas boas novas, quedemos con eses datos que debullou o vicepresidente, e que indican que o sector turístico está preparado para afrontar o ano 2022, está en mellores condicións para chegar a este bienio xacobeo, tivo capacidade de absorber unha gran demanda vindo dunha parálise, e, polo tanto, estamos convencidos de que, traballando como se está traballando, todos xuntos, o ano 2022 teremos datos históricos do turismo en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vereas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da comparecencia, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, presidente.

Señora Gallego, non se enfade. Eu non sei se o que pasou co micrófono ten que ver con como se alporizou vostede aquí defendendo o Goberno de España, *(Murmurios.)* defendendo ata un punto que son datos obxectivos, simplemente. Polo tanto, o que é medible é dificilmente opinable. Eu non lle vou discutir, non o fixen. Vostede empéñase moito e insísteme, como se eu lle negase algo que é evidente, pero empecei así a miña intervención, dicindo que a recuperación magnífica do sector turístico estes últimos meses en Galicia ten que ver, en primeiro lugar, cos profesionais —claro que son os primeiros responsables! — e despois con todos os demais, cada un —volvo dicir— na esfera da súa responsabilidade. E, como falabamos, ademais de axudas, o que deu cada un pois iso é bastante fácil de medir.

Igual que é fácil de medir o entusiasmo, por moito que se proclame. Dime vostede que como lles podo acusar de que non lles gusta o Camiño de Santiago —páreceme que dixó— como un produto turístico excepcional. Entón, ¿que fan en Vigo os peregrinos, que se seguen per-



dendo e que teñen que recorrer aos locais de hostalaría para poder saber por onde van, porque en Vigo, termo municipal, o Camiño de Santiago está absolutamente borrado por un empeño persoal que xa roza, en fin, cousas que é difícil describir? ¿Como pode dicir vostede de Vigo que están encantados co Xacobeo cando se prohíbe ata o máis elemental, que é que se sinalice para que os peregrinos non se poidan perder. Pero, ¿que me está contando, señora Gallego? ¿Non se dá conta de que, mentres pasen esas cousas, é moi difícil que alguén os crea e que de verdade, ante esa circunstancia inexplicable, se poida dicir que o Xacobeo lles gusta o máis mínimo?

Fálame tamén —e dicíallo o señor Verea— de se fai algo ben o Goberno de España en materia de turismo. ¡Oia!, pois, cando nos axuda, si. Nós dixemos que nos parecía moi ben que se fixera un plantexamento, e díxenllo na conferencia sectorial, tanto á ministra como ao secretario de Estado, non llo van negar, que se non estabamos de acordo; cremos que, vendo os parámetros de distribución, a Galicia en materia turística tiña que corresponder máis, pero ben, por axilizar e darlle para adiante, dimos por boas esas cantidades, porque nos dixeron que, se non, non ían vir, e por iso a votamos a favor, e, claro, a partir de aí empezaron as discusións.

Vostede dixo unha frase —que eu supoño que constará despois no *Diario de Sesións*—: que ten que ser o ministerio o que diga o que hai que facer; ben, pois acabou o conto. É que se isto funciona así, se a gobernanza consiste niso, é que se ten que ser o Goberno, ¿como pretenden vostedes opinar sobre como se teñen que investir os fondos turísticos en Galicia, se ten que ser o Goberno, dono dos cartos que lle deu Europa a eles, que son amos e señores, e, polo tanto, distribúen como queiran e son os que teñen que dicir o que hai que facer? Polo tanto, ¿que facemos nós opinando?

Resposto ao que preguntaba o señor Pérez López: ¿que pasou dende o venres pasado? Pois unha boa pregunta, xa me gustaría sabelo a min. Levabamos meses valorando proxectos presentados polos concellos, falando entre os técnicos, axustando as puntuacións, intercambiando criterios e pareceres, e ao final pois se chegou —nalgún momento hai que pechar isto, para empezar a executalos— a unha reunión para valorar aptos-non aptos. Segundo a señora Gallego, nós non temos dereito a dicir que queremos que o primeiro eixo dos tres que vai haber nos fondos Next Generation se refira ao litoral. Non, non, iso que o diga o ministerio, que é o que ten que dicir o que hai que facer. Pois non estou de acordo. Nós dixemos encaixe no litoral. Polo tanto, os plans de concellos que teñen litoral imos valoralos; foi o que fixemos; mínimo 70 para pasar o corte, apto-non apto.

Mire, o plan de Vigo tivo unha valoración por parte da Xunta de Galicia de 63, por parte do ministerio de 62; o plan da Coruña tivo unha valoración por parte da Xunta de Galicia de 68, por parte do ministerio de 64. Polo tanto, non aptos, non pasaron de 70. Igual que outros.

Eu non sei os molesta: dous plans da deputación; ao mellor é que son do futuro novo responsable do Partido Socialista en Galicia e a algúns membros do grupo parlamentario os molesta que á Deputación da Coruña lle deramos dous plans. Se non, non se explican estas reaccións, esta defensa que vostede fixo dicindo que ¿como nos atrevemos a discutir a opinións? Insisto: deixounos perplexos; toda unha secretaría do Estado que se descolga cunha



nota o luns dicindo que, efectivamente, o que nos anunciou aquí a señora Gallego, o que xa intuíamos vendo algunha reacción ao partido a fin de semana, que algunha chamadiña debeu haber por aí, e o secretario de Estado de Turismo sae o luns dicindo que as valoracións non queren dicir nada e que que un plan non teña puntuación mínima e sexa declarado non apto ou non encaixe na estratexia turística dunha comunidade autónoma cando falan de gobernanza, niso, que a última palabra a van ter eles. É que, ao mellor, hai algunha sorpresa, é que, ao mellor, hai algunha cousa que estaba valorada obxectivamente, algún plan, e, polo tanto, merecía que se lle dera para diante, pero non vai poder ser ou, polo menos, hai esa incerteza —¿que lle parece?—, cando, ademais, falamos de prazos curtos que hai que executar. O propio Ministerio dicíanos que había que ir rápido nestas valoracións e que o obxectivo era ir para adiante. Pois agora todo está en cuestión.

Pregunta vostede polas asignacións económicas. Non teño nin idea. Inmediatamente despois de declarar plans aptos ou non aptos, o Ministerio díxonos que propuxeramos cantidades de asignación económica para eses plans aptos ou no aptos. Claro, se despois me encontro, o luns, con que nos din que todo iso que se valorou, xa veremos cal é a opinión dos amos e señores dos cartos europeos, que é o Goberno central —parece ser—, xa me dirá vostede, un lío. Xa me gustaría a min saber que pasou tamén. Supoño que algunha presión hai, á que espero que non ceda o secretario de Estado de Turismo, á que espero que non ceda o Ministerio, e que se manteña nesas valoracións obxectivadas e feitas por técnicos e postas en común. E o día que se poñen en común e a Xunta de Galicia di que, joia!, chegamos, dende o punto de vista obxectivo, despois dunha análise de moito tempo e de moito traballo —e un respecto para os profesionais que valoraron estes acordos para empezar a executar—, resulta que nada diso hai. Pois xa veremos en que acaba todo isto, gustaríame sabelo tamén. Polo de pronto, xa lle digo, mínimo, 70. As puntuacións máis altas —mesmo as da Xunta máis que as do Estado— non acadan a puntuación, pero todo está en cuestión. A ver en que queda todo isto. Gustaríame sabelo tamén.

E, señor Pérez López, agradézolle —como fixen na primeira intervención— especialmente o seu ton. É certo, os datos que dixo vostede —perdoe que volva sobre isto— non eran falsos, pero, claro, se me di que si, que os datos foron bos, pero que se collemos os datos dos seis primeiros meses, pois non foron bos... Claro, xa o sei, pero é que non había turismo nos primeiros meses. Simplemente lle digo que se vostede colle estes datos e os di, verá que a porcentaxe é moito máis baixa. Pois son certos, pero é un pouco tramposo sacalos para facer un balance. Simplemente me refiro a iso.

Eu creo que, en xeral, coincidimos en que hai unha valoración, e que non só a hai a raíz da pandemia, senón que xa antes a tiñamos. Vostede acode á documentación da Xunta, que eu, dende hai un ano que asumín estas competencias, a puíden examinar e xa se falaba de moitas das cousas das que agora se vai falar moito máis e con moita máis intensidade. Agora todos imos por aí, pero antes a Xunta de Galiza estaba... Probablemente este éxito en tan poucos meses veña dun posicionamento —probablemente, non, seguro— no que, dende logo, imos seguir, e se imos ter a colaboración do BNG, eu agradézollo sinceramente.

Polo tanto, señorías, imos seguir traballando. Os datos creo que son bos, todos estamos de acordo, e as cifras son boas. Somos terceiros en recuperación turística, en termos absolutos



e termos relativos, e somos unha comunidade autónoma pequena, comparada con outras moito máis grandes e con moita máis tradición turística e, sobre todo, co turismo internacional. Polo tanto, se imos a termos absolutos, que eu creo que hai que telos en conta, son datos bos. Non necesitamos retorcer ningunha realidade para ver que este ano a Galicia, desde o punto de vista turístico, lle foi moi ben, sobre todo vistas as perspectivas e vistos os augurios que había a principios de ano.

E a iso vou. As expectativas tamén son boas. Eu quero consolidar ese 25 % de mellores cifras sobre a media nacional; creo que é posible. Ao mellor, non unhas cantidades moi grandes, pero, dende logo, si que están por riba da media nacional en recuperación turística. Iso será un moi bo sinal. Haberá que seguir coas axudas, hai saídas. Todos os millóns de euros en axudas directas, cando máis falta facían —insisto, señor Pérez López—, convocáronse xa o ano pasado, non foron todas deste ano. Houbo un primeiro plan no último trimestre do ano pasado, e outro inmediatamente en xaneiro do ano no que estamos.

Serán 200 millóns en total entre plans de rescate e outro tipo de axudas e 160 millóns do Xacobeo entre o ano 2021 e 2022. Todo iso hai que ter intelixencia para aplicalo ben, máis o que veña dos fondos Next Generation, se é que, ao final, nolos van dar, que eu agardo que si. Estamos falando dun sector que é o 10 % do noso PIB e máis do 10 % —un 11 ou un 12 %— das nosas cifras de emprego; polo tanto, vai ben o turismo e van moitas cousas ben en Galicia.

Polo tanto, eu creo que, despois destes meses tan duros para moitos profesionais, merecen que lles vaia ben. Nós imos seguir traballando, e, se vostedes nos ofrecen a súa colaboración, dende logo, van ter a nosa.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pasamos ao punto segundo da orde do día, mocións.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de substitución.*

*Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:*



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar apoiando ao sector cultural e aos creadores fomentando a actividade e o consumo cultural con liñas de axuda específicas.
2. Impulsar a dixitalización e a innovación da cultura galega e das industrias culturais a través de iniciativas que poñan a vista neste tipo de competencias.
3. Continuar as políticas a favor da creación de novos formatos e programas, en colaboración co sector, atendendo ás necesidades das industrias culturais.
4. Seguir potenciando a Cidade da Cultura como factoría de contidos culturais con difusión dentro e fora de Galicia.
5. Impulsar un Xacobeo 2021-2022 cunha programación cultural de calidade e descentralizada, tal e como o se vén facendo, con música, exposicións, danza,...
6. Lanzar novas liñas de apoio dentro do Hub Audiovisual, que contribúan a que as industrias culturais de Galicia sexan competitivas nos escenarios de futuro.
7. Continuar impulsando liñas de apoio aos diferentes sectores culturais, con especial atención ao fomento e a dinamización de proxectos en lingua galega.
8. Seguir implementando as medidas recollidas dentro da Estratexia da Cultura, o gran documento que fixa os retos da nosa cultura para os próximos anos a nivel normativo, de planificación e de gobernanza cultural.)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta moción ten a palabra a señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizón, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Vanme permitir que comece esta intervención, que busca colocar a cultura galega na centralidade do debate deste pleno, compartindo aquí publicamente os meus parabéns e, por suposto, os do grupo parlamentario do BNG, ao xornalista e escritor Xesús Fraga, que acaba de recibir a concesión do chamado Premio Nacional de Narrativa pola súa última novela *Virtudes e Misterios*, na que podemos contrastar o que é a necesaria reconstrución do mundo da emigración que nos acompaña, neste caso a Londres, e ademais a través das personaxes que habitualmente teñen menos voz, como son as personaxes femininas. (Aplausos.)

Relacionado xa con esta moción, queremos defender a nosa proposta en positivo, e manter, por suposto, o espírito como moción, e para iso imos facer pé nos contidos da sesión plenaria anterior, retomando algúns dos fíos da intervención do conselleiro de Educación, Cultura e Universidade, a raíz da nosa interpelación a respecto de cal é a estratexia cultural adaptada,



por suposto, á conxuntura económica actual para acompañar os sectores culturais galegos no necesario camiño de recuperación e reactivación cultural.

Imos, pois, co primeiro fío, termando sempre das palabras do conselleiro. Dixo que o que non mudou foi o compromiso deste goberno para apoiar a cultura, os nosos creadores e o conxunto das industrias culturais. Pois ben, nós recomendariámoslle ao señor conselleiro —por suposto, con toda a colaboración do seu gabinete, porque el non ha ter tempo para isto— que lea nunha medida completa, integral, con maior atención, o último Barómetro da cultura galega, que tamén mencionou aquí, para evitar disimular a valoración dese compromiso ao que aludía o señor conselleiro, porque, por terceira vez, despois de ano e medio de pandemia, o Goberno galego volve suspender, e non parece moi propio do conselleiro gabase aquí de ter recibido un suspenso, aínda que subise unhas décimas. (*Aplausos.*)

O segundo fío do que quería tirar son as seguintes palabras do conselleiro: «Actuamos con dúas perspectivas: unha orientada a poñer en marcha axudas directas a empresas e profesionais, e outra a incentivar, impulsar e manter viva a actividade cultural». Pois ben, volvendo outra vez mencionar este Barómetro do Observatorio da Cultura Galega, conclúese que, efectivamente, ofrecer créditos a empresas ou o que é á diversidade do ecosistema cultural galego, que dificilmente superaran todas as debilidades, toda a precariedade que traían herdada da crise anterior, non foi realmente unha medida exitosa e unha medida da que presumir e se gabar. No entanto, non ofrecer axudas ao mantemento das estruturas artísticas e creativas —e aquí temos que facer especial mención ás musicais e, sobre todo, ás escénicas— si que trouxo consigo unha carga negativa, unha consecuencia negativa moi elevada para estes sectores. Con certeza, isto ten que ver co que reconece o Barómetro, que di: «A maior destrución do emprego, que continúa, segue a ter lugar entre as empresas de artes escénicas».

Imos agora co terceiro fío, moi brevemente. Dicía o conselleiro que a cultura foi unha das actividades máis seguras que se desenvolveron. Efectivamente, a cultura é segura por si propia; foino sempre e serao sempre. Mais o que tamén quedou ben asegurado, o que si foi seguro, é que estivo anulada, retraída, limitada, condicionada en exceso, (*Aplausos.*) en comparación con outro tipo de espazos de socialización que sempre tiveron titulares e unha hemeroteca ben ampliada, mais onde sempre estaba excluída a cultura, desprotexéndoa, polo tanto, e contribuíndo á quebra da fidelización do público habitual e tamén á construción —que sempre é imprescindible— de atracción de novos públicos; incumprindo, en definitiva, con garantía ese dereito do acceso á cultura que para o BNG é determinante.

O cuarto fío do que queríamos tirar son as seguintes palabras do conselleiro: «Incentivamos empresas e autónomos, axudamos a manter a cultura profesional, canalizamos financiamento orientado a profesionais, á actividade produtiva». Pois ben, no BNG preguntámonos en que momento desta pandemia o virus borrou do disco duro do Partido Popular a actividade cultural de base, que é un substrato fundamental da nosa cultura. ¿Onde estivo esa rede da cultura amadora, da cultura asociativa que capilariza a transmisión da cultura na sociedade sen límites, sen complexos e de forma transversal, nomeadamente aquela que di respecto da nosa cultura tradicional, a transmisión do canto, da música e do baile tradicional? ¿Cando pensan, dende o PP, activar esta vacina?





O quinto fío é aquel no que o conselleiro asegurou, mesmo en dúas ocasións: «Tivemos resultados positivos na política cultural aplicada. Creo que, ao final, estivemos ben orientados e que houbo resultados positivos». Entendo que reconece que só, ao final, como el ben di, estiveron orientados. Logo, deducimos que implicitamente se reconece que algo antes estiveron desorientados.

¿Resultados positivos? ¡Oxalá! ¡De verdade que oxalá! Mais preguntámonos: ¿cales son as evidencias? Máis alá de impresións persoais ou de gabinete, ¿cales son as evidencias obxectivas, empíricas nas que poidamos apoiarnos?

Falou aquí o señor conselleiro, evidentemente, do que pode falar, do Plan de reactivación cultural e turístico; polo menos mencionouno. Voltamos insistir: ¿onde está a avaliación obxectiva? ¿Cal é o contraste? ¿Onde está a avaliación do que representa o investimento do diñeiro público? Teremos que nos conformar, á vista da inexistencia de todo tipo de informes e análises obxectivas, con esa capacidade de pitonisa que demostra o señor conselleiro con esa bóla de cristal que debe haber en San Caetano. Un plan, por certo, que, no papel, anunciaba 10,2 millóns para a cultura —o resto xa sabemos que sempre é turismo e, a poder ser, levando a dianteira— e que nesta intervención o señor Rodríguez subiu, poñendo enriba da mesa —dixo— 26 millóns. Habería que saber que clase de partida é esta na que se está a xogar en que as contas se moven con esta rapidez, e en que pao triunfou, porque, realmente, os informes máis ben o que lle cantan son as corenta.

Por certo, a respecto deste plan de reactivación da cultura, déixolles aquí un recadiño ao grupo do Partido Popular para que, por favor, o compartan co conselleiro, xa que hoxe non está neste pleno. Era unha medida longamente adiada, mesmo acordada dende o sector audiovisual, que dicía —comprometía, non só dicía—: «convocatoria dun fondo de coprodución internacional minoritaria no ámbito audiovisual que facilite a presenza de empresas galegas en proxectos internacionais de relevancia». Insisto, recórdenlles que hai disto, porque o sector audiovisual non sabe absolutamente nada, e é unha medida longamente demandada. (*Aplausos.*)

Falou tamén o conselleiro—claro, ¿como non?— do Fondo de proxectos culturais —aínda na segunda edición vixente—. Voltamos preguntar: ¿en que medida —porque entendemos que o primeiro, se houbo unha renovación, sería avaliado— contribuíu a permear a sostibilidade nos sectores culturais?, ¿en que medida axudou a consolidar estruturas existentes ou a crealas novas, a contribuír e a garantir a un emprego de calidade? Nós, desde logo, adiántolles que si o fixemos, que si contrastamos este fondo cos sectores culturais, e escoitamos respostas tristes, mais tamén dolorosas. Estiveron ben, como primeira medida de urxencia, cando non tiñamos absolutamente nada, mais quedou como única opción para xestionar a miseria.

E rematamos xa co último fío. «Os orzamentos do 2022 van na mesma liña», aseverou o conselleiro, e así o fixo posteriormente na Comisión 3ª, de orzamentos. É dicir, é como reconecer: aquí non pasou absolutamente nada e, polo tanto, nada temos que intervir. Ou podemos tamén empezar a temer o que vai pasar á luz das súas primeiras palabras, cando di que o que van facer é unha política cultural de programación absolutamente descentralizada,



que apoia absolutamente o rural. Visto o visto e coa experiencia xa contrastada de cal é a vinculación e a relación co rural do Partido Popular, se tamén agora nisto vai entrar a cultura, realmente preocupámonos e poñémonos a tremer, e moi seriamente.

Desde logo, non é para encargar, pola nosa banda, responsos, nin moitísimo menos, senón que, en contraste coa confianza plena que nós temos nos sectores culturais galegos, traemos un decálogo de propostas que vostedes coñecen nesta moción, coa esperanza de que digan si, de que voten si —con maiúsculas— ao futuro da cultura galega e en galego. E si, temos que seguir teimando aínda neste binomio, cultura galega e en galego, (*Aplausos.*) vouno dicir só con dous exemplos. (*Aplausos.*) O primeiro, o actual Bono Cultura, que chega tarde, evidentemente, dunha forma absolutamente improvisada, mais en cuxa convocatoria non hai nin unha soa mención de que con ese bono se vaia primar, priorizar, reforzar positivamente a cultura galega. Polo tanto, non quero nin imaxinar que é o que imos pagar a escote todos os galegos e as galegas nestes dous meses de novembro e decembro con este bono cultural —verémolo despois, evidentemente; estamos seguros de que nos van entregar unha avaliación—, probablemente nada que se aproxime moito ou case nada á cultura galega.

E, en segundo lugar, tamén creo que hai que matizar algo, porque, se cadra, con eses tres millóns de euros que a Secretaría Xeral de Política Lingüística investiu no Fondo de proxectos culturais xacobeos, xa pretenden xustificar a eliminación actual para os orzamentos do ano 2022 de tres millóns das políticas lingüísticas que se van aplicar no ano que vén. (*Aplausos.*)

Para rematar, sobre todo para que o conselleiro non siga preocupado, pensando que fago unha visión triste —como dixó na súa interpelación—, propoñemos, dende o Grupo Parlamentario do BNG, este decálogo de accións en positivo para que a cultura galega, evidentemente, avance, para axudala a avanzar e que vaia a máis, conforme as capacidades que demostra día a día e que mesmo demostrou en plena pandemia. Son dez propostas que combinan accións de impulso económico, estrutural, de desenvolvemento pendente aínda do Estatuto de autonomía, por suposto consensuadas cos sectores, con proxección internacional para a nosa cultura, atentas a toda a cadea de valor social e económico da cultura galega e, por suposto, si, epicentro da nosa identidade, para amosar tanto a todas aquelas persoas que construímos o pobo galego como, por suposto, a todas aquelas que nos visitan co gallo do Xacobeo.

Teñen vostedes agora a oportunidade de votar si a esta moción, que quere ser compromiso cunha cultura viva, sen complexos nin prexuízos, e con todo o orgullo.

Obrigada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Bos días.



Grazas, presidente.

Queremos sumarnos tamén aos parabéns a Xesús Fraga e aos parabéns a todos os galardoados cos premios da cultura galega 2021, que xa se fixeron públicos.

Esta moción, froito da interpelación ao conselleiro no pasado pleno, converteuse nun extracto do programa electoral do Bloque Nacionalista Galego —decálogo chámalo—. Hoxe tamén parece que foi unha segunda interpelación, porque lle fixo vostede moitas preguntas ao conselleiro. Ben, é razoable que vostedes defendan o seu, pero, claro —respectando a visión que vostedes poidan ter da xestión das políticas culturais—, nós non podemos acatar ou aceptar algunhas afirmacións que escoitamos nas súas intervencións normalmente nesta lexislatura e noutras lexislaturas pasadas. E hoxe mesmo vostede dixo «unha cultura anulada, retraída, desprotexida». Non é así. Agora resulta que o Bloque Nacionalista Galego é o partido do «si». Din vostedes que son o partido do «si» e sempre foron o partido do «non». Eu creo que vostedes seguen sendo o partido do «non».

E hoxe, cos adxectivos que dixeron en canto á cultura e ás políticas culturais que ten o Partido Popular, pois tamén parece que seguen nesa mesma liña. É unha conclusión —insisto— que sacamos tras as intervencións e as acusacións que nos fan moitas veces, que non están para nada xustificadas cos feitos que despois se demostran ao longo do tempo e con determinadas políticas que se levan a cabo. Cren que teñen vostedes a hexemonía da cultura en Galicia; sempre o creron, e non é así, porque a cultura se manifesta de moitas formas, en moitos lugares, e toda ela é benvida.

Mire, gustárame a min lembrar unha frase do discurso de Alfonso Zulueta de Haz —xa falecido— con motivo do seu ingreso no Instituto de Estudos Vigueses, no ano 2007, o que fora presidente do Consello da Cultura Galega, da Editorial Galaxia e o que fora membro da Penzol e fundador do Ateneo. Dixo no seu discurso: «A cultura non é un adorno, senón un poder impresionante», e fixo notar o moito que cambiara o concepto de cultura que «lonxe de ser unha elite...» —dixo— «...pertence á sociedade, xa que abarca todo: costumes, ideas, crenzas». E ese espírito é o que leva poñendo en práctica o Partido Popular sempre nas súas culturas; certamente, ese apoio, esa vacina que di vostede que fai falta, esa vacina que sempre estivo da parte do Partido Popular e apoiando todo tipo de cultura. Ese espírito é o que sempre defendemos coas políticas culturais e que manifestou aquí tamén o propio conselleiro no pleno pasado, non desde un punto de vista excluínste ou sectario. E podo dicir isto porque se comproba ás veces cando vostedes gobernan noutras administracións. Polo tanto, iso está demostrado —insisto— na política cultural que vostedes practican onde gobernan.

Para o Bloque sempre houbo unha cultura de primeira e unha cultura de segunda, sempre houbo unha cultura boa e unha cultura mala. Para nós toda é respectable e toda é admirada por este grupo e por este goberno do Partido Popular, e sempre, ademais, facendo e demostrando que non só son discursos, senón que se traballa niso. Porque se fixo unha estratexia da cultura sen imposicións nin doutrinas; baseouse nun proceso compartido, transparente, que favoreceu a participación dos profesionais da cultura e das industrias culturais, de institucións e entidades de base e asociacionismo. Todas participaron na redacción desa Estratexia da cultura para saber cara a onde temos que ir en Galicia.



E a nós non nos atopan nun discurso e nunha xestión selectiva ou que queira excluír, que queira criticar algún tipo de cultura ou algún tipo de política cultural que sexa de todos e para todos, porque —insisto— vostedes neses discursos non se dan conta de que sempre están excluindo; non están integrando, están excluindo.

E non debe ser tan estraña a Xunta de Galicia e non debe ser tan estraña a Consellería de Cultura cando fomos a primeira comunidade autónoma en poñer en marcha un plan de reactivación para recuperar a actividade cultural que despois se copiou no resto das comunidades autónomas. E tampouco debemos ser tan raros os do Partido Popular e esta Xunta de Galicia cando o último Barómetro do Consello da Cultura Galega tamén di que a Xunta é a Administración mellor valorada polo sector cultural de Galicia fronte ao Goberno de España ou aos concellos. Polo tanto, será que a xestión das políticas culturais —despois si que podemos ter debates en profundidade sobre o concepto que cada un teñamos do que pode significar— deste Partido Popular e da Xunta de Galicia funcionan con diálogo dirixido a todos os ámbitos, adaptándose e entendendo as necesidades dos profesionais a medida que iamos coñecendo a evolución da pandemia, e non só a evolución da pandemia, senón tamén a evolución dos tempos. Porque as manifestacións culturais agora nestes tempos, coa tecnoloxía e con todos os cambios, tamén evolucionan, pero sempre tendo en conta algo que nunca lle fallou ao Partido Popular, que é a cultura de base, que, señora Queixas, vostede bota en cara aquí que non lle facemos caso, cando sempre estivemos atendendo a cultura de base.

E para que non incidan, ademais, na falta de orzamento, porque moitas veces inciden na falta de orzamento, saiban que o Plan de reactivación contou con máis de 26 millóns de euros reforzados a inicios deste 2021. E serviu tamén para estimular a actividade cultural profesional, e permitiu poñer en marcha unha programación cultural plural, descentralizada, por todo o territorio galego —si, descentralizada por todo o territorio galego, porque é necesario—. E foi precisamente o diálogo permanente o que permitiu comprender a situación en cada momento, tomar as mellores decisións, de acordo coas demandas e necesidades, cun impacto positivo. Insisto, sempre se pode mellorar. Aquí, nesta tribuna, os conselleiros fan autocrítica moitas veces tamén, e sempre se pode mellorar. Pero está claro que o que se fai é mellorar. (*Murmurios.*)

Xa presentados os orzamentos, saberán vostedes que no 2022 medran para o ámbito da cultura un 6 % —medran—; polo tanto, ademais de executar a Estratexia da cultura galega, isto permitirá seguir apoiando a difusión da cultura no medio rural —si, a difusión da cultura no medio rural, non sei por que a vostedes lles estraña— e continuar traballando na internacionalización. Tamén, por suposto, é perfectamente compatible e que se pode facer coas políticas culturais dende a Xunta de Galicia, sen distincións e adaptándonos á realidade.

E lembrarei, ademais, algúns datos —que xa lles recordou tamén o conselleiro na interpe-lación—, froito do Plan de reactivación: un verán con máis de 3.000 actividades distribuídas por toda Galicia, nun verán, ademais, complicado, cunha situación que ninguén tiña previsto que puidera saír adiante, que foi a pandemia; máis de 1.000 accións vinculadas ao Fondo de proxectos culturais do Xacobeo, 600 ligadas ao programa Cultura no Camiño; 200 funcións na Rede galega de teatros e auditorios; 13 festivais de música baixo o selo Fest Galicia; preto de 100 concertos de bandas que percorren 6.000 quilómetros por toda Galicia; unhas 600



propostas culturais e divulgativas en museos e bibliotecas; 72 funcións de Propulsa Danza+Patrimonio, etc. Polo tanto, a cultura está viva, a cultura pide apoio, a cultura pide política tamén para que poida impulsarse —como di vostede— e tamén internacionalizarse.

E agora gustaríame a min destacar algúns dos puntos da moción —dentro do tempo que eu poida ter— que precisan unha explicación máis pormenorizada. Por exemplo, solicitar ante o Goberno central a redución do IVE cultural. Acordouse xa nunha PNL no mes de outubro do 2020, tanto para o IVE cultural como para o IVE turístico. O Goberno central ten que aplicar esa decisión. Se queren facerlle caso á PNL que se aprobaba neste Parlamento, pídanllo vostedes aos seus socios de Madrid, porque, de momento, nada. E que non poñan escusas, como pasou, por exemplo, coas máscaras, que nos dicían que era Bruxelas que non lles deixaba que baixar o IVE e despois non lles quedou máis remedio que facelo.

E sobre os Next Generation, a Xunta de Galicia xa fixo os seus deberes, xa presentou as súas propostas e os seus proxectos. O Goberno de España agora tamén terá que ser xusta coa repartición, esperemos que o sexa, porque ás veces tamén toma decisións non sabemos con base en que.

Piden vostedes reformular o Xacobeo. Este é o último punto da moción —bueno, parereime pouco, porque xa estivo comparecendo o vicepresidente primeiro—, pero, claro, ¿que queren dicir con reformular? Vostedes, nun primeiro momento, negábano. Din agora que ten que ter oportunidades para todo, que ten que servir de impulso e estímulo á produción cultural... ¿E que é o que estamos facendo? Primeiro, pasaron do Xacobeo e negárono absolutamente; agora piden a reformulación. É dicir, sempre foron «os do non», pero, cando as cousas funcionan, súmanse, e agora queren colgarse o sambenito do «si», pero seguen sendo «os do non».

E respecto da Lei de fondo cultural, xa saben que hai estratexia cultural. Como digo, inclúense as necesidades lexislativas; unha delas era a Lei de museos, e xa se aprobou nesta lexislatura. Polo tanto, estase cumprindo paso a paso.

Falan de desenvolver unha campaña de activación social, e aquí falamos do bono cultural de Galicia en comparación con outros bonos culturais. Quero referirme aquí ao bono sen condicionantes de Galicia, porque hai un bono cultural dun goberno de esquerdas que ten condicionantes, que limita quen, que idades poden utilizar ese bono, que tipo de cultura se pode consumir... Polo tanto, non me digan vostedes aquí que, neste caso, non cadra o seu discurso con, despois, as súas decisións, porque ese bono cultural dos gobernos de esquerda limita o consumo segundo idades e segundo que tipo de cultura. Polo tanto, xa non disimulan.

Ao bono cultural galego adheríronse máis de 518 empresas. Claro que foi un éxito. Tivo un orzamento de 1,9 millóns de euros para 39.000. Polo tanto, co bono cultural que fan as políticas de esquerdas xa se ve a súa filosofía —ou profunda filosofía— de que hai unha cultura boa e unha cultura mala e unha cultura para un tipo de xente ou non e uns cartos para unhas idades determinadas e outras non. É dicir, é un bono totalmente partidista, e é unha vergoña presentalo neses termos.

No tema do 1 %, teño que dicir, como no da tarifa eléctrica e o cupo vasco, que son peticións que o Bloque Nacionalista Galego pon sempre enriba da mesa, pero que nin solucionan os



problemas nin significan nada no contexto no que nos atopamos. No contexto no que nos atopamos non significa nada que vostedes permanentemente estean insistindo no 1 %, sabendo que se afasta moito dunha verdadeira xestión dos recursos. Polo tanto, nós tamén pedimos responsabilidade coas contas públicas.

A emenda que nós presentamos contén puntos que funcionaron ata o momento. E dígoo —dixémolo tamén, e díxoo o meu compañeiro na intervención do conselleiro— tamén con datos; polo tanto, apoian o sector en todas as súas disciplinas, son ambiciosos, exportan a cultura galega en lingua galega e, polo tanto, creo que —como digo— hai datos obxectivos de que os orzamentos de cultura tamén medran. Polo tanto, ese é un dato positivo.

E si é certo que hai que estar con optimismo, cunha visión e unha planificación estratéxica, con novos marcos lexislativos e novos programas de apoio, como o Java audiovisual. Vostede aquí pon na picota o audiovisual, e tamén é un punto e un sector que se está apoiando directamente dende a Xunta de Galicia e que servirá para acelerar o desenvolvemento e garantir a estabilidade dese sector; reivindicado, precisamente, por eles mesmos, claro que si.

Quero rematar como fixo o conselleiro, recoñecendo a grandeza do sector cultural galego, a grandeza de todo o sector cultural galego, exemplar e con moitísimo talento e personalidade, porque —como digo— aquí non hai cultura de primeira ou de segunda, mellor ou peor; aquí este goberno do Partido Popular —e esta Xunta de Galicia—, como o fixo sempre, apoia a cultura en calquera das súas circunstancias...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Polo tanto, neste caso, presentamos a emenda —cremos que é realista e que, ademais, é perfectamente factible— para que a apoien e poidamos aprobar isto todos xuntos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Nós tamén queremos sumarnos a eses parabéns a Xesús Fraga. Con el gaña el, pero tamén gaña a nosa cultura, por suposto. *(Aplausos.)*

Respecto desta moción que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego, que responde a unha interpelación ao conselleiro, é gracioso porque realmente el mesmo explicaba que hai un



ano xa se vira nesa mesma situación, non só co BNG, tamén con nós, con este grupo parlamentario, que trouxemos a este Parlamento —e tamén o outro grupo da oposición—, a este pleno, varias proposicións non de lei no mesmo senso. E a verdade é que nos sorprendía moito a tranquilidade do señor conselleiro —por tanto, a tranquilidade do Goberno galego— nesta materia logo de que a oposición teña que vir, teña que volver vir aquí, un ano máis, novamente, doce meses despois, a tratar os mesmos temas. A realidade é que, cando falamos de cultura neste Parlamento, semella que vivimos nun constante *déjà vu*. Tamén semella que a esquerda galega e a dereita galega vivimos en mundos moi diferentes porque non compartimos en absoluto a visión que a señora Egerique acaba aquí de expoñer.

Claro, ter que vir de novo pedir mesas de diálogo permanentes cos axentes culturais, que se cumpran mandatos do Estatuto de autonomía, por exemplo, coa Lei do fondo cultural, desenvolver campañas de promoción da creación e da produción da cultura galega, reclamar unha preocupación manifesta e real —¡manifesta e real!— polo sector do libro, un traballo intenso e real tamén na internacionalización da nosa cultura ou reformular o Xacobeo é —créame— de todo frustrante, porque isto que se reclama hoxe era o que se reclamaba hai un ano, efectivamente. Cuestión de lóxica de pura: chega a este pleno de novo porque nada disto se materializou.

Nós tamén queremos comezar achegando datos do terceiro Barómetro da cultura de xullo deste ano, que elaboraba o Observatorio do Consello da Cultura Galega —que se coñecía, como digo, en xullo—, que revela unha tendencia de recuperación —e é certo— do sector cultural, cun 66 % das empresas con actividade normal; unha situación da que, por suposto, nós nos alegamos.

Pero, claro, ¿que acontece co restante 34 %? ¿Ou que acontece tamén —xa se dixo aquí—, por exemplo, co sector das artes escénicas, o máis prexudicado aínda? Porque, pese aos indicios de recuperación, hai que ir tamén aos datos negativos. Son eses os que temos que corrixir. Un dato negativo, por exemplo, é que a facturación das empresas nesta primeira metade do ano aínda se ve moi afectada pola pandemia, e que o 75,7 % das empresas enquisadas para o Barómetro segue a facturar menos que no ano 2019. E un terzo delas, case un terzo, o 27 %, relata perdas de máis do 50 % con respecto a aquel ano. Por certo, señora Egerique, o Barómetro tamén di que a Xunta suspende nesa valoración. Será mellor, pero tamén son vostedes os que teñen as competencias. A Xunta suspende nesa valoración nese barómetro.

Máis datos para a reflexión que arroxa o Barómetro —que ten que ver, ademais, directamente con esta moción que presenta o BNG, en concreto no seu punto 2— son, por exemplo, que o 30 % das empresas do sector cultural galego alberga expectativas optimistas, só o 30 %, con respecto ao posible proveito que poida tirar o sector cultural do futuro repartimento dos fondos europeos que se dedicarán á recuperación económica.

E fronte a isto, e sen pretender facer demagogia, xa avanzamos que, pese aos indicios de recuperación, vemos que aínda queda boa parte do sector nunha situación moi precaria. O conselleiro, en cada unha das súas intervencións aquí, no pleno, e nos orzamentos —é dicir, en cada unha das súas intervencións—, fala do Xacobeo, fala de cifras, fala de cartos inves-



tidos e fala de funcións programadas. Todo, todo —di el— para reactivar a acción cultural, descoñecendo que a reactivación non se consegue nunca cunha inxección importante de fondos se esta non vén acompañada dunha estratexia a medio e longo prazo. O curtopracismo non é reactivador nunca, o curtopracismo non é reactivador.

E falamos de curtopracismo e queremos traer aquí algo, aínda que xa se falou por parte das dúas anteriores intervenientes, porque, claro, nós non queríamos tampouco deixar esta intervención sen falar do chamado «bono cultural», algo que tamén o conselleiro trouxo aquí a debate hai quince días. Por certo, a nós sorprendíanos ese orgullo co que falaba dese bono cultural. Dicimos sorprendente porque incentivar o consumo da cultura é, loxicamente, necesario, por suposto que si, e nós a iso non temos nada que obxectar. Pero, claro, non nos tenten convencer de que o que aprobaron hai un mes é algo «estratéxico» —en palabras textuais do propio conselleiro—, algo estratéxico que ten como obxectivo incentivar ese consumo co fin de reactivalo. De verdade, ese Bono Cultura non é máis que un bono desconto de Nadal, que é o que é, para produtos culturais, de todo tipo, xa o dixo tamén aquí a voceira do Bloque Nacionalista Galego, para consumo de cultura de todo tipo. Non sabemos tampouco cal vai ser ese control que ten que haber, que nos parece necesario, acerca deses produtos culturais ou se despois vai haber algún informe que nos diga en que se investiron todos eses cartos.

Pero é que eses bonos de consumo, que non son máis que un desconto, un bono desconto de consumo, xa os puxeron en marcha ao longo de toda a pandemia —e non agora ao final, cando xa nos estamos recuperando— os concellos de todo o noso territorio, de toda Galicia, dende o principio, para consumir no comercio local, para consumir cultura e para moitas máis cousas; durante toda a pandemia, e tamén, por certo, para iso, para o consumo de cultura. Ese bono —non se enganen— é unha medida puntual que, como digo, non discutimos en absoluto, pero non se confundan co seu obxectivo. O seu obxectivo real é lograr unha maior execución do orzamento da Consellaría, nada máis. Por certo, unha execución que estaba no 25 % no segundo semestre do ano. Claro, de repente, investir catro millóns e pico de novo nunha medida que sacan da manga así rapidísimamente para consumir toda clase de cultura —a saber o que entenderán vostedes por cultura— a nós preocúpanos. Ou sexa, falamos dunha medida curtopracista, absolutamente curtopracista, que pouco repercutirá nas creadoras e creadores do noso país, malia que si, efectivamente, axudará a salvar o Nadal.

Pero é que, claro, xa o propio conselleiro, ao facer balance..., (*Murmurios.*) Por favor, ¿podo continuar? Xa o propio conselleiro, ao facer balance en materia de cultura, estruturaba o seu discurso en dous eixos claves. Nós agradecemos que a voceira, a señora Queixas, fose capaz de extraer varios fíos do discurso do conselleiro; nós unicamente fomos quen de facelo con dous. Estruturaba o seu discurso, como digo, en dous eixos claves para este goberno: nese mal chamado bono cultural e despois tamén nunha política de programación descentralizada.

Efectivamente, mal que nos pese, o outro día quedou precisamente reflectida a política do Goberno galego en materia de cultura: unha concatenación de axudas conxunturais e non sostidas no tempo ás que lle hai que sumar un relato de actos culturais programados que non obedece a estratexia ningunha, porque nin falou do sector do libro, nin falou da danza, nin dos audiovisuais, nin das artes escénicas, nin da cultura de base, nin do videoxogo, nin





das bibliotecas e arquivos. Non falou absolutamente de nada disto, esquecendo que a cultura é moito máis que unha serie de actuacións programadas.

Nós, en esencia, falando desta moción —xa tiven ocasión tamén de falar coa voceira do BNG—, no noso grupo parlamentario mostramos o noso apoio, como non podía ser doutra maneira, á maior parte da moción. Temos que facer manifestas, iso si, as nosas dúbidas sobre esa diminución do IVE, que vostedes cifran nun 4 %, que, se ben pode resultar unha medida importante para a recuperación do sector e para incentivar o consumo, pensamos que, por coherencia, sería oportuno agardar polo informe do Comité de expertos sobre a reforma fiscal, no que se está traballando no Ministerio de Facenda, que, por suposto, ademais, é un grupo de traballo transversal no que tamén está traballando o Ministerio de Cultura, no que está presente o Ministerio de Cultura, entre outras cousas porque tampouco temos claro que teña que ser ese 4 %, por exemplo. Podería ser menos, podería ser máis ou poderíamos establecer distintos tipos en función da actividade económica, como xa se fai na maioría de países de Europa. O máis lóxico, dende o noso punto de vista, sería defender a modificación da directiva europea para que exista un tipo de IVE cultural específico e reducido para todos os servizos e actividades culturais en todo o marco da UE.

Pero ben, repetimos, en esencia, estamos de acordo con esta moción: incremento do orzamento en cultura, espazo propio nos fondos Next Generation, marco de diálogo continuo co sector da cultura, que é algo imprescindible e ata agora inexistente fóra de contactos puntuais, etc. Non vou repetir aquí a súa moción. Si queremos, de todas formas, aquí facer chamamento a que debe existir unha maior preocupación tamén polas bibliotecas e polos arquivos, que son unhas grandes esquecidas por este goberno galego, que están permanentemente sometidas a unha asfixia orzamentaria, xa non poden máis; iso si que é un gran exemplo de facer menos con máis.

E remato xa só lembrando que a cultura é un dereito, é certo, e hai que garantilo, pero tamén é un recurso, unha das pancas do crecemento económico. E por iso merece toda a nosa atención; non só nosa, de todos, de todos e de todas. E, por suposto, merece tamén uns gobernantes que estean á altura e a contemplan como un todo, cunha estratexia que obvie o curtopracismo actual, que vai ser —temo— o que guíe este goberno no que queda de mandato.

E, a poder ser tamén, á vista da súa emenda, que os señores e señoras do Goberno, neste caso apoiados polo Partido Popular, tenten non se mentir a eles mesmos e a elas mesmas para que así consigamos de verdade pular por unha cultura no lugar que merece.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da moción, a señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizóns, presidente.



Realmente, non respondeu o señor conselleiro á interpelación do pleno anterior, nin respondeu tampouco agora a señora Egerique aos termos desta moción. E se non responden ao que son estas propostas en positivo do BNG, pois por algo será. Evidentemente, saberano vostedes e terán que responder tamén por isto.

Vostedes poden seguir mirando cara a outro lado, pero nós, dende o BNG, seguiremos mirando de fronte sempre e mirando aos ollos aos sectores culturais galegos, non lle caiba a menor dúbida, e traerémolo aquí todas as veces que sexa necesario.

Vostede moi lixeiramente di que afirmo falsidades, pero en ningún momento o demostrou; en ningún momento fixo valer, logo, cales son eses datos que eu falseo. En absoluto, e vostede tamén saberá por que.

E, por suposto, eu tamén a convindo a que siga lendo a Alfonso de Zulueta, unha persoa relevante da cultura galega, sobre todo cando fai esas apreciacións, efectivamente, de que a cultura galega non é un simple adorno. Porque seguro que así vostedes mudarán a súa política cultural, a política cultural do PP, que teñen convertida nun escaparate de *souvenirs*, nun proceso de espectacularización continuada. Xa se confunde a Xunta de Galiza e a Consellería de Cultura cunha empresa de eventos, cunha asociación cultural ou ben cunha comisión de festas. Desde logo, fan todo menos o que lles corresponde como columna vertebral da cultura. (*Aplausos.*)

A súa exposición, evidentemente chea de números, como vén sendo habitual, case me recordaba así un pouco como un estado de sublimación. E voume explicar. (*Murmurios.*) Voume explicar. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Si, un estado de sublimación, e voume explicar, evidentemente. Non porque responda á condición de sublime, que ao mellor é o que podemos pensar se buscamos no Dicionario da Real Academia Galega —que estes días está sendo moi visitado polas señorías do Partido Popular—, (*Murmurios.*) senón por se parecer moito a ese proceso físico de sublimación; é dicir, de pasar dun estado sólido a gasoso, sen pasar polo líquido. Ou sexa, falamos, falamos, falamos, pero non permanece nada, non deixa pegada. E eu pídolle que, por favor, empecen a pensar, cando non estea o Partido Popular gobernando, cal vai ser a súa pegada na cultura galega, cal vai ser o rastro que deixan despois de tantos anos de goberno.

E si, efectivamente, as nosas propostas claro que son en positivo, claro que son propostas para votar si, afirmativamente, se se acredita na importancia da cultura galega, como dixo, ao final, a señora Egerique. As palabras teñen que pasar ás obras. Porque, mire vostede, algúns datos da política do non son máis que evidentes, e non é que o diga esta deputada, é que continuamente o están vivindo e sufrindo os diferentes sectores culturais. Esa política do non contra a cultura galega, ademais, feita en galego, por exemplo, sostense en que doce anos despois non foron capaces de presentar un plan de dinamización da lectura; en que doce anos despois non foron capaces de facer unha lei galega de artes escénicas —hiperprometida—; en que doce anos despois ignoraron absolutamente o potencial social e econó-



mico do sector dos videoxogos; en que doce anos despois, efectivamente, non hai unha política de internacionalización da cultura galega; en que doce anos despois seguimos sen plan integral da danza; ou en que doce anos despois as nosas investigadoras en patrimonio cultural seguen collendo a maleta e marchando deste país. Está Portugal moi contento de acollelos e de acollelas pola súa alta formación en investigación en patrimonio cultural. Porque nove anos despois seguen vostedes sen desenvolver a Lei de bibliotecas de Galiza, que vostede mencionou, ou porque sete anos despois seguen sen desenvolver o Plan de arquivos da Xunta de Galiza, tan necesario e tan demandado e previsto na Lei de arquivos e documentos de Galiza, que tamén vostedes redactaron e aprobaron.

Podemos falar, efectivamente, de moitas, de moitas cifras, mais de todas as cifras das que falemos a min só me vén á cabeza un verso da poeta viguesa María do Carme Kruckenberg: «De tanto, de tanto, de tanto, non sei onde foi tanto de nada».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Entendo que non acepta a emenda.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Non, non acepto a emenda... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Na miña primeira intervención deste Parlamento falei das persoas maiores que viven nas residencias. Foi tras a primeira onda da pandemia, para propoñer unha comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias, entre outras moitas propostas. Xa dende o mesmo día percibimos que o Partido Popular amosou incomodidade respecto a este tema e vetou un estudo ou comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias. Pero seguimos insistindo. O Partido Popular agora quere desvirtuar o tema apelando a que é un tema do que xa non procede falar, xogando a minimizar o tema segundo as modas ou cuestións que marquen eles mesmos dende o propio poder ou os propios medios de comunicación.



Cando dei os primeiros pasos neste Parlamento, percibín rapidamente que a maioría de temas que aquí debatemos veñen marcados pola actualidade e, certamente, é inevitable nalgunhas cuestións, sobre todo de índole puntual, cuestións puntuais. Pero, sen embargo, as persoas maiores ven vulnerados os seus dereitos. Se se incumpre a normativa, estea de actualidade ou non, sería un erro pola miña parte que non me perdoaría a min mesma deixarme levar pola desidia, nun tema transcendental para Galicia, polo feito de que estea ou non no foco mediático. Sería un erro desistir dunha das causas máis xustas que existen en Galicia, unha das comunidades autónomas máis avellentadas do país; sería un erro na comunidade autónoma que ostenta o triste récord de ser a segunda con menos inspectores para vixiar e supervisar o total de centros de atención residencial, que, por certo, están excesivamente privatizados e, por iso, con maior motivo, teñen que ser supervisados. Sería un erro, tendo en conta que xa en 2018 o Consello de Contas alertou de que algo non ía ben nas residencias de maiores en Galicia, e o Goberno galego decidiu pechar os ollos e non facer nada. Sería un erro, tendo en conta que o Goberno galego é dos que menos inviste por habitante potencialmente dependente de todo o país. Sería un erro pola nosa parte rendernos tendo en conta o que pasou na pandemia, que nos advertiu de algo moi importante: que mirásemos o que estabamos facendo cos coidados das persoas maiores no noso país e tamén coas persoas dependentes.

Sería un erro renderse ante a censura de datos, á cal nos quere someter o Goberno galego respondendo tarde ou directamente sen responder. Que lles quede clara unha cuestión: mentres as familias das persoas maiores teñan forzas para loitar por un novo modelo de coidados á altura do século XXI e acorde coas posibilidades e a poboación que temos en Galicia, nós darémoslles voz, unha, dúas, catro, vinte ou cincuenta veces, as que sexan necesarias para que o Goberno galego entre en razón. (*Aplausos.*)

O pasado pleno, a conselleira comezou dicindo que o noso era «un intento de reavivar polémicas artificiais», textualmente. Nós pensamos que o único artificial son os robots, que queren suplir o afecto e o coidado das auxiliares coas persoas maiores nas residencias de Galicia, en vez de dar máis medios humanos que propicien uns coidados de calidade no propio persoal, en condicións laborais óptimas, que permitan facer o seu traballo de xeito que se sintan autorrealizadas laboralmente e persoalmente, con tempo para atender con calma a cada usuario, a cada residente, con salarios e condicións que dean acomodo á valía das grandes profesionais que temos no sector coidados en Galicia, cuns rateos profesionais que lles permitan facer o seu traballo sen interromper os ciclos vitais dos residentes. Porque os galegos e as galegas teñen que saber que aquí en Galicia aconteceron e acontecen cuestións que non se poden permitir, que vulneran a propia normativa, pero tamén o propio benestar directamente dos residentes, das persoas maiores, porque as propias auxiliares, as propias traballadoras das residencias, alertaron en numerosas ocasións que tiñan que erguer as persoas maiores ás seis da mañá ou que tiñan que darlles a cena ás sete da tarde. ¿E por que? Por non ter un relevo laboral, un relevo dunha compañeira que suplise esa carencia de persoal que temos nas residencias galegas.

Iso é o realmente importante. Esas cuestións son as que temos que tratar aquí. Porque de nada vale que a señora conselleira ou o señor Feijóo suban aquí e falen das profesionais tan maravillosas que temos e logo nin as reciban nin escoiten as súas demandas. Pero o que



máis chamou a atención foi que a conselleira, representante máxima de políticas sociais do Goberno galego, se atreva a dicir no Parlamento de Galicia, sen pestanexar, que xa deron os datos de contaxios e de falecementos por cada centro residencial. Eu preguntáballe á compañeira do BNG, á señora Rodil, se xa atopou os datos en Google, e a verdade é que me volvía dicir —con incredulidade, loxicamente— que non. Non temos eses datos, non aportaron eses datos. A señora conselleira sabe que non os aportou e, sen embargo, aquí, diante de todos os galegos, di que si.

É tremendamente sorprendente, pero non nos sorprende nada, sobre todo, despois da frialdade que amosou o Goberno galego tras ser capaces de mesturar os datos dos centros das persoas con discapacidade para rebaixar porcentualmente os casos de cara á cidadanía. Non nos sorprende ese *modus operandi*, mais o veto do Partido Popular á comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias lévanos á conclusión de que o Goberno galego non quere que se traslade información sobre o que está a pasar nas residencias e sobre o que pasou nas residencias. ¿Por que non están cómodos neste debate, señorías do Partido Popular? ¿Por que cada vez que queremos falar deste tema, das residencias de maiores, o Goberno galego nos intenta calar acusándonos de intentar «reavivar falsas polémicas artificiais» —literalmente, en boca da propia conselleira—. ¿Acaso é polémica artificial o que intentou abrir o Consello de Contas co seu informe demoledor sobre residencias de maiores en Galicia? ¿Acaso é polémica artificial a demanda da propia sociedade dun debate sobre o novo modelo de coidados en Galicia e do propio modelo residencial que precisamos? ¿Acaso é polémica artificial o informe da Fiscalía superior de Galicia que advirte da falta de recursos nas residencias de maiores? Entendemos que non.

A conselleira cre saber, por outro lado, o que lles preocupa ás propias familias. O outro día, no pasado pleno, na interpelación, díxonos que o que de verdade lles preocupaba ás familias era que agora xa non tiñan as restricións de antes. Bueno, evidentemente, ¡só faltaría!, pero sufriron moitas restricións por non seguir as propostas que non só nós, como grupo parlamentario, fixemos, senón que fixo a propia Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía, advertindo de que era necesario facer unha evacuación de todos os positivos das residencias. E aínda hoxe, cando existe un contaxio, non se evacúa a persoa contaxiada a un hospital ou a un centro intermedio onde poida pasar a enfermidade e así previr non só do contaxio aos seus compañeiros e compañeiras, senón tamén para aforrar as duras restricións que sufriron os maiores nas residencias.

¿Queren saber que é o que de verdade lles preocupa ás familias dos residentes e aos propios residentes? Pois que saiban que están reclamando unha vez máis que se faga unha comisión de investigación, que se faga un estudo sobre o que aconteceu nas residencias en Galicia. Tamén solicitan máis recursos para as residencias, porque, para coidar as persoas, precísanse persoas, non robots. Trátase de humanizar, non de robotizar.

Falen cos protagonistas, coas persoas protagonistas, coas persoas maiores, consulten sobre as súas decisións, que van afectar directamente os seus coidados. É o momento de empoderar as persoas maiores, de escoitalas e de facelas partícipes —¿por que non?— das decisións sobre o novo modelo de coidados que queremos para os próximos anos en Galicia. Algún día chegaremos —con sorte— todos e todas a ser maiores, e estou segura de que a



todos nos gustaría saber que decisións se van tomar en canto ao novo modelo de coidados que queremos.

Por todo iso, solicitamos elaborar un estudo pormenorizado sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia. É de xustiza. Se se fixo todo ben, tomemos como referencia o que pasou e, se non se fixo ben, aprendamos dos erros para corríxilo. Tamén remitir ao Parlamento o nivel de ocupación das residencias integradas, en coherencia coa nosa proposta. Cando hai un contaxio, temos que usar as residencias integradas, e que non sirva só para dar titulares, senón para o fin para o que naceron.

Terceiro, facer públicos o total de contaxios por covid ou por sintomatoloxía compatible, así como os falecementos nas residencias; e todo iso desagregado por cada centro de atención residencial galego de xeito real. Non se deu.

Que a Consellería de Política Social presente ante o Parlamento o novo modelo residencial...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...de xeito detallado —remato, presidente—.

E incrementar os recursos humanos no ámbito da atención residencial en Galicia, así como a revisión e mellora das condicións laborais do sector.

Tamén incrementar o persoal dos equipos de valoración de dependencia para axilizar as listas de agarda. Que non se teña que esperar máis de 400 días e, aínda por riba, que nos manden a unha persoa maior a máis de cen quilómetros do seu lugar de orixe...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

**A señora ORTEGA OTERO:** escoitemos máis as persoas maiores, como nos gustaría que nos escoitasen a nós. Practiquen a escoita activa e gobernen con empatía...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas garzas, señora Marina.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...porque optimizarán os resultados, e empoderen as persoas maiores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos.

Vaia por diante que nós imos apoiar esta moción que presenta hoxe o Partido Socialista.

Eu quixera centrarme nun elemento central que entendemos que é o que a vertebra, que é ese escurantismo ou opacidade coa que actúa o Goberno galego no acceso, ou negando o dereito de acceso, á información pública ao conxunto da sociedade deste país. Vou poñer dous exemplos para que se faga palpable ou máis visible aínda esa actitude, ese escurantismo, esa opacidade e ese veto permanente ao dereito de acceso á información pública. E vou subliñar, xa para empezar, ese elemento de información pública, porque, cando se nega a esta Cámara, ás deputadas e aos deputados, aos grupos, pero, en xeral, ao poder lexislativo deste país e aos medios de comunicación, o dereito a coñecer o número de cifras, o número de persoas falecidas en residencias de maiores, desagregado por centros, que é o que se solicita, que sexan desagregados por centros e, ademais, intenta xustificarse apelando á Lei de transparencia, tanto estatal como a galega, dicindo que hai información confidencial que implica a terceiras persoas, o primeiro que se está facendo é dicir que, cando se facilitaron de maneira individualizada ao longo da pandemia eses datos e se foron día a día dando a coñecer cantas persoas falecidas se producían entre usuarias de centros residenciais, a Xunta de Galiza estaba incumprindo a súa propia lei, e non é verdade.

Porque —e isto xa o resolveu, ademais, a valedora do pobo—, ao fío dunha solicitude realizada por xornalistas dun medio de comunicación deste país, a propia valedora recoñeceu que eses datos son información pública, non privada. Entón, a negativa constante do Partido Popular a que se coñezan hoxe, xa pechados, digamos, os números, as cifras de persoas falecidas, desagregadas por centros residenciais, responde única e exclusivamente a un interese de protexer e parapetar os intereses dunha empresa moi concreta, con nomes e apelidos, que é DomusVi, que é a que concentra, como todo o mundo sabe, a inmensa maioría das prazas privadas e privatizadas no noso país. E isto non é *peccata minuta*, nin algo irrelevante, unha anécdota, porque se veta e se furta do exercicio dun dereito fundamental o conxunto da cidadanía deste país, que é a saber e a coñecer cal é o resultado da pandemia en número de persoas falecidas en cada un dos centros residenciais que existen no noso país.

¿Por que digo que se intenta protexer a DomusVi? Porque o único que si podemos coñecer, non porque se remitise aos grupos parlamentarios, pero si aos medios de comunicación, nomeadamente a *Praza Pública*, o xornal dixital, é o número de persoas falecidas nos centros residenciais de titularidade pública autonómica, e aí o que nos deixan ver as cifras é que a inmensísima maioría das persoas falecidas no noso país en centros de titularidade pública autonómica tiveron lugar en centros privatizados e, ademais, xestionados ou en mans do grupo DomusVi.

Insisto en que aquí hai unha cuestión que está negando dereitos fundamentais á cidadanía galega para protexer e parapetar os intereses dunha empresa privada, que é DomusVi, porque eses datos desgregados por centros son información pública á que unha deputada, os grupos parlamentarios e, en xeral, o Parlamento de Galiza deben ter acceso.

Pero non é o único caso, non é o único caso, e iso tamén evidencia que aquí hai unha práctica constante, que tampouco é exclusiva da Consellería de Política Social, porque estou certa de



que en todas as áreas do Goberno actúan da mesma maneira. Ese veto, ese escurantismo, esa opacidade e esa negativa a exercer un dereito fundamental, como é o do acceso á información pública, tamén o vemos, por exemplo, na composición dese comité asesor sociosanitario do que tanto se gaba unha e outra vez a Xunta de Galiza.

Eu particularmente neste caso, porque levo esta área, pero o Grupo Parlamentario do BNG, xa hai uns meses, solicitou, ademais ao fío dunha comparecencia da conselleira de Política Social na que se apelaba a que ese novo modelo residencial estaba baseado en documentación variada, informes e profundas «reflexiones» nese Comité Asesor Sociosanitario, digo: ¿e quen está aí? ¿Cales son eses informes e eses documentos que o Parlamento de Galiza descoñece? Bueno, pois, con base no artigo 9 do Regulamento desta Cámara, que facilita —ou debera, que logo iso non funciona, pero bueno, debera facilitar— o acceso á documentación para poder facer o noso traballo de control e fiscalización ao Goberno galego, pedimos algo tan revolucionario, como, oian, pásenos a lista, a lista cos nomes das persoas e das entidades que forman parte dese Comité Asesor Sociosanitario que está creado á marxe da Lei de servizos sociais de Galiza, que di que estes debates teñen que facerse dentro do Consello Galego de Benestar. Decidiron crear este organismo —insisto, á marxe da Lei de servizos sociais—, e a resposta da Xunta é: *Vuelva usted mañana. Aquí no hai nada que ver. Sigán circulando*. Non se nos pode remitir a listaxe de persoas que están sentadas nese organismo creado pola Xunta de Galiza para decidir cal vai ser o novo modelo residencial neste país, non se nos pode remitir tampouco ningún informe, nin se nos pode remitir tampouco ningunha documentación.

E, claro, unha preguntase: ¿quen e sobre que documentación, datos, análises e reflexións compartidas está decidido como vai ser o modelo de residencias que vai imperar desde agora e a partir de agora neste país? ¿Quen está decidindo? ¿Nun organismo que pilota quen? ¿Por que se crean órganos paralelos aos previstos na lexislación vixente? Para que a Xunta de Galiza se coide moi moito de quen pode sentar e quen non a debater neste país sobre o novo modelo de coidados, para teledirixir o debate. E o máis importante levámolo denunciando dende o BNG dende o primeiro día: para que pareza que cambia algo, pero siga todo absolutamente igual, e para non meterlle a man ao verdadeiro problema que existe neste país, (*Aplausos*.) que é que o dereito a unha vellez digna se converteu nun suculento negocio para un puñado de empresas: ¿quen está decidindo?, ¿quen ten voz?, ¿quen ten voto? e ¿sobre que documentación se está traballando? E isto non é algo que denunciemos aquí só, na Cámara, o BNG e os grupos da oposición, é que as entidades que están representadas nese Consello Galego de Benestar, que, insisto, é o previsto na Lei de servizos sociais de Galiza para debater, para reflexionar, para participar e para decidir sobre as políticas públicas en políticas sociais, sobre todo, en materia de benestar social e de coidados, levan tres anos esperando —primeiro, antes da pandemia—, tres anos agardando a poder crear un grupo de traballo onde debater sobre o sistema de atención á dependencia no noso país, e levan desde abril de 2021 agardando a que a Xunta de Galiza convoque un pleno no que poder falar de algo tan pouco previsible como qué aconteceu nas residencias de maiores durante a pandemia da covid-19 no noso país. Non é só que se actúe de maneira escurantista e que se vete o dereito a coñecer e a saber ao poder lexislativo nada máis e nada menos, senón que, ademais, tamén se impide o exercicio dese dereito en órganos consultivos, insisto, previstos na Lei de servizos sociais de Galiza de 2008. Nada máis nin nada menos, ¡nada máis nin nada menos! Isto non é algo que sexa pouco coñecido e público, é unha denuncia feita, entre outras entidades, polo Sindicato Labrego en días recentes.





Claro, logo vimos aquí escoitar interpelacións que ás veces unha non sabe se está nunha especie de libro de filosofía Mr. Wonderful ou na típica palabra ou frase que te podes atopar detrás dun azucarillo en calquera bar. Non se quere nin escoitar falar de que hai que cambiar as ratios de persoal que atende directamente as persoas nas residencias de maiores, de que estamos cunha normativa que é do ano 1996 —que é unha orde, que nin sequera é un decreto; xa non digo que sexa unha lei, é que nin é un decreto, é unha orde de hai máis de vinte anos—, nin de cales son as condicións laborais en que se atopan as auxiliares, as enfermeiras e o persoal que coida as persoas maiores nas residencias de maiores do noso país. Onte mesmo, ou hai apenas dous días, estaban as traballadoras outra vez denunciando a vulneración de dereitos, o incumprimento do convenio colectivo e a negativa da patronal —que está financiada e cebada con fondos públicos— a garantir o cumprimento dos seus dereitos. E o que nos di a realidade é que isto non é baladí. Non son baladí as condicións nas que se atopan as traballadoras das residencias, nin é baladí o modelo de xestión e, polo tanto, de titularidade e xestión das propias residencias, porque os datos da pandemia falan bastante por si sós. Os centros de titularidade autonómica a maior parte deles son de xestión directa; os de titularidade autonómica. Representan unha porcentaxe ínfima no sistema galego de coidados, pero a maior parte dos que son titularidade da Xunta son de xestión directa. E esa proporción non se mantén no número de falecementos. Os únicos datos que coñecemos son de cantas persoas faleceron con covid-19 en Galiza nas residencias públicas, e o que se nos di cos datos da Xunta de Galiza é que máis da metade desas persoas faleceron en residencias de maiores xestionadas por DomusVi, que non é nin sequera minimamente proporcional a respecto do que representa esta empresa —insisto— no conxunto de centros de titularidade pública autonómica. Isto está estreitamente ligado ás condicións de vida que teñen as persoas usuarias e ao coidado que reciben estas persoas nesas residencias de maiores.

Non é unha cuestión que diga só o BNG, día o Consello de Contas, e non nos cansaremos de reiterar a denuncia que facía hai uns anos o Consello de Contas.

E, xa para rematar, quero dicir que hai apenas unhas semanas denunciabamos aquí o acontecido na Residencia Concepción Arenal da Coruña con ese proceso xudicial, que, en todo caso, lle corresponderá dirimir ao poder xudicial, pero que sitúa esa ausencia de enfermeira as 24 horas nunha residencia pública, de titularidade autonómica, privatizada. ¿Iso que significa?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ¿Que significa que non haxa —remato— unha enfermeira 24 horas nunha residencia de maiores? Pois significa que se está teu pai, está túa nai ou estamos calquera de nós aí, se se pon malo de noite ou está só, o atende unha auxiliar que está exhausta. (Aplausos.) E iso nin é decente, nin é digno, nin é humano...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...nin moito menos é legal. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas.

Moitas grazas, presidente.

Con toda a comodidade da que son capaz neste debate, vou intentar, antes de entrar no seu fondo, chegar, polo menos, a un certo grao de entendemento previo.

Miren, eu quero supoñer que as dúas persoas que me acompañaron no uso da palabra viñeron aquí lealmente e teñen o convencemento profundo de que queren facer o mellor pola saúde dos nosos maiores. E eu agradecería que se tivese esta xenerosidade que eu teño con esas dúas portavoces, con esas dúas voceiras, con este grupo, porque creo que xa está ben de facer demagogia e a ver se queda ben claro que vostedes non queren máis os seus pais ou os seus avós do que eu quero os meus ou do que os membros deste grupo queren os seus. *(Aplausos.)* ¡É que son os mesmos maiores! ¡Son os nosos, eh!, ¡son os nosos!

E, dito isto, gustaríame facer tres reflexións: unha sobre as cousas das que vostedes queren falar, outra sobre as cousas das que vostedes non queren nin oír falar e outra sobre as cousas que, modestamente, eu creo que deberíamos falar.

Miren, insisten en traer a debate unha cuestión sobre a que xa teñen resposta ou xa está en vías de solución, e insisten en facelo sempre cun sesgo negativo, tentando manipular a realidade simplemente porque a realidade non é útil para os intereses dos seus partidos.

Piden un estudo. Xa se están a facer dous estudos sobre o acontecido nas residencias: un da Universidade de Santiago de Compostela, da universidade pública, solicitado, por certo, polo Goberno de Galicia; e outro, que debería estar facéndose por parte do Goberno de España, a solicitude do Congreso dos Deputados. ¿Desconfían vostedes da universidade pública galega ou do Goberno de España? Gustaríame sabelo.

Xa se fixeron públicos os datos desagregados das residencias... Si, fixéronse durante a pandemia, porque era unha cuestión de utilidade pública. E agora vostedes só queren eses datos debidamente sistematizados. Teñen dereito a eles, xa se lles dixo que se lles van facilitar unha vez cumprimentados os trámites legais. Xa se dixo. ¿Por que insisten en que saltemos trámites que saben que son de obrigado cumprimento? Xa se anunciou, por parte da conselleira, a presentación do novo modelo de residencias no Parlamento de Galicia. Por certo, modelo que inclúe a revisión das necesidades de persoal. Pregunto: ¿algunha outra comunidade autónoma o presentou?, ¿algún outro organismo avanzou máis que a Xunta de Galicia na presentación deste modelo? E, por suposto, xa se mantén contacto coas familias e cos traballadores, ás veces con acordos e ás veces, non, pero os contactos xa se manteñen.

Pero, mire, creo que resulta moi significativo o seu empeño por reiterar estes debates ficticios, e aínda resulta máis significativa a súa teima por obviar os datos que xa se coñecen e que acreditan tres cuestións: acreditan que en Galicia se fixeron as cousas mellor que na maioría das comunidades autónomas, que as residencias galegas funcionaron mellor que na



maioría das comunidades autónomas e que en Galicia se evitaron máis mortes que na maioría das comunidades autónomas. Fixéronse as cousas mellor, e teño que citar algunhas cuestións que eu creo que son de todos coñecidas: o covid-auto, o sistema *pooling* de análise de mostras, a implementación de protocolos, a creación dun auténtico efectivo e eficaz comité de expertos, a creación pioneira das residencias integradas, despois copiadas polo resto de comunidades e incluso internacionalmente, e a vacinación das residencias nun tempo récord, afrontando agora tamén a terceira dose. E isto, fronte a un goberno do Estado que hai que recoñecer que fracasou no sistema de alarma epidemiolóxica, que fracasou na centralización das compras de materiais, que creou un comité pantasma... ¡Home!, paréceme que é de xustiza recoñecer algún dos méritos de Galicia e do seu goberno.

Existen datos comparativos que acreditan que as residencias galegas funcionaron mellor que na maioría das comunidades. Eu teño aquí este gráfico. (*O señor Pazos Couñago amosa un gráfico.*) Son datos do Goberno de España. Esta é a media de falecementos que se produciron nas residencias españolas. (*O señor Pazos Couñago sinala co dedo unha parte do gráfico.*) Esta é a de Galicia, (*O señor Pazos Couñago sinala co dedo outra parte do gráfico.*) a segunda comunidade con menor ratio de falecementos por residentes. Paréceme que non é un tema menor, señorías. Do mesmo xeito que non me parece que sexa un tema menor o que coñecemos recentemente dos informes do sistema de monitorización da mortalidade, sistema de monitorización do Goberno de España, que di que namentres nalgúns comunidades se sufriron ata oito períodos de exceso de mortalidade, en Galicia e en Cantabria sufrimos só un: «*Cantabria y Galicia las comunidades con menor exceso de mortalidad*». E din vostedes: non, son datos. Non, non son datos, son estatísticas, é certo, pero son estatísticas sobre vidas perdidas e vidas salvadas. E hai que dicir que Galicia foi a comunidade que máis mortes evitou nas residencias; ou, se o prefiren, a que máis vidas salvou.

E din vostedes: non presuman. ¡Non presumimos! Pero, ¡home!, teremos dereito a sentirnos razoablemente orgullosos do traballo do Comité de Expertos, razoablemente orgullosos do traballo que fixeron os traballadores das residencias públicas, do traballo que fixeron as traballadoras e os traballadores das residencias privadas, dos sanitarios, dos profesionais da vacinación, aos que, por certo, lles entregamos a Medalla de Ouro de Galicia e, ¿por que non?, da xestión que fixo este goberno. ¿Ou é que temos que avergoñarnos de ter salvado máis vidas que a maioría dos gobernos autonómicos? Non porque os outros non quixeran, estou seguro de que todos tiñan vontade de facelo, simplemente porque en Galicia se fixo mellor. E xa é hora de que a oposición faga un esforzo por recoñecer un dato obxectivo: en Galicia as cousas fixéronse mellor, e é un mérito de todos. (*Aplausos.*) ¡É un mérito de todos! (*Aplausos.*)

E, se me permiten, quixera facer unha reflexión sobre os temas nos que realmente deberíamos estar centrados agora no debate: en como continuamos a mellorar os servizos socio-sanitarios, a sanidade, o ensino, o emprego..., porque eu creo que podemos mellorar dende a base da realidade. ¿Podemos falar da xestión das residencias? ¡Claro que podemos falar, señora Rodil! Pero, home, haberá que facelo cunha certa coherencia. Vostede fala da porcentaxe das residencias do Goberno galego que están xestionadas. As residencias da Deputación de Lugo son o 100 %; están privatizadas o 100 %. O novo secretario xeral dos socialistas galegos, que é o presidente da Deputación da Coruña, acaba de anunciar que se van abrir tres novas residencias na Coruña, e as tres con sistema de xestión pri-



vatizado. É que haberá que falar as cousas en serio se pretendemos que nos tomen en serio.

Podemos falar do servizo de inspección, claro que si. Hai que melloralo. ¡Pero se temos un acordo alcanzado hai escasas semanas na Comisión de reactivación! ¡Home!, o que pasa é que o que non podemos pasar por alto é o que se dicía do servizo de inspección, que pegaba chivatazos. Acusouse os traballadores, os funcionarios públicos da Xunta de Galicia, de convivencia coas residencias para eludir as súas obrigacións. E aínda non escoitamos unha soa palabra nin da voceira do BNG nin da voceira do PSOE defendendo a integridade moral dos traballadores da Xunta de Galicia, dos funcionarios públicos. (*Aplausos.*) Eu pídolles que o fagan hoxe aquí, pídolles que o fagan, (*Aplausos.*) e non deixen pasar unha nova oportunidade. (*Aplausos.*)

Podemos falar de mellorar a ratio de residencias públicas e de prazas públicas. ¡Home, si! Pero tamén axudaría que desbloqueasen vostedes, por exemplo, a construción dunha residencia pública na cidade de Ourense. Podemos falar de moitísimas cousas, pero falar en serio.

De verdade llo pido, señora Otero —con todo o cariño que lle teño—, pero é a segunda vez que fai vostede o «chisteciño» —permítame— dos robots. E xa lle explicaron, en primeiro lugar, que os robots non son para substituír a ninguén, que son para colaborar e facer máis fácil o traballo dos traballadores das residencias. E, segundo, que ese chiste que vostede fai suscitou o interese do Goberno de España —do seu goberno—, que chamou á Xunta de Galicia a interesarse por un proxecto que cualifican de moi interesante. Eu creo que temos que falar un pouco máis... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois nada, estaría vostede atendendo o teléfono da Xunta cando chamaron e non sabe vostede que chamaron. ¡Pero se llo dixó a conselleira nunha comparecencia pública neste Parlamento! Imos falar en serio, por favor. ¡Imos falar en serio!

É que, de verdade, eu creo que temos que falar de como mellorar a Galicia real, esa Galicia que non encaixa nese inxusto estereotipo da «Galicia profunda», ¿verdade?, que tanto deu que falar recentemente e que recorda moito —teño que dicilo—, pero moito, o que levamos escoitando neste Parlamento nos últimos doce anos.

Mire, nós, os membros dos Partido Popular, sabemos por que nos molestou tanto esa desafortunada mención á «Galicia profunda»; porque nós sostemos que Galicia non é así, que a realidade de Galicia é a dunha Galicia moderna, que está mellorando cada día, que cada vez ten mellores servizos e demais. O que non entendo é por que lles molesta a vostedes se, ao final, recolle o sentir das súas manifestacións permanentes dos últimos doce anos, que nos falan dunha Galicia atrasada, dunha Galicia sen servizos, dunha Galicia onde non hai futuro. ¿Por que se enfadan se é exactamente o que levan vostedes vendendo os últimos doce anos?

Mire, este goberno e este grupo parlamentario van seguir centrados en mellorar a Galicia real, esa Galicia da que nós estamos moi orgullosos. Namentres, outros céntranse nos seus eternos problemas internos, e jalá vostedes! Vostedes saberán o que fan. E outros reúnen en moderados cónclaves, ¿verdade?, nos que invitan ao castrismo, ao chavismo, a Esquerra,



a Bildu... Bueno, todas estas cousas. *(Murmurios.)* Porque nos di a señora Rodil... *(Murmurios.)*  
*(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

Silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Si, perdón, é que a anterior comparecente do BNG dicía que non podía haber un susurro mentres interviña; e, non sei, sorprendeume que agora non o practique.

Si, eu teño que dicilo, teño que dicilo porque estes son os que queren construír o traxe da moderación, o novo traxe que precisamos, como nos dicía recentemente a señora Rodil. Eu teño que dicirlle que creo que os galegos e galegas son maiorciños, son adultos, levan moito tempo sabendo o que queren vestir, sen necesidade de que pola mañá lles poña a roupa nin mamá Pontón nin papá Caballero. Non o necesitan, saben vestir sós, e saben perfectamente que é o que queren poñer.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Vostedes sigan así con esta esquerda *prêt-à-porter* que o que quere facer é que Galicia se acomode ao traxe que lles queren facer. Nós imos seguir traballando para construír, para fabricar, para facer ese traxe...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...para que os galegos e as galegas se sintan máis cómodos cada día.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Por agora levan doce anos nos que se viron moi guapos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Ortega Otero.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Non sei por que se enfada nesa cuestión, cando tería que ser un debate que é necesario e non que teriamos que ter consenso entre todos os partidos por unha causa común e xusta, señor —neste caso— representante do Partido Popular.

Mire, fala da Galicia profunda. Galicia profunda é aquela que está a solicitar residencias nos pobos, preto da súa xente, alí, no lugar de orixe das persoas maiores; non macrorresidencias



alonzadas do extrarradio, como están fomentando desde a Xunta de Galicia e como solicitaron, por exemplo, en Petín, en Valdeorras, que queren unha residencia pública no seu propio pobo e o Partido Popular censurouna e vetouna na propia comisión votando que non a esa residencia. (*Aplausos.*) Así que os feitos son os que marcan as políticas non as palabras. (*Aplausos.*)

Di literalmente o representante do Partido Popular que «en Galicia as cousas se fixeron mellor». ¿E por que non aportan os datos, a ver se é verdade?, ¿por que non aportan os datos? Se se fixeron mellor, con máis motivo vir aquí como Goberno galego, aportar os datos e aprender do ben que se fixeron as cousas. Pero, se non se aportan os datos, quere dicir que queren agochar algo. ¿Que queren agochar neste caso, señorías do Partido Popular?

E, por certo, unha cuestión que me están a reclamar bastante as persoas maiores é que se senten moitas veces ofendidas cando, como neste caso, o representante do Partido Popular di que son «os nosos maiores». Non son nin os nosos maiores nin os seus maiores. Non pertencen a ninguén, teñen propia autonomía, queren que se lles escoite, queren que se empodere a súa voz, queren que os escoitemos dende o Parlamento de Galicia. E por iso estamos aquí, para darlles voz as veces que sexa necesario; unha, dúas, tres, catro ou cincuenta veces, aínda que lles moleste, señorías do Partido Popular, que traíamos este tema, que para nós é de xustiza. (*Aplausos.*)

Falaba a señora Rodil do Comité Sociosanitario, que nós tamén solicitamos por todas as vías regulamentarias, e saber tamén quen o conforma e cal é o seu traballo; ese traballo que di a conselleira que existe, pero que non aportan. E non obtivemos resposta, ao igual que non obtivemos datos de falecementos por cada centro. Falemos claro, señorías. Isto trátase, e chámase censura; están vulnerando o dereito que temos como representantes da cidadanía a saber información que a propia cidadanía está demandando. Están vetando o dereito á información da propia cidadanía aquí, en Galicia, e isto teno que saber o pobo galego.

Miren, señorías, o que non pode pasar é que, nun momento transcendental como o que estamos a vivir, no medio dunha reconstrución, que sexamos unha das comunidades máis avellentadas e que menos inviste por habitante potencialmente dependente, e que Galicia governe sen escoitar. Non pode ser que gobernen sen empatía, non pode ser que gobernen sen facer partícipes os propios protagonistas das decisións que van tomar por eles. Porque «Copito», o do chiste —chiste é o que está facendo a Xunta de Galicia coas persoas maiores nas residencias de maiores—, nunca vai suplir a calor humana dun profesional, dunha profesional, dun auxiliar —neste caso— das residencias de maiores. Porque a tecnoloxía pode ser de gran axuda, pero nunca a custa de prescindir de persoal. Claro que é bo apostar pola tecnoloxía, pero nunca prescindindo do persoal, que é o que están facendo dende o Goberno galego.

Levamos arrastrando un problema dende antes da pandemia sobre o modelo de coidados que ofrecemos ás persoas maiores. Xa o propio Consello de Contas ou a Fiscalía Superior de Galicia o advertiron antes e despois da pandemia, e dende o Goberno galego responderon con soberbia, sen facer caso ningún. As competencias están aquí antes, durante e despois da pandemia, e non debemos agardar a que veñan de fóra facernos o traballo que temos que facer aquí. Porque os tempos de agarda por unha residencia non son dignos, máis de 400 días, e, aínda por riba, ao mellor, nos mandan a máis de 100 quilómetros do noso lugar de orixe, vetándonos non só



as relacións coa nosa veciñanza, coas nosas amizades, senón tamén coas nosas familias, que en moitos casos son persoas maiores que non se poden desprazar a visitar o seu familiar.

Non queremos máis residencias alonxadas, no extrarradio, querémolas no centro do pobo, como, por exemplo, o citado caso que mencionei de Petín, ao que votaron en contra, señorías do Partido Popular. ¿É ese o modelo que queren vostedes para os próximos anos en Galicia?

Queremos acoller os veciños nun contorno máis familiar, o máis parecido a un fogar, respectando a súa intimidade, con habitacións individuais e nun contexto máis humano; con máis persoal e mellores condicións, que é o que está reclamando o sector.

Agardando a que o Goberno galego algún día comprenda que este debe ser un tema central, seguiremos debatendo e propoñendo mellora para o necesario novo modelo de atención residencial e para o novo modelo de coidados unha, dúas ou cincuenta veces —como dicía anteriormente—, polas persoas maiores de hoxe, pero tamén polas persoas maiores dos próximos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Eu estaba escoitando con atención os debates. E penso que vou facer unha proposta, non sei se na mesa ou na cafetería, porque con estes problemas que hai agora de subministracións creo que deben facer un gran pedido de tila para o Partido Popular, *(Aplausos.)* porque despois do que pasou o domingo creo que van ter que incrementar a dose, que están moi alterados e moi nerviosos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non ven como lles fai falta tila? *(Risos.) (Aplausos.)* Eu creo que algo máis que tila xa.

Ben, como quedou claro en todo este tempo, o BNG, que é o principal partido da oposición, trae a este pleno unha moción que ten un obxectivo principal: poñerlle freo á política de confrontación, de imposición e de oposición da Xunta de Galiza. Por iso traemos propostas construtivas e en positivo para desenvolver unha nova política da auga.

A primeira proposta que traemos non é do BNG, é unha proposta da Fegamp, que consiste en solicitar a retirada do Anteproxecto de lei do ciclo da auga para unha cousa moi razoable,



que é abrir un proceso de diálogo, de participación e de acordo arredor desta cuestión esencial, que debería ser obxecto dun grande acordo de país, como xa lle dixemos á conselleira.

Por suposto que ten que haber unha nova lei. Ninguén cuestiona esta cuestión. Pero hai que facer unha nova lei sobre premisas e bases sólidas; entre elas, facer a planificación que xa está prevista na lei: o Plan galego de saneamento e o Plan galego de abastecemento, que non se fixeron aínda desde o ano 2010, cando se aprobou a Lei de augas. Esa é unha premisa fundamental. De feito, estano facendo agora, empezaron a facelo agora, están na primeira fase, que o Plan galego de saneamento ten un período de execución de ano e medio. É dicir, estaría feita a primeira fase, que é a diagnose, a finais do ano 2022.

En segundo lugar, a segunda premisa é desenvolver e aprobar o Pacto local da auga, que foi anunciado a bombo e prato no ano 2013, e pasaron oito anos e está aínda se cumprir e sen aprobar. E iso que foi obxecto tamén aquí de acordos unánimes para que teñamos unha estrutura tarifaria de referencia, que é un dos grandes debates precisamente no que estabamos, e tamén un acordo sobre os criterios que deben rexer os investimentos públicos nesta materia, que é tamén unha cuestión absolutamente lóxica e fundamental.

Pero, ademais da imposición e do unilateralismo co que actúa a Xunta, como estivemos vendo estas semanas, o máis grave para nós non é isto, o máis grave é a absoluta deslealdade con que actúa o Goberno da Xunta, ademais de con falsidades e trampas, manipulando e filtrando información de reunións técnicas coa Fegamp que vostedes manipulan e falsifican.

Mire: voulles dicir o que pensan os técnicos da Fegamp, que están indignados, —literalmente— indignados, da terxiversación da reunión de técnicos que houbo o 20 de outubro, que se filtrou onte por parte da Xunta. E esta non foi ningún acordo entre institucións, foi unha reunión de técnicos exclusivamente, e están indignados pola falta de lealdade da Xunta filtrando datos falsos. E isto é extremadamente grave. Non se pode facer.

A vostedes moléstalles que nós digamos que pensan Galicia en pequeno, pois isto é pensar Galiza en pequeno, o regate curto, a trampa... Iso é en que consiste pensar Galiza en pequeno. (Aplausos.) Actuar así un Goberno da Xunta con filtracións falsas á prensa, para terxiversar, para confundir, para distorsionar o debate público é moi grave, é o máis grave de todo.

Como é grave —como dixo a Fegamp— que o anteproxecto non tiña unha memoria económico-financeira, que é unha cuestión fundamental que debe ter un anteproxecto de lei para, precisamente, deixar claro quen vai asumir os elevadísimos custos que vai traer este anteproxecto, que pode facer tambalear as arcas municipais. Ou que non fale nada —tamén o di a Fegamp—, por exemplo, das comunidades de augas veciñais, que abastecen, nada máis e nada menos, que a 650.000 persoas en Galiza.

A segunda proposta que traemos aquí tampouco é do BNG, é tamén da Fegamp, que propuxo a ampliación dos prazos previstos na Lei de garantías de abastecemento do ano 2019, que entrou en vigor en xaneiro de 2020, que prevía prazos moi rápidos, moi curtos para facer as auditorías e os plans e os correspondentes investimentos. Tamén nos parece que é unha cuestión lóxica e razoable, e máxime cando vostedes na Estratexia da economía circular fixan





o prazo de 2030 para conseguir eses obxectivos. Polo tanto, póñanse de acordo porque teñen bicefalia na Xunta, pois unha cousa é o que di Medio Ambiente e outra é o que di Augas de Galiza, que antes estaban xuntas e agora están separadas. Entón, non deben falar entre si, porque non din o mesmo unha e outra.

A terceira proposta, tamén moi importante: transparencia e participación. Transparencia e participación é, por exemplo, que envíen ao Parlamento como lles pedimos reiteradamente os documentos. Por exemplo, os documentos dos proxectos públicos sobre investimentos en materia de augas, que vostedes presentaron a esa convocatoria dos Next Generation, dos que nós temos apenas cinco liñas. Iso non é absolutamente lóxico nin razoable nin defendible. Vostedes están instalados no escurantismo e no ocultismo. Polo tanto, envíen esa documentación, así como o Plan hidrolóxico Galicia-Costa, para o novo período e a avaliación do anterior, claro, porque, se non, non temos a información necesaria para facer esa análise.

Cuarta proposta: cambio radical no paradigma da política da auga —xa falamos disto—, unha política da auga con maiúsculas para o século XXI: a nova cultura da auga, as solucións baseadas na natureza, as infraestruturas verdes fronte a esa aposta case única polas infraestruturas grises, e a protección dos recursos.

Quinta proposta: cumprimento da lei do 2006 para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, que é unha norma avanzada, e por iso vostedes a meteron nun caixón e a incumpriron sistematicamente. Concretamente, pedimos que se cumpra a disposición transitoria segunda, que pedía un sistema para que Galiza participe na xestión daquelas bacías hidrográficas que non son da súa competencia. Pero a vostedes isto non lles interesa.

Isto é o que significa tamén pensar Galiza en pequeno. É isto: unha Galiza que consiste nun terzo do país, onde non están os principais ríos do país. Iso é pensar Galiza en pequeno. (Aplausos.)

E, por último, hai que asumir o fracaso das políticas ambientais e do ciclo da auga da Xunta no período 2009–2021; doce anos que fan augas por todos lados. Vostedes presumen de investimentos millonarios, presumen de que investiron máis de mil cen millóns de euros nestas políticas, pero os datos están aí, e a situación é alarmante.

Miren, datos das rías galegas, 2021: 1.648 vertidos. Hai máis que o ano pasado. É que vostedes non van para adiante, aínda van para atrás; cada ano é peor. E as rías máis contaminadas son nada máis e nada menos que a de Arousa e a de Muros e Noia, que teñen tamén máis vertidos contaminantes que o ano pasado.

E por non falar xa da situación das EDAR, que vostedes lles botan a culpa aos concellos, pero son tamén responsabilidade da Xunta a súa construción, o seu financiamento, a tecnoloxía que utilizan e o mal funcionamento.

Polo tanto, estamos diante dun grave problema que todo o mundo recoñece. ¿E cal é a actitude da Xunta? Pois botarlles a culpa aos concellos e poñerlles deberes aos concellos. Esa non é a solución. A solución, en todo caso, será analizar o problema no seu conxunto, buscar



acordos vía negociación e vía diálogo, e empezando pola Fegamp, polos concellos e polas deputacións, tamén coas comunidades de augas, coas persoas consumidoras, e rematar coa imposición, coa confrontación, coa oposición, que é a súa liña de traballo. Vostedes son o goberno, non poden estar a metade do tempo, en vez de actuar como goberno, facéndolles oposición ao Goberno central e aos concellos, á Fegamp, ás deputacións.

Deben dar paso a grandes acordos; grandes acordos cunha nova política da auga pensada con ambición e ao grande, que é como queremos pensar as cousas no BNG. Por iso propoñemos, por exemplo, unha estratexia galega da auga para o 2030, ou un Plan Galiza dos dez mil ríos, ou o Plan rías para abordar con doce grandes actuacións unha grande mellora de transformación e recuperación das rías galegas.

En todo caso, —xa para rematar— direilles que é mellor unha Galicia *prêt-à-porter* que é una Galicia *low cost* do Partido Popular. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

A auga é o elemento configurador da vida, porque sen ela non hai vida, ata o punto de que nós mesmos estamos constituídos en promedio por un 65 % de auga; polo que se podería facilmente afirmar que somos auga.

En Galiza sabemos moito de auga —ou máis ben sabíamos—, e para comprobalo non hai máis que visitar calquera dos milleiros de muíños característicos deste país, que alguén chamou dos «dez mil ríos»; uns ríos agredidos ata a saciedade ante a pasividade do Goberno do PP de Galicia, que en materia de augas, de contaminación, de abastecemento e de depuración prefire, como en todo o demais, que os problemas se arranxen sós ou non se arranxen nunca. E prefire tratar a nosa natureza non como parte de nós mesmos, parte constitutiva, integral de nós mesmos, senón como recurso para explotar e depredar, considerando que os ríos son unha especie de condutos polos cales circula a auga en substitución das cañerías, unha especie de canalización da auga, e non o que son realmente: ecosistemas de elevadísimo valor ecolóxico, ademais de parte do noso patrimonio cultural e, en suma, da nosa identidade colectiva. Por non falar das nosas rías, ás que vai parar todo o que non se trata nin depura en Galicia, que é moitísimo, cando xa pasaron vinte anos da entrada en vigor da Directiva marco de augas da Unión Europea.

Un bo día chega a Xunta eponse a falar da «Sogama da auga», e logo dispónse a poñer todo patas arriba con este anteproxecto de lei que foi cualificado de «enxendro lexislativo» pola Deputación de Pontevedra, por poñer só un exemplo das críticas que está recibindo, ás cales nos sumamos, como non podía ser menos, por múltiples motivos que terei a ocasión de expoñer sucintamente.



Pero antes paréceme importante manifestar que sendo como somos unha comunidade relativamente rica en auga, non por iso estamos menos necesitados dese sentido común hídrico ou acuático, que no Estado leva soando xa algo máis dun par de décadas nesa nova concepción que se deu en chamar «nova cultura da auga», nun país que no seu conxunto é máis seco ca nós pero que afronta coma nós o enorme desafío común que é o cambio climático. Un desafío que vén agravar problemas que xa estaban aí, como o despilfarro de auga, as redes de transporte e de saneamento que perden gran parte da auga que circula por elas, ou unha agricultura intensiva en auga en lugares que non teñen recursos hídricos suficientes para soportar ese tipo de agricultura e que piden transvasamentos porque consideran que hai outro lugares onde sobra auga.

Por certo, isto de que hai auga que falta nun sitio e que sobra noutros é propio dunha visión absolutamente trasnoitada, superada e dunha falta de coñecemento do que son os procesos ecolóxicos, porque a auga non sobra nunca. Se quitamos a auga dun lugar que está adaptado a determinado nivel de crecidas ou incluso inundacións, o único que conseguiremos será producir efectos ecolóxicos graves nese territorio.

Por iso fai falta en todo o Estado e tamén en Galicia unha nova cultura da auga para superar esa visión enxeñeril dos procesos hídricos na que milita a dereita deste país e tamén vostedes, e pasar a unha comprensión integral e un tratamento tamén integral dun tema tan vital como é a auga. A nova cultura da auga pasa por xestionar a demanda en lugar da oferta, por considerar os efectos ecolóxicos de calquera actuación hidrolóxica, por distinguir entre auga necesaria para vivir, que debe ser gratis; auga de consumo humano, pero non necesaria para vivir, que debe ser gravada polo seu custo; auga de luxo, que debe ser sobregravada, e de negocio, que debe ser obxecto dun tratamento fiscal máis elevado que o da auga de consumo humano.

A exposición de motivos do anteproxecto di que unha boa xestión das infraestruturas que permita prestar eses servizos con calidade e eficacia precisa dunha capacidade técnica e económica da que carecen a maioría dos concellos galegos. «Actualmente en Galicia...» —di— «...obsérvanse deficiencias tanto nas infraestruturas como na organización técnica e económica dos servizos municipais». O que non di o anteproxecto é que a Directiva marco de augas data do ano 2000 e que nestes vinte e un anos, dos cales o PP gobernou dezasete en Galicia, a Xunta recibiu inxentes cantidades de fondos europeos para facer o que se vén recoñecer na exposición de motivos que non se fixo.

Non hai máis que mirar a situación dos nosos ríos e rías, que está intimamente asociada ao problema de depuración e tratamento nos concellos, para constatar que á Xunta non lle preocupa a xestión do ciclo da auga en Galicia, e conténtase, como en tantas outras cousas, con aparentar que fai algo, cando, segundo os datos máis recentes de Augas de Galicia sobre o balance do ano 2020, no que tivo lugar a maior caída do PIB desde a Guerra Civil española —o que debería implicar en teoría un descenso significativo no nivel de contaminación—, a situación de contaminación das nosas augas non mellorou; ao contrario, empeorou.

Segundo Augas de Galicia, detectáronse vinte e un novos puntos de vertido nas rías, un total de 1.596, co que se agrava unha situación de por si moi negativa, que cuestiona por completo



a eficacia do Plan de control de vertidos da Xunta. Os puntos negros unicamente se reduciron en catro, pasando de 253 a 249, o cal implica un fracaso da política de saneamento das nosas rías, que ven incrementada ano tras ano a carga contaminante que soportan. E no día de hoxe hai en Galicia, segundo a información de Augas de Galicia, trece zonas marisqueiras clasificadas como C, das que non se pode por tanto extraer marisco para a súa comercialización debido ao seu elevado grao de contaminación.

E seguindo coa exposición de motivos do anteproxecto, este di tamén que hai unha recuperación incompleta dos custos, que non é subsanable polo mero incremento das tarifas, senón que é necesario ampliar as bases impositivas suxeitas ao tributo. Este feito, sumado á necesidade de establecer unha taxa específica para cubrir os custos asociados ao servizo de saneamento que poida prestar a Comunidade Autónoma, fai necesario a creación de dúas taxas específicas para cada servizo, procedéndose, en consecuencia, a derrogar o citado coeficiente de vertedura. Para tal efecto, mediante a presente lei preténdese dar solución a esta disfunción creándose dous novos tributos. Por tanto, a propia exposición de motivos reconece que se amplían bases impositivas e se crean novos tributos. E a Xunta redefine tamén tributos, pero amplía bases impositivas e establece novas obrigas, ocultando o impacto económico que vai ter todo isto, porque o anteproxecto que presentaron non inclúe ningún estudo económico-financieiro sobre a repercusión económica e tarifaria deste novo sistema tributario.

A estrutura desta nova imposición tradúcese nunha penalización especialmente gravosa para as persoas que menos auga consomen, así como para os fogares con maior número de residentes; o cal vai en contra e choca diametralmente con esa nova cultura da auga, da cal falaba anteriormente.

Cando a Xunta di que a decisión de subir as facturas por consumo e tratamento de auga forma parte da autonomía local omite que este texto impón obrigas que terán que financiar os concellos e que ademais serán os concellos os que remitan os recibos ás persoas usuarias e os que lle teñen que facer de xestoría á Xunta, sen recibir ningún tipo de compensación, como ocorre en tantos e tantos casos de competencias que a Xunta debería facilitar e que o que fai é simplemente —por dicilo así— subcontratar.

Pero é que aínda queda un novo incremento que implica o anteproxecto no custo do servizo do ciclo da auga ao gravar as perdas de auga cunha tarifa máis a un prezo de 0,29 euros o metro cúbico. E non se xustifica en modo ningún cal é a base de cálculo que fundamenta a fixación dese importe concreto, é dicir, por que se establece ese prezo e non outro.

Por non falar de que se establece unha tarifa única para todos os concellos en valorar os diferentes problemas de infraestruturas que poden ter os concellos, que lles impide poder mellorar esas redes para evitar esas perdas, como pode ser a existencia de cascos históricos.

En suma —e para rematar—, estamos ante unha nova manifestación da política que ultimamente practica de forma reiterada e constante a Xunta de Galicia de «invito eu e pagas ti». Á Xunta non parece importarlle o máis mínimo a situación económica, en moitos casos moi negativa, dos concellos de Galicia.



E por iso e por todo o exposto este Anteproxecto de lei da auga debería consensuarse coas administracións locais e non impoñerse en forma de trágala, como pretenden vostedes. E o que non debe facer a Xunta en ningún caso é tratar de subsanar as enormes carencias da súa política en materia de xestión do ciclo da auga e a súa inacción durante tanto e tanto tempo neste tema á custa tanto da autonomía como da suficiencia financeira das administracións locais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

**O señor CALVO POUSO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Mal empezamos, señor Bará. Mal empezamos porque vostedes, unha vez máis, veñen facer a este plenario un exercicio de hipocrisía política importante.

Falaba vostede da fin de semana. É certo, nesa fin de semana na que o Bloque Nacionalista Galego renuncia á independencia pero segue mantendo de socios a Esquerra Republicana ou a Bildu. (*Murmurios.*) Esa fin de semana na que o Bloque falan do «si» pero segue a dicir «non» a calquera tipo de iniciativa importante para Galicia. Nesa fin de semana ou nestes días que veñen aquí ao plenario falan de Galicia en grande, pero valoran máis os postos de vicepresidentes nas deputacións ou de tenentes de alcalde nos distintos concellos de Galicia.

Onte pola tarde teño que recoñecer que estaba esperando a retirada desta iniciativa, porque dende todo o acontecido dende o último pleno pensei que vostedes retirarían esta iniciativa. Porque ese desmentido da Fegamp —do que vostede falou así como esquinado de que hai un malestar—, non é tal o malestar, señor Bará. Vostede oculta intencionadamente. O que se produciu é que nos dous períodos de alegacións que a Xunta de Galicia abriu para que todo o mundo puidese presentar as súas —incluída a Fegamp—, facilitando a transparencia, a Fegamp presentou unha alegación que despois se deu conta de que estaba mal calculada. A Fegamp presentou unha alegación sobre o recibo da auga do Concello de Vilagarcía, do presidente da Fegamp, e dicía que ía subir o prezo que ían que ter que pagar os veciños. Pero cando se analizou a alegación que se trasladou por parte da Fegamp, déronse conta os técnicos da Fegamp de que estaba mal calculado e que non subía o prezo do recibo da auga. (*Aplausos.*)

Pero vostedes non retiraron a iniciativa, non. Vostedes fieis aos seus principios din que non. ¿Por que? Porque ao PP nin auga; nunca mellor dito neste caso. Ao PP nin auga, non se pode aceptar nada. E calquera persoa sería non entende a súa postura porque levamos anos escoitando os problemas dos alcaldes. Por certo, señor Arangüena, as competencias son da Administración local, parece que non lles entra na cabeza, ¡son da Administración local!



Dende a Xunta de Galicia o que se fixo foi unha análise da situación, ver como estaban todos, os trescentos trece concellos de Galicia. E fíxose por responsabilidade, con seriedade, con rigor, con dilixencia. E tamén vou dicirlles unha cousa: fíxose con valentía por parte da Xunta de Galicia e tamén dos concellos que quixeron ter esa auditoría e saber como realmente estaba a situación e onde estaban os problemas. Valentía dalgúns, tamén do Bloque Nacionalista Galego, pero non porque llelo dixeran vostedes.

Estudáronse as ferramentas que estaban ao alcance e propuxéronse distintas actuacións nun proceso de transparencia envexable. Repito: ata en dúas ocasións se aumentou o período de alegacións. E presentáronse non impoñendo, señor Arangüena, foise discutir á Fegamp para explicarlles realmente aos alcaldes de Galicia como ía ser isto que é voluntario. Explicóuselles alí e fixéronse tamén distintos foros con distintos protagonistas.

Pero ¿cal é a postura do Bloque e tamén a do PSOE? Non, o Bloque seguen a ser os do «non», porque sempre foron os do «non», e iso lévano no seu ADN. Non se pode cambiar, aínda que veñan aquí arriba e suban dicindo que agora cambiaron e son propositivos. (*Murmurios.*) Non, o que son é provocativos, (*Risos.*) sobre todo para os que coñecemos. (*Murmurios.*) Vostedes veñen aquí provocar pero non propoñer. (*Aplausos.*)

Vostedes se foran propositivos e non simpáticos farían propostas en positivo. Farían propostas para mellorar aquilo que consideran que se pode mellorar nesta lei; pero, non, non as fan. Vostedes é difícil que poidan dicir que pensan nunha Galicia en grande cando a calquera idea que vén do PP vótanlle que «non» por vir do PP. Iso non é pensar nunha Galicia en grande, iso é pensar nunha Galicia cativa, cativiña, moi cativiña. (*Murmurios.*) Iso é o que pasa realmente cando se di «non» a todo, e sobre todo cando vén do Partido Popular. Ese discurso é falso e efectista e só é unha estratexia, como xa llelo dicíamos o outro día.

Voulles dicir cal é a situación real dos concellos, algúns do Bloque. Pontevedra non xestiona a depuradora, claro, ese é un problema, entón que o xestionen outros. A Xunta inviste 30 millóns de euros na ría de Pontevedra. En Bueu a depuradora funciona mal, e a EDAR non puxo en funcionamento unha das canles de tratamento biolóxico.

Señor Arangüena, en Tomiño a depuradora satúrase coa auga da choiva e os vertidos industriais, e o Concello non fai nada. Claro, non pasa nada.

En Rianxo a EDAR recibe vertidos industriais; por certo, superiores aos legalmente establecidos. ¿E que fai o Concello de Rianxo, gobernado dende hai décadas polo BNG? ¡Nada! O que fai é investir a Xunta en solucionar os problemas. Alí a señora Pontón non vai explicar os problemas de depuración de Rianxo e cal foi a actuación do BNG nos últimos anos; alí non vai.

En Ribadeo, un exceso de fluviais fai que a depuradora funcione mal. En Poio, entra a auga polos sumidoiros, a auga incluso salgada.

Esta é unha pequena mostra de como as competencias que ten a Administración local están mal xestionadas. Nós poderíamos mirar para outro lado, señor Arangüena, porque isto ao final é un problema dos concellos. Pódese mirar para outro lado e non facer nada. Ou pódese



analizar a situación e poñer enriba da mesa distintas ferramentas, sempre de maneira voluntaria, e intentando axudar os concellos e colaborar entre todos —concellos, deputacións e Xunta de Galicia—. Pero poucas veces se viu tanta demagogia nun partido político.

Dende o primeiro momento o BNG intentou desprestixiar, falar de premisas falsas e de mentiras. Non é verdade que a Xunta esquive as súas competencias, porque son da Administración local, e ao mesmo tempo dicían que a Xunta invadía as competencias. ¡Dáballes igual!, o caso era criticar o proxecto do PP para dicir «non», que é o que lles gusta. É mentira que se pretenda incrementar o recadado, non hai tributos novos, señor Arangüena. Lea mellor na seguinte ocasión que teña o anteprojecto.

É mentira que non se avanzara no saneamento das rías; van máis de mil cen millóns de euros dende o ano 2009, señor Arangüena. É mentira que se os concellos non entran a Xunta non vai investir neles; en ningún caso se dixo iso e sempre foi desmentido pola propia conselleira e todos os responsables de Augas de Galicia. E é mentira que non haxa transparencia —como xa lles dicía antes—. Mentira tras mentira para disfrazar o de sempre: o «non» do BNG.

Pero, curiosamente, o que si é unha realidade e un problema de verdade, vostedes, nin un nin o outro, non falaron do asunto. Está habendo un problema moi importante nas últimas datas: o incremento do prezo da luz fai insostible o mantemento das EDAR e o abastecemento por parte dos concellos. Pero diso vostedes non din absolutamente nada. A Xunta de Galicia anunciou que no orzamento do ano que vén lles supón un incremento de tres millóns de euros. Iso a vostedes deulles exactamente igual porque non lles importa.

Pero, fíxense vostedes no periódico do 8 de novembro: «*Los concellos do Salnés estudian si repercutir la subida del agua en alta a los vecinos o asumirla con fondos propios*». O Concello do Grove di que hai un incremento de 100.000 euros polo incremento do prezo da luz para o tratamento da auga, e non sabe se pagalo o Concello ou repercutírllelo aos veciños. Dese asunto, que é un problema grave para todos os concellos, vostedes non din absolutamente nada, nin o Bloque nin o Partido Socialista, e é un problema que lles preocupa aos seus alcaldes.

O outro día tivemos a oportunidade de falar con algún alcalde do Bloque e do Partido Socialista, e eses si que estaban preocupados. Pero aí vostedes non entran porque non lles interesa.

Se vostedes pensaran en grande e foran os do «si», hoxe pedirían desculpas. Se foran os do «si», hoxe pedirían desculpas e retirarían a iniciativa.

Hai pouco máis dun mes (*O señor Calvo Pouso amósalle á Cámara unha fotografía.*) a señora Pontón saía dicindo que a nova lei ía traer un incremento do 60 % no prezo do recibo. Saía cun vaso de auga (*O señor Calvo Pouso colle un vaso de auga na súa outra man e amósallo á bancada nacionalista.*) dicindo que a nova lei vai incrementar un 60 %. E agora resulta que, despois dos cálculos que fai a Xunta cos técnicos da Fegamp, era un bulo. Era un bulo, señora Pontón; era mentira. Resulta que non é certo que se vaian incrementar os prezos da factura da auga. Polo tanto, outro bulo da señora Pontón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É outro bulo. Eu supoño que se vostedes... (*Murmurios.*) ¿Sabe por que? Porque lin antes, señor Rivas,



lino antes e non me dedico a crear bulos e a crear falsas mentiras como fan outros partidos políticos. *(Aplausos.)*

Se de verdade vostedes creran o que din e o que intentan trasladar desde a pasada fin de semana, virían aquí hoxe, pedirían desculpas, e a señora Pontón mañá na rolda de preguntas ao presidente diríalle que o sentía, que a lei que parece que están promovendo non ía facer o que ela pensaba, e así poderían empezar a ser cribles. Pero vostedes ao que se dedican é ao de sempre, a que como é unha iniciativa do Partido Popular hai que acabar con ela, hai que votar que «non» e hai que intentar convencer a todos os concellos e ao resto de que non é unha boa iniciativa.

Por iso vostedes seguen pensando en Galicia en cativa, seguen sendo os do «non» e, como moito, poden ser provocativos, pero nunca propositivos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da moción, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Diego Calvo, vostede daba un bo analista da Radio Galega. *(Risos.) (Aplausos.)* Como benególogo non ten prezo, ademais axudaría a mellorar o pluralismo da Radio Galega, que —como sabemos— está moi decaído, ¿non? *(Aplausos.)* Que fose vostede para alí, a democracia gañaría moito, dígollo de verdade.

O que non vale é o filibusteirismo político, que é o que practican vostedes. Pero non o Grupo do Partido Popular, que xa non sería así xa moi razoable e admisible, é que o propio Goberno galego facendo trampas, manipulando as reunións cos técnicos da Fegamp, filtrando o día anterior a un debate parlamentario unha información falsa. É que vostedes deron un tiro no pé. Porque eu teño aquí a acta desa reunión, eu informeime destas cuestións, e sei o que di a acta que non está... É un borrador dunha acta, un resumo dunha reunión, onde di que hai discrepancias en determinadas cuestións a respecto das análises, que no se pode utilizar o caso de Vilagarcía pero tampouco... Cada caso é diferente e hai que facer unha análise global. Pero os técnicos que estaban alí asegúrolles que están indignados co comportamento indigno da Xunta do Partido Popular, *(Aplausos.)* desleal, manipulando o contido desa reunión.

Hoxe, por certo, —non sei se xa rematou— había unha xuntanza de voceiras e voceiros da Fegamp, e agardemos ao que van dicir a respecto desa filtración desleal da Xunta do Partido Popular. E así quedarán as cousas claras.

O problema da Xunta é que non fai nin sequera o que ten que facer, as súas responsabilidades, e non cumpre os acordos parlamentarios. Non fixo os plans galegos de saneamento e abastecemento, que tiña que facer, que estaban na lei do 2010. Once anos incumprindo as súas obrigas, e agora vailles poñer obrigas aos demais.





En segundo lugar, no ano 2013, Galicia constituirá o Consello para o Uso Sustentable da Auga. Ata na páxina web hai unha información sobre o Consello para o Uso Sustentable da Auga. Cero, oito anos sen facer nada.

A Xunta dáse o prazo dun ano para pactar un recibo único galego da auga, que resolvería moitos problemas dos que estamos falando agora. ¿Sabe de que ano é esta información? Do 2013. Oito anos esperando polo Pacto local da auga. Este é o balance do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E o problema é que vostedes pensan, efectivamente, Galiza en pequeno, e hai que pensar Galiza e a política da auga tamén en grande. Vostedes pensan a política da auga e a política en xeral a media xornada, porque pola mañá son goberno, pola tarde fanlles oposición aos concellos e á Fegamp. E hai que traballar no goberno a xornada completa, non se pode traballar a media xornada. *(Aplausos.)*

Segundo. Vostedes fan de goberno da metade ou dun terzo do país, e non se pode facer a política da auga deixando fóra aos principais ríos galegos: o Miño e o Sil. É fundamental ter o control deses ámbitos.

E teñen unha política da auga tamén dividida pola metade, que unha parte é de Medio Ambiente, que non dá conta do recado, outra parte é de Augas de Galicia, que está noutra consellería. E non se deben falar entre si, non se poñen de acordo, se é unha cousa di a outra, e outra cousa a contraria. Así non se fai a política da auga, que ademais é unha política do século pasado, unha política de infraestruturas grises, e xa estamos na época do verde, pero do verde de verdade, non do verde eucalipto do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E de grandes acordos de país, porque a auga é un asunto moi serio, moi grave, moi preocupante, moi alarmante, onde vai haber graves problemas no futuro, e debe ser obxecto dun grande acordo de país. Por iso o BNG trae aquí propostas en positivo e propostas en construtivo. Ao que lles pedimos a vostedes que voten si, pedímoslle que voten si a atender as demandas da Fegamp e, en consecuencia, retirar o anteproxecto e facer algo moi lóxico e moi razoable, que é abrir un proceso de diálogo entre todas as partes. ¿Van vostedes votar «si» a isto ou van votar «non»? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso, a esta e ás dúas anteriores tamén. Grazas polo apunte, Olalla. *(Aplausos.)*

Vostedes son os do «non». Porque se ven as votacións que hai neste pleno, o BNG vota o 70 % das veces a favor das nosas, das do PSOE e das súas, e vostedes votan sistematicamente en contra, votan sistematicamente en contra *(Murmurios.)* de todas as propostas, de todas. *(Aplausos.)*

¿Van votar vostedes a favor de facer os plans galegos de saneamento e abastecemento, si ou non? O BNG vai votar que «si», vostedes van votar que «non».

¿Van votar a favor das demandas da Fegamp para ampliar os prazos para poder facer eses plans sectoriais? O BNG vai votar que «si», vostedes van votar que «non».

¿Van reorientar a confección das obras públicas e de saneamento? Nós imos votar que «si», vostedes van votar que «non».



¿Van enviar ao Parlamento esa documentación que lle pedimos? Nós imos votar que «si», vostedes van votar que «non».

¿Van enviar ao Parlamento o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa para o seu debate e aprobación? Nós imos votar que «si», vostedes van votar que «non».

¿Van dar cumprimento á Lei de protección dos ríos galegos? Nós imos votar que «si», vostedes van votar que «non».

Esa é a diferenza. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate sobre as mocións, comezamos coas votacións.

Votamos en primeiro lugar a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(Murmurios.)

Silencio. Silencio, por favor, estamos votando.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas, sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política do Goberno galego respecto da transparencia informativa da situación sanitaria dos centros de atención residencial para persoas maiores.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

*(Murmurios ante os resultados da votación.)*

Foi un día de mala sorte hoxe. *(Risos.)* Mala sorte, hoxe non tocou. Outro día tocará, tranquilos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de xestión do ciclo da auga.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e doce minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Boas tardes.

Reiniciamos a sesión co punto 3, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, outra emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e unha terceira emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:*



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar dentro das competencias atribuídas polo artigo 30.1 do Estatuto de autonomía de Galicia as medidas de política económica e industrial necesarias para paliar a crise industrial de Ferrol e a súa comarca.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Ángel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Deben engadirse, ao final da parte resolutiva, os seguintes puntos:*

«Adicionalmente, para complementar esta acción, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

a) O cumprimento do mandato unánime do Parlamento de Galicia sobre a firma do Pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas da comarca, protexa o emprego e o tecido industrial e garanta un futuro para Ferrol, Eume e Ortegal.

b) A designación, por parte do Presidente do Goberno de España, dun representante do Goberno para a interlocución directa coa Xunta de Galicia sobre o Pacto de Estado por Ferrol e demais asuntos que afectan á comarca, podendo ser estas as Vicepresidentas primeira e Segunda do Goberno.

c) A inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 do orzamento completo e necesario para a construción das Fragatas F-110, proxectadas polo Goberno de Mariano Rajoy en 2018.

d) A iniciar os tramites necesarios para constituír unha Zona Franca en Ferrol, que dinamice a actividade comercial e industrial da comarca e reactive o emprego.

e) A dotar dos orzamentos necesarios para desenvolver, entre os anos 2022 e 2023, infraestruturas para modernizar as instalacións de Navantia Ferrol, nomeadamente a construción dun Dique Seco que permita poñer en marcha un Estaleiro 4.º, que reforce a competitividade, mellore a eficiencia e prepare ao estaleiro para os retos de futuro.

2.) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha Delegación da Xunta en Ferrol no primeiro trimestre do ano 2022, que reforce a presenza do Goberno galego na comarca e atenda de primeira man as necesidades de Ferrolterra».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Engadir na parte resolutiva o seguinte texto:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar en colaboración co goberno do Estado:



1. *A entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.*
2. *A constitución dun Centro tecnolóxico do sector naval.*
3. *A recuperación da construción naval civil en Fene.*
4. *Impulsar un plan específico para introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima.*
5. *Construción de novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.*
6. *A participación dos cadros de persoal da industria auxiliar das medidas sociais relativas á xubilación pactadas para o persoal da principal no actual plan industrial para Navantia e das que futuras que se poidan pactar».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos.

A inicios deste ano, os deputados José Manuel Rey, Diego Calvo e eu mesmo rexistrabamos no Rexistro desta Cámara unha ducia de iniciativas idénticas. Facíamolo porque na comarca de Ferrolterra había centos e centos de traballadores da industria auxiliar do sector naval que perdían o seu posto de traballo. Hoxe, dez meses despois, logo de ter debatido esta iniciativa ata dez veces, estamos exactamente na mesma situación.

Aquí estamos, polo tanto, por décimo mes consecutivo, cumprindo o noso compromiso de debater as veces que fixera falta esta iniciativa porque a indolencia é o peor que pode ter un representante político. Como dende o Partido Popular de Galicia non imos practicar esa indolencia do Goberno de España, participada polo PSdeG-PSOE e polo Bloque Nacionalista Galego, estamos hoxe nesta Cámara reiterando novamente a nosa demanda. Unha demanda que non é unicamente do Partido Popular de Galicia, senón que é a demanda de toda unha comarca que asiste con estupor a unha caída da ocupación sen precedentes, mentres dende o Goberno de España se mira cara a outro lado, a pesar de ser o titular do cento por cento do accionariado dese estaleiro público da ría de Ferrol.

É certo que, ao longo destes meses, hai unha cousa que si cambiou: o PSdeG-PSOE comezou primeiro absténdose e finalmente conseguimos que votase a favor desta iniciativa. Pero, de nada serve o seu voto favorable se o Goberno do Estado non cumpre o que lle pedimos; de nada serve o seu paripé, porque a realidade é que votando a favor lles toma o pelo non só ao grupo maioritario desta Cámara, que propón esta iniciativa, senón tamén ao conxunto de veciños da comarca de Ferrolterra e, por extensión, a todos os galegos.



Hoxe eu véñolles pedir que abandonen o cinismo e que voten en contra desta iniciativa. Se non cren no naval, se non van facer nada para axudar os milleiros de empregados que dependen del e se non lles importa Ferrol, voten en contra desta iniciativa.

Pídolle ao PSdeG-PSOE que se non vai presionar os seus compañeiros de partido en Madrid e se non se vai mollar para conseguir carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol vote en contra.

Pídolle ao BNG que se non vai facer valer ese pacto que firmou para facer presidente a Sánchez, se non se vai volver someter ao interese xeral e abandonar a defensa empecinada da señora Pontón ao presidente Sánchez, por favor, vote en contra; que abandone o paripé e vote o que realmente representa coa súa actuación.

Señorías, permítanme comezar cunha reflexión sobre cal é a situación do sector naval na ría de Ferrol.

Nos orzamentos xerais do Estado do ano 2018, aprobados unha semana antes da moción de censura promovida polo señor Pedro Sánchez, consignábase unha partida de 250 millóns de euros para o inicio da construción das cinco fragatas F-110 —¡251 millóns de euros para comezar a construción desas fragatas!—. Estamos rematando o ano 2021 e a realidade é que non se investiron os recursos consignados no ano 2018, non se investiron os recursos no ano 2019, non se investiu nada no ano 2020 e non se investiu nada no ano 2021.

Ese é o compromiso do Goberno Sánchez, que atopou un proxecto enriba da mesa e o único que fixo foi paralizalo durante todo este tempo.

Dende que goberna o Partido Socialista en España dende o ano 2018, tres presidentes distintos tivo Navantia. ¡Miren vostedes se iso pode ser exemplo de boa xestión! Máis ben, é a demostración inequívoca da falta de rumbo nunha empresa que tiña que estar dando moitísima actividade na comarca de Ferrolterra.

Neste período, os grandes logros do Goberno Socialista foron atrasar *sine die* o proxecto das fragatas F-110. Perdéronse sucesivos contratos con distintas armadas, contratos millonarios dos que o estaleiro quedou excluído, e negouse a contratar a construción dun BAM —Buque de Acción Marítima— nos estaleiros da ría de Ferrol —non sei se o recordan—. Nós propuxémolo nesta Cámara ao final da lexislatura anterior, e o PSdeG-PSOE dixo que o BAM non era necesario para a Armada española. ¿Que pasou? Que pasaron catro meses e o Goberno de Pedro Sánchez encargou un BAM. ¿A onde? Aos estaleiros do sur. E aqueles que dixeran que a Armada non precisaba ese barco miraron cara a outro lado, que é o que adoita facer o Partido Socialista do señor Gonzalo Caballero.

Polo tanto, esa é a realidade na que nos atopamos nestes momentos. O Partido Socialista ten a folla en branco no que respecta aos estaleiros da ría de Ferrol.

Ferrol é unha cidade ao servizo do Estado. Ferrol nace como cidade no século XVIII porque hai unha decisión dos Borbóns de instalar no interior da ría de Ferrol un arsenal militar e



uns estaleiros ao servizo da Armada española. Eu xa sei que ao partido este que era independentista e que agora é soberanista iso de falar da Armada española e da defensa dos barcos de guerra lle proe. Pero a realidade é que esa é a orixe dos estaleiros da ría de Ferrol: uns estaleiros ao servizo da Armada española para construír barcos de guerra, e diso levamos vivindo séculos; facendo os mellores barcos de guerra, que non son unicamente para a nosa armada, senón que unha vez que construímos para a nosa armada, conseguimos pedidos por parte de terceiros países para seguir facendo barcos. A iso nos dedicamos, e ese é o *know-how* de toda unha comarca que está especializada precisamente niso.

Por iso, ante a situación na que estamos, a inicios deste ano tamén a Xunta de Galicia tomou a iniciativa, vendo que o Goberno de España non facía absolutamente nada. A Xunta de Galicia impulsou, xunto cos axentes sociais da comarca de Ferrolterra, con alcaldes e co presidente da Deputación —por certo, agora o novo secretario xeral do Partido Socialista— un pacto de Estado por Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Unha vez elaborado un primeiro documento, remitímolos á Presidencia do Goberno de España. O mes de maio foi precisamente a data exacta na que se remitiu ese documento, ese pacto de Estado ao Palacio da Moncloa. Dende o mes de maio, non hai unha soa resposta por parte do Goberno de España con respecto ao pacto de Estado; nin sequera unha resposta ambigua e de cortesía. Non, nin unha negativa tampouco, nin sequera a negativa. Non hai resposta, nin se dignaron a contestar. Iso é o que lles preocupa ao Goberno de Pedro Sánchez, ao Partido Socialista e á sucursal galega do PSdeG-PSOE —esteá á fronte quen esteá— a comarca de Ferrolterra.

Ante esta situación, nós temos que dicir que hai un responsable, porque os estaleiros son cento por cento públicos, dependentes da SEPI, do Ministerio de Facenda, do Goberno de España. Claro que hai un responsable que se chama Goberno de España, pero hai tamén uns cómplices desa situación de abandono, e eses cómplices sentan nesta Cámara: o PSdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego. Estes son os cómplices dese abandono e desa situación na que se atopa toda unha comarca.

Por iso, presentamos —unha vez máis e non nos cansaremos de facelo—, de novo, esta iniciativa autoemendada porque queremos ser máis exixentes. Eu creo que presentamos unha iniciativa bastante ampla.

No primeiro punto, demandamos que a Xunta de Galicia poña en marcha esa Delegación Territorial da Xunta en Ferrol, dedicada fundamentalmente ao seguimento do contido deste pacto de Estado e que o faga no primeiro trimestre deste ano que vén, 2022.

En segundo lugar, resumimos as principais demandas que lle facemos ao Goberno do Estado. A primeira, a firma dunha vez por todas do pacto de Estado, que xa foi un mandato unánime deste Parlamento —supoño que manterán ese voto—. A segunda, a designación dun interlocutor directo do Goberno perante este pacto de Estado. Nós suxerimos que sexan precisamente as dúas vicepresidentas do Goberno, a primeira e a segunda, as dúas presuntamente galegas; ministras galegas non practicantes, porque de galegas, no día a día, demostran máis ben pouco. (*Aplausos.*)



En terceiro lugar, demandamos unha vez máis a construción dun BAM, nos estaleiros da ría de Ferrol, que permita dotar de carga de traballo inmediata para dar emprego aos traballadores da industria auxiliar.

En cuarto lugar, a inclusión nos orzamentos xerais do Estado para o 2022 dunha partida digna para as fragatas F-110. ¿Saben canto consignan os orzamentos do próximo ano para as fragatas? Cento vinte e un millóns de euros. Iso non dá nin para empezar. Isto demostra, efectivamente, a vontade real do Goberno de España, que é non facer absolutamente nada.

En quinto lugar, demandamos a constitución dunha zona franca en Ferrol que ten que permitir dinamizar a actividade comercial e industrial da comarca.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Trátase de dotar a comarca de Ferrolterra dunha vantaxe competitiva.

E, en último lugar, demandamos os investimentos necesarios para modernizar un estaleiro do século XVIII e convertelo nun estaleiro do século XXI: é o coñecido como Estaleiro 4.0. Do seu deseño empeñouse directamente a Xunta de Galicia, a través de distintos fondos.

Nós agardamos que esta iniciativa conte co respaldo real e sincero do Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e do Bloque Nacionalista Galego. Non voten a favor se non están dispostos a que, dende o Goberno que vostedes sustentan en España, se faga algo por dotar de carga de traballo a unha comarca que depende tanto do Goberno central que esa indiferenza acaba sendo insultante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señorías do PP de Galicia, por enésima vez aproveitan vostedes a necesidade de dotar de carga de traballo a industria naval de Ferrol para sementar o relato de que hai un malvado goberno central que conspira contra Galicia e unha Xunta do PP de Galicia que a defende contra esa suposta conspiración.

Omiten vostedes que o Goberno progresista sacou dun caixón o programa e o proxecto que o Goberno do PP atrasou dous anos, porque había un «problemilla» cos mísiles do exministro Morenés —que tiña moito interese en colocar eses mísiles— que fabricaba unha em-





presa para a que traballara con anterioridade; omiten vostedes que o Goberno progresista comprometeu o maior investimento industrial da historia de Galicia, que serán esas fragatas F-110, cun orzamento de 4.325 millóns de euros; e omiten vostedes que nos orzamentos xerais do Estado deste ano se contemplan eses 122 millóns —a vostede parécelle moi pouco, pero non o é— para o inicio dos traballos desas fragatas; a primeira das cales está previsto que comece a construírse en marzo de 2022, é dicir, dentro de cinco meses.

Por tanto, omiten vostedes moito, pero non renuncian a dicirnos que os problemas de Navantia Ferrol son tan sinxelos que se arranxan dun plumazo no próximo Consello de Ministros, cando as cousas son moi diferentes e moito máis complexas. E a atribución de todo o malo que ocorre en Galicia, un perverso inimigo exterior que nos causa sufrimento gratuíto, é un despropósito e un intento de confundir a xente, dicíndolle que as causas dos nosos problemas están fóra de Galicia, cando normalmente non é así, porque temos un moi elevado nivel de autogoberno e de capacidade orzamentaria, acorde con ese nivel de autogoberno.

Por certo, durante os sete anos nos que o PP gobernou en Madrid vostedes non conseguiron moito. De feito, ¿que conseguiron vostedes neses sete anos para Galicia? Nada ou polo menos nada minimamente reseñable (*Aplausos.*); mentres que nestes tres anos de gobernos progresistas se comprometeron as fragatas F-110, se rebaixaron as peaxes da AP9 —¡por primeira vez na nosa historia!— e vai chegar o AVE a Galicia sen un só minuto de atraso, ¡sen un só minuto de atraso! Estes son os feitos, mentres que o seu é ruído e demagogia.

Esa falacia de que «España nos rouba» na que viven instalados desde hai tres anos é tan mentireira e destrutiva como a de que «España nos rouba» dos separatistas cataláns —non me cansarei de repetilo—. Ademais difundindo esa falacia están vostedes contribuindo a que Galicia permaneza alienada e non afronte a causa dos seus problemas, dos que en parte, polo menos, son vostedes mesmos, despois de trinta e seis anos de gobernos paralizantes da dereita en Galicia.

A realidade é que en Galicia hai problemas industriais importantes froito da conxuntura actual, pero tamén da falla absoluta de planificación e de estratexia pola súa banda durante doce anos, e tamén que vostedes teñen plenas competencias en política industrial e económica que sistematicamente non exercen.

Barreras está encamiñándose á liquidación, e non é por culpa do Goberno progresista; Vulcano quebrou, e non foi por culpa do Goberno progresista, e centos e centos de empresas galegas deslocalizáronse ao norte de Portugal nos anos nos que en España gobernaba Rajoy, o cal obviamente non é culpa do Goberno progresista.

Vostedes algunha culpa recoñecen implicitamente cando din que van facer agora unha lei de áreas empresariais de Galicia, con máis dunha década de atraso, porque levan vostedes máis dunha década de atraso neste tema. Ese parece ser o seu tempo de reacción habitual: unha década para dicir que van facer unha lei para afrontar un serio problema de Galicia.

Segundo vostedes, cando Gamesa se deslocaliza ao norte de Portugal, facendo o mesmo que fixeron eses centos e centos de empresas galegas durante anos, é culpa do Goberno progre-



sista, e cando Vestas se deslocaliza é tamén culpa do Goberno progresista. Pero ¿non será que ten máis que ver coa falla de aposta por parte da Xunta polo tema eólico, tendo en conta que o propio presidente da Asociación Eólica de Galicia di literalmente que isto é a «lei da xungla» e o presidente do Observatorio Eólico di tamén literalmente que isto é a «lei do oeste»? ¿non terá máis que ver con iso?

O fiasco de Pemex, que ía construír vinte e dous barcos en Galicia, unha base loxística en punta Langosteira e reflotar Barreras, ¿é culpa do Goberno progresista?

¿É culpa do Goberno progresista que o Ministerio de Fomento do Goberno do señor Rajoy nos anos 2016-2017 fixese unha desfeita nas obras do AVE, ocasionando sobrecostos e atrasos, nalgúns casos de máis de dous anos, como se afirma nun demoledor informe do Tribunal de Contas do Estado?

¿É culpa do Goberno progresista que o señor Aznar prorrogase vinte e cinco anos máis a concesión da AP9? Unha concesión que non ten parangón noutras comunidades autónomas e pode rematar anulada pola Unión Europea como a auténtica cacicada que foi, mentres vostedes aplaudían esa si verazmente, verdadeiramente, aldraxe a Galicia.

Pois eu novamente non penso practicar o mal deporte de botarlles a culpa de todo a vostedes —como fan vostedes con nós—, ofendendo a intelixencia colectiva, degradando a nosa democracia e facendo medrar a antipolítica cos riscos que iso supón tamén para vostedes.

Pero paréceme evidente, ¡evidente!, que as cousas negativas que pasan nunha Galicia que foi gobernada por vostedes trinta e catro dos corenta anos de autonomía deberan ser moito máis responsabilidade súa que de ninguén, porque teñen vostedes competencias plenas e exclusivas en materia de política industrial e fomento da actividade económica, e non as exercen. A súa política industrial —a única política industrial coñecida pola súa banda— é o escapismo, e esa non é unha boa política industrial; nin o é agora, nin o era dez anos atrás cando comezou a crise en Galicia.

En troques, ¿saben vostedes o que si fixo o Goberno progresista en 2018? Aprobar a execución e licitación do programa das fragatas F-110, e en novembro de 2019 aprobar un préstamo a Navantia por valor de 1.638 millóns de euros para construír esas fragatas; un programa de 4.325 millóns —como xa dixen— que implica o maior investimento industrial da historia de Galicia e que —lamento ter que insistir— o actual Goberno sacou do caixón no que o tiña metido o anterior, o Goberno de Rajoy, por esa cuestión duns mísiles.

Lamento ter que insistir respecto do atraso deses mísiles que *El Correo Gallego* dicía en novembro de 2018: «*El Gobierno admite que Morenés frenó por interés personal las F-110 de Ferrol*» e subtitulaba dicindo que «*El Correo ya adelantó en 2013 y 2014 las maniobras del exministro para favorecer a sus empresas con perjuicio a Navantia*». Vostedes tiñan loxicamente que que-relarse por estas afirmacións se foran incertas, pero non o fixeron.

Fronte aos seus contos, están as contas de Navantia que son públicas.



O patrimonio neto é o valor contable dunha empresa e non ten por que coincidir co valor de mercado, pero reflicte, en teoría, a imaxe fiel do patrimonio dunha empresa.

O valor patrimonial de Navantia no ano 2011, hai que dicir que o que deixou o Goberno de Zapatero era de 222 millóns de euros; ese patrimonio neto en 2017 era de – 653 millóns de euros. É dicir, no ano 2011 Zapatero deixou 222 millóns de euros de valor positivo e en 2017 vostedes deixaron – 653 millóns de euros (*Aplausos.*), despois de ter nese ano a empresa Navantia as maiores perdas da historia, concretamente 296 millóns de euros. E, por tanto, durante os seus mandatos e os mandatos dos Gobernos de Rajoy foron acumulándose ano tras ano perdas, perdas e máis perdas, deixando a Navantia cun valor patrimonial negativo, é dicir, quebrado. Iso foi o que deixaron vostedes: unha empresa quebrada con récord de perdas. Estes datos —que eu dou— son públicos, porque Navantia é unha empresa pública e as súas contas están colgadas na súa web para calquera que as queira ver e saiba interpretar.

O novo Goberno central reduciu as perdas á metade no ano 2019, a 144 millóns de euros; a metade que vostedes en 2017. Pero —como xa lles dixen nalgunha ocasión— veu a pandemia, hai unha crise económica, houbo unha crise económica moi importante no ano 2020, e todos os países ven reducidas as súas capacidades financeiras como consecuencia de gastos inxentes e extraordinarios que teñen que desembolsar, como, por exemplo, España, arredor dun 20–25 % do seu PIB nun só ano para paliar os efectos económicos da pandemia e tratar de que ninguén quedase atrás; cousa que non fixeron vostedes cando lles tocaba facer o mesmo.

Pero a realidade —dicía— é que vostedes deixaron unha Navantia en situación de insolvencia, mantida con vida artificialmente mediante inxeccións multimillonarias anuais de capital por parte do Estado. Así que Navantia, quebrada; Vulcano, quebrada; Barreras, case quebrada; un proxecto de fragatas atrasado por intereses espurios e persoais dun ministro do PP; o caso Pemex, sobre o cal o señor Feijóo anunciou nun período preelectoral que ía construír vinte e dous buques en Galicia, que logo foron dous, que ía facer tamén unha base logística de Pemex en punta Langosteira, da que non se soubo nada, e un señor que fixo a foto co señor Feijóo e que está hoxe preso en México.

Finalmente, presentamos unha emenda para que a Xunta asuma as súas competencias económicas e industriais na área de Ferrolterra, e que supoñemos que o PP non aceptará, porque esa é a súa política: culpar os demais e non asumir as súas responsabilidades.

Por certo, no ano 2009 en Ferrol había 74.273 habitantes. Cando chegou o malvado Goberno progresista había 66.799. Estes son datos do INE. ¿Sabe cantos habitantes menos son durante o período do señor Feijóo aquí e do señor Rajoy en Madrid? Son 7.474...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...habitantes menos. O ritmo de perda de poboación máis intenso desde que comezou a reconversión industrial. Deberían vostedes reflexionar un pouco máis ao respecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señor presidente.

De novo, unha proposta do Partido Popular sobre Navantia na que demanda ao Goberno do Estado varias actuacións, e de novo o Partido Socialista contesta cunha proposta na que demanda que a Xunta realice unha serie de actuacións tamén. O PP demanda que actúe o Goberno do PSOE e o PSOE demanda que actúe o Goberno do PP. Todo é mandarlle facer ao outro e mentres non se fai nada.

E así pasan os anos. Mentres tanto, a cidade de Ferrol perdeu un terzo da súa poboación. Non hai outro caso igual en todo o Estado español, e non é un problema da localidade de Ferrol, senón comarcal. A comarca de Ferrol, desde Ortegal ao Eume, perdeu nestes corenta anos de restricións e redución permanente de capacidades en Navantia tres veces máis poboación da que perdeu Galiza de media.

Unha crise demográfica que camiña detrás inevitablemente da crise económica e industrial xa permanente da comarca de Ferrol. Unha crise derivada do acordo —tamén permanente— sólido entre o PP e o PSOE sobre cal é o modelo de empresa que queren para Navantia na ría de Ferrol; unha empresa minguante, restrinxida a un único segmento de actividade: a construción militar.

Dá igual que esas restricións provoquen o baleirado de gradas sistemático e, polo tanto, a imposibilidade de estabilizar o emprego e fixar poboación. Dá igual que os competidores xaponeses e coreanos veñan demostrando dende hai anos que a competitividade radica no aproveitamento de sinerxías entre varias e diferentes actividades. Dá igual que o sector naval europeo se instalara na construción civil e nos equipos de alto valor tecnolóxico. Dá igual que a propia memoria económica de Navantia manifeste que a construción militar é un mercado cativo e que o 90 % das novas contratacións do ano 2019 son para construír nos estaleiros domésticos dos países contratantes. Dá igual que neste limitado mercado da construción militar se vaian incorporar temibles competidores, como China ou Estados Unidos. E dá igual que o nivel de evidencia que exista sobre o feito da construción militar non sexa dabondo para garantir nin o futuro da empresa nin para corrixir a tendencia dramática, económica e demográfica da comarca de Ferrol.

O principal e importante é manter o rumbo trazado hai corenta anos «*caiga quien caiga*». Nisto vostedes teñen un acordo. Os seus mutuos reproches e a esgrima dialéctica que practican de cando en vez non é máis que un espectáculo para a galería.

O certo é que durante estes corenta anos nin o PP nin o PSOE fixeron nada por recuperar a construción naval civil nin por constituír unha empresa que aproveite todas as súas potencialidades no mercado da construción naval e das tecnoloxías marítimas.



Hoxe, ¿hai eólica mariña en Fene? Si. Fanse as aportacións onde se instalan os muíños, pero isto non significa unha aposta real e decidida de Navantia por este sector, en absoluto. Navantia cede cada vez máis unha parte maior dos seus contratos e das súas instalacións á empresa Windar.

O mesmo poderíamos dicir da área de reparacións, con serios problemas de infraestruturas para atender a demanda existente no mercado mundial no día de hoxe, ou da división de turbinas, que abandonou xa hai anos o negocio das turbinas eólicas.

O mesmo poderíamos dicir da aposta dos gobernos pola investigación ou polas novas tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima. ¿Como pode ser que non exista en Ferrol, despois de tantos anos de construción naval e de contar con escolas universitarias de enxeñería, un centro tecnolóxico do sector naval, ben financiado e de carácter permanente, que non estea sometido á inestabilidade dos proxectos e condenado a perder cada poucos anos o persoal investigador?

A aposta dos gobernos, a aposta destes corenta anos de turnismo entre o PP e o PSOE foi a redución permanente das capacidades da empresa. Os números non deixan lugar a dúbidas: onde traballaban quince mil persoas, hoxe non hai dúas mil cincocentas. A aposta para o futuro tanto do PP como do PSOE é máis do mesmo; deixárono perfectamente claro no actual Plan industrial para Navantia, un plan —isto hai que lembralo— elaborado polo Goberno de M. Rajoy, mais que, por causa da moción de censura, tivo que ser asinado polo Goberno de Pedro Sánchez practicamente sen lelo. Até ese punto están de acordo no modelo de empresa que queren para Navantia: un modelo de empresa no produtivo restrinxido ao ámbito militar; un modelo de empresa no laboral, onde o persoal da industria auxiliar é un persoal de segunda categoría e un modelo de empresa, en canto a gobernanza corporativa, onde non pode estar presente a Xunta de Galiza. Estes son os tres aspectos básicos que caracterizan o modelo de empresa que comparten o Partido Popular e o Partido Socialista.

Agora vén o Partido Popular pedir que se impulse o Pacto de Estado por Ferrol aprobado por unanimidade neste parlamento. Temos que lembrarlle ao señor Tellado que o Pacto de Estado por Ferrol non foi aprobado por unanimidade neste parlamento.

Polo que respecta ao BNG, votamos a favor dunha proposta de facer un Pacto de Estado por Ferrol. ¿Que foi o que trouxeron a este parlamento? Un enunciado sen desenvolver e sen medidas concretas. As medidas concretas nunca foron votadas neste parlamento, nunca as trouxeron e nunca as someteron a debate nin a votación. O documento completo foi enviado posteriormente a alcaldes e sindicatos da comarca de Ferrol, e foi por eles que coñecemos o contido do famoso pacto de estado. Até aí chega o trilerismo do Partido Popular, que agocha o contido das súas propostas para conseguir votos a favor.

Pero finalmente coñecémolas. E o BNG non pode estar máis en desacordo cun documento que aposta por manter o actual modelo de empresa para Navantia, que non contén ningún proxecto para reindustrializar As Pontes, que non contén ningún proxecto para rexenerar a ría e que non contén ningún proxecto para a restauración e posta en valor do patrimonio



arqueolóxico, histórico e monumental da comarca ou do noso patrimonio natural. Voume deter nisto un par de minutos.

No litoral do concello de Ferrol e do concello de Narón existe un patrimonio arqueolóxico de grandísimo valor, situado moi preto das praias de Doniños, de Santa Comba, de Ponzos e de Campelo, que configuran unha paisaxe impresionante. Unha zona moi valorada por todas as persoas da comarca que nos identificamos profundamente con esas praias e con ese patrimonio histórico, paisaxístico e natural. Nesta zona atópanse as mámoas de Brión, na parroquia do mesmo nome, e os castros de Lobadiz, en Doniños, de Santa Comba, en Covas, na zona onde está a ermida do mesmo nome, ou o castro de Vilasuso, no Val. Este último, por certo, propiedade da Xunta de Galiza, en moi mal estado de conservación e que xa ten sido obxecto de reclamacións por parte da Asociación de Veciños do Val, para que polo menos limpen a zona. E tamén no Val, a escasos cen metros do castro, está a pena Molexa, un monumento megalítico e absolutamente único.

Todo este patrimonio está en ruínas, cando podería ser unha fonte de riqueza importante se a Xunta apostara por restauralo e poñelo en valor. Máis aínda se, por exemplo, se constituíra ou habilitara un centro de interpretación para contextualizar correctamente todo este patrimonio e divulgar a nosa historia, que podería situarse —poño por caso— no barrio de Ferrol Vello e aproveitar a súa instalación para rehabilitar novos espazos deste barrio medieval de Ferrol.

A rehabilitación dun barrio histórico, a rehabilitación de patrimonio arqueolóxico e a posta en valor e divulgación da nosa historia; o que, ademais de ser unha fonte de riqueza, serviría para brindarlle a vostede a oportunidade de aprender que Ferrol non naceu no século XVIII.

O mesmo podería dicirse do mosteiro de Santa Catalina, en Ares, e do mosteiro de Monfero, do mosteiro de Caaveiro, no corazón das fragas do Eume ou do camiño a Santo André de Teixido. Un patrimonio histórico e natural absolutamente monumental que, ademais, fai referencia a períodos da nosa historia de gran transcendencia e que está tamén totalmente en ruínas. Pero disto o seu pacto de estado non di nada de nada, cando é unha evidencia o seu potencial e a necesidade de abordar a súa posta en valor.

O seu pacto de estado tampouco di nada sobre ampliar a Rede Natura; esa figura de protección dos espazos naturais, especialmente valiosos, que estaba prevista, mais que vostedes suspenderon *sine die*. Unha ampliación que aumentaría o territorio protexido nas fragas do Eume, no río Xubia ou na costa Ártabra. De nada disto fala o seu pacto de Estado por Ferrol, nin de recuperar capacidades industriais no sector naval, nin de impulsar un centro tecnolóxico para o naval, un centro de I+D+I para almacenamento de enerxía nas Pontes, nin de rexenerar a ría, nin de actuar sobre o noso impresionante patrimonio.

O seu pacto de estado é simplemente un pacto do silencio sobre a inacción do Goberno de Feixóo. Silencio sobre a falta de ambición do Goberno de Feixóo, silencio sobre a falta de implicación do Goberno de Feixóo co futuro da comarca de Ferrol e silencio sobre a súa renuncia a exercer as súas competencias e fixar todos os focos —iso si— sobre a inacción do Goberno do Estado. Un pacto de estado para non tocar precisamente aquilo que podería sig-



nificar un cambio real na comarca: poñer Navantia a producir, rachando coas restricións; facer das Pontes un pobo industrial arredor da enerxía; rexenerar a ría de Ferrol, e poñer en valor o noso patrimonio histórico e natural.

Mais no canto de actuacións concretas nestes ámbitos, ¿que propoñen vostedes?, ¿cal é a única proposta que está realmente nas súas mans? Crear unha delegación da Xunta de Galiza en Ferrol. Chámenme mal pensado, pero a cousa pinta a que esa delegación non vai ser outra cousa que unha plataforma para impulsar un candidato do PP á alcaldía de Ferrol. Unha plataforma pagada —iso si— con cartos públicos. *(Aplausos.)* Unha plataforma pagada por todos e todas na mellor das tradicións do Partido Popular: os cartos públicos ao servizo do partido.

Veremos en que queda a cousa.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Señor Fernández Alfonso, é difícil máis demagogia en dez minutos.

Vostede quere que Navantia Ferrol compita con Asia no mercado civil. É así, ¿non? É o que di, ¡cos soldos de Asia! ¡Vostede está de broma, señor Fernández Alfonso! ¡Está de broma! *(Risos.)* O seu sectarismo impídelle dicir a verdade.

Navantia é un estaleiro centrado fundamentalmente no militar, no que si somos competitivos, porque no civil deixamos de ser competitivos hai décadas, e vostede sábeo. O que pasa é que o seu sectarismo e o seu dogmatismo lle impiden recoñecelo. *(Aplausos.)* Esa é a verdade. ¡Déixese de mámoas! Que como cortina de fume non está nada mal.

A súa si que é unha intervención de cara á galería, porque o responsable da situación dos estaleiros públicos da ría de Ferrol é o seu socio, que goberna nos concellos, nas deputacións... ¡Claro que dan coa cabeza porque é a verdade! Cos que gobernan en todas as partes.

Vostedes na asemblea da pasada fin de semana tomaron dúas decisións: a primeira, con respecto ao independentismo, disimular, e a segunda, con respecto ao Goberno Sánchez, ver, oír e calar. Ese si que é o pacto de silencio que teñen vostedes co PSDG-PSOE e co Partido Socialista. *(Aplausos.)* Vostedes non son útiles para Galicia, só son útiles para vostedes mesmos.

Señor Arangüena, entendo que non é unha boa semana para discutir con vostedes, porque se se fan trampas entre vostedes, ¿como non van vir aquí facernos trampas a nós mesmos?



Resulta que se nos acusa de que paralizamos non sei que contratos para darlle non sei que ao señor Morenés. Vostede non le o periódico porque senón non diría iso. A semana pasada publicaba a prensa que quen adxudicou contratos á empresa do señor Morenés foi o seu goberno, o Goberno socialista, hai exactamente quince días. (*Murmurios.*) ¡Vergoña tiña que darlle vir a esta cámara mentir, señor Arangüena, mentir! Pero se se enganan entre vostedes, ¿como non nos van tratar de enganar a nós? (*Aplausos.*)

A vostedes preocúpanlles as perdas de Navantia. Navantia deu perdas en moitísimos momentos da súa historia; cando era Navantia, cando era Izar, cando era Bazán deu perdas en moitísimos momentos. A nós o que nos preocupa é o emprego. Vostede vese que é contable dunha grande empresa e o que lle preocupan son as perdas. Pois a min, como representante de Ferrol, o que me preocupa son os empregos, eses centos e centos de traballadores que perderon os seus postos de traballo.

Resulta que vostede vén aquí e é capaz de culpar a Xunta da situación de Barreras, que é un estaleiro cento por cento privado, e non asume a responsabilidade do Goberno de España sobre a situación de Navantia, que é cento por cento público do Goberno de España. É vostede un trileiro, e o seu partido soporta teses que son indefendibles nunha cámara que representa a democracia no noso país. (*Aplausos.*)

Señor Arangüena, todas as reconversións navais da historia de Ferrolterra dende os anos oitenta foron protagonizadas por gobernos socialistas, de aí a perda de poboación. Antes de que chegasen vostedes ao Goberno de España, Ferrol camiñaba cara aos cen mil habitantes. ¿Por que? Porque en Ferrol había uns estaleiros que daban moita carga de traballo, estaleiros públicos dependentes do Goberno de España. Polo tanto, son vostedes responsables desa perda de poboación de Ferrol dende a década dos oitenta. ¿Por que? Porque vostedes acabaron cun sector que era tremendamente florecente.

O PP salvou en distintos escenarios históricos os estaleiros da ría de Ferrol. Fixémolo no ano 2001 creando Izar, cando os estaleiros públicos estaban en quebra técnica, e volvemos facelo no ano 2011, cando chegamos ao goberno, porque o Goberno do señor Rodríguez Zapatero deixou o estaleiro sen contratos durante os seus últimos cinco anos á fronte da Presidencia do Goberno. ¿Que fixo Mariano Rajoy? Entre os anos 2014 e 2018 conseguimos carga de traballo nos estaleiros da ría de Ferrol por valor de 1.900 millóns de euros, señor Arangüena.

Reabrimos Astano, o antigo Astano. ¡Reabrimolo nós! Tiña un veto produtivo e quen decidiu pechar ese estaleiro foi un goberno socialista. Reabrimolo nós coa eólica mariña, e aí hai catrocentos millóns de euros en contratos, en pedidos e traballadores nun sector que dende logo ten moito futuro.

E, por último, sobre as fragatas F-110. Desenvolvemos nós o proxecto, e vostedes o que fixeron foi paralo dende o ano 2018. ¡Asuma a realidade! Mal que nos pese a todos, vostedes gobernan en España dende xuño do ano 2018. Polo tanto, a situación do naval na ría de Ferrol dende o ano 2018 ata este novembro de 2021 é responsabilidade exclusiva, ¡exclusivísima!, do Goberno do seu partido.





Por iso é normal que vostede teña que subir a esta tribuna e, en vez de falar do sector naval na ría de Ferrol, teña que falar da AP-9 e de non se sabe de cantas cousas máis falou. Debería darlle vergoña porque vostede é deputado tamén con votos de moitos ferroláns... De moitos non, dalgúns ferroláns, (*Risos.*) que votaron o Partido Socialista, e vostede vai na mesma pa-peleta que os representantes de Ferrol. Quizais por iso o Partido Socialista aquí non ten representantes de Ferrol.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E quizais por iso vostedes son a terceira forza política deste parlamento. Sigán así e acabarán como As Mareas, sendo un partido extraparlamentario. Deixen de traizoar a Galicia. Deixen de traizoar a Ferrol.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ¿Non aprenderon nada destes anos? Vostedes traizoaron a Ferrol para facerlle a pelota ao señor Pedro Sánchez, e ao final o señor Pedro Sánchez...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...elixiu a alguén que estaba disposto a ser máis submisivo que vostedes e elixiu ao señor Valentín González Formoso.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado. Xa rematou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán, sobre a consecución polo Goberno galego dun pacto pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Señor Tellado, para preocuparlle tanto Ferrol non deixa de falar nada máis que do Partido Socialista. É unha lástima.

Presentamos esta iniciativa ante a grave crise industrial que está a vivir Galicia e a pasividade dun Goberno galego que ten as competencias en materia industrial que lle atribúe en exclu-



siva o Estatuto de autonomía, pero prefire quedar estático e disparar contra o Goberno do Estado, antes que xestionar para intentar recuperar un deteriorado tecido produtivo.

O balance da política industrial do Goberno galego nos últimos trece anos é claramente negativo. Fagamos un pequeno percorrido polo noso territorio:

En toda Galicia, as explotacións agrarias están en situación de gravidade extrema, perdendo cartos ao vender por debaixo dos custos de produción, sobre todo, no sector cárnico, pero tamén no lácteo. Un sector que supón o 40 % da produción estatal, pero só aporta un 11 % da facturación estatal.

Se falamos do sector forestal, a pesar de que Galicia supón o 50 % da produción de madeira en toda España, só aportamos o 13 % da renda estatal.

O futuro de Ence, no aire, cunha Xunta de Galicia que semella sentirse cómoda, favorecendo o peche por non ter capacidade de ofrecerlle alternativas de espazo físico a unha empresa que non poderá no futuro continuar na súa localización actual por sentenza xudicial.

Temos a Mariña lucense sufrindo unha profunda crise industrial cunha Alcoa que sobrevive grazas á forza dos seus traballadores, dos seus representantes municipais e das accións do Estado para evitar o peche; e unha empresa como Vestas cun peche anunciado, sen que a Xunta poña en funcionamento os mecanismos necesarios que manteñan a produción en Viveiro.

Se miramos cara a Ferrolterra, a única política que se lle ocorre ao Partido Popular é traer unha vez ao mes unha iniciativa na que se lle pide a Navantia a construción dun BAM, e facer unha carta aos Reis Magos —iso é o que fan, señor Tellado— sobre o que outros deberan facer nesta comarca, pero pola súa parte de iniciativas cero.

Mentres isto sucede, pechan Gamesa Siemens e o vicepresidente loce como paralizan o sector. Aínda non entenderon que consiste en planificar o territorio, e non en paralizar.

Nas Pontes estiveron esperando ata o día de hoxe para a sinatura do Protocolo de convenio de transición enerxética. A única comunidade de toda España que aínda non asinara este acordo.

En Ourense, nin están nin se lles espera. ¡Para que falar da industrialización desta provincia!

Na comarca da Coruña, Alu Ibérica sen solucións e cunha Xunta que non fixo nin fai nada ao respecto. A refinería, sen políticas públicas de aposta por diversificar as actividades que axuden a manter o seu futuro nun mundo en período de descarbonización.

Na Costa da Morte son incapaces tan sequera de facer cumprir unha sentenza xudicial que obriga a manter o emprego en Xeal para seguir xestionando a actividade hidroeléctrica.

O naval privado de Vigo, con empresas como Barreras, Metalships ou Vulcano, cunha terrible crise e sen atopar o apoio da Administración autonómica. O sector do automóbil ve como a



crise dos microchips pecha liñas de produción na antiga Citroën, e con elas centos de empregos, e a Xunta non fai nada de nada por apoiala. Señor Tellado, etcétera. *(Aplausos.)*

Pero a crise tamén a ratifican os datos oficiais que vostedes mesmos publican. Galicia con Feijóo perde peso no conxunto da industria española, tanto en termos de volume de produción como en termos de emprego. A análise do valor engadido bruto das industrias extractivas, manufactureiras e de enerxía mostra un descenso continuado do seu peso no valor engadido bruto total, cunha perda de peso de arredor do 0,2 % anual.

Na lexislatura pasada, o índice de produción industrial diminuíu un 2,5 % en Galicia; seis veces máis que no conxunto de España, onde diminuíu o 0,4 %. Pero no 2019, este índice tivo un comportamento especialmente desfavorable, xa que diminuíu un 5,6 %, mentres que en España aumentaba un 0,7 %.

En termos de emprego, dende que Feijóo goberna a Xunta de Galicia, o emprego industrial diminuíu un 11,1 %, mentres que en España descendeu catro veces menos. O emprego industrial galego no 2009 era o 7,1 % do conxunto de España, e dez anos despois é do 6,6 %, medio punto menos.

A política industrial da Xunta de Galicia nestes últimos anos foi o mellor exemplo da publicidade e propaganda como eixes de acción de goberno. Esta campaña publicitaria permanente reforzouse cunha batería de textos lexislativos, que permitían facer roldas de prensa pero non aportaban nada ao reforzo do tecido industrial en Galicia, sen instrumentar programas de innovación, programas de internacionalización e programas de mellora da competitividade industrial.

No 2015, o Goberno galego aprobou a Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0. As dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un vinte por cento do PIB galego e a creación de cincuenta mil novos postos de traballo na industria. Obvio dicir que o fracaso se amosa cuns obxectivos totalmente incumpridos.

Doutra banda, o Igape, que debiera de ser o principal axente público co que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, ao final ten unha xestión que resulta que foi e é moi deficiente. Cando as súas partidas económicas iniciais aparentemente aumentan, estas sofren despois fortes rebaixas, e a execución real do gasto nos sucesivos orzamentos é moi baixa. Así, no seu conxunto, dos 306 millóns que tiña o Igape para o trienio do 2016-2018, unicamente executaron 160 millóns; pouco máis da metade. Algo que non mellorou no 2019, no que orzaron 160 millóns e executaron só 71 millóns. Ou no último exercicio avaliado, 2020, onde orzaron 130 millóns e executaron o 70 % deles.

Resulta evidente que con estes datos podemos afirmar que o modelo dos gobernos de Feijóo na actividade industrial, no caso de que exista, non funciona. É imprescindible avanzar cara a novas vías de actuación na política industrial, especialmente no contexto actual de fragilidade crecente da economía internacional, multiplicado polos efectos da chegada da pandemia.



Ademais da incerteza do escenario económico internacional, temos as propias incertezas xeradas polo cambio tecnolóxico, que, sen dúbida, van afondar na necesidade de redefinir os mecanismos de actuación do ámbito público na actividade industrial.

A aparición de novas actividades e novas formas de produción obriga o ámbito público a reforzar esta transformación estrutural. O elemento central deste novo escenario da produción industrial debe de ser o coñecemento, que tería que conducir a nosa economía cara a unha maior produtividade.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+I, de apoio ao emprendemento e de estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas. É imprescindible un maior esforzo económico, pero este ten que vir acompañado dos obxectivos de minimizar as barreiras ao crecemento e de mellorar a produtividade e o tecido industrial. É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0, e aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea.

Necesitamos desenvolver unha estratexia galega de modernización industrial e competitividade, tendo en conta o noso contexto, no que estamos por debaixo da media europea en grandes empresas e temos un importante número de pemes que precisan axuda.

Os escenarios de competencia son dous ben diferentes: por un lado, fronte a aqueles territorios con altas taxas de investimento en I+D+I, e, por outro, con aqueles outros que teñen a vantaxe de baixos custos laborais e tamén ambientais.

Unha nova política industrial é necesaria, señor Tellado, xa que este sector resulta estratégico pola súa capacidade de xerar postos de traballo con mellores salarios, así como tamén unha maior calidade e estabilidade no emprego; un feito facilmente constatable ao observar como as comunidades autónomas cun maior peso da industria contan, á súa vez, con menores taxas de desemprego e unha renda media máis elevada. A dita reindustrialización debe de ser complementada con medidas que impulsen a transformación dixital, ademais da transformación ecolóxica con xustiza social.

Agora ben, para un obxectivo tan ambicioso, resulta imprescindible non só a vontade do Goberno, senón tamén a participación de todos os axentes que conforman a actividade industrial no noso país. É por iso polo que os socialistas galegos cremos necesario e imprescindible alcanzar un pacto galego pola industria, acordado entre todos os grupos parlamentarios nesta casa e mais as organizacións sindicais e empresariais, co fin de dar certeza ao sector e favorecer a atracción de novos investimentos. Un novo pacto para a reconstrución económica e social, que deba de ser negociado no Parlamento de Galicia e acordado tamén cos axentes sociais. Un pacto que permita unha rápida recuperación do sector e sentar as bases para unha nova política industrial.

Vostedes, señores do Partido Popular, deciden: ou queren falar co resto da sociedade sobre como vai ser o futuro da nosa actividade industrial, ou sigan ensimesmados mirando para Feijóo, e



non miren para o que está a pasar co traballo que hai agora en día coa industria e, sobre todo, co descenso acelerado que temos nun sector que con Feijóo vai camiño de desaparecer.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Seco.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señor presidente.

Efectivamente, o sector industrial na Galiza leva moitos anos sen máis que malas noticias. Os índices de produción industrial e de emprego industrial son públicos e coñecidos e marcan tendencias moi preocupantes. Do mesmo xeito que tamén son públicos e coñecidos os obxectivos que veñen proclamándose desde todas as institucións, tanto da Unión Europea, como do Estado español, como desde a propia Xunta de Galiza: o obxectivo de acadar un PIB do vinte por cento, ou o obxectivo de que o investimento en I+D+I chegue ao dous e medio do PIB.

E neste contexto, no que a distancia entre obxectivos declarados e obxectivos conseguidos aumenta dun xeito preocupante, desde o BNG vimos denunciando o escaso interese e os escasos recursos que a Xunta destina a salvar certas empresas senlleiras do ámbito industrial galego, que son empresas de gran tamaño e con grandes capacidades tractoras e que veñen sendo campións industriais, tales como as fábricas galegas de Alcoa, por exemplo, ou o sector naval de Vigo, os casos de Barreras e Vulcano.

Desde o BNG vimos lanzando propostas reiteradamente para que a Xunta se implique no rescate e impulso destas grandes empresas; sempre todas rexeitadas. Isto representa unha contradición evidente entre o que se di e o que se fai por parte da Xunta de Feixóo.

E chama a atención, en certa maneira, diante do consenso, do acordo unánime que existe ao redor do importante que é para calquera país contar con grandes empresas, con estes campións industriais, por moitas razóns, entre elas o efecto tractor que teñen sobre a economía en xeral, pola capacidade que teñen para xerar economías de escala, polos recursos que destinan estas empresas a I+D+I, pola súa capacidade para implicar a moitas pequenas e medianas empresas nas súas innovacións e tamén pola estabilidade do emprego e o nivel salarial que habitualmente teñen estas empresas.

Sobre a situación de Barreras, remítome a unha crónica que precisamente hoxe publica o *Faro de Vigo* e que titula «Rocambolesco crack de Barreras», a cal remata dicindo que o estaleiro en vez de barcos leva anos facendo carambolas.

Efectivamente, leva anos en mans de aventureiros, con intereses e obxectivos que nada teñen que ver cos que deben presidir un proxecto empresarial con vocación de permanencia. Os



intereses que puidera ter Pemex, os máis opacos, vanse aclarar e dirimir no xulgado: as causas abertas, por corrupción, contra os administradores da empresa, jaquelas fichaxes do presidente Feixóo para salvar Barreras! O interese de Ritz Carlton era exclusivamente salvar o seu barco, algo que era evidente para todo o mundo en Vigo, pero non curiosamente para a Xunta de Galiza.

Barreras precisa estabilidade, precisa un proxecto sólido, e precisa que esa solidez se note; precisa de alguén que tome a iniciativa, que sexa quen de artellar un proxecto industrial para o estaleiro e que saiba lanzar as mensaxes correctas: que se acabaron as aventuras e que hai un proxecto sólido, a longo prazo; que lles xere confianza tanto á industria auxiliar, como aos armadores, como ás institucións de crédito.

Os estaleiros operan nun sector moi complexo, moi delicado, sometido a fortes tensións entre clientes e provedores, e con grandes dificultades para financiar uns contratos que superan con moito o seu capital social. Así que, sendo realistas, a día de hoxe a única posibilidade de concretar un proxecto para Barreras destas características, sólido, estábel e que xere confianza, é que a Xunta se poña á fronte. A Xunta de Galiza, o Goberno de Feixóo, ten que decidir se quere un futuro para Barreras, e o Goberno do Estado ten que acompañar un proxecto galego para Barreras.

En canto á situación da antiga Vulcano, o certo é que o Partido Popular, na Autoridade Portuaria de Vigo, segue a poñer atrancos, atrancos e confusión. E isto non é xeito de fomentar unha actividade industrial tan complexa —insistimos— como a construción naval.

As fábricas galegas de aluminio están tamén nunha situación moi delicada; a da Coruña, en particular, está directamente na UCI. Certamente, unha solución definitiva para estas fábricas depende de dous factores:

O primeiro resolver o problema do prezo da electricidade; un problema que a día de hoxe xa transcendeu do ámbito industrial e xa é un problema para todo o mundo, para particulares, pequenas empresas e grandes industrias. Tamén respecto do prezo da electricidade, o BNG trouxo reiteradamente varias iniciativas, igual que as levamos ao Congreso dos Deputados; algunhas delas teremos ocasión de discutilas de novo esta mesma tarde. A ver se aceptan algunha. Pero, en todo caso, a actitude da Xunta de Galiza, deste goberno de Feixóo, limitándose a acusar co dedo e sen implicarse en ningunha solución, non ten xustificación ningunha.

A crise da fábrica de Alcoa na Coruña, hoxe Alu Ibérica, é outro caso paradigmático, cunha Xunta incapaz de liderar un plan industrial que garanta a continuidade da actividade e do emprego, mentres se limita a sinalar culpábeis a todo o seu redor.

A situación que o peche da térmica das Pontes vai provocar tanto na localidade como na comarca, cun impacto no emprego estimado pola Universidade da Coruña en mil catrocentos postos de traballo, tampouco está a ser obxecto de especial atención por parte da Xunta de Galiza.

Desde o BNG, somos moi críticos con esta transición enerxética, que está a demostrarse errática e que carece das necesarias medidas de acompañamento para evitar que se converta



na puntilla dun sector industrial galego que xa viña arrastrando unha grave crise. Mais esta súa política de non facer nada e agardar a que as cousas pasen por si soas —que segundo comentan era a marca da casa de «M. Rajoy»—, o único que fai é agravar os problemas.

Hai cousas que a Xunta pode facer, iniciativas que a Xunta pode impulsar. O BNG tamén trouxo propostas neste sentido, como a constitución dun centro de I+D+I para o almacenamento de enerxía, que é un ámbito chave precisamente no actual contexto de cambio de modelo enerxético; centros coma este xa existen con grande éxito en Euskadi ou veñen de anunciarse en Estremadura. Centros coma este que propón o BNG van servir para constituír ao seu redor polos industriais relacionados coa enerxía, grazas ao coñecemento sobre este ámbito que neles se vai xerar.

Desde o BNG entendemos que Galiza precisa como auga de maio un pacto galego pola industria, un pacto feito sobre dous obxectivos que a día de hoxe están en diferentes planos. O primeiro sería o rescate daquelas empresas ou sectores en crise —un pacto galego pola industria non pode dar por perdido un tecido industrial que é vital para o noso país—, e un segundo obxectivo sería a promoción e o impulso de iniciativas para outros sectores importantes do país mais que contan con potencial para consolidarse, para medrar, ou mesmo para recuperar ou relocalizar actividades no noso país. Estou a falar de impulsar un proxecto propio para o sector galego da automoción, de iniciativas encamiñadas a reducir a dependencia actual dun único gran fabricante e a dependencia das cadeas internacionais de subministración, procurando asentarse na Galiza fábricas de baterías e outros compoñentes críticos, como poden ser os semicondutores.

Por suposto, recuperar a construción naval civil na ría de Ferrol ten que ser un obxectivo de calquera goberno galego —non vou abondar nisto, que xa defendemos na anterior iniciativa—, do mesmo xeito que recuperar a industria téxtil ten que ser tamén outro obxectivo. É certo que os niveis de negocio deste sector son impresionantes polo efecto de ter Inditex a súa sede na Galiza, mais os datos de emprego describen perfectamente a realidade do sector, que perdeu durante os anos de goberno de Feixóo máis dun terzo do total de postos; un emprego maioritariamente feminino e que era a actividade principal de certas comarcas.

A industria da madeira é un sector tamén chave para o noso país. Un correcto desenvolvemento deste sector axudaría non só á creación de emprego e de riqueza —sobre todo poñendo a atención en pechar os ciclos produtivos no país—, senón que tamén axudaría a mellorar a política forestal da Xunta rachando co monocultivo e valorizando outras especies de maior valor.

A industria da alimentación ou a da pedra tamén son sectores importantes da nosa economía con diferentes graos de desenvolvemento, de integración de valor e de introdución nos mercados internacionais.

En definitiva, dous ámbitos: rescate de empresas industriais en crise e impulso de sectores industriais con potencial para consolidarse e medrar.

E, para finalizar, remato indo ao principio da miña intervención. Hai xa moitos anos que o sector industrial galego non recibe máis que malas noticias. Desde o BNG temos que mani-



festar con claridade que a última mala noticia —moi mala noticia— son os actuais orzamentos da Xunta de Galiza, uns orzamentos que continúan na súa política de non intervención, unha política que foi a seguida durante todos estes anos de goberno de Feixóo e que, dun xeito evidente, é responsábel, ou corresponsábel, da destrución de emprego e do tecido industrial.

Chamámolos a poñer da súa parte, a rachar con inercias que se veñen manifestando terribéis, e a impulsar un gran pacto galego pola industria.

E señores do PSOE, derroguen dunha vez por todas a reforma laboral do Partido Popular, porque onte, se non chega a ser polo carácter dos traballadores e traballadoras de Vestas, teríamos botado o peche a unha nova empresa no noso país.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Alfonso.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** *Bueno, nada nuevo bajo el sol.* O BNG segue insistindo nese branqueo permanente de todo o que fai o Partido Socialista, os seus socios de goberno. ¡Innovaron de coidado nesa asemblea da fin de semana! Vén vostede cunhas receitas fantásticas: nacionalizar empresas e a tarifa eléctrica galega, que, como todo o mundo sabe, sería ilegal no contexto comunitario no que nos movemos, e que sería en calquera caso un negocio ruinoso para Galicia.

Máis atrevido é falar do sector da madeira, señor Fernández Alfonso, despois de ser os principais artífices do intento de pechar Ence en Galicia. Esa é a realidade. ¡Hai que ter valor para vir falar aquí do sector da madeira, do sector forestal! ¡Vaia cara!, ¡vaia cara! (*Aplausos.*)

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Señor Seco, logo de escoitalo, o resumo da súa intervención é claro: os pirómanos veñen explicarlles aos bombeiros como apagar un lume. Unha cortina de fume, iso é a súa intervención. Vostede sabe, igual ca min, que a política enerxética do Goberno de España está provocando unha crise industrial non só en Galicia senón en toda España, e que nesas nos atopamos. E, polo tanto, vén aquí a dicirlle á Xunta o que ten que facer en materia industrial. ¿Sabe o que hai que facer? ¡Pedirlle ao seu goberno en España que quite as mans da política enerxética e que deixe de pechar empresas! Porque iso é o que nos está sucedendo nestes momentos.

Mire, cada vez que vostedes falan de industria, aquí en Galicia e tamén no resto de España pecha unha empresa. As políticas industriais e de transición enerxética do Goberno de Pedro Sánchez están supoñendo a destrución do tecido empresarial galego e a posta en perigo de quince mil postos de traballo, ¡quince mil postos de traballo! Alcoa, Alu Ibérica, Siemens Gamesa, a central térmica das Pontes, Meirama, Ence, Vestas... ¿Quere que siga co relato de





empresas ameazadas pola política enerxética do seu goberno? O goberno socialista está condenando a industria galega por acción e por omisión, ¡e veñen aquí ofrecer un pacto pola industria! ¿De verdade? ¡Os pirómanos queren ensinar a apagar o lume! Ese é o resumo da súa intervención.

Son as políticas industriais do Goberno as que están provocando situacións como a de Vestas, Alcoa e As Pontes. Son as políticas industriais do seu goberno, do Goberno de España, as que están destruindo o tecido empresarial galego e abandonando a nosa industria. Son as políticas industriais do Goberno as que están provocando que o prezo da luz suba para todo o mundo: para os cidadáns, para os consumos domésticos, para as pequenas e medianas empresas, e tamén para a grande industria. É a política enerxética do Partido Socialista, errática e irresponsable, a que nos leva a isto. Para vostedes ¿é esta a «transición xusta»? ¿así o entenden? Porque non é transición, en ningún caso, nin moito menos xusta.

Falaba vostede agora dese plan que tiñamos que firmar para dotar de fondos as áreas afectadas pola «transición inxusta» do seu goberno; pero, despois de tantas escusas por parte do Goberno de España, ¿sabe cantos fondos ten ese plan? Ten 90 millóns de euros para toda España. Déixense de rir da xente.

Os camioneiros que transportaban o carbón dende o porto exterior de Ferrol ata a central térmica das Pontes perderon o seu traballo hai ano e medio, ¡ano e medio! ¡Estiveron ano e medio sen traballar! ¡E vostede vén aquí sacar peito da transición ecolóxica! De verdade, hai que deixarse de tomarlle o pelo á xente.

Somos plenamente conscientes das dificultades que atravesamos a industria galega, somos perfectamente conscientes de quen as provoca e de por que. Porque vostedes queren poñerse a medalla de ser o goberno máis ecoloxista, e no camiño están deixando sen traballo a moitísimos traballadores, pero dálles igual.

¿Que lle queda das siglas ao Partido Socialista Obrero Español? Pois quedaralle o «p» de partido, porque «partidos» si que están, pero do demais, nada. Esa é a realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Si, que chiste! ¡Que chiste para a xente que perdeu o seu posto de traballo!

E veñen vostedes aquí con soflamas, con slogans. Déixense de tomarlle o pelo á xente. A industria galega non necesita un pacto, necesita que dende o Goberno central se deixe de atacala, necesita que o prezo da luz sexa razoable, necesita un apoio directo do Goberno de España en vez dun goberno que afoga permanentemente a todas as empresas. As empresas non marchan de Galicia, marchan de España; porque non confían nin cren no Goberno que temos. Esa é a realidade. E vén vostede aquí con cortinas de fume, pedindo exactamente ¿que?

Eu o que lle digo é que, dende logo, non conte con nós para branquear a cara do Goberno de España. Claro que nós firmamos ese pacto para que cheguen fondos ás comarcas do Eume e de Ferrolterra, claro que firmamos ese acordo. Pero nós non compartimos o peche da central térmica das Pontes, que é unha decisión política do Goberno de España e do seu Goberno,



avalada polo Partido Socialista, polo PSdeG PSOE e tamén polo Bloque Nacionalista Galego. ¿Por que veñen aquí dicir que están preocupados polos traballadores que perderon os seus postos de traballo? Vostedes son cómplices da acción dese goberno. Son tan responsables dende o Bloque Nacionalista Galego como dende o PSdeG PSOE.

No debate do estado de Autonomía, o presidente da Xunta anunciou unha axenda industrial para a nosa comunidade e pedímoslles que se sumasen a esa iniciativa. E vostedes viñeron aquí con este pacto pola industria. Non, vostedes o que queren é un pacto de silencio, que deixemos de criticar o goberno que está provocando esta crise.

Mire, nós imos desenvolver unha axenda industrial galega e agardamos que sexa apoiada non só polo diálogo social senón tamén polos partidos da oposición. E a primeira forma de apoiala é coincidir no diagnóstico.

É que ¡manda truco! Acabamos de escoitar o señor Arangüena, que responsabiliza a Feijóo da situación de Barreras, ¡pero non asume ningunha responsabilidade do Goberno de España sobre a situación de Navantia, que depende cen por cento do Goberno de España! ¡Deixen de tomarlle o pelo á xente!, ¡deixen de tomarlle o pelo á xente! Veñen aquí permanentemente lavar a cara do Goberno de Pedro Sánchez. Pero ¿non se deron conta de que non serve para nada, de que lles acaban de pegar unha patada no cu por ser o PSdeG PSOE o máis submiso á dirección de Ferraz —porque sempre hai quen poida ser máis—? Aquí ao final, cando todos os que estamos aquí deixemos de ser deputados, o importante será poder saír á rúa, mirar á xente e poder dicirlle que dende o noso escano traballamos para que á xente lle fose mellor e para defender os intereses de Galicia, non para defender unhas siglas ou un personaxe. Porque eu creo que nin sequera vostedes defenden as siglas do seu partido, vostedes defenden única e exclusivamente un personaxe que grazas a ese «manual de resistencia» conseguiu converterse en presidente do Goberno de España. É así.

E vostedes veñen aquí ¿a falar exactamente de que? ¡Se o seu partido e o seu goberno son os culpables da situación que atravesamos a industria, non só a galega, a de toda España! Porque os mesmos problemas que ten a industria galega temos a industria en Castela e León, en Castela-A Mancha, en Extremadura, en Andalucía, no País Vasco e en Cataluña. Son vostedes un problema para os españois e para os traballadores.

Polo tanto, nós o que lles pedimos é que se sumen a esa axenda industrial que anunciou aquí o presidente. Nós presentamos unha proposta de resolución en favor desa axenda galega. ¿Sabe o que fixeron? Votar en contra, iso é o que a vostedes lles preocupa a industria galega. Vostedes veñen aquí lavar a cara, pero a realidade é que todo o mundo ten claro quen é o responsable de cada cousa. Porque aquí non hai unha crise industrial, hai unha crise enerxética que está afectando a nosa industria.

¡E vén vostede aquí falar de Alcoa! ¡Pero se o problema de Alcoa o puideron resolver vostedes hai xa dous anos e non o fixeron! E a culpa da situación de Alcoa ¿é de Feijóo? Pero ¡de verdade! Señor Seco, non se pode ter tanta cara política, ¡non se pode ter! Asuman as responsabilidades. Seguro que a Xunta pode facer máis, que a Xunta ten que facer máis, pero empezemos por un bo diagnóstico. Non veñamos aquí a enganar, non veñamos aquí a men-



tir, hai unha política enerxética errática porque un goberno quere dicir que é o máis verde de toda Europa. E non é o máis verde, é o máis parvo. ¿Sabe que ocorre? Que, como ao Goberno non lle ten consecuencias directas, lle dá igual, porque quen paga as consecuencias desa política enerxética errática son os traballadores que perden o seu posto de traballo.

¡E vostede vén aquí pedir un pacto pola industria! ¡Empece por recoñecer cales son os problemas e de onde parten! E poderemos chegar a un bo diagnóstico e a buscar solucións entre todos, e a exixirlle ao Goberno de España que cese nesas políticas enerxéticas que son equivocadas. E mentres, o BNG di que é máis nacionalista ca ninguén, que Galicia lle preocupa máis cá ninguén. A vostedes o único que lles preocupa é o seu propio escano e poder estar dezasete ou dezaioito anos máis, como a señora Pontón. Esa é a triste realidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Seco García.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

¿Sabe o máis importante que vai pasar despois de saír da política, señor Tellado? Claro que é importante mirarlle á xente á cara despois de intentar facer o mellor traballo para os galegos e as galegas, e ir vivir cada un do seu traballo, non esperar ningunha porta xiratoria dun amigo a ver se nos soluciona a vida. *(Aplausos.)*

Vostede fala dunha suposta axenda galega que só vostedes coñecen pero, se ao final vai ser como a Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0, imos bos. Imos bos como cando prometían un vinte por cento do PIB da industria galega e, nada máis e nada menos, que cincuenta mil novos empregos neste sector.

Eu xa esperaba escoitar os seus mantras, señor Tellado; os seus mantras repetidos día a día ata a saciedade: o mal de todo o sector industrial é o malvado Pedro Sánchez e o actual prezo da enerxía. A miña pregunta é: ¿por que a crise industrial tiña tanto calado en 2020 tendo os prezos da enerxía coas cotas máis baixas dos últimos anos, señor Tellado? ¿Por que estabamos tan mal industrialmente en 2020? ¿Por que introducen unha iniciativa que pide convocar de inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a adquisición das empresas electrointensivas —unha próxima proposición que se vai debater— e logo fan moratorias na instalación de enerxía eólica? De verdade, é un auténtico despropósito o que vostedes presentan en materia industrial enerxética.

A pesar da súa política de propaganda nos medios de comunicación, que por certo pagamos todos os galegos e as galegas, a industria galega esmorece. Co seu goberno vostede dicía algunhas das que estaban en perigo, eu voulle dicir as que caeron: R, Vulcano, Alcoa, Isowat, Alfageme, Barreras, Poligal, Perfialsa, Caramelo, Conservas Cuca, Pescanova, Emesa Trefilería, Siemens Gamesa etcétera. Con vostede, señor Tellado, apoiando o Goberno de Feijóo.



¡Poden vir vostedes aquí sacar peito da política industrial do señor Feijóo! Porque nós simplemente estabamos falando de sentarnos por un pacto galego pola industria, e nin tan sequera son capaces de comprometerse a iso.

Hai unhas datas falabamos con membros do Comité de Empresa de Barreras e con representantes sindicais da comarca de Vigo de cales son as contribucións do Goberno galego para asentar a produción dos estaleiros privados do sur de Galicia ante unha situación como a actual, na que Metalships, Vulcano e Barreras están sen carga de traballo. ¿Cales son as actuacións da Xunta de Galicia, señor Tellado? ¡Nada!, absolutamente nada. Está renunciando a desenvolver as súas competencias industriais e exercer de polo tractor deste sector, cando é máis necesario que nunca para poñer encima da mesa un plan de recuperación para o sector naval en Vigo.

¿Onde está o Goberno galego ante as posibilidades que ten Galicia no sector eólico? Pois paralizado pola súa absoluta incapacidade de planificar o noso territorio. Ante a lexítima reivindicación da cidadanía galega, a súa solución é optar por paralizar o sector sen que se poidan desenvolver actividades e, polo tanto, poñendo en risco as empresas do sector que dan miles de postos de traballo en Galicia. Xa pechou Gamesa e, por desgraza, Vestas vai no camiño tamén de pechar.

¿Que solucións presentan ao anunciado peche de Vestas, en Viveiro, máis aló da crítica continua ao Goberno do Estado, cando vostedes non están a aportar nada, absolutamente nada, para evitar o seu peche?

¿E que dicir das resolucións da Comisión de Reactivación? Foi unha decepción absoluta visualizar o ditame que trouxo o seu grupo para reactivar o sector da industria, un conxunto de medidas destinadas a facer política partidista con respecto ás reivindicacións que lle fan ao Goberno do Estado e ningunha idea novidosa nin actuación interesante da Administración autonómica en materia industrial, coa que está caendo en Galicia nesta materia.

É lamentable ver a incapacidade dun Goberno galego completamente superado polas competencias que debería exercer e das cales prefire escapar. Cando se fala do futuro da fábrica de aluminio de San Cibrao —da que vostede fala moi habitualmente— actúan como se fosen meros espectadores ou como se non tivesen competencias, observando e comentando o que fai ou deixa de facer o Goberno do Estado como se fosen comentaristas políticos e non xestores, cunha deslealdade impropia de quen apostou por non facer nada pero polo menos podería apoiar a quen intenta salvar a actividade e o emprego na fábrica. Ou como na problemática que viven os traballadores de Alu Ibérica, na que non estiveron na busca de solucións cando Alcoa a quería pechar, nin están agora cando se evidencian as intencións dos novos investidores. En Xeal, a antiga Ferroatlántica de Cee e Dumbría, son incapaces de garantir un emprego mínimo para as plantas como establece a sentenza do Tribunal Superior. E na central das Pontes foron incapaces de programar unha transición enerxética xusta ante o proceso de descarbonización, e agora son incapaces, ata o día de hoxe, de firmar o convenio de transición que necesitan o pobo pontés e Meirama.

¡Póñanse a traballar! Dende o noso grupo volvémoslles ofrecer un pacto pola industria. Na súa man está coller o ofrecemento ou seguir cunha estratexia errada que conduce á desapa-



rición do sector industrial en Galicia, agás no que corresponde a algunha multinacional que non depende para nada da súa administración.

Non pedimos ensoñacións nin obxectivos irrealizables, só pedimos que senten co resto das forzas políticas e sociais para facer un gran pacto que nos involucre a todos e que vostedes deberan capitanear. Unha vez máis, decidan se van facer política e xestionar —como lles pediron a maioría dos galegos e das galegas nas urnas— ou seguir con esa política de propaganda e de agresión ao Goberno do Estado que non conduce a nada máis que á desesperación e á perda de postos de traballo na industria, e a elevar as opcións populistas, que acabarán sacando réditos da súa incompetencia, señor Tellado.

Polo tanto, dean máis solucións, deixen de falar de cuestións que non lle interesan a ninguén, menos chascarrillos con respecto aos demais e póñanse a traballar para conquistar que a industria sobreviva en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Seco García.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, activar unhas políticas transversais para acadar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, promover o investimento en I+D+I e implicarse no Pacto verde europeo**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marisol Díaz Mouteira, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

*1º) Aprobar a declaración ante a emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia, sexa cal sexa a súa cor política, para facer fronte a esta emerxencia que ameaza o noso futuro individual e colectivo.*

*2º) Comprometerse a activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de goberno, para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática non máis tarde de 2050, de non ser posible facelo antes dende o punto de vista técnico e económico.*



3º) *Promover o investimento en I+D+i en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.*

4º) *Revisar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 para adaptala á consecución dos obxectivos de redución do 55% de GEI (gases de efecto invernadoiro) no 2030, tal e como marca a Comisión Europea.*

5º) *Implicarse activamente no Pacto verde europeo e nos obxectivos de redución do 55% de GEI, promovendo decididamente a transición ecolóxica xusta e a integración de Galicia na nova economía verde.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Estase celebrando nestes mesmos momentos a Cop26 en Glasgow, é dicir, a Vixésimo Sexta Conferencia das Nacións Unidas sobre o cambio climático. Nela decídese que reposta vai dar a humanidade, a comunidade internacional, ao maior problema que ten hoxe para a súa supervivencia, que é a crise climática. E cando digo que é o maior problema para a supervivencia da humanidade non é unha opinión persoal miña nin unha exaxeración, senón a consecuencia dun consenso científico sobre o feito de que, en primeiro lugar, non estamos facendo o que debemos para afrontar ese problema. Ademais, se non facemos algo xa, se non o facemos moi rapidamente e se non o facemos con moita contundencia e intensidade, a humanidade encamiñase a un escenario de quentamento global, non de 1,5 graos, que era o límite que na Conferencia de París de 2016 se consideraba relativamente asumible para a humanidade, senón a un escenario de quentamento de como mínimo tres graos, tres graos ou máis.

¿Que significa un quentamento global de tres graos? No caso de España, que a maior parte do territorio do Estado pode ser practicamente inhabitable porque serán habituais temperaturas de cincuenta graos a finais deste século. Por non falar das consecuencias económicas na dispoñibilidade de auga ou nos rendementos da agricultura e en tantas outras cuestións.

Por iso o que está pasando en Glasgow é importantísimo e por iso hai preocupación, porque nestas conferencias internacionais chégase a acordos que logo se incumpren sistematicamente, e cada vez hai máis preocupación, porque as consecuencias do cambio climático xa están hoxe aquí en forma de picos de temperatura de cincuenta graos en Canadá ou en Siberia, en forma de inundacións catastróficas en moitos países, en forma de diminución, hoxe, xa mesmo, do rendimento de cultivos agrícolas e un longo etcétera.

Para darnos unha idea, a última que vez que houbo neste planeta tanto carbono na atmosfera foi hai millóns de anos, cando o nivel do mar era vinte metros máis alto e non había seres humanos sobre a face da Terra.

No pleno do 22 de decembro de 2020, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposición non de lei pola que pediamos que o Goberno de Galicia acordase declarar a emer-



xencia climática. Vostedes votaron que non, a pesar de que un ano antes xa aprobaran vostedes mesmos neste parlamento unha resolución no debate do estado da Autonomía de 2019 para precisamente declarar a emerxencia climática. Unha resolución que nós consideramos entón cicateira e errada pero que, polo menos, recoñecía a necesidade de declarar a emerxencia climática. E resulta que no ano 2020, cando aterrarnos algúns neste parlamento, descubrimos con asombro que nin sequera se aprobou esa declaración por parte do seu goberno, é dicir, non foron capaces vostedes nin de cumprir as resolucións aprobadas por este parlamento, que representa a soberanía popular de Galicia.

Por iso, voltámosllo pedir —como digo— o 22 de decembro de 2020, e vostedes —reitero— votaron «non» a aquilo que un ano antes este Parlamento aprobou facer co seu voto. Iso fala ben ás claras do nivel que se pode agardar das súas promesas e dos seus compromisos. A pesar diso, estamos dispostos a chegar a un acordo con vostedes nesta materia hoxe mesmo, porque vostedes presentaron unha emenda que recolle substancialmente as demandas da nosa proposición non de lei e estamos dispostos a asumir esa emenda, con algunha modificación porque, entre outras cousas, hai algún erro de redacción.

Dicíalles hai un ano que sobran razóns para a declaración de emerxencia climática. Un ano despois hai aínda máis razóns: a perda case irreversible de terreo cultivable nun planeta superpoboado, a desertización, a suba do nivel do mar, a perda de biodiversidade, que xa se denomina «sexta grande extinción», con efectos indirectamente letais ou directamente asociados a pandemias como o coronavirus, a acidificación do océano, fenómenos meteorolóxicos extremos que causan perdas económicas multimillonarias... As migracións masivas ou os efectos políticos e xeopolíticos da inestabilidade que todo o anterior supón aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción decidida e ambiciosa contra o cambio climático.

O ano 2019 foi o máis caloroso da historia en Europa e o segundo no planeta, e os últimos cinco anos foron os máis calorosos da historia no noso planeta. A crise climática estase acelerando. Os acordos de París do ano 2016 non se están cumprindo. Estamos facéndonos trampas a nós mesmos, facéndolle trampas á nosa supervivencia como especie, facéndolles trampas ao noso presente e ao noso futuro e ao dos nosos fillos.

Esa é a realidade. Nesa realidade vostedes son alumnos avantaxados, porque a súa política medioambiental é un compendio diso que se chama no mundo anglosaxón «*greenwashing*» e por aquí se chama «ecopostureo», que consiste en finxir que se fai algo e non facer absolutamente nada máis alá da aparencia.

Hai dous anos, o secretario xeral das Nacións Unidas, Antonio Guterres, dicía que estamos destruindo conscientemente os sistemas que serven de soporte ás nosas vidas. Hai un ano dicía que o noso planeta estaba quebrado, que estamos nunha guerra suicida coa natureza e que a natureza sempre contraataca e faino cada vez con máis forza e máis furia. Tamén anunciaba hai un ano que o seu obxectivo central neste ano, xa neste 2021, sería construír unha coalición global verbo da necesidade de reducir as emisións a cero. Hai uns días na Cop26, o mesmo secretario xeral das Nacións Unidas dicía que «*we are digging our own grave*», estamos cavando a nosa propia tumba, o cal me lembra o título dun álbum musical de The Chemical Brothers de hai máis de vinte anos que se chamaba precisamente así.



Cando o secretario xeral das Nacións Unidas fai da crise climática o tema máis importante da axenda actual, non futura senón actual da humanidade, pois hai que tomar en serio o tema, comezando por declarar a emerxencia climática como xa lles pedimos hai un ano.

Os acordos de París do ano 2016 pretendían limitar o calentamento global a menos de dous graos coa intención de seguir avanzando ata reduci-lo por debaixo de 1,5 graos, pero eses obxectivos quedan superados pola realidade do comportamento dos países e polo avance da ciencia.

As predicións son cada vez máis lúgubres respecto da rapidez e os efectos do cambio climático, e chegan a poñer moi seriamente en cuestión o noso futuro como especie. Por moito que a pandemia que padecemos neste momento e a crise económica e social nos parezan de enorme importancia —non cabe dúbida de que a teñen—, o cambio climático é na actualidade, en toda a historia da nosa especie, sen o menor atisbo de dúbida, a maior ameaza á que se enfrenta ou enfrontou a humanidade, na medida en que o clima determina directa ou indirectamente todos e cada un dos aspectos das nosas vidas. E vostedes, ata o momento, negáronse a declarar a emerxencia climática, porque, ben, entre outras cousas, os efectos da crise climática van afectar dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, auga, etc., etc., etc., e realiméntase co resto do sistema biofísico planetario, producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda da biodiversidade —como xa lles dixen—, incendios de intensidade e periodicidade inusitada que afectarán previsiblemente especialmente a Galicia, fenómenos climatolóxicos extremos e un longo etcétera que vai afectar especialmente a España e a Galicia como zonas costeiras e de transición climática.

Sempre dixen, cando tiven ocasión, que son vostedes negacionistas, porque participan daquilo que dicía o curmán de Rajoy, que o cambio climático non era para tanto, que non existía. A realidade é outra, e a ciencia dinos con total claridade que as perspectivas meten moito medo, en especial a probabilidade de que se desencadeen ciclos de realimentación, bucles de realimentación que poderían acelerar o cambio climático moito máis.

A Declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade, esta realidade que lles estou describindo. Ducias de países e cidades están declarándoa xa ou xa a declararon. España declarou a emerxencia climática a principios do ano pasado e a práctica totalidade das comunidades autónomas —con algunha excepción de comunidades gobernadas polo PP—; Galicia quedou adiada e non fixo ningún movemento neste sentido salvo sacar do caixón a Estratexia contra o cambio climático do ano 2005, da que non se lembrou en quince anos, nada máis e nada menos, que foi retocada no 2019, anunciando que Galicia sería pioneira e vangardista —e estas cousas que din vostedes respecto de todo o que fan— nesta materia.

O certo é que non é así nin por asomo e que para Galicia, singularmente vulnerable ao cambio climático, as consecuencias poden ser máis graves ca noutros países con grave repercusión en todos os ámbitos. Pero vostedes negáronse hai un ano a declarar a emerxencia climática; agardamos que cambien hoxe.

A parte positiva desta crise é que existen os mecanismos e as capacidades para afrontala e que Galicia, o noso país, está ben posicionado para facelo, porque temos excelentes condi-





cións para as enerxías renovables, coñecemento, empresas, motivación, que deberíamos tela na medida en que España e Galicia —como digo— poden ser especialmente afectadas pola crise climática.

Por tanto, pedimos que se aprobe a Declaración de emerxencia climática en Galicia, que se comprometa a Xunta de Galicia a activar coa máxima urxencia políticas transversais en todas as áreas e a acción de goberno para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática; promover o investimento en I+D+i; incluír nas accións de goberno con carácter transversal a dimensión da adaptación ao cambio climático, con medidas específicas para limitar os danos; e implicarse activamente no Pacto verde europeo, así como inserirse decididamente, con toda a forza e ambición posibles, na nova economía verde.

Agardamos —insisto— que o Partido Popular vote hoxe si esta vez a favor desta declaración e desta proposta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Realmente, señor Arangüena, tivo vostede sorte que coincidira a inclusión na orde do día desta iniciativa coa celebración do cumio, porque polo menos lle corresponderon quince minutos de actualidade, porque o resto xa foi debatido na interpelación do 10 de decembro e obxecto da moción do 22 de decembro. E practicamente un ano despois, 9 de novembro, estamos ante unha nova iniciativa do PSdeG idéntica á xa debatida; voltamos ás declaracións, señor Arangüena, ás palabras sobre o papel, a falar en abstracto de compromisos, de promover e de incluír, pero nada novo do dito hai un ano.

Pero non hai problema, señor deputado, porque isto vai darlle a oportunidade a este Grupo Parlamentario Popular non só de volver subliñar non só nesta cámara o que se ten feito, senón tamén ante a sociedade galega. E imos destacar o traballo que o Goberno galego vén de facer e está a facer na loita contra o cambio climático. E vou remarcar ao longo de toda a intervención a palabra «facer».

É certo, señor Arangüena, señorías, que no debate do estado da Autonomía do 2019 se aprobou unha resolución na que se instaba a Xunta de Galicia a declarar a emerxencia climática. Pero tampouco é menos certo que ás veces os acordos sobre o papel quedan máis curtos do desexable, e por iso o Goberno galego decidiu deixar o papel e pasar á acción, señor Arangüena. E de novo remarco a palabra «facer».



Así, o Goberno galego, moito máis flexible que vostedes, pasou á acción antes das declaracións de intencións. Considero que é máis importante facer, actuar de xeito inmediato — que é o que se leva facendo dende o ano 2019—, é dicir, tomar medidas, pero non só nos dous últimos anos, senón que a Xunta de Galicia leva máis dunha década traballando para cumprir as exigencias europeas e para situarnos na vangarda.

Hai un momento dicía vostede que o cumio en Glasgow era algo importantísimo. Fíxese vostede se era importantísimo que Galicia estivo alí, representada pola conselleira de Medio Ambiente, nada máis e nada menos, así que...

É certo que Galicia non declarou a emerxencia climática, pero —insisto, señorías— por unha razón, que o Goberno galego quere seguir facendo, leva anos tomando medidas con iniciativas concretas que van máis alá dunha mera declaración.

As declaracións de emerxencia climática ás que vostede se refire doutros países e comunidades iniciáronse alá polo 2019, señor Arangüena, pero foron simples declaracións simbólicas ás que se foron adherindo colectivos, organizacións, administracións, ecoloxistas, universidades...; unhas declaracións que foron evolucionando nun prazo moi breve de tempo e a cuxo inicio xa non ten sentido voltar.

Pero mire se non ten sentido voltar a esas declaracións que se vostede vai a xaneiro de 2020, ao que aprobou o Consello de Ministros —tome nota, señor Arangüena, e leo textualmente e despaciño—, ao «Acordo de declaración ante a emerxencia climática e ambiental en España», non é o mesmo que declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, tal como pide o PSdeG.

Se o obxectivo de proposta que estamos a debater é o compromiso das políticas públicas coa acción climática, en Galicia xa se está a facer, e estallo a demostrar con feitos e por diante doutras rexións e do Goberno central. Propoñemos desde este grupo parlamentario nin máis nin menos que aprobar en Galicia o mesmo que aprobou Pedro Sánchez a nivel estatal, a declaración ante a emerxencia climática, pero non dando pasos atrás.

Señorías, señor Arangüena, supoñemos que o PSdeG non terá problema en aceptar o mesmo que aprobou o seu presidente Sánchez en Madrid. Por iso o Goberno galego e o Grupo Parlamentario Popular preferimos defender e apostar pola acción climática como expresión máis actualizada e eficaz para definir a loita contra o cambio climático. Os feitos falan por si sós e demostran que a Xunta está comprometida coa acción climática, e podo poñerlle moitos exemplos. Por exemplo, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía de 2050, á que a vostedes, sempre que falamos dela, lles produce sarpullido ou algún efecto revulsivo, que xa coñecemos o seu discurso, porque é o mesmo. Aínda agora tiña encima do escano a súa intervención; é o mesmo, a mesma perspectiva; e supéranos xa porque a realidade é outra totalmente distinta.

Mire, nesa estratexia que vostedes desprezan son 1.200 millóns, que outros valoran e recoñecen. ¿E sabe quen? Por riba, xente do seu partido, señor Arangüena, que ao mellor escapóuselle. Porque a Consellería de Medio Ambiente do Principado de Asturias ten solicitado



a colaboración e a participación da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia nos seus traballos na Estratexia de acción climática. Fíxese: o que vale para un goberno socialista en Asturias non lles vale aos socialistas galegos para un goberno, claro, do Partido Popular en Galicia; é distinto, cambia un pouquiño.

Despois, tamén podemos seguir falando do Pacto dos alcaldes polo clima e pola enerxía, onde se apoia os municipios para que elaboren os seus plans de acción, para que teñan asesoramento para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia.

Este goberno, señorías, está a facer —e non me vou cansar de repetir a palabra «facer»— exactamente o que os cidadáns piden dos seus representantes políticos, que é poñer en marcha medidas tanxibles e comparables que amosan o compromiso de Galicia coa acción climática.

Voulle facer un breve resumo: 2010, Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia; 2016, Plan de residuos industriais de Galicia; 2019, Estratexia galega de economía circular; 2019, Estratexia de cambio climático e enerxía 2050. O primeiro estudo da pegada ecolóxica de Galicia. Trabállase tamén no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible e na Axenda 2030. Este mesmo ano aprobouse a Lei de residuos e solos contaminados. O pulo do Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía. E todo isto terá continuidade en 2022, no que o Goberno popular da Xunta seguirá avanzando na xestión moderna e eficaz dos residuos e dando pasos a adiante contra a loita do cambio climático; pasos que se traducirán en 2022 na Lei do clima ou ao tempo que se dará un impulso definitivo á Alianza galega polo clima, estratexia propia coa que poñer en marcha unha rede de organizacións de todo tipo implicadas na loita contra o cambio climático. Aínda hoxe —esta mañá— reuniuse a conselleira co Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular para invitalos a tomar parte desta alianza.

¿En canto á lei? Só tres comunidades autónomas teñen unha lei propia do cambio climático. ¿E quen ten un compromiso para ter no ano 2022 unha lei en favor do clima? Galicia. Galicia —así como avanzou a conselleira na comparecencia de orzamentos—, no marco do Pacto verde europeo, o domingo no cumio —ese cumio do cambio climático ao que vostede lle dá tanta importancia— onde a conselleira avanzou as liñas mestras, as liñas desa futura lei do clima de Galicia, para dotar a nosa comunidade dese marco normativo propio que permita a neutralidade climática no 2050 e, sobre todo, procurando acelerar a preservación dos recursos naturais e a recuperación e o fortalecemento da nosa economía.

Como ben saben tamén, un dos piares fundamentais da loita contra o cambio climático é a xestión axeitada dos residuos, onde Galicia tamén vai por diante, señor Arangüena. O orzamento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental contará con máis de 60 millóns, con máis de 140 millóns de Sogama, un esforzo orzamentario sen precedentes.

Tamén hai que destacar un eixo principal, que é a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023; máis de 60 millóns durante dous anos de vixencia para construír, entre outras actuacións, tres plantas de biorresiduos e a construción ou a dotación de trece plantas de transferencia.



Miren, señorías, Galicia mantense entre as tres comunidades que máis diminuíron as súas emisións, case 15 puntos por debaixo do nivel do conxunto de España. En 2019 as 47 instalacións industriais galegas que participan no comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro emitiron 7,2 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> menos que no ano anterior.

Como poden ver, señorías, o Goberno galego dedícase a facer, e, para este grupo parlamentario, facéndoo ben, aínda que, por suposto, queda moito por facer.

Estas políticas son a mellor declaración da loita contra o clima, a mellor mostra de acción. Con políticas transversais, señor Arangüena, si, en áreas e accións de goberno, cun goberno unido e coordinado, que, evidentemente, non precisa mirar por encima do ombreiro por se lle gusta ou molesta ao socio de turno; e, por máis, cun goberno galego que quere seguir facendo, e por iso acudiu a esa Conferencia do cambio climático en Glasgow, para aprender. Para aprender moito máis e contribuír á redución da emisión de gases; aprender —si, señorías da oposición—, pero tamén para poñer en valor o que fixo ou o que se está a facer en Galicia, que foi permitir a redución de emisións de CO<sub>2</sub> practicamente nun 24 %, mentres que no conxunto de España subiu un 8 %.

En Escocia a conselleira asinou en representación da Xunta o Memorando de entendemento Under2 2021, onde Galicia asumiu o reto de implementar as súas propias estratexias e sobre todo para alcanzar a redución global da emisión de gases polo menos no 55 % en 2030. Non é asinar unha declaración, señora Arangüena, é asumir un reto e traballar; traballar para seguir avanzando en Galicia, pola promoción das fontes renovables, pola redución das emisións do sector industrial; pola promoción da mobilidade, da tecnoloxía, da investigación, da divulgación pública sobre o cambio climático.

En definitiva, señorías, un goberno de todas as galegas e galegos consciente da necesidade de contribuír á loita contra o cambio climático e que non se esconde. E por iso presentamos a emenda á iniciativa do Grupo Socialista. Espero, señor Arangüena, que acepten a emenda presentada por este grupo, grupo no que, ao igual que o Goberno galego, se fala con feitos, con compromisos, e non con meras declaracións de intencións propias do que vostedes veñen falar ou denominar «ecopostureo». Ninguén pode deixar de lado, señorías, o reto que temos por diante para conservar o planeta, todos estamos implicados.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Quero anunciar o voto afirmativo a esta proposta, aínda que teño que dicir que é un si crítico; un si crítico porque... —fai lle graza á señora Paula Prado—. É un si crítico porque pensamos



que nestes debates hai moita retórica, retórica buenista, e moita contradición. E é un tema moi complexo no que hai unha cara b, como na Lúa, unha cara b, unha cara oculta, ¿non?

Está claro, é indiscutible que hai un grave problema asociado non xa só ao cambio climático, senón a un fenómeno moito máis amplo que é a emerxencia ambiental, que as previsións e os prognósticos son alarmantes, son absolutamente catastróficos, pero xa non no futuro, non en 2050 ou no século XXII, senón xa agora, e temos os datos ademais recentes que falan de incrementos de temperatura en Galiza, en determinadas zonas de Galiza, que son maiores que os da media do Estado, e tamén sabemos que se están producindo non só incrementos de temperatura senón unha gran cantidade de fenómenos meteorolóxicos extremos, cada vez máis rápidos.

Entón, nós pensamos que para dar axeitadamente este debate hai que comezar denunciando o cinismo dos grandes estados e corporacións, que son os responsábeis da crise ambiental e da crise climática e pretenden facerse pasar por salvadores do planeta, aínda por riba.

E isto vémolos ademais nestes grandes cumios mundiais da COP, como este de Glasgow, onde estivo tamén a Xunta de Galicia. Eu non sei se saben cal é a maior delegación que está presente neste cumio, pero a maior delegación, con máis de cincocentos representantes, é o lobby do petróleo, do gas e do carbón. (*Aplausos.*) Esa é a realidade destes cumios. Xa o vimos cando Endesa comprou todas as portadas dos medios de comunicación do Estado coincidindo co cumio de Madrid, o Cumio 25. Pois é para isto, para un gran tamén lavado de cara, lavado en verde dun ecopostureo do que participa tamén de xeito exemplar a Xunta de Galiza. Porque nestes momentos estamos vendo como o verde e a ecoloxía se converteu nun gran negocio onde proliferan tamén os bonos verdes, a especulación financeira verde, e mesmo a banca se fai ecoloxista, que xa é o nunca visto.

Estamos, polo tanto, nun debate tramposo, trampeado e trucado. E ¿en que consisten os trucos? O primeiro truco consiste en centrar a atención nas consecuencias da crise climática: incremento da temperatura, aumento das precipitacións, fenómenos meteorolóxicos extremos, e non nas causas. E as causas —hai que dicilo con todas as letras— están nun sistema económico capitalista depredador de materias primas e de recursos naturais que está baseado na explotación do planeta, dos pobos e das persoas. Así de claro. (*Murmurios.*) As grandes... Si, é que lle fará graza, pero é así, é así, tal que así. Na acumulación capitalista das grandes corporacións, que non pensan no mundo de 2050, pensan na súa conta de resultados e dos resultados na Bolsa.

O segundo truco. O segundo truco é centrar a atención na responsabilidade das persoas nas solucións a un problema de tal magnitude, coa creación dunha especie de sentimento de culpa e a conseguinte desviación da atención sobre os que son principais responsábeis deste gravísimo problema.

O terceiro truco, a terceira trampa é isto da responsabilidade social das empresas, que son as que máis contaminan e pretenden salvar o mundo desde actuacións voluntaristas, despolitizadas e descontextualizadas. E aí temos tamén o exemplo de Coca-Cola coas súas campañas, ou Ecoembes coa *basuraleza*, con todos os gobernos aí facéndolle a ola, para vender



que están moi preocupados. É dicir, o maior produtor de plásticos e de residuos plásticos do mundo, Coca-Cola, patrocinando campañas para limpar o mar e as praias de plásticos. Esa é a realidade.

¿E cal é o papel da Xunta neste festín verde? Pois a Xunta é unha gran propulsora de políticas que fomentan a emerxencia ambiental e o cambio climático, é unha gran fábrica de cambio climático, como veremos, e de políticas contra natura, reformando todo tipo de leis para facilitar que as empresas espolien os recursos naturais do país. E a Xunta e o PP, neste sentido, é un auténtico cabalo de Troia dos grandes grupos económicos que espolian os recursos galegos. Vostedes son os colaboracionistas, unha especie de xestoría destes grupos, e isto explica tamén os abrazos que proliferan por doquier do señor Feixóo con estes grupos, ¿non?

Claro, vostedes precisan presentarse como galegos para facer máis críbel esta cuestión, pero isto xa o inventaron os romanos, que facían pactos de hospitalidade cos indíxenas do Courel para facer máis fácil a dominación; dábanlles alí uns postiños aos indíxenas para que fosen colaboradores e lles recrutasen tamén as tropas para poder seguir coa conquista por todo o mundo. Isto está inventado desde hai moito tempo, vostedes cumpren agora este papel.

Son a sucursal, a franquía destes grandes grupos económicos que extraen a nosa riqueza enerxética —chámenlle Iberdrola—, a nosa riqueza financeira —chámenlle Abanca—, a nosa riqueza forestal —chámenlle Ence—, a nosa riqueza mineira —chámenlle Sacyr, que agora está abrindo de novo a mina de San Fins—, a nosa riqueza das autoestradas, das peaxes —Audasa, Globalvia—.

En fin, vostedes son a fábrica do cambio climático, porque teñen unha política forestal que vai a favor do cambio climático, cando fomentan non o monte multifuncional, senón o monte monofuncional do eucalipto, cando fan unha política de residuos e aínda presumen aquí dela, que está no Plistoceno. Porque é o exemplo de libro da política lineal, non da política de residuos circular, é recoller os residuos, trasladalos, transportalos, separalos, queimalos para negocio, por certo, de Naturgy, que é o socio de Sogama. Esa é a súa política de residuos; na enerxética vendendo a maior parte do país ao mellor postor, no patrimonio natural fomentando non a biodiversidade, senón a biuniformidade e impedindo a ampliación da Rede Natura para protexer o territorio, por exemplo. Temos o nivel de protección da Rede Natura máis baixo do Estado, unha auténtica vergoña que vostedes veñan aquí presumir de políticas ambientais. Pero é que é isto, ¿non?

Ou a ameaza recorrente, coñecida, aos nosos humidais, ás turbeiras, ás reservas de auga, pola súa política de depredación. Ou o fomento de políticas de mobilidade motorizada, en vez de fomentar o tren, o transporte alternativo, a mobilidade alternativa; meteron nun caixón a estratexia de mobilidade alternativa. En fin, renunciaron a facer o ente ferroviario galego. ¿Que máis queren que lles conte?

E claro, xa o colmo, a cuadratura do círculo, cando xa pensamos que vimos todo, é que vostedes denuncian o peche de empresas como consecuencia da transición ecolóxica e presumen da redución das emisións polo peche destas empresas. É que ¡manda truco!, isto xa é para estudalo, estudalo nas escolas. É dicir, que vostedes critican que se peche Endesa nas Pontes



pero presumen da redución das emisións polo peche de Endesa. Non se pode soprar e sorber ao mesmo tempo, señoras e señores do Partido Popular, ou unha cousa ou outra. *(Aplausos.)*

E, claro, como todo isto que acabo de describir non é vendible, ¿que fan? Pois fan unha grande operación cosmética. Isto chámase política L'Oréal, *(Risos.)* política Chanel número... Ben, isto xa, punto 0, punto 6, punto 7, Chanel..., non sei o que inventaron xa. Unha grande operación de maquillaxe verde de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quere falar a señora...? E, claro, hai un refrán —xa sabemos que a cultura popular é sabia— que di que, aínda que a mona se vista de verde, mona se queda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, vostedes están nese punto. E claro, claro, ¿cal é xa o último pinchacarneiro popular da señora Ángeles Vázquez? Pois presentarse en Glasgow e anunciar que van facer unha lei, claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si..., antes, claro, pero neste contexto, que estamos agora falando todo o mundo deste tema, pois anunciamos unha lei.

En fin, da lei xa falaremos cando chegue aquí, que de momento só é un titular, só é un anuncio, non ten ningún contido, o baleiro, que é o habitual que fan vostedes nas políticas ambientais.

Pero o problema é que vostedes non teñen credibilidade. ¿E sabe por que non teñen credibilidade? Primeiro: porque no organigrama de goberno para o cambio climático teñen media dirección xeral. Un asunto desta transcendencia e ocupa media..., ben, un terzo de dirección xeral, porque é de cambio climático, sustentabilidade e calidade ambiental. Entón, iso xa define ben cales son as súas prioridades. É dicir, que isto ocupa un pouquiño do tempo do día deste goberno, desa consellería.

Segundo. Teñen vostedes informes desfasados sobre esta cuestión. Se abrimos a páxina web da consellería, o último informe sobre cambio climático e a súa afección en Galiza é do 2016. ¿Que pasa? ¿Que nestes cinco anos non houbo necesidade de facer ningún informe con todos os cambios que houbo?

Terceiro. Teñen unha estratexia de cambio climático que está absolutamente desfasada, que xa quedou superada pola Lei europea do clima. Teñen que refacela de principio a fin.

Cuarto. Teñen un plan operativo desa estratexia que é unha casca baleira, é un *bluff*, é unha fraude. Ten as páxinas en branco, ten os apartados de orzamentos e de investimentos en branco. Entón, iso non é serio.

E vostedes podemos dicir que militan no terraplanismo en materia ambiental.

E, por último, quero facerlles unha petición: poñan o freo, non acaben de arrasar o país con esta política de terra queimada, que canto máis destrúan máis difícil será reconstruílo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



O de L'Oréal... *(Risos.)* Nada como Nivea *for men.* *(Risos.)* Por facer un chiste, jeh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Mouteira, di vostede que quere remarcar a palabra «facer». Ben, non son moitos os seus logros en materia medioambiental en Galicia máis aló da propaganda. Pero, en todo caso, se se poñen vostedes a facer cousas a partir de agora, ben, xa veremos, e benvidas serán.

E di vostede que é certo que se aprobou no debate do estado da Autonomía ou que eu lle dixen que é certo que se aprobara. Grazas por recoñecer que se aprobou o que se aprobou e que vostedes votaron a favor. Pero di que, en lugar de declarar, vostedes fan. Ben, por esa mesma regra de tres, podían incumprir todos os acordos do Parlamento que non impliquen un compromiso efectivo, medible, cuantificable, que implique facer, porque dirían vostedes: non imos declarar nada, senón que, como xa facemos, todos os acordos do Parlamento os incumprimos. Por tanto, o seu argumento é absolutamente peregrino.

E di vostede, claro, iso si, que a Xunta de Galicia traballa, como sempre, por situarnos na vangarda. Vostedes isto da vangarda e de ser libres, non sei que e non sei que máis repíteno ata a saciedade, ata o punto de que, se fose certo, pois Galicia sería Arcadia e non Galicia. Pero Galicia é Galicia e a vangarda da que vostedes falan en materia medioambiental consiste en promover a completa eucaliptización, substitución do bosque autóctono galego por un monocultivo forestal de eucalipto; ou ter a Rede Natura máis pequena de España, o 12 % da nosa superficie declarada como Rede Natura, cando a seguinte comunidade, que é o País Vasco, ten o 20 %, cando a media estatal é do 27 %; ou ter unha taxa de reciclaxe ínfima en comparación cos obxectivos da Unión Europea, e vostedes falan de valorización enerxética para encubrir o feito de que o que fan vostedes é incinerar a mansalva; ou que das 75 especies en perigo de extinción que hai declaradas en Galicia teñen vostedes plans de conservación ou recuperación para 3 —3— desas 75 especies, cando a lei obriga desde hai unha década a ter eses plans.

En fin, esa é a súa vangarda. É dicir, a vangarda para vostedes consiste en estar á cola, no furgón de cola entre todas as comunidades de España en materia medioambiental.

¿E presume vostede de que a conselleira de Medio Ambiente foi á COP26? Ben, pois debe ser unha conquista para toda a humanidade que a señora conselleira de Medio Ambiente colla un avión —por certo, coa conseguinte emisión de carbono— e vaia á COP26... *(Murmurios.)* ¡Home!, evidentemente non lle vou dicir que teña que ir a nado, porque non lle desexo iso, sobre todo sendo de Melide, que tampouco é a capital mundial da natación. *(Murmurios.)* Por tanto, imos ver, eu o que lle digo é que presumir diso me parece absolutamente ridículo.

¿Sabe vostede o que di o portavoz de Ecoloxistas en Acción, non este humilde deputado? O portavoz de Ecoloxistas en Acción, hai uns días, sobre a participación da conselleira, di literalmente —abro comiñas—: «é esperpéntica». Non o digo eu, dío o portavoz de Ecoloxistas en Acción en Galicia, que di tamén —cito literalmente, novamente abro comiñas—: «É impresentable





que a Xunta presuma que se reduciron as emisións nun 24 %, cando foi precisamente por un feito ao que eles se opuxeron teimosamente, como é a caída das centrais de carbón.» Polo tanto, o portavoz de Ecoloxistas en Acción en Galicia di da súa actuación na materia que é es- perpéntica no caso da participación na COP26 da súa conselleira e é impresentable o que foi facer alí e as súas declaracións na materia de todo o que din vostedes neste tema.

Respecto do BNG, agradezo o voto favorable, pero teño que rebater esa acusación de bue- nismo, que, en todo caso, prefiro a de malismo. Buenismo é non recoñecer que Galicia ten que substituír o 70 % da súa produción enerxética por fontes renovables para acadar a neu- tralidade climática, co enorme esforzo titánico diría eu que iso supón; o 70 % hai que subs- tituílo por fontes renovables. ¿Saben vostedes o que iso implica?

Non pode presumir a Xunta de Galicia, porque foi o peche da central térmica de Meirama e a paralización da das Pontes a que implicou que se reducisen nun 24 % as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia, segundo o informe que vén de publicar Ecoloxistas en Acción.

Isto significa que ao finalizar o ano 2019 practicamente xa se acadou o obxectivo da Estra- texia de cambio climático e enerxía 2050 da Xunta, que cifra nun 24,6 % a diminución de emisións para 2030, e por iso é necesario tamén revisar os obxectivos desa estratexia, como recoñecen vostedes implicitamente na súa emenda. É dicir, a súa estratexia quedou obsoleta practicamente no mesmo momento en que se aprobou.

Non podemos nin debemos perder de vista que o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou a acelerarse no século XX e está a acelerarse moito máis no século XXI. Son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos o ano pasado, e aínda seguimos padecendo, é un efecto máis dese enorme desequilibrio ecolóxico global que ameaza o noso futuro como especie.

En todo caso, se para vostedes o problema é que, en vez de «declaración de emerxencia cli- mática» haxa un texto que pon «declaración ante a emerxencia climática», se ese é para vostede o problema polo que o ano pasado non aprobaron a nosa proposta, estamos dispostos a aceptar a súa emenda, que coincide substancialmente ou practicamente milimetricamente co que nós propoñemos na nosa proposición non de lei.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Pre- sas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamen- tario Socialista.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 21035).*

*Emenda de adición:*

*Na parte resolutiva da iniciativa, logo de “...requisitos regulamentarios correspondentes...”, débese engadir: “...e dentro do marco normativo vixente...”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

É incuestionable que estamos nun momento de cambio; nun contexto cambiante, quen queda quieto queda atrás. Polo tanto, entendemos desde o BNG que a única maneira de saírmos ben parados é movernos e actuar. E coa crise sanitaria controlada ábrense debates relevantes para Galiza, así que moverse é urxente.

Un dos máis importantes é o do modelo de financiamento e a relación económica co Estado, debate por certo conxelado xa desde o ano 2014, primeiro polo Partido Popular e despois polo Partido Socialista. A pandemia, a covid-19, atrasouno de novo, mais tamén serviu para que o recoñecemento da insuficiencia do actual modelo sexa xa unánime.

Polo tanto, señorías, hoxe insistimos con esta proposta, porque é clave para o futuro do país. Galiza non pode ficar pasiva e ausente ante as negociacións para substituír o actual sistema de financiamento, que non pode depender de análises prepandemia, que quedaron obsoletas, nin tampouco ser a simple desculpa para que o señor Feijóo faga os seus equilibrios no PP estatal reuníndose con todo o mundo menos con quen debería reunirse, que é cos representantes dos galegos e galegas, que estamos nesta cámara.

Por iso, hoxe traemos esta iniciativa, para volver insistir en que este parlamento debe estar á altura das circunstancias. Polo tanto, o que pedimos é tan necesario como sinxelo: comprometer, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios correspondentes, a creación dunha comisión específica de estudo para abordar unha proposta de país diante da reforma do sistema de financiamento. Insisto en que non traemos unha proposta concreta respecto de cal debe ser ese sistema de financiamento a debate. Non traemos a proposta do Bloque Nacionalista Galego, que a temos, senón que o que propoñemos é algo tan sinxelo —pero tan, insisto, necesario e urxente— como que este parlamento, que representa a pluralidade dos galegos e galegas, traballe e actúe e debata arredor dunha cuestión que vai ser absolutamente determinante para o futuro do país.

Porque —insistimos— sen autogoberno financeiro é absolutamente imposible que exista o autogoberno político. Temos os instrumentos necesarios e só falta, xa que logo, a vontade política, e desde logo esa vontade política por parte do Bloque Nacionalista Galego témola, e temos tamén algunha reflexión que quixera aproveitar para compartir aquí.



A primeira é que a conxelación desde o ano 2014 deste debate non pode levarnos a dalo como se estivésemos nese momento e nada cambiase desde aquel entón ata o día de hoxe. Desde o 2014 basicamente por parte da Xunta o que tivemos foi titulares, moi especialmente mentres gobernaban os seus. Máis recentemente, na anterior lexislatura, unha vez houbo un cambio de goberno do Estado, houbo algún movemento por parte da Xunta, pero basicamente reduciuse a nomear unha persoa experta para a comisión que se abriu no ámbito do Estado; nin sequera se analizaron as conclusións desa comisión e apenas houbo unha comparecencia do por aquel entón aínda director xeral, o señor Corgos, que hoxe é conselleiro de Facenda.

Na anterior lexislatura, sen ir máis lonxe, as forzas da oposición, singularmente o Bloque Nacionalista Galego, mais tamén outras, trouxeron repetidamente iniciativas a esta cámara respecto desta cuestión e houbo en concreto unha moción que acordaron Partido Popular e Partido Socialista, pero que a día de hoxe é absolutamente obsoleta.

Polo tanto, insistimos: non é asumible que non haxa un debate, unha análise máis concreta neste país, e agora, que estamos nun contexto novo, a pandemia amosou as costuras dun sistema que non funciona; e iso recoñéceo incluso a propia Xunta na memoria dos orzamentos que estamos a tramitar nesta cámara, onde se asume que esa insuficiencia non é só do período da pandemia senón máis ampla.

Agora, neste contexto actual, temos tamén outras cuestións que marcan o contexto. Por unha banda, sabemos que xa se vai volver para o ano 2023 a unha axenda do déficit, un déficit por certo que segue acaparando o Estado máis do que lle correspondería; valla como exemplo que estivemos, estamos nunha crise sanitaria e quen ten as competencias en sanidade ten seis veces menos de capacidade de déficit que o propio Estado. Imos tamén a un contexto no que é previsible que vaiamos ter menos ingresos a futuro, pola caída dos ingresos extraordinarios e tamén pola crise económica. E hai unha evidente recentralización fiscal; vémosto en propostas que hai enriba da mesa respecto de cuestións referentes aos impostos e vémosto en feitos como o que aconteceu coa cuestión das herdanzas en vida.

Polo tanto, o que queremos dicir con isto desde o BNG é que as claves coas que hoxe vai haber que negociar ese sistema de financiamento son novas e, polo tanto, é necesario un proceso amplo, novo e ambicioso.

A segunda reflexión que queríamos deixar aquí enriba da mesa é que ten que ser un debate galego, desde Galiza e para defender os intereses deste país. E para iso hai que abandonar dunha vez por todas esa óptica que hai desde as forzas estatais, ese mantra absolutamente falso e acientífico de que Galiza é pequena e pobre e depende da caridade do Estado. Iso é algo que non se sostén cos datos. Non é só que o digamos nós senón que os galegos e galegas é evidente que traballamos, pagamos os nosos impostos, contribuímos ao Estado e ninguén nos regala nada. E cos datos, por exemplo, da última liquidación orzamentaria do 2019 podemos ver practicamente de forma meridiana. Se Galicia ten unha capacidade fiscal real pola que o Estado recada máis de 13.000 millóns de euros, só recibimos de volta algo máis de 8.600 millóns de euros. Polo tanto, isto o que significa é que o noso país perde unha capacidade de financiamento de máis de 4.000. E non é algo excepcional. Se vemos as liquidacións do 2018, 2017, etc., hai sempre ese abano entre 4.500 e 5.000 millóns de euros que



o noso país deixa de percibir. Polo tanto, é algo estrutural, froito dun modelo que se basea no centralismo.

E isto lévanos á terceira reflexión. Este modelo é, resumidamente, unha anomalía democrática, porque o secuestro de recursos por parte do Estado impídenos cubrir as nosas necesidades e as nosas competencias. Neste corenta aniversario do Estatuto de autonomía vemos repetidamente grandilocuentes declaracións neste parlamento, mais á hora da verdade o que vemos e facemos historia é que durante estes corenta anos o que vimos é que estaba todo atado e ben atado, nun mal negocio que se chama descentralizar o gasto pero non descentralizar o ingreso.

Polo tanto, a Xunta, que ten competencias en ámbitos como a sanidade, como o ensino, como a dependencia, non ten os recursos suficientes, porque temos un sistema que decide que o Estado recada os recursos, ten a chave deses recursos e decide sen consensuar o suficiente canto nos dá. O resultado pois é evidente que non chega e a consecuencia do centralismo vai en detrimento da calidade de vida dos galegos e galegas. E é un bo exemplo de que o autogoberno ou a falta de autogoberno e soberanía pois é falar tamén das cousas de comer.

Coa presunta descentralización competencial non houbo cambios que garantan a quen lle compete manter eses servizos nin os recursos suficientes, nin tampouco outro elemento que consideramos moi relevante, que é ter capacidade para un modelo e unha política fiscal forte que axude a sostelos.

Iso non funcionou e hai consenso —insisto— respecto de moitas das eivas. Por poñer dous exemplos, hai un consenso arredor de que non compensa o impacto da dispersión da poboación, que no noso país é especialmente acusada, nin do avellentamento, por exemplo.

E, polo tanto, entendemos desde o BNG que coas posicións de cadaquén, que sabemos que son diferentes e diverxentes en moitos aspectos, aínda así hai marxe para o diálogo e tamén para o acordo, e o foro debe ser este parlamento. Falemos neste parlamento, nesta cámara, nunha comisión específica, por exemplo, de que parte do cen por cento da recadación fiscal que fai o Estado en Galiza debe volver para Galiza. Falemos, por exemplo, das propostas concretas para garantir a cobertura da sanidade, do ensino, da dependencia, deses servizos dos que non se está a cubrir o custo real. Ou falemos, por exemplo, de se aumentar a capacidade normativa e de xestión respecto dos impostos nos daría máis posibilidades para facelo. Ou se, por exemplo, é necesario introducir novas variables no sistema de financiamento que ponderen outros custos diferenciais que ten o noso país, como, por exemplo, a prestación de servizos a residentes no exterior, no seu momento a emigrantes retornados, e un longo etcétera.

Son moitas as cuestións que están abertas, son moitas as necesidades, ademais de ter unha posición forte no Estado para negociar esta cuestión, e ata o de agora o que vemos é ese Partido Popular que, malia sinalar os demais co dedo acusador, está instalado no curtopracismo, non ten unha folla de ruta ambiciosa neste ámbito e seguimos vendo, como saía hoxe aquí pola mañá, ese Partido Popular do non. É o Partido Popular quen leva bloqueando nesta cámara, neste país, este debate desde o ano 2014, primeiro porque estaban gobernando os



seus, agora inferimos que debe ser porque non queren molestar os seus en Madrid, pero quen perde é Galiza.

E fronte a isto o único que mudou de entón a hoxe no Bloque Nacionalista Galego é que hoxe somos máis, máis cohesionados e máis fortes e a nosa forma de actuar, aínda que os moleste, lles proa e os teña especialmente enfurecidos nesta semana, pois segue sendo a mesma, que é traer propostas para este país, traer propostas a este parlamento para avanzar nunha cuestión que é tan importante como o sistema de financiamento.

Por iso hoxe traemos outra proposta que é a do si, a do si a darlle valor a este parlamento e non facer o que vostedes fixeron con outras comisións que non quixeron impulsar ou que bloquearon directamente, un si á política como diálogo e un si tamén a deixar atrás esa foto irreal, esa foto que tanto encaixa con esa imaxe da Galiza profunda que condenabamos neste parlamento hai quince días, esa foto irreal dunha Galiza pequena e subsidiaria e pobre, e pensar por fin nunha Galiza en grande (*Aplausos.*), dona dos seus recursos, e que iso sirva para solucionar os problemas dos galegos e galegas.

E iso é, resumidamente, o que imos votar nesta iniciativa, e agardamos, polo tanto, ter o apoio de todos os grupos desta cámara e poder ter unha comisión específica na que abordar algo tan importante para o noso futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Hoxe o Grupo do BNG trae unha PNL que trata sobre un tema importante, un asunto fundamental, un asunto de país, un pilar fundamental da construción do Estado das autonomías e un factor decisivo para o mantemento do Estado de benestar e o progreso da nosa Comunidade Autónoma, cuestión sobre a que estou segura de que todos e todas as deputadas que estamos hoxe aquí nesta cámara coincidimos.

E tamén seguro que coincidimos en que todos e todas queremos o maior financiamento para a nosa Comunidade. Pero tamén deberíamos de coincidir en que os tres grupos desta cámara, que representamos á gran maioría da cidadanía galega, deberíamos buscar consensos, que, fronte á crispación que tentan seguir alimentando algúns políticos con altas responsabilidades, deberíamos aprobar esa constitución desta comisión de estudo dentro do marco normativo vixente para chegar a unha posición de consenso, que lexitime o Goberno galego na negociación do novo marco de financiamento.



Eu vou facer miñas as verbas do anterior conselleiro de Facenda no último debate que se produciu nesta cámara sobre financiamento, que foi a finais de 2017, e por unha interpelación formulada polo noso grupo parlamentario. E o señor Martínez dicía naquela interpelación: «Insisto en que non debemos enfocar as negociacións como unha subasta, a ver quen pilla máis cartos». E gustárame que o Goberno galego tivera esas verbas presentes á hora de facer a negociación do novo sistema de financiamento para a nosa Comunidade.

O modelo aprobado actualmente foi aprobado no ano 2009 e incorporaba unha revisión aos cinco anos, no 2014, que foi postergada —como ben dixo a miña antecesora— por diversas causas. É un modelo que, de xeito imperfecto pero potente, atende ás necesidades de gasto máis que ás capacidades tributarias. Incorpora un forte compoñente redistribuidor e, polo tanto, de igualación no tratamento da cidadanía no territorio. Un modelo que nesas necesidades de gastos xa ten en conta elementos de custo como a dispersión e de demanda como o avellentamento poboacional á hora de definir as necesidades, con ponderacións que reflecten, aínda que sesgadamente, o peso das diversas funcións de gasto.

Un modelo que garante certa autonomía tributaria ás comunidades, aínda que —tamén hai que dicilo— dun xeito desigual entre elas. Así, as comunidades de réxime común teñen capacidade normativa sobre os impostos cedidos tradicionalmente e o IRPF, capacidade de xestión tributaria en boa parte deles, e conta ademais cun espazo tributario propio. Non se trata evidentemente dun modelo perfecto, dende logo que é mellorable e dende logo que os socialistas estamos de acordo en meternos de cheo neste debate. Pero é un modelo positivo tanto en termos de equidade, posto que existen diferenzas entre as comunidades que non se explican polas necesidades de gasto calculadas, como do reforzo da autonomía financeira das comunidades.

Durante os anos de vixencia, coincidentes cos anos da gran recesión, as comunidades autónomas experimentaron un grave problema de suficiencia financeira, debido fundamentalmente á gran caída da recadación en contraste coa notable rixidez á baixa dos gastos das comunidades. Este problema agravouse pola intención do Goberno central, singularmente a partir do ano 2012, de centrar o axuste necesario na caída do gasto e pola asignación dunha proporción do déficit autorizado á Administración central superior á súa participación no gasto consolidado.

Deste xeito, o Estado, con Mariano Rajoy á fronte, non impediu a caída da liquidez das comunidades autónomas, coa conseguinte deterioración dos servizos públicos e coa conseguinte deterioración da atención ás persoas. Na gran recesión o Goberno de Mariano Rajoy priorizou cadrar as contas por riba de atender ás persoas, e a austeridade trouxo graves consecuencias para a cidadanía no seu conxunto. Incrementou o gasto das familias fronte a unha menor protección en todos os ámbitos, recortou os gastos nos servizos públicos, nomeadamente en sanidade, educación e servizos sociais, e apareceu por primeira vez unha nova clase traballadora, a clase traballadora pobre, á que a pesar de ter un emprego este non lle permitía cubrir as súas necesidades básicas.

Fronte a esta visión neoliberal da economía aplicada nos gobernos de Mariano Rajoy no Estado e de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, o Goberno progresista de Pedro Sánchez,



ante a crise provocada pola covid-19, que desencadeou non só unha crise sanitaria senón tamén unha crise económica e unha crise social sen precedentes, puxo as persoas por riba das contas e empregou os fondos do Estado, así como eses fondos negociados na Unión Europea, para que as comunidades autónomas —tamén a nosa— contaran cun fondo extraordinario á marxe do sistema de financiamento autonómico; unha transferencia de 13.486 millóns de euros, co obxecto de amortiguar os efectos da crise da covid-19 nas finanzas rexionais, asumindo o Estado unha vez máis o maior custo da pandemia e garantindo a liquidez ás comunidades autónomas para que puideran prestar os servizos públicos esenciais de calidade, uns fondos que foron transferidos xa na súa totalidade á nosa Comunidade Autónoma.

En 2021 viñeron do Goberno do Estado máis de 1.800 millóns de euros extras para a nosa Comunidade, para blindar as contas públicas. E con estes fondos e os provenientes da Unión Europea tivemos as contas máis expansivas da historia, para atender aos sectores máis afectados e ás persoas máis vulnerables, sumándolle o incremento do salario mínimo interprofesional, a implantación do ingreso mínimo vital e o gran colchón para os traballadores e traballadoras do noso país, que a través dos ERTE non perderon o seu posto de traballo, garantíndolles un ingreso mínimo.

Por certo, señores do Partido Popular, gustaríanos saber se teñen distribuído xa ese fondo consenso, que hai dous meses aínda estaba no peto da propia Xunta de Galicia.

Pois ben, nas contas para este exercicio 2022, que, como vostedes ben saben, estamos no debate das mesmas, entre as transferencias do Estado e as transferencias dos fondos europeos, as contas de Galicia voltarán ser as segundas máis altas, cunha contía similar á do ano pasado, porque novamente o Estado non vai permitir que as contas da Comunidade Autónoma caian e, polo tanto, non vai permitir que ninguén quede atrás.

Temos unha partida específica de 3.900 millóns de euros para cubrir as liquidacións negativas do exercicio 2020, para evitar crear tensións de tesourería nas comunidades autónomas neste exercicio. Incorpórase a mensuralidade do IVE de 2017, cando o ministro Montoro no Goberno de Mariano Rajoy provocou que se trasladase esa mensuralidade ao ano seguinte e se esqueceu de incluílo.

Van estar neste orzamento tamén 805 millóns de euros de fondos estruturais e de investimento europeo no marco financeiro 2014-2020, fondos que aínda a día de hoxe non foron executados pola Xunta de Galicia.

E tamén se van incluír 507,7 millóns de euros do marco de recuperación e resiliencia, 22,34 millóns de euros do Fondo Social Europeo React-EU, e transferencias finalistas do Estado, fundamentalmente para políticas de emprego, vivenda, loita contra a violencia de xénero, I+D+i e para atender ao sector turístico, entre outros.

A todo isto témoslle que sumar tamén os recursos consignados nos presupostos xerais do Estado, que ascenden para este ano para Galicia a 1.074,7 millóns de euros, 8,3 % sobre o total rexionalizado.



E tamén os fondos europeos anunciados polo Goberno de Pedro Sánchez para o marco financeiro plurianual 2021-2027, que para Galicia suporán 3.150 millóns de euros máis para avanzar na cohesión social, económica e territorial.

Por iso non é igual cando goberna a dereita que cando gobernamos os socialistas; mentres a dereita se preocupou sempre por cadrar as contas, os socialistas preocupámonos por atender ás persoas para que ninguén quede atrás. (*Murmurios.*) Si, señores e señoras do Partido Popular, si. (*Aplausos.*)

A finais de 2016 e principios do ano 2017 os socialistas trouxemos unha interpelación, e posteriormente unha moción, a esta cámara na que se debateu —foi o último debate que houbo, e aludía a el tamén a miña antecesora na palabra— sobre o financiamento autonómico. A verdade é que é bastante curioso que naquel momento os socialistas, co voto favorable evidentemente do Partido Popular, aprobaron unha serie de puntos, agás o primeiro. E a verdade é que tamén é curioso que tanto o Bloque Nacionalista Galego como as Mareas naquel momento votaron en contra desta proposta desta moción que traíamos os socialistas.

A verdade é que sabemos que nestes intres o debate ten mudado, posto que as circunstancias tamén teñen mudado, pero fundamentalmente moitos dos criterios que nese momento plantexabamos seguimos defendéndoos neste momento.

A min gustaríame saber —probablemente o deputado que saia aquí do Partido Popular nos podería contestar dese acordo que foi tomado en 2017— que se ten feito por parte da Xunta de Galicia. ¿Por que non se ten trasladado nada a esta cámara para o seu coñecemento e debate...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...por parte dos grupos representados nesta cámara? Porque vemos un presidente da Xunta de Galicia moi interesado en facer reunións con outros gobernos autonómicos á marxe do Goberno do Estado, supoñemos que para seguir nesa dinámica de bronca, de ir en contra de Pedro Sánchez dentro dunha táctica de confrontación partidista, que tenta tapar a xestión deficiente da Xunta de Galicia, a falla dunha folla de ruta, ocultar unha execución orzamentaria máis que mellorable...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e menosprezar a indispensable, áxil e necesaria...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, terminou o seu tempo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...contribución do Goberno do Estado.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)





Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Efectivamente, estamos debatendo algo atípico nun pleno, que é o posible impulso a unha comisión de estudo para analizar a posición de Galicia na reforma do sistema de financiamento autonómico. Digo que é algo atípico porque se hai alguén que coñeza ben o Regulamento desta cámara é o Bloque. O Bloque sabe perfectamente que as comisións de estudo se plantexan na Xunta de Portavoces, e agora din que bloqueamos debates. Se nin sequera o levan á Xunta de Portavoces, que é onde hai que plantexar estas cuestións, pois poderíamos ter falado ou poderíamos ter bloqueado ou non bloqueado a comisión. Pero vostedes tráeno ao pleno, supoño que están no seu dereito, supoño que queren visibilizar, supoño que están esperando poder dicir cousas de que o PP o fai moi mal e queren facelo aquí no pleno, pero certamente hai aquí xa unha primeira cuestión que me chama moito a atención e, de feito, leo o que imos votar, o que pide o Bloque: que o Parlamento galego aproba por resolución comprometer, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios correspondentes, a creación dunha comisión de estudo. Ben, aquí non se bloquea nada, simplemente que non se plantexou; por tanto, se non se plantexa, é difícil bloquear.

Máis interesante aínda que ler a iniciativa, a proposta de resolución, moito máis interesante é ler a exposición de motivos, que é o que xustifica esta PNL. Ten un prexuízo. Para comezar, di: é evidente que a forte centralización no Estado español, onde o Goberno central exerce o control sobre os ingresos recadados en Galiza... Ben, isto é mentira, é que é unha falsidade, que pode ser por descoñecemento —non digo que todo o mundo teña que estar ao tanto de como funcionan os sistemas de federalismo fiscal no mundo—, pero o certo é que España —non sei se sabe vostede e, se non, pasámoslle información— é o país máis descentralizado desde o punto de vista financeiro de toda a Unión Europea, moito máis que Alemaña, moito máis que Austria, moito máis que Italia, por suposto, e non digamos xa que os países que están centralizados. É o quinto país máis descentralizado do mundo; ten por diante Suíza, Estados Unidos, Canadá e Suecia. Entón, estamos no país máis descentralizado en termos de autonomía financeira tanto do gasto como de normativa sobre os ingresos e resulta que estamos nun país centralizado; un prexuízo.

Seguimos lendo, e din que o Goberno tivo unha falta de proactividade preocupante. Ben, isto é falso. O Consello de Política Fiscal e Financeira leva traballando tres anos sobre esta cuestión, leva traballando sobre un documento que pactamos co Partido Socialista, ao que vostedes se opuxeron porque defenden un cupo para Galicia. Esa comisión, ademais, tivo antes un traballo técnico, e nesta cámara pactamos o experto que representou a Galicia nese debate, o señor Santiago Lago Peñas, catedrático de Economía de Vigo, que votaron o Grupo Socialista, o Grupo Popular, os dous grupos maioritarios da Cámara naquel momento, coa abstención das Mareas, e co voto loxicamente do non do Bloque Nacionalista Galego.

A continuación, unha vez que rematou o informe técnico —que é público e coñecido—, houbo un comité de técnicos dos distintos departamentos de Facenda no Consello de Política



Fiscal e Financeira que seguiu a traballar. E de repente houbo —como saben— dous procesos electorais, unha moción de censura, e cada un pode achacar a quen queira a dilación no proceso de reforma autonómica. Eu creo que algo ten que ver cales son os aliados que fan maioría no Congreso do Partido Socialista. Pero, ben, o caso é que, efectivamente, o tema segue pendente. Pero non seguen pendentes nin as posicións desta cámara nin o que leva feito a Xunta, que é moito, e que culmina con reunións con outros presidentes autonómicos.

Señora Rumbo, a verdade é que me pareceu moi preocupante a súa intervención, mesmo máis preocupante que a da señora Presas. ¿Como pode criticar que veñan varios presidentes socialistas, que comparten a preocupación polo sistema de reforma autonómica, do financiamento autonómico, a Galicia dicindo que non e aparece vostede aquí dicindo cousas raras ao respecto? O outro día o presidente dicía que resulta chamativo que sexa máis fácil poñerse de acordo co presidente socialista que co Grupo Socialista de Galicia para defender o financiamento galego. Ben, iso pode desprenderse do que vostede dixo, e estamos a tempo de cambiar, evidentemente, estamos a tempo de cambiar.

Seguimos lendo a iniciativa e di que os grupos — neste caso o Grupo Socialista e o Grupo Popular— practican o negacionismo, porque din —e vostede reiterou estes datos na súa intervención— que recada o Estado 13.000 millóns de euros en Galicia e nos entrega polo sistema de financiamento 8.000. Eu lamento moito que a nova dirección do Bloque faga as contas da vella —da vella dirección do Bloque—, porque estas contas non as entende ningún. Para vostedes o Estado non fai nada en Galicia; aquí non hai autovías, non hai aeroportos, non hai portos, non hai Policía, non hai Garda Civil, non hai Exército, non hai transferencia da Seguridade Social, non hai mantemento do aparato do Estado, non hai Instituto Social da Mariña, non hai Ministerio de Asuntos Exteriores que protexa os emigrantes; e, por suposto, non hai débeda, todo o que foron os ERTE —que foi débeda—, pois isto, claro, non se gasta en Galicia.

Ben, o tema é moito máis complexo, mesmo polo lado dos ingresos, e para iso hai unha técnica, complicada, unha metodoloxía científica, que é o que se coñece como balanzas fiscais, e resulta que se teñen feito moitas. E en todas as balanzas fiscais sae que Galicia se beneficia do sistema xeral de financiamento autonómico, tanto polo que percibe por habitante como sobre todo por habitante axustado. É certo que menos que outras comunidades, é certo que isto declina co paso do tempo, e é certo que iso teremos que analizalo. Pero o que non se pode dicir aquí é que España queda cun dividendo fiscal de Galicia, porque é falso, e ademais todas as cifras o revelan así.

No debate do estado da Autonomía deille un dato que vostede non pareceu apreciar moito. É que no 2018 Galicia tiña un PIB per cápita que era o 89,8 % da media española e, en cambio, en renda dispoñible —que é quitarlle os impostos e sumarlle as transferencias— Galicia está no 93,9; son 4 puntos de diferenza. ¿E isto que quere dicir? Que o Estado de benestar en España funciona. E vostede vén aquí falar de que Galicia está pedindo calidade. O que está funcionando é o Estado de benestar. E sobre que un partido que se di de esquerdas me veña aquí cuestionar o Estado de benestar, que redistribúe a renda persoal e a renda territorial, ben, pois a min o que me parece é que ten vostede unha confusión enorme. Porque eu podo entender, desde un punto de vista egoísta, o nacionalismo dos ricos no ámbito financeiro,



pero o nacionalismo dos que están por baixo da renda media iso non é defender Galicia co corazón e coa cabeza, iso é defendela coa senrazón e, desde logo, para prexudicar os galegos, que padecerían máis do corazón se temos o financiamento que vostedes predicán. (*Aplausos.*)

Porque vostedes realmente o que están pedindo, na forma, que non é correcta, introducindo na exposición e na xustificación prexuízos, como que estamos moi centralizados, negando a evidencia de que hai actividade con respecto á reforma do financiamento autonómico, negando a complexidade das balanzas fiscais con esas contas que evidentemente suspenderían 1º de financiamento autonómico en calquera universidade española, e ademais negando todo isto, chegan a unha conclusión que é curiosa, ¿non? Na exposición de motivos vostedes o que piden é unha comisión de estudo pero que xa sabe cal é o resultado: unha nova relación económica que blinde a capacidade de autogoberno. O mesmo que dixó a señora Pontón: queremos un concerto económico como o que teñen en Euskadi ou Navarra que nos dea a chave dos nosos cartos. Ben, o concerto con Euskadi e con Navarra é o convenio, pero, en fin, iso dá igual; total, incluso pois é o mesmo.

Ben, nós somos —creo eu— un pouquiño máis conscientes que o Grupo Socialista sobre as deficiencias do actual sistema de financiamento, e hai datos de Cedeja que din que o financiamento axustado está no 100 e que hai comunidades que o teñen mellor e outras que o teñen peor; por tanto, non somos damnificados directamente polo sistema pero tampouco somos beneficiados.

Pero o certo é que non ten en conta os problemas, en xeral —por dicilo así—, relacionados coa demografía. Se hai poucos nenos nunha escola, ten que haber escola e, polo tanto, hai un gasto adicional que non se pode computar por alumno. Porque, efectivamente, en Galicia a situación é distinta. Gastamos catro veces máis no desprazamentos dos alumnos aos colexios pola dispersión da poboación. En canto ao envellecemento, pois de 65 anos en Galicia é o 25 % da poboación, e en España é o 19 %, pero resulta que os maiores de 65 anos son a metade dos casos de hospitalización que hai en calquera sistema español de saúde e o 62 % das receitas médicas. Polo tanto, isto implica que a demografía, tanto por abaixo como por arriba, inflúe no financiamento.

E, polo tanto, nós levamos tempo defendendo —como o pactamos co Grupo Socialista no seu momento— un sistema de financiamento que garanta a suficiencia do sistema, que teña en conta que os recursos se dan por necesidade e non por capacidade fiscal, que quere que haxa un financiamento semellante en toda España porque cremos que o financiamento por habitante axustado debe ser igual en toda España e, por suposto, que manteña a autonomía para que teñamos capacidade de decisión sobre tributos e mellorar —non a redistribución, aínda que tamén— a asignación eficiente dos recursos. E, por suposto, defendemos un método de multilateralidade na negociación.

Ben, chegados a este punto, un pregúntase e, a verdade, voulle confesar que poucas veces tiven tantas dúbidas sobre que votar nunha proposición non de lei. Eu o primeiro que me pregunto é se paga a pena esta comisión. ¿Cambiará o Bloque de opinión se os expertos din que é unha ruína o cupo ou seguirán defendendo o cupo? É unha pregunta que eu me fago. Ou, por exemplo, pois fágome tamén a pregunta de se o Grupo Socialista, que hoxe veu de-



fender as bondades do moi progresista Goberno do señor Sánchez sen facer a máis mínima crítica ao problema do sistema de financiamento autonómico vixente, vai ser algo combativo por unha vez e vai defender os intereses de Galicia nos campos nos que eu acabo de dicir.

Eu pregúntome se paga a pena, porque realmente non o vexo, non o acabo de ver. Non obstante, se lle parece —para que haxa proactividade na Cámara e que non digan que vimos ler papeis—, eu creo que podo votar que si, podemos votar que si á súa proposta, unicamente poñéndolle unha condición. Cando vostede nega que non se fixo nada, non recoñece todo o que se leva feito. É posible que cheguemos tarde. Eu non creo que sexan capaces de facelo tan rápido, pero hai anuncios de que nun mes podemos ter unha proposta enriba da mesa; polo tanto, a comisión ten que ser rápida.

Estamos de acordo en facer unha comisión de estudo xa, inmediata, en facer eses trámites parlamentarios, que se tiveran vostedes traído pola súa canle regulamentaria ao igual xa estaban resoltos, porque xa estabamos coa constitución da comisión feita. Pois podemos facer unha comisión, traer expertos e despois, claro, cada pau que aguante a súa vela.

Eu creo que a partir de aí, se non somos negacionistas de verdade, é dicir, se non discutimos o que nos din os expertos dunha materia, os economistas que levan anos e anos traballando no financiamento autonómico, se todos defendemos Galicia, poderemos chegar polo menos a unha aproximación, a un acordo sobre as bases do sistema de financiamento que debemos de pedir na reforma do sistema de financiamento; se non, non. E, polo tanto, depende de vostedes. Se queren que haxa comisión, nós estamos encantados de facer eses requisitos formais, que vostedes obviaron neste debate, para que haxa esa comisión, sempre e cando tamén —eu agradeceríalle que fixese mención expresa a isto— estivésemos todos de acordo en que ten que ser unha comisión —porque ademais é fácil convocar expertos porque este tema o teñen moi trillado— de aquí a fin de ano, substanciar as comparencias e chegar a algún tipo de acordo.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Ben, eu agradezo a vontade de diálogo que manifestou a voceira socialista, aínda que non comparto algúns dos exemplos que se puxeron aquí enriba da mesa e que cremos que afondan, ben, nunha visión diferente do país e do Estado. Particularmente, o exemplo do IVE creo que non é o máis acertado, porque precisamente o exemplo do que aconteceu co IVE do 2017 amósanos como debemos partir dun punto de vista de desconfianza. Porque ao final advertimos que non estaba funcionando ese marco do Consello de Política Fiscal e Financeira, que tanto lle gusta tamén ao Partido Popular nomear permanentemente, e Galiza tivo



que ir aos tribunais, por certo, con atraso respecto de cando nós empezamos a poñer enriba da mesa que ese ía ser o paso inevitable. En todo caso, agradezo a cuestión.

Señor Pedro Puy, en primeiro lugar agradezo que cando menos nesta volta diga que é atípico, aínda que discrepo porque temos traído este debate respecto doutras cuestións desta fórmula —é certo que non de forma constante, de forma puntual— cando algún tema considerabamos que requiría este paso previo dun debate en aras dun consenso, por exemplo na anterior lexislatura respecto da Comisión das caixas. E, desde logo, traémolo porque nos parece importante. Agradecemos que cando menos desta vez non se nos diga que é antirregulamentario despois de que teña o visto e prace dos letrados e letradas desta cámara.

En todo caso, nós dicímoslle: ¡voten en conciencia! Nós traemos esta proposta porque entendemos que este é o lugar onde hai que debater... (*Murmurios.*) ¡Voten en conciencia! ¿Que lles imos dicir? (*Murmurios.*) En fin, habería matices, si; se votan en conciencia habitualmente, pois quizais quedo máis preocupada do que estaba.

A cuestión é: nós o único que lle pedimos é un mínimo de honestidade ao Partido Popular. Se vostedes van dar un si a unha comisión para facer o mesmo que fixeron, por exemplo, coa Comisión das caixas, ou xa para impoñer un resultado de parte, como se parecía inferir da intervención do señor Pedro Puy, pois, desde logo, gustaríanos que non fose con esa intención. Se é cunha intención construtiva, nós estaremos aí, porque —insisto— o Bloque Nacionalista Galego aquí non está traendo a lei do cupo ou unha proposta específica, como fixemos noutros momentos, para dar ese debate; e nós non renunciamos ao noso obxectivo estratéxico, señor Pedro Puy. Agora ben, tamén sempre o nacionalismo galego e tamén noutros debates respecto do sistema de financiamento estivo aí para facer achegas dentro do marco limitado no que nos movemos. Eu xa sei que a vostedes lles gusta caricaturizarnos como botados ao monte, pero, desde logo, con iso non funciona. Polo tanto, se vostedes están a favor desta cuestión, voten en conciencia e cheguemos a un consenso.

Agora ben, a nós o que non nos vale é o argumento, un pouco trampulleiro, de que, claro, chegamos tarde porque o traemos por este mecanismo. Porque sabe vostede que esta foi unha proposta que hai quince días lle fixo a señora Pontón ao señor Feijóo. Sabe vostede perfectamente que é unha proposta que tamén ía no debate do estado da Nación, e vostedes vetaron esa proposta. No debate do estado da Nación non se estaba poñendo enriba da mesa que vostedes se fagan adeptos ao cupo; calquera día —vistas as reaccións que teñen ás veces ante o Goberno central— igual nos pasan pola esquerda e nos pasan tamén polo grao de soberanía. Pero non foi ese o caso. Polo tanto, esta é a cuestión que está enriba da mesa; e, desde logo, se vostedes ceden, pois nós cederemos tamén en aras dunha comisión que sexa produtiva.

Agora ben, antes de que se me esgote o tempo, quería comentar algunha cuestión. Vostede fala de que non hai unha centralización deste Estado e que falamos por descoñecemento. Mire, non, o que facemos é valoracións políticas, igual que supoño que vostede onte —pese á confusión que vin no informativo da CRTVG— sabía perfectamente que o Bloque Nacionalista é o Bloque Nacionalista Galego, aínda que parece que nos informativos non quedou claro. En todo caso, nós o que facemos é unha valoración política de que, evidentemente, á



luz está: que nestes corenta anos de presunta Autonomía e de presunta descentralización o que se descentralizou foi o gasto; os ingresos, non. E a proba é que non tivemos recursos suficientes para atender a ámbitos tan importantes como a sanidade, como a dependencia ou como o ensino. E podemos poñer exemplos concretos respecto da sanidade. ¿Que nos di a Conta xeral do Sergas ano a ano? Que este sistema é insuficiente.

O mesmo respecto da proactividade, que supoño que será unha cuestión subxectiva, pero é un pouco irónico que diga vostede que igual chegamos tarde a isto cando non trasladaron debates das conclusións dos foros que se abriron no Estado a este parlamento, para ver cal era a reacción galega e a reacción deste parlamento, e cando este parlamento non tivo outro papel porque vostedes non quixeron.

E a mesma cuestión respecto da óptica que temos nós das balanzas fiscais e doutros ámbitos. Desde logo, quen ten unha óptica de que hai caridade para con este país son as forzas estatais, non é o nacionalismo galego, que o que está defendendo é que precisamente este país é maior de idade; as galegas e galegos cotizamos, pagamos os nosos impostos, contribuímos ás arcas do Estado e, polo tanto, non estamos pedindo nada que non sexa noso.

Ese é o noso obxectivo: un trato máis xusto. E toda vez que ademais esta pandemia o que fixo foi que uns e outros recoñeceran que o sistema de financiamento non era suficiente, e non era suficiente no marco da pandemia e non era suficiente ampliando o foco.

Polo tanto, eu confío en que todas as forzas da Cámara, tamén vostedes, confíen na posibilidade de que poida haber un acordo respecto dunha comisión, un plan de traballo. Nós por présa e por esforzo non vai ser. Creo que o demostramos tamén na Comisión de Reactivación, que finalmente se se acabou pechando —pode negar vostede coa cabeza— foi porque o Bloque Nacionalista Galego ante o bloqueo do Partido Popular presentou un ditame e reactivou esa Comisión de Reactivación —valla a redundancia—. Desde logo, non será por présa no calendario. Agora ben, advertimos que entendemos que debe ser un calendario e un plan de traballo con xenerosidade por parte de todas as partes e sen unha conclusión preestablecida.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Porque igual que nós non imos pretender que todo o arco parlamentario asuma a nosa proposta de máximos, pois non pretendan vostedes tampouco presentarnos unha cuestión pechada e que os demais asumamos como propia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿A emenda do PSOE non a acepta?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, a emenda do Partido Socialista que fala do marco vi-xente, que entendemos que é este Parlamento galego...

**O señor PRESIDENTE:** Non a acepta. Grazas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...entendemos que si. Non temos problema en aceptala.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Ai, acéptaa! Vale. Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación dos terreos ocupados actualmente pola empresa Ence en Lourizán, Pontevedra, en cumprimento da disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista a esta proposición non de lei.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, no marco da Mesa de diálogo para o futuro de Ence, na que están presentes todas as administracións relacionadas, a levar a cabo as seguintes actuacións:*

- Asumir o contido do informe obxectivo que está a elaborar a Universidade de Vigo.*
- Impulsar dentro das posibles ubicacións un gran proxecto industrial do sector forestal galego.*
- Estudar as futuras accións de rexeneración, restauración e reordenación dos terreos actualmente ocupados.»).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra ten a palabra o señor Bará.

*(Murmurios.)*

**O señor BARÁ TORRES:** Estaba esperando a ver se acaban aí a charla...

**O señor PRESIDENTE:** Non, están aí arreglando outro asunto. Déalle para diante. Tranquilo. *(Murmurios.) ¡Silencio!*

Hai pequenos corrillos que é normal a esta hora. Tampouco pasa nada.

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, pola mañá falamos da deslealdade, da manipulación pola Xunta dos informes da Fegamp, das reunións técnicas da Fegamp. E isto realmente é un xogo de



aprendices comparado coa patraña — non se pode chamar doutra maneira —, da utilización, da manipulación burda e indecente que fixo a Xunta de Galiza, o señor presidente da Xunta de Galiza, o señor Rueda, o señor Conde, dun informe do Consello Consultivo de Galiza sobre a posibilidade de ampliación dos terreos do Porto de Marín, que era ese o tema sobre o que versaba ese informe, non sobre a continuidade e a permanencia de Ence neses terreos.

Este é un exemplo de libro de *fakes news*. É un exemplo de libro de creación dunha realidade alternativa que, ademais, foi categoricamente desmentida polo Consello Consultivo. E voules ler o titular da prensa do día 22 de outubro: «O Consello Consultivo di que é legal incluír Ence no Porto de Marín». Esta foi a versión filtrada pola Xunta manipulando o informe do Consultivo. E catro días despois a Cadena Ser, Radio Pontevedra, publica esta noticia: «O Consello Consultivo de Galicia aclara que o futuro de Ence depende do Tribunal Supremo». En aclaracións a Radio Pontevedra, o Consello afirma que se a sentenza do Alto Tribunal legaliza a prórroga, Ence poderá seguir en Lourizán, pero se mantén o criterio da Audiencia Nacional e anula a prórroga —cita textual de declaracións do Consultivo—, «Ence tería que pechar as súas instalacións en Lourizán, aínda que os terreos pasen a depender do Porto de Marín, porque a sentenza ten que executarse».

Isto foi o que dixo o Consultivo. E a Xunta erre que erre mentindo, enganando, manipulando un informe do maior órgano consultivo da Comunidade galega para intentar enganar a xente, enganar a cidadanía e enganar tamén os traballadores da fábrica coa ilusión falsa de que este informe podería abrir a porta á permanencia de Ence neses terreos. E o informe non di iso. O informe di exclusivamente, a unha consulta que fai o Porto, que se poderían ampliar os terreos do porto cara aos terreos que ocupa Ence, unha vez que desapareza Ence, pero non para incluír a Ence neses terreos.

¡Fíxense ata onde chega esta burda manipulación dun informe! Por certo, foi un informe meteórico, porque tardou unha semana... Claro, había présa porque o señor Feixóo ía a Madrid o día 22 reunirse coa ministra do Miteco e tiña que levar un informe debaixo do brazo, aínda que fose un informe falseado e trampeado.

Polo tanto, parte dunha estratexia na que está o Partido Popular e a Xunta de Galiza de confrontación e de oposición de novo; de confrontación co Goberno central e de oposición ao Goberno municipal de Pontevedra. Unha oposición por certo absolutamente fracasada porque levan vinte e dous anos fracasando nese intento de botar abaixo o Goberno municipal, utilizando todo tipo de artimañas. Xa non teñen límites, xa non se cortan nada.

E agora xa estamos noutra fase. Vostedes empéñanse en estirar o chicle, ¿non? Estiran o chicle, estiran o chicle de Ence, da permanencia de Ence aí, pero xa hai unha sentenza da Audiencia Nacional que é categórica, que di claramente o que pasa e o que é legal, que esa prórroga foi concedida ilegalmente. Por certo, o único que entendeu iso foi parece ser o portavoz municipal do Partido Popular en Pontevedra, o señor Domínguez, que dixo que, efectivamente, a prórroga estaba mal dada e que a sentenza era categórica e indiscutible. Pero vostedes aínda non entenderon isto, ¿non? E por iso estiran o chicle coa intención de confundir, coa intención de enganar e de enredar, en vez de asumir a realidade e poñerse a traballar cara ao futuro. Pero non, vostedes seguen no pasado. E o que teñen que facer é actuar





como goberno, como un verdadeiro goberno deste país e non como os títeres de Ence, os títeres dunha empresa privada.

Ademais, teñen que exercer as competencias que teñen en materia de medio ambiente, en materia de ordenación do territorio, en materia marítima ou en materia de industria, e empezar a desenvolver esas competencias e gastar as enerxías niso, non en facer oposición; gastar as enerxías en buscar solucións, non en crear problemas. Porque, ademais, aquí estamos diante dunha oportunidade neste momento e hai que anticiparse, hai que gañar tempo; non se pode agardar a que as cousas se decidan noutras instancias xudiciais e non ter capacidade de reacción.

Porque aquí pode haber dous escenarios. O primeiro escenario, que é o máis rápido, podería ser que o Tribunal Supremo non aceptase o recurso de Ence. Isto pode tardar tres ou catro meses, e isto colocaríanos nunha situación de peche da fábrica, do desmantelamento da fábrica. E a outra opción é que si acepten o recurso e que vaíamos a unha sentenza do Supremo, que pode tardar, que é habitual nestes casos, dous ou tres anos.

Pero tamén neste caso sería bo empezar a anticiparse, a adiantarse e a buscar solucións; a pensar en clave de futuro e a pensar en grande; a pensar Galiza en grande, o sector forestal en grande, a ría de Pontevedra en grande, o país en grande. E para iso hai que facer dúas cousas:

A primeira é buscar un novo emprazamento. Xa llelo dixemos aquí por activa, por pasiva, por reflexa, por circunflexa, pero non o acaban de entender. É un novo emprazamento para un gran complexo industrial de transformación de produtos derivados da madeira que non ten que ser só a fábrica que está agora en Lourizán, que ten que cando menos pechar o ciclo e buscar tamén outros aproveitamentos dentro da bioeconomía, dentro dunha concepción loxicamente de monte galego multifuncional, non só pensado para o monocultivo, para un único aproveitamento. Aí hai un gran potencial de crecemento, contando ademais coa participación pública e coa participación do sector forestal galego; hai unha grande oportunidade aí que temos que aproveitar. Porque, ademais, agora hai posibilidade de financiamento de fondos extraordinarios para poder apostar por estes grandes proxectos. E para iso hai que facer un estudo, un estudo ambicioso. Nós pensamos que é un erro o estudo que se está plantexando neste momento coa Universidade de Vigo, pero, en todo caso, benvido sexa, é un paso que se dá.

E a segunda cuestión é comezar a traballar na recuperación dos terreos de Lourizán. Por certo, cumprindo o que está previsto tanto nas Directrices de ordenación do territorio como no Plan de ordenación do litoral que aprobou a Xunta de Galiza no ano 2011, que non o inventou o BNG. Estas son normas de ordenación do territorio que hai que cumprir e que din claramente que aí non pode seguir a fábrica, que hai que recuperar eses terreos, que hai que facer unha área de mellora ambiental e paisaxística, que hai que facer un plan de ordenación deses terreos. E quen o ten que facer loxicamente é quen ten as competencias en ordenación do territorio e medio ambiente, que é a Xunta de Galiza.

Polo tanto, o lóxico sería —como lles pedimos nós nesta proposta— empezar a traballar xunto coas outras administracións, neste caso, o Goberno central e o Concello de Pontevedra, nese plan de futuro, neses estudos desas opcións para recuperar e rexenerar eses terreos.



Esta é a proposta que traemos aquí. Trátase de pensar en grande para recuperar nada máis e nada menos que 372.000 metros cadrados de terreos que foron gañados ao mar e que teñen que recuperarse. Máis de sesenta campos de fútbol é o que representa este espazo.

Unha grande oportunidade, polo tanto, para o desenvolvemento urbano, para a creación de emprego e riqueza. Este é un gran proxecto de creación de postos de traballo na ría, con actividade pesqueira e marisqueira; en terra, xa todo o proceso de desmantelamento desa fábrica e a recuperación dos terreos xeraría moitísimos centos de postos de traballo, e despois as actividades que se puxesen aí. E tamén para crear máis postos de traballo nun gran proxecto de desenvolvemento en clave de país do sector forestal.

E a conclusión é que hai dúas alternativas, e vostedes teñen que escoller, a alternativa da Xunta de Feixóo é: ou ben actuar como un verdadeiro Goberno galego, ou ben seguir actuando como unha delegación de Ence; actuar ao servizo do Consello de Administración de Ence, ou ao servizo dunha grande empresa pública que se chama Galiza.

O BNG ten claro de que lado está. Vostedes por desgraza tamén. Vostedes están en contra dos intereses de Galiza e defendendo exclusivamente os intereses de Ence.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Volvemos hoxe aquí debater sobre o futuro da pasteira Ence en Galicia, como presumiblemente faremos en moitas máis ocasións. Esta iniciativa que debatemos hoxe supón para nós dar un salto xigante cara ao futuro, pasando por riba da situación na que nos atopamos, o que non entendemos que sexa moi axeitado porque aínda nos quedan moitos pasiños por dar.

Que a prórroga de Ence do ano 2016, levada a cabo polo Goberno de Mariano Rajoy en funcións, foi unha chapuza feita a correr e sen as mínimas garantías xurídicas, respondendo seguro a unha chamada de última hora da empresa, na última hora, e aínda co risco que tiñan nese momento de cambio de goberno, a estas alturas iso sabémolo todos. Neste momento, desde o pasado xullo, ademais isto —como dixen xa noutra ocasión— vén ratificado pola sentenza da Audiencia Nacional, que di claramente a excepcionalidade que ten a ocupación no dominio público marítimo-terrestre. Ademais, incide en que non poden prevalecer intereses concorrentes dunha empresa por riba do cumprimento rigoroso dos requisitos legalmente previstos. E recalca que non ve nos argumentos nin na proba practicada nin na



proba aportada pola empresa xustificación ningunha para a permanencia dela no dominio público marítimo-terrestre; máis clara non pode ser.

Pero sexamos cautos —sexamos cautos porque a iso me refería no inicio da miña intervención—; cautos porque nestes momentos temos unha sentenza que non é firme, senón que está sendo obxecto dun recurso, e non só dun recurso senón duns cantos e con moitas e diversas argumentacións xurídicas.

Polo tanto, temos que ser responsables e manexar ben os tempo. Ademais, cando se trata do Tribunal Supremo, eu viño demasiado optimista, señor Bará, porque eu creo que os tempos do Tribunal Supremo son moito máis lentos do que vostede manifestou hai uns segundos.

Sabemos, ademais, que a vostede lle gusta iso de precipitar a resolución xudicial. Tamén o vemos sempre con Meirás, que quere tomar decisións antes da firmeza. Pero os que traballamos nisto sabemos que cando se inicia un procedemento xudicial nunca se sabe como isto pode terminar ou as voltas que pode dar. Polo tanto, pido precaución porque o camiño faise andando e non pegando chimpos.

Polo tanto, compartimos con vostede o contido desta iniciativa, a necesidade de consensuar nun futuro unha actuación necesaria nestes terreos se finalmente se confirma a sentenza, co fin de recuperar estes na medida do posible. Digo na medida do posible porque esa foto que ás veces trae vostede aquí ao pleno é idílica dos anos cincuenta, e sabemos que non se pode volver xa recuperar, porque máis que nada temos unha autovía que pasa polo medio. Polo tanto, difícil sería bañarse nunha praia así.

Pero insisto: nestes momentos temos actuacións máis urxentes e prioritarias que merecen unha resposta. E a principal é ter unha opción B para o caso de que o Tribunal Supremo confirme a sentenza.

Para min, neste momento, o que máis me preocupa son os postos de traballo; todas esas familias, veciños e veciñas do meu municipio, a maior parte xente nova, que teñen neste momento a angustia de que vai pasar co seu futuro. Preocúpame tamén moito a actitude que ten o Goberno do Partido Popular, unha actitude de seguir secundando a empresa e pechándose en banda á posibilidade de buscar un plan B dentro da legalidade, que no día de hoxe só pasa polo traslado a outra ubicación que cumpra a normativa.

Non podemos secundar un Feijóo e un Goberno da Xunta negacionista para os retos industriais da nosa terra, cuxa actuación no caso de Ence se limita unicamente a encargar informes de parte que reafirmen os da empresa e a amparar a empresa sen pensar para nada no futuro dos traballadores. A actitude da Xunta está a ser un despropósito. Non poden seguir enganando e secundando a empresa, senón que teñen que exixirlle un comportamento moralmente desexable, como o que é garantir dentro dos termos legais o mantemento dos postos de traballo.

Non sigan a darlle voltas á posibilidade de integrar a pasteira na Autoridade Portuaria de Marín como solución ilegal e a ubicación ilegal que se atopa neste momento, porque iso é



enredar. Xa lle dixo no ano 2005 o Ministerio de Fomento que isto ía contra a Lei de réxime económico e prestación de servizos de portos de intereses xerais. Cinco informes negativos; un deles de Javier Jiménez Cisneros, que era categórico e dicía que neste dominio público marítimo-terrestre unicamente cabían usos portuarios e de sinalización marítima.

Encargan agora ao Consello Consultivo un informe á medida, que non fai falla analizar moito polo miúdo para decatarse que contén nas súas conclusións unha manobra que constitúe unha clara fraude de lei.

E eu pregunto: ademais desas solucións peregrinas e dolosas, que xa sabe que non son factibles, ¿que leva feito ata o de agora o Goberno da Xunta para dar unha resposta real a este problema?

Non pode seguir dando falsas expectativas aos traballadores e traballadoras e seguir utilizando un sindicato como instrumento de presión cara ás administracións públicas doutra cor política. Atopámonos cunha situación esperpéntica. Creo que dende a Revolución Industrial non atopamos un sindicato de traballadores que branquease unha empresa e pretendese pechar e deixalos na rúa, e ademais que dirixa a súa acción, a súa presión contra dúas administracións públicas, como son o Concello de Pontevedra e o Estado, que se mostran dispostas a acadar unha solución sen ser competentes, amparando pola contra a outra administración como é a Xunta, que é a única competente en materia industrial e está con toda impunidade en mirar para outro lado. ¡Surrealista! (Aplausos.)

Ante este panorama, nós temos dende a oposición que seguir insistindo; insistindo na necesidade de buscar outra ubicación posible dentro do noso territorio. E na última xuntanza da Mesa de diálogo sobre o futuro de Ence foi o secretario de Estado o que acadou o compromiso que pedían os traballadores ante unha petición do Comité de Empresa da fábrica de asumir por parte do Goberno de España o custo dun informe obxectivo elaborado polos técnicos e profesionais da nosa universidade pública, para poder atopar futuros emprazamentos dentro da comarca de Pontevedra ou, no seu defecto, dentro da provincia de Pontevedra. Cumprindo este compromiso que se acadou nesta xuntanza, días despois encargouse o reseñado informe á Universidade de Vigo, que constituíu un comité de expertos formado por enxeñeiros/enxeñeiras, biólogos/biólogas e outros técnicos e técnicas, que se comprometeu a fixar un prazo de tres meses para a súa elaboración.

Novamente, o Goberno de España dá mostra da súa vontade de acadar unha solución a este conflito, e queda claro a falla de vontade da Xunta de Galicia.

Ence ten que quedar aquí, pero cumprindo a lei. Temos neste momento unha oportunidade, porque temos unha gran cantidade de fondos europeos que poderían servir para facer unha fábrica moderna, sostible, e que non se limite a ser unha fábrica de papel, senón que acabe o ciclo e que deixe así máis valor engadido no noso territorio e máis traballo.

E nese sentido vai a nosa emenda, no sentido de engadir ao peticionado actuacións previas que dende o Grupo Socialista —como dixen ao principio— consideramos máis urxentes para desenvolver nun curto prazo. Porque entendemos que a Mesa de negociación xa está consti-



tuída, que esa Mesa de negociación e diálogo está formada por todas as administracións competentes, os representantes dos traballadores e os representantes da empresa. Polo tanto, entendemos que unha vez constituída a actuación prioritaria —como xa lle dixen— é esperar o contido dese informe. Temos segundo a revista *Forbes* unha das mellores universidade do mundo, vai ser un informe totalmente obxectivo e no que seguro que vai determinar unha posible ubicación no noso territorio. Porque iso de que non pode ser trasladada e que a única ubicación ten que ser en Lourizán non é crible xa de forma obxectiva.

Polo tanto, temos que asumir o contido dese informe, temos que centrarnos nas posibles ubicacións que poidan ser a mellor posible dentro da nosa comarca e, se non, dentro da nosa provincia, e despois impulsar —como dixen— este gran proxecto industrial do sector forestal galego para Galicia. Unha vez que poidamos impulsar e trasladar esta fábrica, temos que estudar tamén —como dicía e como concordo co que pide vostede nesta iniciativa— a rexeneración e restauración e reordenación destes terreos.

Novamente, espero que acepten a nosa emenda e por que poidamos facer as cousas —como dixen tamén no inicio— pasiño a pasiño.

E remato, como teño feito noutras ocasións, pedindo consenso e vontade neste tema, porque está en xogo o pan de moitas familias.

E sen máis, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro Rey.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Santos Costa.

**O señor SANTOS COSTA:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Bará, como non podía ser doutra maneira, estamos outra vez de novo debatendo neste pleno do Parlamento o interese por parte do BNG de pechar a fábrica de Ence e mandar ao paro miles de traballadores que dependen dela. Nada máis que o empecinamento do BNG e do Partido Socialista de pechar esta industria, como está a facer con moitas outras, sen tratar de buscar solucións para todos eses traballadores.

Volvemos reiterar, señor Bará, que a sentenza da Audiencia Nacional non vai ser gratuíta; vai ser á custa de deixar sen traballo e sen amparo miles de familias da comarca de Pontevedra e en toda Galicia.

Hai moitísimos anos que veñen alegando a contaminación medioambiental, a seguridade da industria, como argumentos para pechar esta fábrica, pero estes argumentos xa se caeron cando vostedes no Goberno do bipartito, no ano 2008, outorgaron autorización ambiental



integrada a esta industria. Polo que vostedes mesmos confirmaron durante o seu goberno que Ence non era unha empresa nin perigosa nin contaminante.

Logo foron continuos os recursos xudiciais presentados polo Concello de Pontevedra contra esa autorización ambiental integrada e as distintas revisións dela. E tamén foron desestimadas tanto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Audiencia Nacional e incluso o Tribunal Supremo.

Agora, señor Bará, pídenos nesta proposición non de lei que o Parlamento inste a Xunta de Galicia a iniciar un proceso de diálogo con todas as administracións relacionadas, co obxectivo de levar a cabo o previsto na disposición adicional terceira do POL, en relación coa mellora ambiental e paisaxística nos terreos que ocupa actualmente a empresa de Ence-Lourizán.

Pois ben, señor Bará, na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de xuño de 2020, pola que se desestimaba o recurso interposto polo Concello de Pontevedra contra a revisión da autorización ambiental integrada de 2018, non se lle daba a razón ao Concello de Pontevedra, cando este alegaba que de acordo co POL non se podía autorizar esa autorización ambiental. Ademais, o artigo 95.1 do POL, relativo ás edificacións e aos usos existentes, indica que os que estean implantados antes da entrada en vigor dese POL, como é o caso, poderán seguir desenvolvendo a súa actividade con independencia da súa conformidade co Plan de ordenación do litoral.

Polo tanto, sabemos que a sentenza da Audiencia Nacional sobre a prórroga de Ence non é firme, e mentres a fábrica siga coa súa actividade en Lourizán non será de aplicación a disposición adicional terceira do POL.

Levan moitos anos insistindo no peche da fábrica. E o único argumento claro que teñen é que non lles gusta a ubicación aí, pero nunca aportaron ningunha alternativa, nunca buscaron ningunha solución. E non lles preocupa en absoluto o que lles poida pasar aos miles de traballadores e familias que dependen desta empresa.

Dende logo, encontraron o perfecto compañeiro de viaxe: o Partido Socialista. Un Partido Socialista que fixo todo o posible dende que chegou ao Goberno do Estado para facilitar o peche desta industria. E todo para dar cumprimento ao pacto de goberno co BNG, onde lle exixía o peche desta instalación.

Todas as decisións políticas adoptadas polo Partido Socialista foron encamiñadas con este obxectivo: o peche desta fábrica. En primeiro lugar, tratando de modificar a Lei de costas; despois foi a Lei de cambio climático, que, por certo, vai traer un problema de inseguridade xurídica a moitas edificacións da nosa costa. E, dende logo, a decisión clave de allanarse no proceso xudicial pola concesión da prórroga de Ence na Audiencia Nacional, promovido, entre outros, polo Concello de Pontevedra. Unha decisión que é absolutamente irracional, que a concesión da prórroga de Ence se outorgase cuns informes favorables da Avogacía do Estado, e que o Partido Socialista lle ordenase á Avogacía do Estado que se allanase no recurso e deixase sen defender os seus propios informes cando outorgaron esa concesión.



Polo tanto, o Concello de Pontevedra, co recurso presentado á prórroga de Ence, e o Goberno do Estado, por allanarse no dito preito, son os responsables e os que propiciaron estas sentenzas, (*Aplausos.*) e con isto esta inseguridade para todos os traballadores que dependen dela.

E volvo insistir en que a nós tampouco nos gusta a ubicación desta empresa. Pero despois de tantos anos aí e de saber que actualmente a empresa cumpre con todos os parámetros medioambientais e de seguridade, o que non se entende é que se teñan que mandar ao paro todos eses traballadores como queren facer vostedes.

Pois ben, chegados a este punto, con esta sentenza, que non é firme, que de feito xa ten alomenos doce recursos presentados perante o Tribunal Supremo, pois abren novos escenarios que temos que poñer enriba da mesa. Por parte do BNG, que sempre solicitou o peche da empresa sen ofrecer ningunha alternativa, agora o que propón é aplicar a disposición terceira do POL, ou sexa, desmantelar a fábrica. E, claro, como di o señor Bará, pois crear emprego demolendo a empresa, ¡que manda narices! Por parte do PSOE, dende o Ministerio de Transición Ecolóxica, despois da terceira Mesa de negociación, agora propoñen contratarlle á Universidade de Vigo un estudo de posibles ubicacións alternativas a Lourizán; algo que resulta lóxico porque sendo a administración a que provocou o problema pois que sexa a administración a que se encargue de buscar solucións. E todo isto, despois de sete meses da primeira Mesa de negociación.

Pero, ao mesmo tempo, xa falan de demoler Ence e de propoñer unha saída ordenada como reflicte xa na súa emenda presentada nesta cámara polo PSdeG. Polo tanto, o BNG e o Partido Socialista están xa a falar de desmantelamento e demolición desta industria sen ter ningunha alternativa aínda e sen buscar ningunha solución.

E, por outro lado, está a empresa, que di que se ten que marchar a fábrica de Lourizán procederán a ampliar a fábrica de Navia e completarán o seu proceso produtivo cunha fábrica de fibra téxtil, polo tanto, en Asturias. Esa estratexia parece clara, pois non optaron ao proxecto que a Xunta de Galicia propón tamén de fibras téxtil para ubicar na provincia de Lugo con cargo aos fondos Next Generation.

E tamén xera moitas dúbidas que os representantes do Ministerio de Transición Ecolóxica, nas últimas reunións da Mesa de negociación, o asturiano Hugo Morán, defendan a pasteira en Asturias e insistan tanto na demolición do complexo de Ence. Dende logo, é curioso que o Partido Socialista non teña ningún problema en defender a pasteira de Navia, e ese mesmo Partido Socialista queira pechar a fábrica de Lourizán.

Con esta situación e ante a persistencia do BNG e o Partido Socialista por pechar Ence, por parte dos traballadores propoñen á Xunta de Galicia que estude a posibilidade de adscribir á Autoridade Portuaria os terreos do complexo industrial.

Como xa comentei na miña última intervención neste pleno sobre este asunto, no porto de Marín hai moitísimas actividades auxiliares e de transportes que dependen exclusivamente de Ence e que poden ser irrecuperables. O tráfico da pasta de papel en Ence supón máis de



doce mil portes de camión ao ano, e expórtase toda a produción de Ence a través do porto de Marín, o que supón máis do vinte por cento do tráfico portuario total. Polo tanto, para o Porto de Marín sería moi importante adscribir eses terreos ao dominio público marítimo portuario.

Como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia, co fin de buscar solucións e poder garantir os postos de traballo, inicia o percorrido para tratar de buscar unha alternativa xurídica que permita adscribir os terreos ao Porto de Marín. Para sondear esa viabilidade, a Xunta eleva ao Consello Consultivo unha consulta sobre esa hipotética adscripción dos terreos ao Porto. Con todos estes antecedentes, o Consello Consultivo emitiu un informe onde queda moi claro que é viable o poder adscribir eses terreos ao Porto. Dá igual o que vostede diga, señor Bará.

E como agora ao BNG e ao Partido Socialista non lles gusta o sentido do informe, poñen en entredito a imparcialidade do órgano supremo consultivo da Xunta de Galicia e de todas as administracións galegas, con xuristas de recoñecido prestixio, que non están ao ditado de ninguén.

É lamentable, señor Bará, que dubide da imparcialidade do informe do Consello Consultivo, cando todos os concellos de todas as cores políticas lle piden asesoramento, como o propio Concello de Pontevedra, que ata o de agora lle serviron os máis de vinte informes e ditames que solicitou. Pero agora, como este non lles gusta, di que non vale. A verdade é que deberían ter un pouquiño de rigor e seriedade, señor Bará; quen se ten que deixar de patrañas é vostede.

En definitiva, temos un informe que incide na posibilidade de poder dar unha solución xurídica a este problema, e agora depende da vontade política do Goberno do Estado para poder asegurar os miles de traballos que dependen desta empresa. O Goberno debe deixar de practicar dunha vez a súa política de bloqueo e colaborar na solución que garanta a continuidade dos postos de traballo. O ditame do Consello Consultivo é claro e deixa ao Goberno e ao Concello sen escusas. A Xunta defende a ubicación habitual porque non hai outra alternativa; non hai outra ubicación nin outra solución.

Señor Bará, como fai referencia ao portavoz do Partido Popular no Concello de Pontevedra direille que ao señor Rafa Domínguez o que lle preocupa é Pontevedra, que os seus veciños sigan vivindo en Pontevedra. Cousa que parece que ao BNG e ao Partido Socialista de Pontevedra non lles importa en absoluto. (*Aplausos.*) Como tampouco lle importa ao Concello que Pontevedra sexa a que máis taxa de paro rexistre entre as sete grandes cidades de Galicia, e quere seguir incrementando ese dato. Porque nin a Marín nin a Pontevedra lles vai resolver nada un hipotético e improbable traslado desa empresa de Lourizán, porque moitos veciños de Pontevedra e de Marín terán que marchar ou terán que ir ao paro. E ademais para o Porto de Marín esta perda sería irrecuperable. De nada nos valería un posible traslado porque os tráfico portuarios e todas as actividades relacionadas se perderían.

Polo tanto, nós propoñemos unha solución para garantir estes postos de traballo, e agora son o BNG e o Partido Socialista os que teñen que ter vontade política para solucionar este problema.





E remato xa reiterando como sempre que se Ence se pecha o Partido Socialista e o BNG serán os responsables do futuro destes miles de traballadores e todas as súas familias.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Santos.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ¡Que papelón fixo aquí hoxe, señor Santos! *(Murmurios.) (Risos.)* Si, ¡que papelón! Fixo méritos vostede para que o nomeen voceiro de Ence en Marín. *(Aplausos.)* Hoxe gañou méritos para conseguir unha representación.

O que xa é o colmo é que sigan aquí erre que erre insistindo na manipulación do informe do Consultivo. ¿Pero como hai que explicárllelo? Se xa o explicou claramente o propio Consultivo nas declaracións que fixeron a Radio Pontevedra. Mire: «O Consello Consultivo afirma que non analiza no informe solicitado pola Xunta a posible adscrición de Ence ao Porto de Marín, senón a posible cualificación como zona portuaria dos terreos que actualmente ocupa a pas-teira». Exclusivamente iso.

Pero voullo dicir máis claro, pois o informe do Consultivo di: «En atención ao exposto e desde o carácter limitado da nosa análise, estima este Consello Consultivo que cabería considerar xustificada a necesidade de ampliación da zona de servizo do porto con destino a usos complementarios, relativos á localización de empresas que permitan un importante incremento do tráfico portuario, tendo en conta tanto as necesidades actuais xa presentes no porto como a eventualidade futura da diminución de tráfico portuario que deriva dunha hipotética supresión do tráfico de pasta xerado pola empresa Ence». É dicir, que está dicindo que como vai perder Ence, o porto podería ampliarse cara a eses terreos e, en todo caso, que hai que cumprir a sentenza, que é o que manda. O que decide o futuro é o Supremo, non é cambiar a lei. *(Aplausos.)* Iso é unha fraude como unha catedral, é unha desviación de poder, é corrupción, como queren que lle chame. ¿Pero como se pode defender e xustificar isto a estas alturas?

E despois de que saíse o Consello Consultivo facendo esta aclaración, que é clarísima, contundente e categórica, o señor Feixóo, tres días despois, di que lle traslada ao Porto de Marín o informe do Consultivo, que ve viable adscribir Ence. É que son uns delinquentes. *(Murmurios.)* Son uns delinquentes. Isto é... *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, señor Bará, cal foi a cuestión que suscitou isto... Estaba falando...

**O señor BARÁ TORRES:** Nada. Seguimos que...

**O señor PRESIDENTE:** Porque se hai problemas que protestaron, se hai problemas... Eu oín algo de «delinquentes». *(Murmurios.)* Foi o que oín.



**O señor BARÁ TORRES:** Miren: a cuestión é a seguinte...

**O señor PRESIDENTE:** Retírase...

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, despois que fagan a retirada que consideren.

**O señor PRESIDENTE:** Retírase a cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Xa está, xa falei co señor Bará e retira a palabra «delincuente». Xa está, non hai problema, xa está retirado. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, estaba falando naquel momento eu, non podo estar atendendo a dúas cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor BARÁ TORRES:** Vostedes actúan como se non houberse unha sentenza xudicial. É que é un escándalo. Vostedes dan por inexistente unha sentenza que é a que di que hai que pechar Ence; non o di o BNG, dio unha sentenza xudicial da Audiencia Nacional. *(Murmurios.)* Por certo, si, aplicando unha lei do Partido Popular e o mesmo que defendeu durante moitos anos o Partido Popular, e mesmo o señor presidente da Xunta, que foi a Pontevedra dicir que Ence non podía seguir na ría de Pontevedra. ¿Como quere que lle chame? É que xa non hai palabras no dicionario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Transgresores da legalidade. ¡Ala!... *(Aplausos.) (Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio...

**O señor BARÁ TORRES:** Son transgresores da legalidade.

¿E que dixeron vostedes despois da sentenza? *(Murmurios.)* Feixóo: se hai fondos europeos e se pode trasladar a pasteira, fantástico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, señora Prado, por favor!

**O señor BARÁ TORRES:** «En Galiza caben dúas papeleiras». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Feixóo dicindo que en Galiza caben dúas papeleiras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa sei que están na estratexia de interromper, de molestar, de intentar, tal... *(Murmurios.)* pero non, vou seguir, non me van calar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «Se vén outra pasteira que queira poñer unha instalación en Galiza, nós ímoslle abrir as portas». O señor Feixóo falando de dúas pasteiras, e agora non quere que se estude o traslado e unha nova ubicación para Ence.

O 20 de xullo di: «La Xunta se inclina por una nueva ubicación de Ence para garantizar el empleo. Conde abre la puerta al traslado y pide al gobierno fondos europeos para financiarlo».



¿De que están falando, entón? Se vostedes mesmos defendían a situación. Miren o sector forestal: o sector forestal galego defende a posible reubicación de Ence en territorio galego; cre que é esencial contar coa industria transformadora. O que está dicindo o BNG.

E vostedes erre que erre que ten que seguir Ence en Lourizán en contra dunha sentenza xudicial da Audiencia Nacional; (*Murmurios.*) en contra do que di a lexislación de ordenación do territorio galega. E vostede di agora tamén que se poden incumprir as Directrices de ordenación do territorio e o POL. É que se fixo unha disposición adicional terceira específica para este tema, para ordenar a saída da fábrica de aí e recuperar os terreos, que é o que estamos propoñendo nós, en previsión de que haxa unha sentenza xudicial contraria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor BARÁ TORRES:** É que non hai maneira, ¡eh!

**O señor PRESIDENTE:** Ten vostede razón, neste caso ten vostede razón. ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, ¡é difícil! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Un pouco de calma.

**O señor BARÁ TORRES:** Entón, se defenderon todo o tempo isto, (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) se defenderon isto, anteriormente que se a saída da fábrica, agora que se buscasse unha ubicación, ¿por que cambiaron vostedes de tocata?, ¿por que cambiou o Partido Popular? Porque houbo un toque desde Madrid e dixéronlles que tiñan que cambiar e que tiñan que defender os intereses de Ence, (*Aplausos.*) desde Xénova e desde o consello de administración das portas xiratorias. Esa é a realidade.

E porque, ademais, vostedes utilizan esta manipulación mesmo do Consultivo —por certo, aproveito para dicir que non imos aceptar a emenda do PSOE, porque non trata sobre a cuestión que nós propoñemos—, manipulan o informe do Consultivo, porque o utilizan dentro desta estratexia de acoso e derribo ao Goberno municipal de Pontevedra, que é unha estratexia fracasada. Levan vinte e dous anos fracasando no acoso e derribo, (*Aplausos.*) incluíndo as coaccións, a chantaxe, as presións, a compra de vontades. E non o van conseguir, non o conseguiron e non o van conseguir. Olvídense desa vía. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Pedímoslle para finalizar... Si, o tempo é que me estiveron interrompendo todo o tempo, entón, claro... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non.

**O señor BARÁ TORRES:** ...teño que disfrutar duns minutos máis.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, controlo eu.

**O señor BARÁ TORRES:** ¡Transgresores! Son transgresores. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** Pedímoslle solemnemente desde esta tribuna que rompan a alianza (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) con Ence, esa unidade de destino no universal, ese matrimonio indisoluble con Ence, coas portas xiratorias. Só lles falta poñer o lazo verde de Ence, ese gran lazo, poñelo enriba de San Caetano ou na Cidade da Cultura, porque máis...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**O señor BARÁ TORRES:** Non, non, perdón, señor presidente, que me estiveron interrompendo todo o tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Non... Por favor, mire o tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** E, remato xa...

**O señor PRESIDENTE:** Xa está, remate.

**O señor BARÁ TORRES:** Remato xa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...pedíndolles que voten a favor, que voten si, que voten a favor...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor BARÁ TORRES:** ...de recuperar a ría, de recuperar os terreos de Ence...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor BARÁ TORRES:** ...e de impulsar un gran proxecto...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo. Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Queda menos, vaíamos con calma. Vaíamos con calma, xa queda menos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Imos ir todos con calma, que xa estamos co horario a punto de rematar todos. Eu comprendo que tantas horas aquí... pero xa estamos rematando. Vaíamos con calma.

Veña un ánimo, que só queda unha, a última. Imos coa última.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e quince deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para a activación de medidas en favor da industria electrointensiva**



**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Candia López e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto do punto 1 da proposición non de lei polo seguinte:*

*«1.- Incrementar o orzamento destinado ás subvencións relativas ao mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases efecto invernadoiro á contía máxima permitida pola Unión Europea (25 % dos ingresos obtidos nas poxas de CO<sub>2</sub>), polo que esta partida podería chegar aos 450 millóns de euros en 2022.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*«5.- Proceder á intervención pública na factoría de Alcoa en San Cibrao, inicialmente de forma transitoria e a través da SEPI, coa fin de asegurar o mantemento do emprego e da actividade industrial e facilitar a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable.»*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Ramón Fernández Alfonzo e a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:*

- 1. Promover a constitución dunha mesa tripartita entre a Xunta de Galiza, o Goberno do estado e os tres sindicatos maioritarios na Galiza, para concretar unha nova proposta de Estatuto electrointensivo e o seu desenvolvemento.*
- 2. Propoñer que o Estatuto electrointensivo inclúa bonificacións do 100 % dos custos de peaxe de transporte para as CC.AA. produtoras excedentarias de enerxía.*
- 3. Propoñer a eliminación da factura eléctrica de todos os cargos que non estean directamente relacionados co funcionamento do sistema, como bono social, pagos por capacidade, déficit tarifario, primas ás renovábeis, etc., que deberán ser compensados a través dos orzamentos xerais do estado.*



4. *Propoñer a modificación do sistema de fixación de prezos do mercado eléctrico sacando as centrais hidráulicas e as nucleares, que deberán ser retribuídas polos seus custos de produción recoñecidos.*

5. *Incrementar o orzamento destinado ás subvencións relativas ao mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases efecto invernadoiro á contía máxima permitida pola Unión Europea (25 % dos ingresos obtidos nas poxas de CO<sub>2</sub>).*

6. *Incluír cláusulas de responsabilidade social para o mantemento do emprego e das condicións laborais nas empresas beneficiarias do Estatuto electrointensivo, como a obriga de realizar investimentos para mellorar a capacidade produtiva, ou penalizacións por reducir esta capacidade ou o volume do emprego en máis dun 20 %.>>).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Tenme que permitir unha licenza porque se non empezo así rebento.

Señor Santos, se vostede volve a Pontevedra e dinlle que lle chamaron «delincuente» por intentar defender os postos de traballo de moitas familias de Pontevedra, ¡jole vostede! e ¡jole a todas as persoas que traballen así! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Porque voulles dicir unha cousa: ¡que rápido lles caeu a careta da moderación! Iso é o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E agora tamén lles digo: agardo ese ímpeto, un pouco máis de educación, pero ese ímpeto e ese empeño para manter os postos de traballo das electrointensivas e de Alcoa. ¡Ese ímpeto! *(Aplausos.)*

Ben, empezo a miña intervención e voulles ensinar dúas facturas, dúas facturas eléctricas, *(A señora Candia López amósalle á Cámara dúas facturas.)* con nomes e apelidos dunha explotación gandeira humilde. En xuño do ano pasado, pagaba arredor de trescentos euros; en xuño do 2021 pasa de seiscientos euros. Con entrevistas diariamente —esta xa é deste mesmo mes—: «Antes pagaba de luz 400 euros ao mes; agora xa estou no triplo, 1.200». Múltiples recortes de familias ao longo de todo o país, asfixiados polo prezo da luz, que teñen que elixir entre comer ou pagar o recibo do alugueiro. Así sofren as familias vulnerables o prezo récord da luz. Outro: «Condénante a caer enfermo». Son medios de distinta tipoloxía e de distintas partes do país.

Señorías, no ano 2015, cando a luz subía un 13 %, un desesperado Pedro Sánchez por chegar ao Goberno, dirixíase a Rajoy e dicíalle: «Señor Rajoy, ¡que caro nos sale usted a los españoles!>>. E eu preguntolle, señoría, cando agora pasou a triplicar o recibo moitos dígitos, ¿como lle sae Pedro Sánchez aos españois? Pois ruinoso, leonino. E, sen dúbida, se con estes exemplos demostran pequenas empresas que están asfixiadas, tamén hai que dicir que, se hai unha



actividade económica que sofre con moito máis impacto ese incremento no prezo da luz, son as industrias electrointensivas, que o 60 % dos seus custos de produción son enerxía.

Señorías, o plan de choque que aprobou o Consello de Ministros para rebaixar o prezo da luz non funciona, non conseguiu os seus obxectivos. E nas electrointensivas, mentres que en España pagan a un prezo de 112,24 megavatios, en Francia pagan 48 e, en Alemaña, 77, por poñer un exemplo. É o que está, evidentemente, atacando a competitividade das empresas que están ubicadas no noso territorio. Os expertos advirten de que incluso seguirán estes prezos da luz con cotas altas ata avanzado o 2022.

¿E por que estamos nesta crise enerxética? Pois tampouco creo que ninguén dubide —hai moitísimos estudos que así o demostran, e escoitámolo ao longo de hoxe en repetidas ocasións— de que as decisións que se están tomando en materia enerxética son decisións improvisadas e, á vista do resultado, ademais, equivocadas. Fórzase a desconexión das térmicas —bueno, agora xa saben que pode que non sexa así— antes de asegurar a integración das fontes renovables con diferentes tecnoloxías: a biomasa eléctrica, a eólica ou a fotovoltaica, e sobre todo a xestión e o seu almacenamento. O mix eléctrico en España ten unha maior dependencia do gas natural e debemos importar prezos de referencia cada vez máis altos. En definitiva, todo isto está impactando nas economías familiares —citei dous artigos—, pero tamén nas pequenas e medianas empresas e tamén nos autónomos, e nun momento, ademais, onde a competitividade das empresas é moi importante despois desta crise sanitaria tan enorme que acabamos de vivir e que aínda non está superada de todo.

As asociacións de empresas electrointensivas ameazan, e dino claramente: como isto non mude, haberá quebras e peches na industria —todo iso está exposto na exposición de motivos—. E tampouco está de máis recordar a importancia deste sector electrointensivo na nosa economía: representa un 5,7 % do valor engadido bruto e crea miles de postos de traballo directos e indirectos.

A proposta que hoxe someto á votación da Cámara e que busca acadar o voso apoio pide varias medidas. Foi emendada para incrementar a partida á que se podería chegar nas subvencións relativas aos mecanismos de compensación de custos de emisión indirecta de gases do efecto invernadoiro. A contía máxima que permite a Unión Europea, como saben, é do 25 % dos ingresos do CO<sub>2</sub>, por iso inicialmente ciframos en 312, pero xa sabemos que a cantidade pode chegar aos 450.

No punto 2 pedimos activar o Fondo Español de Reserva para Garantías de Necesidades Electrointensivas para a cobertura dos riscos derivados das operacións de compravenda a medio e longo prazo da subministración da enerxía eléctrica —os coñecidos PPA— entre consumidores da enerxía eléctrica que teñan a condición de electrointensivos, segundo o Cesce. Tamén convocar de modo inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a adquisición por parte dos consumidores electrointensivos. E establecer mecanismos de xestión da demanda que permitan ofrecer flexibilidade ao sistema eléctrico. En definitiva —como ben explicaba—, eses son os puntos e as medidas que nós demandamos.



Pero tamén presentamos unha emenda que segue sendo de gran importancia para a nosa comarca, para a comarca da Mariña. Coñecemos o 28 de outubro que o expediente de regulación de emprego tiña a declaración de nulidade por parte do Tribunal Supremo, pero seguimos tendo o mesmo problema que afecta as electrointensivas: a súa viabilidade e o prezo da enerxía. Moitas foron as promesas, moitos foron os incumprimentos que fomos citando en distintas iniciativas, tanto no Pleno como tamén nas comisións. Non entendemos por que non se adopta a decisión xa de intervención temporal da SEPI. O propio presidente do Comité dirixiuse a todos os grupos políticos e vén reclamalo —evidentemente, non quería desaproveitar esta ocasión— sen poñer en valor ese esforzo, esa entrega, esa resiliencia dos traballadores e das súas familias, pero tamén teño que dicir que, por parte do Partido Socialista, en primeiro lugar, e por parte do Bloque Nacionalista Galego tamén, que, neste caso, estivo absolutamente ao lado e —¿por que non dicilo?— incluso non só sendo un cómplice, senón empregando esta problemática para defender un posible pacto. E polo que vexo e polo que aprendín hoxe aquí, teñen bastante máis interese en cumprir os pactos cando o pacto significa pechar unha industria que en cumprir os pactos cando o pacto significa que continúen os postos de traballo na Mariña. (*Aplausos.*)

Entón, neste momento, máis alá dun debate político, hai moitas familias esperando decisións políticas. Estanas esperando as empresas electrointensivas, que saben que, se non se adoptan medidas, poderán chegar á quebra ou ao peche. Iso significa despedimentos e iso significa que moitas familias perden o seu posto de traballo, moi especialmente na nosa comarca, en Alcoa. Miren, no ano 2019, Pedro Sánchez veu dar un mitin á Coruña. No seu mitin saíu —e puntualizo o do mitin porque ben saben vostedes que en política o que se di aí e como se di, se non se cumpre, probablemente teñen que esperar a que sexa tido en conta pola xente—: «Sánchez asegura en su mitin en Galicia que han garantizado un futuro para Alcoa». Nin, por suposto, o asegurou para Alcoa Coruña nin o asegurou para Alcoa A Mariña. E é curioso porque, cando aquí intentan confundir a poboación dicindo que as competencias en industria son da Comunidade Autónoma, aquí, dende logo, non dicía «se me deixa Feijóo» ou «se Feijóo fai A ou B», claramente o vendía como un logro, porque é a verdade —el sábeo perfectamente— que esta é unha decisión de política enerxética. (*A señora Candia López mostra un documento.*) Moitas familias —sen desviarme do que quería dicir— están esperando esta decisión, nunha comarca na que se lles enche a boca pedindo unha reindustrialización. E eu preguntolle, señoría: ¿non haberá mellor industrialización que contribuír a que continúen os postos de traballo que neste momento están na Mariña lucense?

Agardo que, como noutras ocasións, cheguemos a un acordo unánime. Agárdoo non porque sexa un punto a favor do grupo que eu represento hoxe, senón porque sei que hai moitísimas familias que están esperando non só o que se diga aquí, senón que os que teñen a responsabilidade de facelo —nomeadamente, o Goberno de España, nomeadamente, a intervención da SEPI, ou, nomeadamente, o Consello de Ministros— o fagan, e as medidas que aquí propoño significarán a continuidade e a tranquilidade de moitas familias.

Neste primeiro turno, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.





*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boas.

Endesa e Iberdrola acaban de presentar os seus resultados trimestrais; unhas contas que amosan un beneficio para os nove primeiros meses deste ano de máis de 3.800 millóns de euros; 3.800 millóns en nove meses, máis de 14 millóns de euros ao día, froito principalmente da tremenda escalada dos prezos da electricidade desde o verán. E precisamente sobre os prezos da electricidade vou falar, de como se marcan eses prezos, dos problemas que están a provocar e das propostas que ten o BNG para regular este mercado absolutamente esencial para unha sociedade e para un país.

O primeiro que hai que facer para entender o recibo da luz é dividilo en dúas partes: coller, por unha parte, o custo da subministración eléctrica —é dicir, o que nos cobran pola cantidade de electricidade que consumimos— e facer outra parte con todo o demais: diferentes conceptos que son realmente moi opacos —como cargos, peaxes e diferentes impostos— e que nada teñen a ver co noso consumo eléctrico.

Comezando por esta última parte do recibo, entre estes cargos están, por exemplo, as primas ás renovábeis; diñeiro que o Goberno comprometeu coas empresas para incentivar a instalación das renovábeis, que hoxe xa non existen, pero existiron e aínda estamos pagando. Outro exemplo de cargos son os custos de transporte da electricidade aos territorios extrapeninsulares: illas Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla. Outro exemplo é o Bono social eléctrico; estes descontos no recibo que o Goberno establece para os consumidores vulnerábeis, ou o custo de non cortar a electricidade en caso de impagos a aqueles consumidores considerados vulnerábeis severos. Estes custos acumúlanse e repártense entre as eléctricas e despois estas reparten, trasladan estes custos, a todas as persoas e empresas consumidoras. Son medidas de política social para evitar o que se chama «pobreza enerxética» que, en principio, deben asumir as eléctricas pero que as trasladan ao recibo que pagamos entre todos e todas.

A primeira proposta do BNG é retirar estes conceptos do recibo eléctrico, limpar o recibo de todo aquilo que non é especificamente pagar o que consumimos, porque, na nosa opinión, estes conceptos, estes cargos, deberían pagarse con cargo aos orzamentos xerais do Estado, xa que todos estes custos son produto de decisións políticas de política económica: incentivar a instalación de renovábeis, protexer consumidores vulnerábeis, financiar sobrecostos de levar a electricidade fóra da Península, déficit tarifario... Decisións políticas que deberían custearse con cargo aos orzamentos xerais. Non dicimos que non haxa que pagalos entre todos e todas, pero a través dos orzamentos do Estado; uns orzamentos que tamén financiamos entre todos e todas, pero facémolo a través de impostos que pagamos en función do noso nivel de renda ou da nosa riqueza, non a través do recibo eléctrico. É un sistema totalmente regresivo que non establece diferenzas e, polo tanto, discriminatorio. Ademais, no recibo hai tres impostos distintos: IVE, imposto de xeración e imposto especial de electricidade. Tamén no caso dos impostos hai que actuar con coherencia e con racionalidade. Se a



electricidade é un ben esencial — como de feito o é — debería aplicárselle o IVE superreducido do 4 %, polo menos, dentro de certos niveis de consumo.

En canto á outra parte do recibo — a máis importante —, ao prezo da electricidade propiamente, este prezo márcase no mercado maiorista a través dun sistema coñecido como «pool». A través deste sistema, cun día de antelación, contrátase a electricidade que imos consumir ao día seguinte. A electricidade vai entrando nese *pool* e vaise comprometendo — por dicilo dalgunha maneira — desde a máis barata á máis cara. Primeiro, as máis baratas, como a nuclear e a hidráulica; despois, as renovábeis, a eólica e a solar; e despois, para completar a demanda, entran o gas e o carbón. Unha vez se cobre a demanda, fíxase o prezo. Todas van cobrar o mesmo prezo, o prezo que marcou a última en entrar, a máis cara. É como se imos ao mercado, levamos patacas, tomates, leituga, polo e percebes, e nos cobran todo ao prezo dos percebes. (*Murmurios.*) Así, por exemplo, a enerxía hidráulica, cuns custos de produción de arredor de 10 euros/megavatio, chegou a pagarse a 200 euros/megavatio, un beneficio do 2.000 %. Ou, no caso das renovábeis, como a eólica e a solar, cun beneficio estimado do 800 %. Sabemos que na poxa de xaneiro as empresas pediron 25 euros/megavatio; así que podemos supoñer razoabelmente que os custos de produción son menores, e a 200 euros megavatio..., fagan a conta: beneficios de máis dun 800 %.

O prezo do gas xa é algo máis complexo. No prezo do gas inflúen dous factores: o primeiro, que é un produto que hai que importar, que cotiza nos mercados internacionais, e, polo tanto, pode verse afectado pola especulación pura e dura, ou ben polas decisións políticas dos países produtores, casos de Rusia ou Alxeria. E tamén está afectado polo mercado de CO<sub>2</sub>, polo custo de emitir CO<sub>2</sub>, porque o dereito a contaminar cómprase e véndese nos mercados internacionais como calquera outro produto financeiro. De feito, emitir unha tonelada de CO<sub>2</sub>, que a principios de ano custaba 30 euros, custa agora 60. E as centrais de gas emiten CO<sub>2</sub>, así que producir electricidade con gas é caro por causa destes dous factores. A penalización á emisión de CO<sub>2</sub> é un custo de emisión que, por suposto, se traslada tamén aos consumidores, porque xa sabemos que iso de «quen contamina, paga» non é máis que un slogan. ¿Ou acaso podemos prescindir de consumir electricidade?

Ben, neste ámbito, a proposta do BNG para baixar o prezo da electricidade é sacar as nucleares e a hidráulica do *pool* eléctrico. A electricidade producida con estas tecnoloxías, que son as máis baratas, pagaríase en función dos seus custos de produción recoñecidos e reservárase a hiperconsumidores industriais e a consumidores vulnerábeis. Algo parecido funciona en Francia, onde reservan un 25 % da produción das nucleares para a súa industria hiperconsumidora.

E, por último, ampliar as subvencións que concede o Goberno para compensar os custos de emisión indirecta de gases de efecto invernadoiro até o máximo permitido pola UE.

Tanto esta última medida, ampliar as subvencións, como limpar o recibo eléctrico de cargos e peaxes, é dicir, de custos impropios, son medidas que o Goberno podería tomar de inmediato, igual que reformar e reducir os impostos dándolles unha coherencia.

As outras medidas, sacar determinadas tecnoloxías do *pool*, poden levar máis tempo, pero queremos que quede claro que son perfectamente factíbeis no marco actual da Unión Europea — caso francés — e que terían un impacto moi positivo sobre o prezo.



Pola contra, temos que lamentar que as medidas que anuncia o Goberno non son claras e xeran confusión e inestabilidade, como o decreto sobre os beneficios das eléctricas, que durou unha semana. Son opacas e complexas, como o Fondo Nacional para a Sustentabilidade do Sistema Eléctrico, que non elimina os cargos, senón que traslada parte deles aos carburantes, encarecendo o gas natural, a gasolina e o gasóleo; ou traslada os sobrecostos no prezo do gas a futuro, xerando un novo déficit tarifario que haberá que pagar a partir de marzo.

En canto ao Fondo de Reserva de Garantía para os contratos de longa duración, a propia patronal de empresas electrointensivas manifesta que non vai ter ningunha incidencia no prezo da electricidade. Nós coincidimos nesta valoración.

En todo caso, o que parece evidente é que as grandes compañías eléctricas teñen poder suficiente para botarlle un pulso ao Estado en defensa duns beneficios absolutamente ilexítimos, fóra de toda proporción, que non responden á lóxica dunha actividade económica normal ou dun mercado normal, senón que responden a un sistema feito á súa medida durante moitos anos polo PSOE e polo PP —reforma tras reforma, paso a paso, asento no consello de administración a asento no consello de administración, duns e outros—, blindando os privilexios desmesurados das grandes eléctricas. E hoxe teñen forza para poñer o Estado, as familias e a industria a tremer, en grave risco, por unha crise que pode ser incluso peor que a provocada pola covid.

Rachar con este dominio, con estes privilexios, é fundamental e todos poden tomar medidas. A Xunta pode empezar por constituír unha empresa pública galega de enerxía; unha empresa que podería ir recuperando aquelas concesións hidráulicas vencidas ou aquelas que vaian vencendo paulatinamente, así como recuperar aquelas nas que a concesionaria estea incumprindo os termos da concesión. Unha empresa pública sería o xeito de rachar co monopolio, sería o xeito de introducir no mercado un competidor, unha empresa que se caracterice polas boas prácticas ambientais e polo respecto ás persoas consumidoras, e, ao mesmo tempo, un mecanismo para que os beneficios dos nosos recursos enerxéticos, recursos públicos —porque os ríos son públicos— queden na Galiza e xeren riqueza e postos de traballo no país.

Estas son as propostas do BNG para baixar o prezo da electricidade e as propostas para un estatuto electrointensivo que consolide e fomente a actividade e o emprego industrial no noso país.

Instamos o Goberno do Estado a executalas con urxencia, porque o risco no que están moitas empresas a estas alturas é grave e inminente. E instamos a Xunta a tomar tamén as medidas, no ámbito das súas competencias, que lle corresponda, nomeadamente a constitución da empresa pública de enerxía ou a xa coñecida tarifa eléctrica galega, que garanta prezos competitivos tanto a consumidores domésticos como industriais.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

Boa tarde e, como dicía o señor presidente, xa rematamos. E, aínda que non é a primeira vez que falamos deste debate arredor do problema e da crise do prezo da factura da luz e do gas, agrádecese o ton e a non virulencia habitual. Isto, dito de verdade, sen ningún tipo de ironía, despois da tarde que levamos compartindo. Todo debate arredor de achegar medidas é posible, e moitas das que se piden, de feito, nesta proposición —e que logo debullaremos— son medidas que xa están en marcha, pero todas as medidas que se poidan seguir achegando, xunto ás que están en marcha, benvidas sexan, porque, efectivamente, polas características do mercado que temos no noso país, o nivel de afección que están a ter estes prezos desorbitados na industria electrointensiva están afectando de xeito moi directo o seu futuro e a súa viabilidade.

Por unha banda —e por aclarar, porque ás veces o que nos falta tamén é un pouco de contexto—, estase a traballar en dous aspectos fundamentais. Un é un aspecto máis técnico, que é o que ten que ver con ese fondo de avais públicos para a contratación da enerxía a medio e a longo prazo. É, como dicía, unha pata da que vostedes se esquecen normalmente cando falamos deste problema do prezo da luz, que é un dos aspectos nos que se está a traballar nas últimas horas e nos últimos días e que é unha pata fundamental se non queremos que a industria deste país estea a padecer máis ca outros países de Europa esta situación. E ten que ver con ese diálogo, con ese acordo que se está tratando de implementar entre as grandes empresas eléctricas, que teñen, efectivamente, entre os seus grandes clientes, a industria e o sector electrointensivo. Estase implementando e tratando de que se cumpra ese acordo, ese diálogo que está aberto nos últimos días, porque as empresas eléctricas teñen, efectivamente, boa parte tamén da responsabilidade de axudar —á marxe das competencias que ten o Goberno, das que falaremos, neste problema que ten, nomeadamente, como dicíamos, a industria electrointensiva— para que haxa unha oferta maior na subministración de electricidade a prazo e a prezos razoables.

Hai unha parte, como saben, na que pode incidir —dicíamos— o Executivo, no marco desas competencias, pero, efectivamente, gran parte da orixe —que é o que obvian sempre neste debate da situación que estamos a vivir— ten que ver co prezo do gas nos mercados internacionais, e, como dicía vostede, con ese problema no nivel de cobertura que ten a industria respecto da subministración e prezo da electricidade, que é limitado. Porque aínda que unha parte se cobre con contratos a medio e longo prazo a prezo fixo, hai outra parte, efectivamente, nese mix que fai, que se cobra acudindo día a día, indo a ese mercado almacenista. É por isto polo que lles afecta dunha maneira tan importante, e é aquí onde hai esa gran diferenza con outras industrias europeas que si teñen contratos a prezo fixo a longo prazo cunha maior cobertura que a nosa industria.

Para resolver esta situación, este problema —que non se nega, que non nega tampouco non só este grupo parlamentario, senón que non nega o Ministerio e o Goberno do Estado—,



está en marcha ese diálogo tanto con empresas enerxéticas como cos grandes sectores electrointensivos, que nas últimas horas, precisamente, o que facían era pedir que dunha vez por todas se poñan á súa disposición eses contratos bilaterais a medio prazo, a longo prazo, e a uns prezos accesibles e razoables. É un compromiso que está sobre a mesa e que non se está, evidentemente, a cumprir.

Esa é unha pata importante, porque contextualizar é ter este debate sereo. Pero hai outra banda e outra parte, efectivamente, que ten que ver coas competencias do Estado. Hai mecanismos, efectivamente, para compensar as empresas electrointensivas e, de feito, temos sobre a mesa un proxecto de orzamentos que contempla por primeira vez 470 millóns de euros especificamente para estas empresas. É a partida máis elevada da historia en axudas a estas compañías. Son números. Destes 470 millóns de euros, algo máis dun terzo, ademais, arredor de 180, como mínimo, irán ao mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas do CO2 que se contemplan no proxecto de orzamentos; contéplase xa precisamente que se poida incrementar ata ese 25 % que vostedes piden nesta iniciativa.

E aquí temos que matizar algunha cousa, porque, de feito, eses ingresos xa se están a dedicar en parte á industria electrointensiva. O que acontece —porque falaba vostede e sacaba ao comezo do debate recortes das familias e das empresas, e ese sentimento ten que ser continuo nos debates tanto aquí como, evidentemente, no Congreso dos Deputados por parte dos diferentes grupos parlamentarios— é que parte deses ingresos que proveñen do CO2 xa están —dicía— dedicados ás electrointensivas, pero hai outra parte que está dedicada tamén a amortiguar esa suba na factura eléctrica de todas e todos os consumidores e tamén a financiar ese Bono social que foi ampliado para cidadás e cidadáns máis vulnerables.

Polo tanto, hai que atender a industria electrointensiva, pero tamén hai que conter o recibo para as consumidoras e os consumidores nas súas casas. E destínanse, precisamente por iso, 900 millóns adicionais desas poxas de CO2 das que vostede falaba para reducir a factura eléctrica. En calquera caso, no proxecto de orzamentos, como dicía, xa está contemplada esa posibilidade para a industria do 25 %.

Piden tamén que se activen nesta proposición as pólizas a través do Cesce e por conta do Estado. Sabe vostede que hai unhas semanas, precisamente, se aprobaba, se activaba este mecanismo que piden vostedes e que xa está en marcha, coa aprobación na Comisión de Riscos do Mercado Electrointensivo.

Polo tanto, como dicía, limitan e enfocan este debate, lamentablemente, a esa confrontación política. Téñense posicionado arredor deste problema —dicía— en varias ocasións no Congreso dos Deputados —xa falaba vostede deses casos particulares que, evidentemente, preocupan a todo o mundo—, pero, como dicía, téñense posicionado —sen ir máis lonxe, no mes de setembro— en contra dese Real decreto 17/2021, que contempla esas medidas fiscais, as axudas aos consumidores máis vulnerables, e vostedes votaron, señorías, en contra. *(Aplausos.)*

Tampouco queren entrar con serenidade no debate dos porqués ao mercado, de por que o mercado almacenista está a sufrir estes prezos sen precedentes; uns prezos contextualizados na situación internacional, na rápida recuperación das economías e en como se produce ese



desaxuste entre a demanda e a oferta de gas. Tamén o mercado de dereitos de emisión da Unión Europea —hoxe que vimos aquí falar tamén de transición e de clima—; un mercado de dereitos de emisión da Unión Europea que viu incrementando o prezo do CO<sub>2</sub> durante este ano debido, precisamente, entre outras cousas, a ese aumento da ambición climática e á redución de dereitos de emisión. E, como dicían aquí neste debate, non se pode estar en misa e repicando, falando e sacando peito de que Galicia está a facer os seus deberes en canto á redución das emisións, e logo estar cualificando de decisións precipitadas e tomadas no marco da transición enerxética. Efectivamente, benvidos a que, nese Cumio do clima, tanto a ONU como a Unión Europea como o Estado español e como a propia conselleira —que viaxou ata Glasgow—, asuman esa nova ambición e que se dobren os obxectivos para acadar ese fin das emisións no ano 2050. Pero eu quero preguntar unha vez máis como pensan cumprir eses obxectivos co que veñen defendendo nesta Cámara.

Estamos, polo tanto, nunha conxuntura extraordinaria, no medio dunha situación complicada ante a que se está actuando a dobre nivel, a nivel nacional, pero tamén a nivel internacional, con propostas concretas —que é moi importante— a nivel europeo que expoñen alternativas sobre as regras dun mercado que hai que cambiar.

Vostedes non só se posicionaron en contra dese Real decreto 17/2021 con medidas como ese escudo social que xa se estableceu na crise sanitaria e que se ampliaba aí, senón que tamén teñen votado en contra doutras decisións e se teñen posicionado en contra doutras medidas como as levadas a cabo o pasado 26 de outubro ao Consello de Ministros.

Claro que estamos ante un problema —dicíamos— prioritario. Nós dicimos que non temos ningún complexo en aprobar este tipo de medidas, en apoiar o Executivo central, cando a nivel europeo está presionando os estados membros para cambiar ese marco regulatorio para, por exemplo, implementar medidas como a compra centralizada de gas a nivel europeo, como se fixo coas vacinas, para poder gañar a negociación nos mercados internacionais. Pero aí é onde non atopamos esas voces de preocupación polas familias e tamén pola industria. *(Aplausos.)*

Presentaban esa autoemenda sobre a situación particular de Alcoa. Dicía o señor Tellado, falando de industria: «Barreras, cen por cento privado. Non me falen de Barreras, cen por cento privado». Si, señor Tellado. Privado, pero tamén cun centro de decisión que xa non está en Vigo despois de moitos anos, grazas ás decisións de vir de ganchete con Pemex. De aí esta situación. *(Aplausos.)* Queremos falar de empresas privadas cando convén.

Pero si, nós falamos de Alcoa e, como xa temos manifestado en moitas ocasións e en comisión, arredor de que, se non hai outra vía para manter os postos de traballo, votaremos a favor desa intervención temporal da Sepi en Alcoa, pero sempre manifestando unha vez máis esa mala fe por parte da empresa; unha mala fe que non di o Grupo do PSdeG, senón que quedou reflectida nese auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cando anulaba ese despedimento colectivo, que foi, como saben, referendado tamén polo Tribunal Supremo.

Así que, en vez de facer pelotas hoxe nestes debates, falando de industria, de emprego, nos que mesturamos o tema orgánico dun partido, o doutro, falando do que se interesa a indus-



tria, se é privado ou non en función do debate, pois nós, como dicía, como comezaba, non temos ningún problema en votar a favor destas medidas e en sumar todo o que sexa necesario para seguir incidindo en que, efectivamente, a industria electrointensiva non sexa das máis prexudicadas por esa escalada dos prezos da electricidade e do gas.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Pois, desgraciadamente, non me equivoquei. Dende logo, pónenlle moito máis empeño, moito máis entusiasmo, a defender que había que pechar Ence que a explicar as medidas e a apoiar as decisións que son absolutamente imprescindibles para o mantemento dos postos de traballo nas electrointensivas.

O señor Fernández xa me deixou absolutamente impactada. É que non citou nin a Alcoa en toda a súa intervención, nos dez minutos. ¡É que cando non hai pancarta, cando non hai teatro, xa desaparece o interese! (*Aplausos.*) E volvemos poñer a cara de bos e que aquí...

Grazas a que isto... Aínda así, póneno en dúbida, porque esta fin de semana quedou moi patente que vostedes cren que por repetir moitas veces unha mentira se converte en verdade, (*Murmurios.*) pero en Galicia iso non pasa, porque os galegos, como ben saben, son xente moi intelixente.

Señora Otero, vostede, pois iso, ten un bo talante —que eu tamén lle agradezo porque, evidentemente, nos debates, a educación e o respecto, que non o que escoitamos antes, teñen que imperar—, pero tamén hai que recoñecer que parece que me estaba contando a telenovela de non sei onde, que pasa non sei onde, que pasa por aquí, que pasa por alí, que pasa por acolá... (*Aplausos.*) Pero, claro, a ver... (*Aplausos.*) Estamos falando de que ao final de mes veñen as facturas. Quero dicir que o talante eu llo agradezo, non me interprete mal, pero víase tan pouco empeño que calquera persoa que estivese esperando, que non vai poder cargar o depósito de gasóleo da calefacción ou que lle vai vir a factura da luz e ten que elixir, como dicía algunha das persoas —eu recoñezo que ese é o concepto de empatía—... É dicir, poñémonos realmente no lugar. Isto é unha gráfica. (*A señora Candia López amosa unha gráfica.*) Iso que contaba vostede coma se fora o país das marabillas é o que está pasando no noso país. Sinto a obriga de volver recordarlle que, cando vostede dicía que Rajoy saía caro, non sei como quere que lle defina como lles sae Pedro Sánchez nestes momentos aos españois.

Outro dato que me parece moi importante —porque o digo sempre nas comisións, e é certo que só estou na de Medio Rural, pero moitas veces tamén teño que apelar a iso— é que a coherencia en política a min, dende logo, sempre me foi funcionando bastante ben, porque un ten que aplicar os valores que ten como persoa á práctica de todo, na súa profesión e tamén na política. Cando a señora Pontón avisaba a Sánchez de «se quere o noso voto, ten



que dar unha solución para as electrointensivas», ¿a que se estaba referindo? (A señora Candia López amosa un documento.) ¿A quen se estaba referindo isto? Porque o voto o tivo, ¿non? (Murmurios.)

Cando a señora Reyes Maroto confirmaba que o Estatuto que ían aprobar, o Estatuto das electrointensivas, ía chegar a tempo para salvar a todos, iso terá que explicarllo ao comité de empresa... Bueno, xa non vai por alí porque, indubidablemente... ¿Sabe como lle din? «Ministra Maroto, non nos venda a moto.» Vai xa no tema de vender un tren. (Aplausos.) Pero, claro, hai para todos, porque aí a traizoou o subconsciente. Eu do orgánico non lle falo nada, que eu aquí son absolutamente respectuosa co que nos toca, pero unha señora que antes estaba no orgánico e que agora non sei moi ben onde está... Pero tampouco lle dedico moito tempo a ver onde está a xente do PSOE, porque está habendo tantos cambios ultimamente que un xa se perde, e teño pouco tempo.

Pois a señora Lastra garantía que o Estatuto das electrointensivas daría viabilidade a Alcoa. Mire, voulle dicir unha cousa. Se o partido que eu represento fixera o 10 % disto, estou segura de que non nos deixaban saír do Parlamento. E dígolle máis, terían razón, porque isto é faltar á verdade (Pronúncianse palabras que non se perciben.) e abusar da situación de vulnerabilidade da xente, e, dende logo, creo que así iríamos por mal camiño. Non chega con contar un conto, hai que aplicar o botón, hai que votar, hai que tomar a decisión de que a Sepi interveña Alcoa e hai que tomar a decisión de incrementar as axudas que eu aquí citei. E o resto será un debate modélico no ámbito das formas —insisto, que llo agradezo, e non as barbaridades que escoitamos antes, que tamén nos serviron para ver en que estado estamos e que realmente o BNG non foi para ningún sitio, nin se maquillou de nada, senón que é o que era—, (Murmurios.) pero, indubidablemente, o Partido Socialista ten que tomar as súas decisións.

Agradézolle o voto favorable. Non sei que vai facer o Bloque Nacionalista Galego, pero si que non oculto que levo unha gran decepción que non lles dedicara nin un só segundo aos traballadores de Alcoa.

Moitas grazas, señor presidente. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿A emenda do BNG non a acepta? (Negación.)

Rematado o debate das proposicións, procedemos á votación.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima da Armada española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol.*





*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista.

Non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán, sobre a consecución polo Goberno galego dun pacto pola industria co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández.

Acéptase a emenda.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, activar unhas políticas transversais para acadar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, promover o investimento en I+D+i e implicarse no Pacto verde europeo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Noa Presas.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación dos terreos ocupados actualmente pola empresa Ence en Lourizán, Pontevedra, en cumprimento da disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona Elena Candia.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias e quince deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para a activación de medidas en favor da industria electrointensiva.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.


*Suspéndese a sesión ás oito e catorce minutos da noite.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

